

taxas 2012

NORMATIVA VIXENTE.

TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

XUNTA DE GALICIA



NORMATIVA VIXENTE.
TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
2012

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda
Dirección Xeral de Tributos

Deseño e Maquetación: Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2012
(edición actualizada en setembro de 2012)

Índice

A. NORMATIVA XERAL

1. Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240 do 11 de decembro de 2003)..... 11
2. Anexos Lei 6/2003, do 9 de decembro (tarifas)..... 45
3. Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 14 de abril de 2005)..... 183
4. Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pago de taxas por servizos administrativos os de compulsas de documentos e verificación de suficiencia de poderes e documentos acreditativos de lexitimación (DOG nº 125, do 1 de xullo de 1992; corrección de erros DOG nº 138, do 17 de xullo de 1992)..... 207
5. Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 30 de xuño de 1992, pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia a través de entidades financeiras. (DOG nº 125, do 1 de xullo de 1992)..... 251
6. Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 29 de xuño de 1994, pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29 de xullo de 1994)..... 255
7. Orde do 23 de agosto de 1995 pola que se regulan e fixan as condicións, marcas e documentos sanitarios para o traslado e circulación de animais; as autorizacións a veterinarios de entidades asociativas de gandeiros con programas sanitarios comúns para expedir autorizacións de traslado, así como o libro-rexistro de movementos e compravenda de gando 271

B. TAXAS

8. Decreto 118/2010, do 17 de xuño, polo que se fixa o tipo de gravame aplicable nas concesións por ocupación de bens demaniais adscritos á Consellería de Facenda e afectos a dependencias administrativas, con destino á prestación dun servizo público ou dependencias administrativas de terceiros. (DOG nº 137, do 20 de xullo de 2010)..... 289

C. PREZOS PÚBLICOS

9. Decreto 180/1989, do 22 de xuño, que regula o prezo percibido polos ensaios de laboratorios de Control de Calidade (DOG nº 184, do 25 de setembro de 1989)..... 293
10. Decreto 156/2002, do 18 de abril, polo que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. (DOG nº 85, do 3 de maio de 2002)..... 313

11. Decreto 147/2006, do 31 de agosto, polo que se modifica o Decreto 156/2002, de 18 de abril, polo que se establecen os prezos públicos dos conservatorios de música, centros autorizados de música, conservatorios de danza, centros autorizados de danza, escolas oficiais de idiomas e Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. (DOG nº 174, do 8 de setembro de 2006) _____ 321
12. Decreto 133/2011, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2011/2012 (DOG nº 130, do 7 de xullo de 2011) _____ 325
13. Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes referentes a actividades de caza e pesca. (DOG nº 92, do 13 de maio de 1994). Corrección de erros: DOG nº 101, do 27 de maio de 1994 _____ 335
14. Decreto 222/1998, do 10 de xullo, polo que se modifica o Decreto 119/1994, do 28 de abril, no referente á expedición de permisos de pesca nos coutos dependentes da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. (DOG nº 144, do 28 de xullo de 1998) _____ 339
15. Decreto 295/1994, do 30 de setembro, que regula o prezo das entradas nos museos e arquivos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 199, de 14 de outubro de 1994) _____ 341
16. Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia. (DOG nº 229, do 30 de novembro de 2011) _____ 343
17. Decreto 209/2011, do 27 de outubro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias (DOG nº 213, do 8 de novembro de 2011) _____ 349
18. Decreto 123/1985, de 2 de maio que regula os prezos públicos percibidos polas Residencias da Terceira Idade e Centros Sociais. (DOG nº 126, do 3 de xullo de 1985) _____ 397
19. Decreto 8/1993, do 19 de xaneiro, que regula os prezos percibidos polo Laboratorio Oficial de Contrastación de Metais Preciosos, laboratorio rexional de Medio Ambiente Industrial e a realización de copias de planos de demarcación de dereitos mineiros. (DOG nº 20, de 1 de febreiro de 1993) _____ 403
20. Decreto 297/1995, do 16 de novembro, polo que se modifica o Decreto 8/1993, do 19 de xaneiro, polo que se fixan os prezos públicos que percibirá a Xunta de Galicia no Laboratorio Oficial de Contrastación de Metais Preciosos, Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial e pola realización de copias de planos de demarcación de dereitos mineiros. (DOG nº 225, do 23 de novembro de 1995) _____ 405
21. Decreto 117/1993, do 3 de xuño, que regula a utilización de locais incubadoras do CEI. (DOG nº 112, do 15 de xuño de 1993) _____ 409

22. Decreto 84/2012, do 16 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre. (DOG nº 44, do 2 de marzo de 2012)	411
23. Decreto 276/2002, do 6 de setembro, polo que se establecen as tarifas dos centros de menores de titularidade propia. (DOG nº 185, do 25 de setembro de 2002)	417
24. Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería. (DOG nº 17, do 25 de xaneiro de 2012)	423
25. Decreto 21/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a Reserva galega de dereitos de plantación de viñado. (DOG nº 29, do 11 de febreiro de 2009)	429
26. Decreto 374/2009, do 6 de agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 159, do 14 de agosto de 2009)	433
27. Decreto 439/2009, do 11 de decembro, polo que se modifica o Decreto 374/2009, do 6 de agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG nº 250, do 24 de decembro de 2009)	437
28. Decreto 130/2012, do 31 de maio, polo que se establecen os prezos públicos polos servizos de rescate prestados pola Consellería do Medio Rural e do Mar. (DOG nº 112, do 13 xuño de 2012)	439

D. PREZOS PRIVADOS

29. Orde do 15 de marzo de 1994, pola que se regulan os prezos privados que se aplicarán pola prestación dos servizos da biblioteca de la EGAP. (DOG nº 109, de 8 de xuño de 1994)	447
30. Orde do 3 de maio de 2010, pola que se regulan os prezos privados aplicables pola cesión temporal de instalacións e prestación de actividades formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 89, do 13 de maio de 2010)	449
31. Decreto 123/1985, do 2 de maio, que regula a venda de cartografía, de produtos agropecuarios e aproveitamentos forestais. (DOG nº 126, do 3 de xullo de 1985)	451
32. Orde do 22 de setembro de 1998, pola que se establecen os prezos privados esixibles pola prestación do servizo de venda de cartografía xestionado pola consellería (DOG nº 198, do 13 de outubro de 1998)	457
33. Orde do 25 de xaneiro de 1995 que regula os servizos CGAI modificada pola Orde do 27 de febreiro de 1995 que regula pola que se establecen certas reducións nos prezos privados pola prestación de determinados servizos no CGAI. (DOG nº 29, do 10 de febreiro de 1995; DOG nº 64, do 31 de marzo de 1995)	461

34. Orde do 15 de febreiro de 1995 que regula o Curso do Consello Galego de Relacións Laborais. (DOG nº 43, do 2 de marzo de 1995)	469
35. Orde do 1 de febreiro de 2012, pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2012 (DOG nº 28, do 9 de febreiro de 2012)	471
36. Orde do 28 de novembro de 1995, pola que se regulan os prezos privados que se aplicarán pola cesión temporal de determinadas dependencias do IGVS. (DOG nº 247, do 28 de decembro de 1995)	477
37. Orde do 3 de maio de 1993 pola que se fixan os prezos de venda ó público de publicacións editadas pola Xunta de Galicia. (DOG nº 86, do 7 de maio de 1993)	481
38. Orde do 11 de xullo de 1994 po la que se fixan os prezos de venda ó público de publicacións editadas pola Xunta de Galicia. (DOG nº 134, do 13 de xullo de 1994)	489
39. Orde do 9 de febreiro de 1998, pola que se fixan os prezos de venda ó público de diversas publicacións editadas pola Xunta de Galicia. (DOG nº 33, do 18 de febreiro de 1998)	491
40. Sucesivas ordes das distintas consellerías polas que se fixan os prezos establecidos polas publicacións das mesmas	493
41. Orde do 22 de xaneiro de 1996, pola que se fixan os prezos privados xestionados pola consellería e polo Laboratorio de Control e Asesoramento para a Calidade da Edificación (Lacace), dependente do Instituto Galego de Vivenda e Solo. (DOG nº 44, do 1 de marzo de 1996)	493
42. Orde do 17 de febreiro de 1997, pola que se fixan os prezos privados dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiro, sementes e piñas de secadoiro e especies cinexéticas. (DOG. nº 53, do 18 de marzo de 1997)	513
43. Orde do 23 de maio de 2007, pola que se fixan os prezos privados das doses seminais de gando bovino e de exemplares bovinos, aviarios, ovinos e porcinos producidos no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia. (DOG nº 109, do 7 de xuño de 2007)	527
44. Orde do 31 de marzo de 1999 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Medio Ambiente, referente ás plantas forestais, sementes e piñas de secadoiro e especies cinexéticas. (DOG nº 69, do 13 de abril de 1999)	529
45. Orde do 1 de decembro de 2009, pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Medio Rural, referente a plantas forestais, semente e piñas de sequeiro. (DOG. nº 243, do 15 de decembro de 2009)	533

46. Orde do 2 de xaneiro de 1997, pola que se fixan as tarifas e prezos privados dos cursos e talleres de artistas impartidos no Centro Galego de Arte Contemporáneo (CGAC). (DOG nº 9, do 15 de xaneiro de 1997)	537
47. Orde do 4 de xullo de 2011, pola que se fixan os prezos privados que percibirá a Xunta de Galicia a través do Laboratorio de Consumo de Galicia. (DOG nº 137, do 18 de xullo de 2011)	539
48. Orde do 17 de marzo de 2004 pola que se regulan os prezos privados dos produtos de difusión do Instituto Galego de Estatística. (DOG nº 63, do 31 de marzo de 2004)	545
49. Orde do 13 de xaneiro de 2000, pola que se fixan os prezos privados esixibles pola prestación do servizo de venda de follas de reclamacións no Instituto Galego de Consumo. (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2000)	551
50. Orde do 11 de maio de 2000, pola que se fixan os prezos de venda das prendas de uniforme de los alumnos da Academia Galega de Seguridade (DOG nº 113, de 12 de xuño de 2000)	553
51. Orde de 22 de febreiro de 2005, pola que se fixan os prezos de venda ó público de diversos artigos da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. (DOG nº 50 do 14 de marzo de 2005)	555
52. Orde do 12 de febreiro de 2004, pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversos artigos da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. (DOG nº 47 do 8 de marzo 2004)	557
53. Orde do 9 de outubro de 2006, pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversos artigos da Consellería de Cultura e Deporte. (DOG. nº 215, do 8 de novembro de 2006)	559
54. Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se fixa o prezo de venda ao público dun dobre CD da Consellería de Cultura e Turismo, con músicas pertencentes ao Códice Calixtino e á tradición xacobeana medieval europea. (DOG nº 134, do 15 de xullo de 2010)	561
55. Orde do 23 de marzo de 2010, pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade alimentaria. (DOG nº 60, do 30 de marzo de 2010)	563
56. Orde do 31 de marzo de 2010 pola que se fixan prezos privados para diversos cursos de especialización e de cualificación profesional e asimilados impartidos pola Academia Galega de Seguridade (Agasp). (DOG nº 67, do 12 de abril de 2010)	567
57. Orde do 31 de marzo de 2011 pola que se regulan os prezos privados aplicables pola cesión temporal de instalacións para actividades formativas por parte da Academia Galega de Seguridade Pública (DOG nº 80, do 26 de abril de 2011)	569
58. Orde do 3 de outubro de 2011 pola que se regulan os prezos privados aplicables nas instalacións náutico-deportivas de Sada que integraban parcialmente a concesión administrativa anulada por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29 de maio de 2003 (DOG nº 202, do 21 de outubro de 2011)	573

59. Orde do 24 de febreiro de 2012 pola que se establecen os prezos privados pola realización de determinacións analíticas no laboratorio de hixiene analítica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) (DOG nº 51 do 13 de marzo de 2012)..... 583
60. Orde do 4 de xullo de 2012 pola que se establecen os prezos privados pola prestación de servizos de profesionalización e desenvolvemento estratéxico ás pequenas e medianas empresas do Instituto Galego de Promoción Económica (DOG. Nº 161, do 24 de agosto de 2012)..... 587

NORMATIVA XERAL

**LEI 6/2003, DO 9 DE DECEMBRO, DE TAXAS, PREZOS E EXACCIÓNS
REGULADORAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
(D.O.G. Núm.240 de 11 de decembro de 2003)**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxectivo desta lei é a adaptación da lexislación en materia de taxas e prezos da nosa Comunidade Autónoma á doutrina exposta polo Tribunal Constitucional na Sentencia 185/1995, do 14 de decembro, onde establece uns criterios de definición deses conceptos distintos dos que figuran na nosa lexislación vixente; a sentenza do alto tribunal que fixa eses criterios tiña como motivo un recurso de inconstitucionalidade dirixido contra a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos do Estado, e nesta, entre outros artigos, decláranse inconstitucionais os que definen aqueles ingresos. Obviamente, aínda que a lexislación vixente na nosa Comunidade, Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, non se ve directamente afectada pola sentenza citada, como os seus conceptos están inspirados nos da lexislación estatal, si que se fai conveniente realiza-la debida adecuación.

A sentenza referida declaraba a inconstitucionalidade de determinados artigos desa lei no sentido de entender que certos ingresos, que ata daquela constituían prezos públicos e quedaban fóra da órbita do principio de reserva de lei, en tanto e en canto participan das notas características das prestacións patrimoniais públicas polo seu grao de continuidade ou necesidade para un adecuado desenvolvemento persoal ou social, necesitan norma con rango de lei para o seu establecemento.

O obxectivo antes manifestado podíase conseguir por dous procedementos posibles: modificando concretamente a lexislación vixente no que fose necesario ou promulgando unha nova lei que a derogase; optouse pola segunda alternativa por entender que é a mellor fórmula para preservar-lo principio de seguridade xurídica mediante unha maior claridade na normativa.

A lei que se derroga, no que se refire ás taxas, ten o carácter de lei de bases, que foi desenvolvida polo Decreto lexislativo 1/1992, do 11 de abril; o uso desa técnica lexislativa estaba xustificado polo estado naquel momento existente de confusión e proliferación de normas que facía difícil un coñecemento práctico e unitario de tódalas tarifas que correspondían ás taxas de toda a actividade da Administración autonómica. Non é a situación actual e polo tanto optouse por establecer esas tarifas nos correspondentes anexos do texto.

A estrutura desta lei consta de tres títulos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria, catro derradeiras e cinco anexos.

O título I, Disposicións xerais, contén un conxunto de disposicións comúns a totalidade dos instrumentos financeiros e reguladores que se establecen na lei: taxas, prezos e mais exaccións e subvencións reguladoras.

O título II regula os instrumentos financeiros e dedícalle un capítulo a cada un deles: o primeiro ás taxas, o segundo ós prezos públicos e o terceiro ós prezos privados.

As tarifas ou as contías que deben satisfacerse por taxas veñen determinadas nos anexos correspondentes: no primeiro, os supostos da taxa por servicios administrativos; no segundo, os correspondentes á taxa por servicios profesionais, modalidade de actuacións administrativo-facultativas; no terceiro, os da taxa por servicios profesionais, modalidade de actuacións profesionais; no cuarto, os da taxa sobre a venda de bens, e, por último, o quinto anexo contén a taxa pola utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia.

O título III regula os instrumentos reguladores, as exaccións e as subvencións, xa creadas na Lei 13/1991, e mantén o réxime establecido por esta.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Título I **Disposicións xerais**

Artigo 1. Contido da lei

Esta lei regula os aspectos financeiros da actividade da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto a devandita actividade pretenda determinar ou influír no consumo ou consista na entrega de determinados bens ou na prestación de determinados servicios, en ámbolos casos individualizables. Para estes efectos, entenderase que o consumo dun ben ou servicio é individualizable cando exista unha demanda definida deste, tanto se esta é de carácter voluntario coma se ten a súa orixe nunha obriga legal.

Artigo 2. Tipo de instrumentos

Nesta lei desenvólvense dous tipos de instrumentos:

a) Os instrumentos financeiros, que son as contraprestacións percibidas como consecuencia da subministración ou utilización de bens ou da prestación de servicios demandados polos suxeitos. Son instrumentos de tipo financeiro os establecidos no título II desta lei.

b) Os instrumentos reguladores, que son os medios utilizables para altera-las contraprestacións esixidas por aqueles bens ou servicios ofrecidos polos suxeitos activos ós que se refire o artigo seguinte. Son instrumentos reguladores os establecidos no título III desta lei.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Os instrumentos ós que se refire o artigo anterior poderán ser aplicados polos órganos da Administración xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, encadrables todos eles dentro da Administración pública da Xunta de Galicia.

Artigo 4. Réxime orzamentario e aplicación obrigatoria

1. Os ingresos derivados da aplicación dos instrumentos regulados nesta lei e percibidos polos suxeitos ós que se refire o artigo 3 estarán destinados a satisfacerlo conxunto das súas obrigas respectivas, agás que excepcionalmente e por medio de lei se estableza a súa afectación para fins determinados.

2. O rendemento proveniente deles aplicarase integramente ó orzamento de ingresos que corresponda, e o seu ingreso deberase realizar nas caixas do tesouro da Facenda galega ou, a través das entidades financeiras colaboradoras, nas contas autorizadas pola consellería competente en materia de facenda.

3. Cando os suxeitos referidos no artigo 3 entreguen bens ou presten servicios para os que exista demanda, deberanse aplica-los instrumentos financeiros que sexan utilizables de acordo coas normas desta lei.

4. Para este fin, todo proxecto de creación dunha entidade ou incluso de oferta dun novo ben ou servicio, independentemente doutros requisitos, deberá ir acompañado dunha memoria económica elaborada pola consellería correspondente, na que, ademais de valora-la conveniencia do proxecto, se propoñerán os instrumentos financeiros que, de se-lo caso, sexan aplicables. Idéntico procedemento esixirase para os supostos de modificación das contías dos instrumentos ós que se refire esta lei. Sobre a devandita memoria emitirá informe a consellería competente en materia de facenda.

Artigo 5. Responsabilidades

1. As autoridades, os funcionarios públicos, os axentes ou asimilados que de forma voluntaria e culpable esixan indebidamente un instrumento financeiro dos establecidos nesta lei ou que o fagan en contía superior á establecida incorrerán en falta disciplinaria moi grave, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que puidesen derivar da súa actuación.

2. Cando adopten na mesma forma resolucións ou realicen actos que infrinxan esta lei e as demais normas que regulamentan esta materia, estarán obrigados ademais a indemnizaren a Facenda pública polos prexuízos causados.

Artigo 6. Normativa aplicable

1. Os instrumentos financeiros regulados nesta lei rexeranse polas normas contidas nela e polas normas regulamentarias dictadas no seu desenvolvemento.

2. Serán aplicables o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e maila Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como aquelas disposicións dictadas no seu desenvolvemento, en canto resulten aplicables, de acordo co réxime xurídico establecido nesta lei en concreto para cada instrumento financeiro.

3. Os instrumentos financeiros transferidos no marco da transferencia de competencias do Estado á Comunidade Autónoma ou das corporacións locais galegas á Comunidade Autónoma rexeranse polo disposto nas disposicións transitorias dos decretos de traspaso. No caso de silencio das normas de traspaso, serán aplicables as normas autonómicas en tódolos seus termos, a excepción do disposto no parágrafo seguinte, desde o momento no que teña efectividade o traspaso das competencias, dos servicios ou dos bens que dean lugar ó instrumento financeiro correspondente.

Nos supostos de prestacións de servicios, realizacións de actividades ou entrega de bens a consecuencia da transferencia de competencias do Estado ou das corporacións locais galegas á Comunidade Autónoma esixirase, de se-lo caso, a contía establecida na correspondente normativa estatal ou local no momento da transferencia ata o momento no que esta sexa establecida polo correspondente acto normativo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Título II

Instrumentos financeiros

Capítulo I

Taxas

Sección 1.^a

Disposicións xerais

Artigo 7. Concepto

Son taxas da Comunidade Autónoma de Galicia os tributos creados por lei ou transferidos polas súas corporacións locais ou polo Estado no marco da transferencia de servizos e competencias a esta, das que o seu feito imponible consiste na utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou na entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades en réxime de dereito público por parte dos suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei, que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, sempre que se produza calquera das circunstancias seguintes:

Primeira.— Que a entrega de bens, a prestación de servizos ou a realización de actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude por parte dos administrados:

— cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou

— cando os bens, os servizos ou as actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante.

Segunda.— Que non se entreguen, presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte a normativa vixente.

Artigo 8. Normativa aplicable

1. As taxas da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polas normas desta lei, polas disposicións legais de cada taxa, de se-lo caso, e mais polas normas regulamentarias dictadas no seu desenvolvemento.

2. Serán aplicables o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e maila Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como aquelas disposicións dictadas no seu desenvolvemento.

Artigo 9. Reserva de lei

1. O establecemento das taxas e a regulación dos seus elementos esenciais faranse mediante norma con rango de lei do Parlamento de Galicia.

2. Para os efectos previstos no apartado anterior son elementos esenciais das taxas: o feito imponible, o suxeito pasivo, a base imponible, a cota tributaria e o devengo.

3. Así mesmo, a lei regulará o establecemento, a supresión e a prórroga de exencións e bonificacións.

4. A aplicación dunha taxa establecida a supostos concretos de utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, venda de bens, realización de actividades ou prestación de servicios poderase facer na Lei de orzamentos de cada ano.

Así mesmo, na devandita lei, poderanse modificar e actualiza-las cotas tributarias correspondentes ás taxas vixentes.

5. Non se poderán establecer taxas que non sexan consecuencia da utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou da subministración ou entrega, prestación ou realización dalgún ben, servicio ou actividade, respectivamente.

6. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, a cota tributaria poderá ser fixada regulamentariamente cando así estea previsto en norma de rango legal e sempre dentro dos límites dispostos por ela.

Artigo 10. Principio de capacidade económica

En canto as características do tributo o permitan, terase en conta, para a fixación da cota tributaria das taxas, a capacidade económica do suxeito pasivo, en especial cando se establezan consumos ou se impoñan actividades susceptibles de afectaren a tódolos cidadáns.

Artigo 11. Principio de equivalencia

1. O rendemento total previsible da taxa non poderá exceder, no seu conxunto, do custo total de produción do ben, do servicio ou da actividade.

2. No caso da taxa pola utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia tomarase como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela.

Artigo 12. Supostos de non suxeición

Non se lles esixirán taxas ós suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei.

Artigo 13. Clases de taxas

1. Por esta lei establécense as taxas seguintes:

- a) A taxa por servicios administrativos.
- b) A taxa por servicios profesionais.
- c) A taxa por venda de bens.
- d) A taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Cando as actuacións solicitadas ou que se realicen acerca dun mesmo suxeito pasivo comporten o devengo de diferentes taxas, deberanse aplicar tódalas taxas e modalidades que correspondan.

3. Así mesmo, a aplicación dunha taxa que lle autorice ou permita unha actividade ó suxeito pasivo esixírase sen prexuízo da do prezo público ou privado que, de acordo coas normas desta lei, puidese implica-lo exercicio efectivo da actividade autorizada.

Artigo 14. Devengo

1. As taxas devengaranse segundo a natureza do feito imponible:

a) Cando se conceda a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia ou cando se inicie a prestación do servizo, se realice a actividade ou se entregue o ben, sen prexuízo da posibilidade de esixi-lo seu depósito previo.

b) Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non será realizada ou tramitado sen que se efectúe o pagamento correspondente.

2. Cando as taxas se devenguen periodicamente, tras notifica-la liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderanse notificar colectivamente as sucesivas liquidacións mediante anuncios no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 15. Cota tributaria

1. A cota tributaria poderá:

- consistir nunha cantidade fixa sinalada para o efecto,
- determinarse por aplicación dun tipo de gravame sobre unha base imponible,
- establecerse por aplicación de ámbolos métodos conxuntamente.

2. As cotas tributarias das taxas establecidas por algún dos métodos contidos no apartado anterior terán en conta o custo medio real ou previsto para a entrega do ben, a prestación do servizo ou a realización da actividade da que se trate, ou, no seu defecto, o valor da prestación recibida, agás na taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, que se fixará tomando como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela. Noutro caso, deberase sinalala correspondente subvención reguladora.

3. Para a determinación das cotas tributarias das taxas establecidas nas letras a), b) e c) do apartado 1 do artigo 13 tomaranse os custos directos e indirectos, incluso os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado, custos de investimento e, de se-lo caso, os necesarios para garanti-lo mantemento, a expansión e o desenvolvemento razoable do ben, o servizo ou a actividade gravada pola taxa, máis unha normal rendibilidade dos recursos investidos.

4. Cando se estableza un novo suposto de aplicación dunha taxa no exercicio do establecido no artigo 9.4 desta lei ou se modifiquen as cotas tributarias vixentes, sempre que non se trate da actualización anual á que se refire o apartado 6 seguinte, deberase elaborar unha memoria económico-financieira que conterá como mínimo información relativa ós custos directos e indirectos que contribúan á formación do custo total do servizo ou da actividade, consonte o disposto no punto anterior, así como unha previsión tocante ó custo unitario que lle corresponde a aquel e mais unha proposta da cota tributaria aplicable.

5. Cando a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia leven aparelado unha destrución ou deterioración del non previstas na memoria económico-financieira, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da cota tributaria correspondente, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación. De os danos resultaren irreparables, a indemnización consistirá nunha contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe da deterioración dos danados.

6. As cotas tributarias revisaranse como mínimo cada cinco anos, baseándose nos rexistros de gastos e ingresos e na correspondente memoria económico-financieira sobre o custo e a actividade realizada. Non obstante, estas cotas tributarias poderán ser obxecto de actualización anual na Lei de orzamentos en función das variacións do custo económico motivadas pola fluctuación dos índices dos prezos ó consumo e dos incrementos das retribucións do persoal adscrito ós mencionados órganos, organismos autónomos ou entidades de dereito público.

Artigo 16. Pagamento

1. O pagamento das taxas poderase esixir ben en calquera momento entre a solicitude e o devengo ou ben no momento da solicitude cando esta coincida co devengo.

Tamén se poderá esixi-la anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial das taxas na forma que, por proposta da consellería competente en materia de facenda, se determine regulamentariamente.

2. Os suxeitos activos ós que se refire o artigo 3 desta lei denegarán a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, a entrega do ben, a prestación do servizo ou a realización da actividade cando o suxeito pasivo incumpra o pagamento. Así mesmo devolverá as cantidades que percíbise cando, por causas non imputables ó suxeito pasivo, non se levase a cabo o feito imponible.

3. O pagamento das taxas efectuarase mediante ingreso no tesouro da Facenda galega, de acordo coas modalidades regulamentariamente establecidas.

4. Poderase autorizar igualmente o pagamento das taxas mediante o emprego de efectos timbrados da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos que regulamentariamente se determinen.

5. Poderase aprazar ou fraccionar o pagamento das taxas sendo de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. ¹

6. A administración esixirá pola vía de constrinximento as débedas tributarias polas taxas devengadas e non satisfeitas nos prazos establecidos regulamentariamente, de acordo coa normativa que sexa aplicable.

Artigo 17. Xestión

1. Con carácter xeral, a xestión e a liquidación de cada taxa corresponderanlles ós suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei que concedan a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, subministren o ben, presten o servizo ou realicen a actividade gravados.

2. A fiscalización, o control contable e as funcións de inspección financeira e tributaria, así como a potestade sancionadora en materia tributaria, correspóndenlle á consellería competente en materia de facenda. As funcións relativas ós procedementos de recadación corresponderanlle á consellería competente en

¹ Apartado modificado polo artigo 6 da Lei 14/2004, do 29 de decembro

materia de facenda e levarana os órganos de recadación que regulamentariamente e por proposta desta se determinen.

3. Regulamentariamente, por proposta da consellería competente en materia de facenda, determinaranse os supostos nos que de forma obrigatoria os suxeitos pasivos deberán practica-la operación de autoliquidación das taxas e o conseguinte ingreso no tesouro da Facenda galega.

4. Toda institución ou entidade pública que conceda a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, subministre bens, preste servicios ou realice actividades, polos que perciba taxas, virá obrigada a levar rexistros separados tanto dos gastos en que incorra na realización dos supostos anteriores coma dos ingresos obtidos polas taxas.

Artigo 18. Responsables

A normativa legal reguladora de cada taxa, de se-lo caso, poderá sinala-la responsabilidade solidaria ou subsidiaria daquelas persoas físicas ou xurídicas que, distintas do suxeito pasivo, estean interesadas ou relacionadas cos supostos que dean lugar ó devengo da taxa.

Artigo 19. Reclamacións e recursos

1. Os actos de xestión das taxas da Comunidade Autónoma serán obxecto de recurso en reposición con carácter potestativo perante o órgano que dictou o acto.

2. Contra a resolución do recurso de reposición ou contra os actos de xestión, se non se interpuxo aquel, poderase presentar recurso perante a Xunta Superior de Facenda, da que as resolucións esgotan a vía económico-administrativa.

Artigo 20. Prescrición e réxime sancionador

Todo o relativo á prescrición e mais ás infraccións e sancións rexerese pola Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como por aquelas disposicións dictadas no seu desenvolvemento.

Sección 2.^a

Taxa por servicios administrativos

Artigo 21. Feito imponible

1. Constitúe feito imponible da taxa por servicios administrativos a prestación, por parte dos suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei, de calquera servicio administrativo que se refira, afecte ou beneficie dun modo particular os suxeitos pasivos, en cada unha das modalidades seguintes:

a) Modalidade de autorizacións: pola concesión de autorizacións, permisos, licencias, guías, expedición de títulos, dilixenciamento de libros e, en xeral, documentos que faculden o suxeito pasivo para realizar unha actividade sometida legalmente á devandita condición previa.

b) Modalidade de rexistro: pola inscrición en rexistros, matrículas ou relacións mantidas pola administración en tanto que resulte obrigado para o desenvolvemento dunha actividade ou o exercicio dun dereito por parte do suxeito pasivo.

c) Modalidade de certificacións: pola verificación de documentos, expedición de certificacións, copia de arquivos e elaboración de documentos acreditativos de información que conste en arquivos ou rexistros públicos.

2. Non se esixirá a taxa por servizos administrativos cando se trate de compulsas ou cotexos de documentos que se deban achegar a solicitudes, escritos ou comunicacións presentados polo cidadán e realizados no ámbito de actuación dos rexistros consonte o disposto no artigo 38.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 22. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes da taxa as persoas físicas ou xurídicas que soliciten ou provoquen as actuacións administrativas que constitúen o feito imponible.

2. Tamén terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades carentes de personalidade xurídica que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

3. Na tarifa 41 contida no Anexo 1 será suxeito pasivo substituto do contribuínte a entidade aseguradora en cuxo rexistro de axentes figure inscrito o axente de seguros exclusivo, o operador de banca-seguros exclusivo, ou o cargo de administración e de dirección responsable das actividades de mediación de seguros.

Artigo 23. Exencións

Gozarán de exención desta taxa:

1.— A expedición de certificados de retribucións satisfeitas pola Xunta de Galicia co obxecto de xustificación en relación co imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.— A expedición de certificados e compulsas que o persoal da administración solicite respecto de necesidades propias do posto de traballo ou da relación de servizos.

3.— Os alumnos por calquera actuación en materia de ensinanzas non universitarias.

4.— As compulsas realizadas nas oficinas de emprego para os desempregados na tramitación de expedientes que sexan competencia das devanditas oficinas.

5.— ² A inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da comunidade autónoma, logo de xustificación documental, solicitada por:

- Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50% á inscrición solicitada por:

- Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos seis meses antes á data da convocatoria de probas selectivas de persoal nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

6.— A expedición de certificados relativos á situación fiscal.

7.— O Estado e os demais entes públicos territoriais ou institucionais, sempre que os servizos ou as actividades dos que sexan beneficiarios se presten ou realicen no marco do principio de colaboración entre administracións.

8.— As vítimas de actos terroristas así como os seus cónxuxes e os seus fillos por calquera actuación en materia educativa realizada en centros oficiais de estudos en tódolos niveis de ensino.

9.— Os membros dos organismos consultivos da Administración pública galega respecto dos certificados emitidos polos devanditos organismos.

10.— A participación nas probas para a obtención do certificado de profesionalidade, previa xustificación documental, con referencia ás seguintes persoas:

- as que figuren inscritas como desempregadas nas oficinas de emprego e
- as que teñan unha discapacidade en grado igual ou superior ao 33%

² Apartado modificado polo artigo 59.1 da Lei14/2010, do 27 de decembro, de OXCA. de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 250, do 30 de decembro de 2010)

Artigo 24. Devengo

A taxa devengarase no momento no que se presente a solicitude para a prestación dos devanditos servicios administrativos.

Artigo 25. Tarifas

A taxa esixirase de acordo coas tarifas relacionadas no *anexo 1 da presente lei*.

Sección 3.^a

Taxa por servizos profesionais

Artigo 26. Feito imponible

1. Constitúe feito imponible da taxa por servizos profesionais a prestación, por parte de profesionais facultativos ó servizo dos suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei, dos servizos que se refiran, afecten ou beneficien dun modo particular os suxeitos pasivos, logo de solicitude destes, en cada unha das seguintes modalidades:

a) Modalidade de actuacións administrativo-facultativas: servizos administrativos, análogos ós sometidos á taxa por servizos administrativos, cando a súa prestación require que se leve a cabo baixo a dirección dun profesional facultativo.

b) Modalidade de actuacións profesionais: servizos de asesoramento, consulta, dirección técnica de obras, emisión de informes, análises, dictames ou opinións profesionais e, en xeral, actividades que esixen a cualificación que ten o profesional que as presta.

2³. No suposto das tarifas 08 e 36 da modalidade de actuacións administrativo-facultativas, relacionadas no anexo 2, constitúe o feito imponible a prestación das actividades realizadas polos suxeitos aos que fai referencia a alínea anterior para preservar a saúde pública e a sanidade animal, mediante a práctica de inspeccións e controis sanitarios de animais e as súas carnes frescas destinadas ao consumo, así como doutros produtos de orixe animal, efectuados polos facultativos dos servizos correspondentes, tanto nos locais ou establecementos de sacrificio e inspección sanitaria de matadoiros, salas de despezamento e instalacións de transformación da caza, sitios en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, como os demais controis e análises realizadas nos centros habilitados para o efecto.

³ Modificado pola Lei: 16/2007, do 26 de decembro, de OXCA.de Galicia para o ano 2008 (DOG nº 251, do 31 de decembro de 2008)

Para os efectos da exacción do tributo, as actividades de inspección e control sanitario que se inclúen dentro do feito imponible da tarifa 08 da modalidade de actuacións administrativo-facultativas catalóganse da seguinte forma:

- a) Inspeccións e controis sanitarios en matadoiros.
- b) Inspeccións e controis sanitarios nas salas de despezamento.
- c) Control das operacións levadas a cabo nas instalacións de transformación da caza.

Para os efectos da exacción do tributo, as actividades de inspección e control sanitario que se inclúen dentro do feito imponible da tarifa 36 da modalidade de actuacións administrativo-facultativas catalóganse da seguinte forma:

- Control de determinadas substancias e residuos en animais e os seus produtos, na forma prevista pola normativa vixente.

3⁴. Os beneficiados polas obras de regulación dos recursos hídricos xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia e financiadas total ou parcialmente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, satisfarán a tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais incluída no Anexo 3, coa finalidade de compensar os custos do investimento que soporte a dita Administración e de atender aos gastos de explotación e conservación de tales obras

4. No suposto da tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais, relacionada no anexo 3, o feito imponible estará constituído, segundo cada caso, polas seguintes operacións:

— Na tarifa X-1, a utilización das augas do porto, instalacións de sinais marítimos e balizamento, canles de acceso, esclusas (sen incluí-lo amarre, o remolque ou a sirgaxe nela) e pontes móbiles, obras de abrigo e zonas de ancoraxe, e seralles aplicable na contía e nas condicións que se indican no anexo 3 a tódolos barcos que entren nas augas do porto.

— Na tarifa X-2, o uso das obras de atracada e dos elementos fixos de amarre e defensa, e seralles aplicable na contía e nas condicións que se indican no anexo 3 a tódolos barcos que utilicen as obras e os elementos antes sinalados que fosen construídos total ou parcialmente pola Administración portuaria ou que sexan propiedade dela.

⁴ Engadido pola Lei 12/2011, do 26 de decembro medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

— Na tarifa X-3, a utilización polas mercadorías e polos pasaxeiros que embarquen, desembarquen, transborden ou efectúen tránsito marítimo ou terrestre das zonas de manobra, manipulación e tránsito, dos accesos e vías de circulación terrestres viarias e ferroviarias e doutras instalacións portuarias fixas. Así mesmo, inclúese no feito imponible a súa utilización polas mercadorías ou polos pasaxeiros que accedan ou saian da zona de servizo do porto por vía terrestre sen utilizar en ningún momento a vía marítima, agás que teñan como orixe ou destino instalacións fabrís, de transformación, loxísticas ou de almacenaxe situadas na zona de servizo do porto.

— Na tarifa X-4, a utilización polos buques pesqueiros en actividade e os produtos da pesca marítima fresca das augas do porto, das instalacións de balizamento, dos peiraos, das bacías, das zonas de manipulación e mais dos servizos xerais ou de policía.

— Na tarifa X-5, a utilización polas embarcacións deportivas ou de lecer, e polos seus tripulantes e pasaxeiros, das augas do porto e das súas instalacións de balizamento, das axudas á navegación, das bacías, dos accesos terrestres e vias de circulación dos portos, dos servizos xerais de policía e, de se-lo caso, das instalacións de ancoraxe e atracada en peiraos ou embarcadoiros, así como dos servizos específicos dispoñibles.

— Na tarifa E-1, a utilización dos guindastres convencionais ou non especializados.

— Na tarifa E-2, a utilización de explanadas, alpendres, pendellos, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, non explotados en réxime de concesión.

— Na tarifa E-3, a subministración de produtos ou enerxía e a utilización das instalacións para a súa prestación.

— Na tarifa E-4, calquera outro servizo prestado por Portos de Galicia, non enumerado nas restantes tarifas e que se estableza especificamente en cada porto ou se preste logo de solicitude polos peticionarios.

— Na tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, a actividade que realice a Administración portuaria, dirixida á aplicación do réxime de autorizacións administrativas para o exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos na zona de ámbito portuario.

Artigo 27. Suxeito pasivo

1. É suxeito contribuínte da taxa por servizos profesionais a persoa natural ou xurídica que solicite ou á que se lle preste calquera dos servizos que figuran nos anexos 2 e 3.

2. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

3. Será suxeito pasivo substituto do contribuínte:

Un. Nas tarifas 25 e 26 da modalidade de actuacións profesionais, que se relacionan no anexo 3, a entidade encargada de realizar o control metrolóxico na fase de instrumentos en servizo que realizase as labores por calquera das figuras legalmente establecidas⁵.

Dous. Na tarifa 27 da modalidade de actuacións profesionais, que se relaciona no anexo 3, a empresa concesionaria do servizo de inspección técnica de vehículos.

4⁶. Un. Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento, segundo a tarifa de que se trate, as seguintes persoas ou entidades:

1.- Na tarifa 08 da modalidade administrativo-facultativa, relacionada no anexo 2:

a) No caso da tarifa relativa ás inspeccións e aos controis sanitarios en matadoiros, os titulares da explotación dos establecementos onde se leve a cabo o sacrificio ou se practique a inspección.

b) Na tarifa relativa ás inspeccións e aos controis sanitarios nas salas de despezamento:

1) As mesmas persoas ou entidades determinadas na letra a) anterior, cando as operacións de despezamento se realicen no mesmo matadoiro.

2) Os titulares da explotación dos establecementos dedicados á operación de despezamento de forma independente, nos demais casos.

c) Na tarifa relativa aos controis nas instalacións de transformación da caza, os titulares da explotación dos citados establecementos.

2.- Na tarifa 36 da modalidade administrativo-facultativa, relacionada no anexo 2:

⁵ Modificado pola Lei: 16/2008, do 23 de decembro, de OXCA.de Galicia para o ano 2009 (DOG nº 253, do 31 de decembro de 2008)

⁶ Modificado pola Lei: 16/2007, do 26 de decembro, de OXCA.de Galicia para o ano 2008 (DOG nº 251, do 31 de decembro de 2008)

Na tarifa relativa ao control de substancias e residuos en animais e os seus produtos, os titulares da explotación dos establecementos onde se leven a cabo os citados controis e análises.

Dous.- Os suxeitos pasivos anteriores deberanlles trasladar, cargando o seu importe en factura, a taxa correspondente aos interesados que solicitasen a prestación do servizo ou para os que se realicen as operacións de sacrificio, despezamento, transformación da caza ou control de determinadas substancias e residuos animais e os seus produtos descritos no artigo 26.2, e procederán posteriormente ao seu ingreso a favor da Comunidade Autónoma, na forma que regulamentariamente se estableza. No caso de que o interesado, á súa vez, lle adquirise o gando en vivo a un terceiro, para sacrificio, poderá esixir deste o importe da taxa correspondente ao concepto da tarifa 36 da modalidade administrativo-facultativa.

Tres.- Entenderase que son interesados non só as persoas físicas ou xurídicas que soliciten os mencionados servizos, senón tamén as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, aínda que non teñan personalidade xurídica de seu, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado.

5.⁷ Na tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais contida no Anexo 3, serán suxeitos pasivos as persoas naturais ou xurídicas así como as entidades ás que se refire o punto 2 deste artigo, beneficiadas polas obras de regulación.

As entidades subministradoras de auga potable beneficiadas pola regulación de augas superficiais, con captacións situadas augas abaixo das presas xestionadas por Augas de Galicia e/ou que capten directamente do encoro, serán suxeitos pasivos desta tarifa sempre que non teñan asumida a explotación, conservación e mantemento destas presas e actúen con carácter oneroso.

6.⁸ Na tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais, relacionada no anexo 3, serán suxeitos pasivos as seguintes persoas ou entidades:

- Das tarifas X-1 e X-2, os armadores ou os seus representantes ou os consignatarios dos barcos que utilicen os servizos gravados.
- Da tarifa X-3, os armadores ou os consignatarios dos barcos que utilicen o servizo e os propietarios do medio de transporte cando a mercadoría entre e saia do porto por medios exclusivamente terrestres.
- Da tarifa X-4, o armador do buque ou quen na súa representación realice a primeira venda.

⁷ engadido pola Lei 12/2011, do 26 de decembro medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

⁸ Apartado modificado polo artigo 59.2 da Lei14/2010, do 27 de decembro, de OXCA. de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 250, do 30 de decembro de 2010)

- O suxeito pasivo deberá facer repercutir o importe da tarifa X-4 sobre o primeiro comprador da pesca, de o haber, polo que este queda obrigado a soportar a devandita repercusión, que se fará constar de maneira expresa e separada na factura ou no documento equivalente. As controversias que se susciten entre o suxeito pasivo e o comprador repercutido serán da competencia da Xunta Superior de Facenda.
- Da tarifa X-5, con carácter solidario, o titular da embarcación ou o seu representante autorizado e, de ser o caso, o titular do dereito de uso preferente do amarre ou da ancoraxe. Nas zoas de concesión nas que o titular desta se subroga na obriga dos suxeitos pasivos, nos termos establecidos na regra décimo primeira, letra b), desta tarifa X-5, o concesionario será o substituto do contribuínte e terá que cumprir no lugar daquel as obrigas formais e materiais derivadas da obriga tributaria.
- Da tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, o titular da actividade, calquera que sexa a natureza do seu título habilitante . Nas autorizacións de exercicio das actividades suxeitas a esta taxa nas que se permita á persoa autorizada a cesión a terceiros/as do desenvolvemento dalgunhas das actividades autorizadas, os ditos terceiros/as estarán obrigados ao aboamento a Portos de Galicia da taxa correspondente á actividade de que se trate.

Así mesmo, no caso de concesións ou autorizacións de ocupación, utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario nas que se permita á persoa titular a cesión a terceiros/as do uso de superficies ou instalacións incluídas na concesión ou autorización para o exercicio de actividades suxeitas a esta taxa, os ditos terceiros/as estarán obrigados ao aboamento a Portos de Galicia da taxa correspondente á actividade de que se trate.

Artigo 28. Bonificacións

Establécese unha bonificación dun 25 % do importe das tarifas desta taxa que se deben satisfacer cando estean comprendidas na solicitude de autorización, ampliación, modificación ou traslado de establecementos industriais e se realicen os trámites a través das oficinas de tramitación única de industrias (OTUI) da consellería competente en materia de industria.

Artigo 29. Responsables

1. Serán responsables subsidiarios, nos supostos e co alcance previsto no artigo 40 da Lei xeral tributaria, os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral que se dediquen ás actividades para as que a súa inspección e control xera o devengo das tarifas 08 e 36 da modalidade administrativo-facultativa.

2. Na tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais, serán responsables subsidiarios:

— Do pagamento da tarifa X-3, os propietarios da mercadoría e, no seu defecto, os seus representantes autorizados, agás que proben que lles fixeron provisión de fondos ós responsables principais.

— Do pagamento da tarifa X-4, o primeiro comprador da pesca, agás que demostre que soportou efectivamente a repercusión, e o representante do armador, de se-lo caso.

— Do pagamento da tarifa X-5, o capitán da embarcación e/ou seu patrón habitual.

— Do pagamento da tarifa E-1, os propietarios das mercadorías e, no seu defecto, os seus representantes autorizados, agás que proben que lles fixeron a estes provisión de fondos.

— Do pagamento da tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, o titular da concesión ou autorización de ocupación do dominio público cando este non sexa o suxeito pasivo da taxa.

Artigo 30. Exencións

Quedarán exentos desta taxa os supostos seguintes:

1.— Polos servicios xerais establecidos na tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais:

a) Os barcos de guerra e as aeronaves militares nacionais. Igualmente os estranxeiros que, en réxime de reciprocidade, non realicen operacións comerciais e sempre que a súa visita teña carácter oficial ou de arribada forzosa.

b) As embarcacións dedicadas polas administracións públicas a labores de vixilancia, investigación, protección e rexeneración costeira, represión do contrabando, salvamento, loita contra a contaminación marítima, ensinanzas marítimas e, en xeral, a misións oficiais da súa competencia.

c) O material e as embarcacións da Cruz Vermella Española dedicadas ós labores propios que ten encomendados esta institución.

2.— O Estado e os demais entes públicos territoriais ou institucionais, sempre que os servicios ou as actividades dos que sexan beneficiarios se presten ou realicen no marco do principio de colaboración entre administracións.

3.— Quedarán exentas da tarifa 22, “Actuacións en materia de vivenda”, a promoción, cesión e rehabilitación polo Estado de vivendas de protección oficial de interese xeral, así como as actuacións da Comunidade Autónoma e das corporacións locais en materia de promoción ou rehabilitación.

4.⁹¹⁰— Os informes de avaliación dos ensaios clínicos con medicamentos de uso humano ou produtos sanitarios, ou estudos post-autorización de seguimento prospectivo, así como doutros estudos neste ámbito cando se solicite a exención da tarifa 59 da modalidade de actuacións profesionais, sempre que cumpran os seguintes criterios, que deberán ser debidamente acreditados

- a) o promotor do estudo deberá ser un centro do sistema sanitario público, universidade pública, organización científica, institución sen ánimo de lucro, ou un investigador con vinculación laboral a algunha de estas institucións.
- b) o promotor do estudo será responsable do inicio, xestión e orzamento dun ensaio clínico ou estudo post-autorización. A propiedade dos datos derivados do estudo pertencerá ao promotor.
- c) o estudo non formará parte dun programa de desenvolvemento clínico que teña por finalidade a comercialización do medicamento ou produto sanitario obxecto da investigación.
- d) o promotor deberá garantir mediante declaración escrita ao Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia que se cumpren os criterios para ser considerado un estudo de investigación clínica non comercial.

Artigo 31. Devengo

1. A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servicio.

2¹¹. A taxa que corresponde satisfacer polas tarifas 08 e 36 da modalidade administrativo-facultativa devengarase no momento no que se leven a cabo as actividades de inspección e control sanitario de animais e os seus produtos, nos establecementos ou nas instalacións nos que se desenvolven estas, sen prexuízo de que se esixa o seu previo pagamento cando a realización do control sanitario se inicie por solicitude do suxeito pasivo ou do interesado.

Na tarifa 08 da modalidade administrativo-facultativa, no caso de que nun mesmo establecemento e por solicitude do interesado se realicen en forma

⁹ engadido pola Lei: 16/2008, do 23 de decembro, de OXCA.de Galicia para o ano 2009 (DOG nº 253, do 31 de decembro de 2008)

¹⁰ engadido pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

¹¹ Modificado pola Lei: 16/2007, do 26 de decembro, de OXCA.de Galicia para o ano 2008 (DOG nº 251, do 31 de decembro de 2008)

sucesiva as operacións de sacrificio e despezamento, o total da contía da taxa determinarase de forma acumulada ao inicio do proceso, con independencia do momento do devengo das cotas correspondentes, sen prexuízo do previsto nas regras de acumulación.

3¹². A obriga de satisfacer a tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais, contida no Anexo 3, ten carácter periódico e anual e nace no momento en que se produza a mellora ou o beneficio dos usos ou bens afectados

4. Na tarifa 99 da modalidade por actuacións profesionais, a taxa devengarase, en cada caso:

— Na tarifa X-1, cando o barco entrase nas augas de calquera das zonas do porto.

— Na tarifa X-2, cando o barco atracase ó peirao. A atracada contarase desde a hora para a que se autorizase ata o momento de larga-la última amarra do peirao.

— Na tarifa X-3, cando se inicien as operacións de paso das mercadorías ou dos pasaxeiros polo porto.

— Na tarifa X-4, cando se inicien as operacións de embarque, desembarque ou transbordo dos produtos da pesca en calquera punto das augas ou da zona terrestre baixo a xurisdicción do organismo portuario.

— Na tarifa X-5, cando a embarcación entre nas augas do porto ou no recinto portuario

— Na tarifa E-1, desde o momento de posta á disposición do correspondente guindastre.

— Na tarifa E-2, entenderase que o inicio da prestación do servizo se produce na data de reserva do espazo solicitado.

— Na tarifa polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, producirase no momento da notificación do outorgamento da autorización de actividade ou da concesión ou autorización de ocupación do dominio público portuario respecto do ano en curso. Nembargantes, no suposto de que por execución de obras e outras causas xustificadas se producise unha demora no inicio da actividade, o devengo da taxa non se producirá ata o momento no que esta se inicie. Nos anos sucesivos o devengo producirase o 1 de xaneiro.

¹² engadido pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

Artigo 32¹³. Tarifas

A taxa esixirase de acordo coas tarifas contidas nos anexos 2 e 3 desta lei, para as modalidades de actuacións administrativo-facultativas e actuacións profesionais, respectivamente, e entenderanse co imposto sobre o valor engadido, de se-lo caso, a excepción da tarifa 99 prevista no anexo 3.

A contía da tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais da taxa por servizos profesionais contida no Anexo 3 fixarase para cada exercicio orzamentario, sumando as seguintes cantidades:

- a. o total previsto de gastos de funcionamento e conservación das obras realizadas.
- b. os gastos de administración do organismo xestor, imputables a ditas obras.
- c. o 4% do valor das inversións realizadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, debidamente actualizado, tendo en conta a amortización técnica das obras e instalacións e a depreciación da moeda.

A distribución individual de dito importe global entre todos os beneficiados polas obras, realizarase consonte criterios de racionalización do uso da auga, equidade no reparto das obrigas e autofinanciamento do servizo.

No caso de entidades subministradoras de auga potable imputarase o monto total dos tres apartados anteriores en función do volume total de auga captada, expresada en metros cúbicos

Sección 4.^a

Taxa sobre a venda de bens

Artigo 33. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa sobre a venda de bens a entrega por parte dos suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei dos bens solicitados.

2. No caso de que a subministración do ben consista en entregas parciais, o feito imponible entenderase realizado en cada unha delas.

Artigo 34. Suxeito pasivo

1. É suxeito pasivo da taxa sobre a venda de bens a persoa física ou xurídica solicitante do ben en cuestión.

2. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos desta taxa as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que,

¹³ Modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

carecendo de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición.

Artigo 35. Exencións

Quedarán exentos desta taxa os organismos, as entidades e as autoridades que conforman a distribución institucional na venda das publicacións do Instituto Galego de Estatística.

Artigo 36. Devengo

1. A taxa devengarase no momento da entrega do ben.

2. No caso de que a entrega do ben se realice de xeito periódico como consecuencia da realización dunha subscrición polo suxeito pasivo, a taxa devengarase no momento no que se realice a devandita subscrición.

Artigo 37. Tarifas

A taxa esixirase de acordo coas tarifas contidas no anexo 4 desta lei, e entenderase co imposto sobre o valor engadido, de se-lo caso.

Sección 5.^a

Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 38. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 39. Suxeito pasivo¹⁴

1. É suxeito pasivo a persoa física ou xurídica que realice o feito imponible desta taxa.

2. Así mesmo, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades que, carecendo de personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación.

3. Presumirase, salvo proba en contrario, que o feito imponible é realizado pola persoa ou entidade que figure como titular do correspondente título habilitante da utilización privativa, da ocupación ou do aproveitamento especial do dominio público.

4. Se o suxeito pasivo non coincidise co titular do título habilitante, este terá carácter de responsable solidario.

¹⁴ Artigo polo artigo 59.3 da Lei14/2010, do 27 de decembro, de OXCA. de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 250, do 30 de decembro de 2010)

Artigo 40. Bonificacións e exencións¹⁵

1. Estarán exentos das tarifas 01 e 03, contidas no anexo 5, os suxeitos pasivos que teñan a condición de institucións e corporacións públicas ou sen ánimo de lucro cando a actividade que desempeñen no inmovible non leve aparelada unha utilidade económica ou, aínda existindo a dita utilidade, a utilización ou aproveitamento entrañe condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Para o recoñecemento desta exención bastará co que se faga unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos sinalados no parágrafo anterior e se aporte a xustificación adecuada xunto coa solicitude do permiso de ocupación temporal, da concesión ou de calquera outra autorización ou título habilitante contemplado na normativa de patrimonio. A exención entenderase concedida con carácter provisional e condicionada ao cumprimento, durante todo o tempo que dure a utilización privativa, o aproveitamento especial ou a ocupación do dominio público, dos requisitos esixibles.

2. Á tarifa 02 contida no anexo 5 seranlle aplicables as bonificacións e exencións que se relacionan a seguir:

a) Cando os suxeitos pasivos realicen investimentos en obras de recheo, consolidación ou mellora de terreos, a contía da bonificación determinarase en función do investimento realizado, de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente, atendendo ao tipo de obra e ao seu custo, e non poderá exceder do 50% da contía correspondente á ocupación das augas do porto ou, de ser o caso, dos terreos.

b) Cando o obxecto da concesión consista na urbanización e comercialización de zonas de almacenaxe e de actividades loxísticas, a contía da bonificación determinarase en función do investimento privado realizado, de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente, atendendo ao tipo de obra e ao seu custo, e non poderá exceder do 40% da contía correspondente á ocupación de terreos. Esta bonificación non se poderá aplicar durante un período superior ao establecido para a finalización de cada fase de urbanización no título concesional.

c) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a ocupación de obras de abrigo e defensa portuarias, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para o destino mencionado terá unha bonificación que non poderá exceder do 50%. A contía da bonificación determinarase en función do investimento realizado, atendendo ao tipo de obra e de conformidade coa escala que se estableza regulamentariamente.

d) Cando o titular da concesión ou autorización sexa algún órgano das administracións públicas e o obxecto destas sexan actividades de interese social e cultural, o importe desta bonificación será do 50% da contía correspondente á ocupación de terreos.

¹⁵ Artigo polo artigo 59.4 da Lei14/2010, do 27 de decembro, de OXCA. de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 250, do 30 de decembro de 2010)

e) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a explotación de fábricas de xeo ou lonxas coas súas correspondentes cámaras de frío, así como a explotación de naves de titularidade da administración destinadas total ou parcialmente a almacenaxe de caixas, vestiarios ou cámaras de frío, para o sector pesqueiro ou marisqueiro, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para os usos mencionados terá unha bonificación do 90%.

f) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou a explotación de naves de redes, a contía da taxa correspondente a esta ocupación para os usos mencionados terá unha bonificación do 95%.

g) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais, a contía da taxa terá unha bonificación do 90% no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica.

h) Cando a ocupación do dominio público teña por destino a construción ou explotación de naves destinadas a aloxar medios mecánicos, vehículos non particulares asignados a confrarías e/ou asociacións do sector pesqueiro e marisqueiro, así como as instalacións dedicadas a aulas de formación náutico-pesqueira e a fins sociais das mesmas, o importe da bonificación será do 90%.

i) Cando a ocupación do dominio público portuario teña por destino a explotación de superficies destinadas á varada para embarcacións profesionais do sector pesqueiro e/ou marisqueiro, o importe da bonificación será do 50%.

j) Estarán exentos do pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio portuario:

- Os órganos e as entidades das administracións públicas cando estean directamente relacionados con actividades de vixilancia, de represión do contrabando, de protección civil de salvamento e de loita contra a contaminación mariña ou coa defensa nacional.

- As corporacións locais cando se trate de actividades encadradas entre as súas finalidades públicas e estas non sexan obxecto de explotación económica.

k) A Cruz Vermella Española está exenta do pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público portuario respecto das actividades marítimas propias que esta institución ten encomendadas.

Por orde da consellería competente en materia de portos e por proposta do ente público Portos de Galicia, concretaranse as condicións, as escalas e os criterios necesarios para a aplicación das bonificacións previstas nos anteriores supostos, partindo dos elementos esenciais contidos nestes

Artigo 41. Devengo

1. A taxa devéngase no momento da notificación do outorgamento do permiso de ocupación temporal, da concesión administrativa ou de calquera outra autorización, respecto do ano en curso e o 1 de xaneiro nos sucesivos anos.

2. Na tarifa 02 contida no anexo 5, nos supostos de concesións nos que o termo inicial se vincule á data de extinción doutra concesión ou á data de remate de obras que executa a autoridade portuaria, o devengo producirase nesas datas o primeiro ano e o 1 de xaneiro nos sucesivos anos.

Artigo 42. Tarifas

1. A taxa esixirase de acordo coas tarifas relacionadas no anexo 5 desta lei.

2. As tarifas prorrátanse en función do tempo de gozo da concesión ou autorización durante o primeiro ano e o último de duración daquelas, computándose o tempo en meses enteiros e arredondándose para estes efectos o número de meses ó enteiro inmediatamente superior.

3. No caso da tarifa 02 contida no anexo 5 será aplicable o seguinte:

a) A base sobre a que se aplica o tipo de gravame establecido actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro. A devandita actualización será efectiva a partir do día 1 de xaneiro seguinte.

b) A tarifa 02 contida no referido anexo non abrangue o imposto sobre o valor engadido correspondente.

c) A tarifa será esixible por adiantado coas actualizacións e, de se-lo caso, revisións que se efectúen, e nos prazos que figuren nas cláusulas da concesión ou autorización, que non poderán ser superiores a un ano. Nembargantes, Portos de Galicia poderá autorizar pagamentos a conta da taxa por prazos superiores para financia-la execución de obras a cargo desta.

d) No suposto de que Portos de Galicia convoque concursos para o outorgamento das concesións ou autorizacións, os pregos de bases poderán conter, entre os criterios para a súa resolución, o que os licitadores oferten importes adicionais ós establecidos para esta taxa. Neste caso, o tipo da taxa virá determinado pola suma de dous compoñentes:

a) A porcentaxe vixente no momento do devengo.

b) A mellora determinada polo adxudicatario na proposición sobre a que se realiza a concesión, expresada en puntos porcentuais.

4¹⁶. No caso da tarifa 05, contida no anexo 5, será aplicable o seguinte:

- a) a base sobre a que se aplican os tipos de gravame establecidos no apartado 01, así como as bases sectorial e adicional contidas no apartado 02 para o caso de servizos executados a través de canalizacións de titularidade da administración autonómica, actualizaranse anualmente segundo o coeficiente de actualización que se estableza na Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia de cada ano.
- b) Na tarifa contida no apartado 01, cando se empreguen procedementos de licitación pública para o outorgamento de concesións, os pregos de bases poderán conter, entre os criterios para a súa resolución, o de que os licitadores oferten importes adicionais ós establecidos para esta taxa. Neste caso, o tipo de gravame da taxa virá determinado pola suma de dous compoñentes.

Capítulo II

Prezos públicos

Artigo 43. Concepto

Son prezos públicos as contraprestacións pecuniarias percibidas polos suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados; para estes efectos enténdese que os servizos sociais, sanitarios e educativos se prestan en réxime de dereito público.

Artigo 44. Normativa aplicable

1. En todo o non previsto nesta lei os prezos públicos obxecto dela regularanse polo disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Aplicaranse de forma supletoria a Lei xeral tributaria e as demais disposicións xerais en materia tributaria, así como as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 45. Obrigados ó pagamento

Estarán obrigados ó pagamento dos prezos públicos os que, en cada caso, determine a norma que os estableza.

¹⁶ Engadido pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

Artigo 46. Contía dos prezos públicos

1. Os prezos públicos fixaranse na contía que cubra como mínimo os custos económicos derivados do servizo ou das actividades prestadas.

2. Cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, poderanse sinalar prezos públicos en contía inferior á indicada no apartado anterior, logo de adopción das previsións orzamentarias precisas para a cobertura da parte de custo subvencionada.

Artigo 47. Fixación de prezos públicos

1. Os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería da que dependa o órgano ou a entidade oferente. A devandita proposta incluírá necesariamente unha memoria económica que deberá conter como mínimo o seguinte:

a) Información suficiente respecto do custo de prestación dos bens ou servizos de que se trate.

b) Xustificación da política de prezos proposta, a cal deberá en todo caso resultar suficiente para cubri-los custos totais, sen prexuízo da posible subvención reguladora correspondente.

2. Sobre a proposta á que se refire o apartado anterior deberá emitir informe favorable a consellería competente en materia de facenda.

Artigo 48. Xestión

1. A xestión dos prezos públicos correspóndelles ós suxeitos relacionados no artigo 3, perceptores destes, que deberán:

a) Levar rexistros separados de ingresos e gastos, de xeito que resulte posible a súa determinación tanto conxuntamente coma polo tipo de ben ou servizo producido.

b) Poñer en coñecemento do órgano da Administración da Comunidade do que dependan calquera situación económica adversa que provoque un desequilibrio orzamentario da súa xestión.

c) En todo caso, someteranse regularmente ós controis e ás inspeccións que correspondan pola consellería competente en materia de facenda.

2. Os ingresos derivados de prezos públicos estarán sometidos ó réxime orzamentario da entidade perceptora.

3. Os prezos públicos poderanse esixir desde que se efectúe a entrega dos bens ou se inicie a prestación dos servicios que xustifican a súa esixencia.

Tamén poderá esixirse a anticipación ou o depósito previo do importe total ou parcial dos prezos públicos na forma que, por proposta da consellería competente en materia de facenda, se determine regulamentariamente.

4. O pagamento dos prezos públicos realizarase en efectivo ou mediante emprego de efectos timbrados ou doutros instrumentos de pagamento que autorice a consellería competente en materia de facenda.

5. As funcións relativas ós procedementos de recadación corresponderanlle á consellería competente en materia de facenda e levarana os órganos de recadación que regulamentariamente e por proposta desta se determinen.

6. As débedas por prezos públicos poderanse esixir mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

7. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo non se realice a actividade ou non se preste o servicio, procederá a devolución do importe que corresponda.

Artigo 49. Reclamacións e recursos

Contra os actos de xestión poderase presentar recurso na vía económico-administrativa perante a Xunta Superior de Facenda, sen prexuízo do dereito a interpoñer previamente, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que dictou o acto. A resolución das reclamacións económico-administrativas esgotará a vía administrativa.

Capítulo III Prezos privados

Artigo 50. Concepto

Son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servicios ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestándose tamén tales servicios ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados.

Artigo 51. Fixación

Os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da de Economía e Facenda, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado no que operen, sen prexuízo de que excepcionalmente se poidan aplicar subvencións reguladoras. Para estes efectos, a consellería correspondente remitiralle á de Economía e Facenda o proxecto normativo xunto coa memoria económica na que se xustifiquen os aspectos anteriores. A norma que fixe estes prezos deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 52. Xestión

A xestión dos prezos privados correspóndelles ós suxeitos relacionados no artigo 3 desta lei, quedando así mesmo sometidos ás obrigas enumeradas no artigo 48.1.

Artigo 53. Réxime xurídico

Os actos, os negocios e, en xeral, as relacións xurídicas que deriven das actuacións económicas das entidades oferentes que teñan unha contraprestación que deba cualificarse como prezo privado de acordo co artigo 50 rexeranse polas normas de ordenación xurídica privada que resulten aplicables.

Título III Instrumentos reguladores

Artigo 54. Concepto

1. Son instrumentos reguladores as exaccións ou, de se-lo caso, as subvencións utilizadas co obxecto de influír sobre o consumo de determinados bens ou servicios.

2. A aplicación dunha exacción reguladora determinará unha tarifa para o consumidor ou usuario superior ó importe normalmente percibido pola institución ou entidade oferente do ben ou servicio do que se trate. Pola contra, a utilización dunha subvención reguladora permitirá aplicarlles ós consumidores prezos ou tarifas inferiores ó custo de produción dos bens ou servicios.

Artigo 55. Establecemento de instrumentos reguladores

1. O establecemento de calquera exacción ou subvención reguladoras deberase facer mediante norma con rango de lei. Na lei de creación das exaccións reguladoras recolleranse os seus elementos esenciais así como a finalidade da intervención que se pretende.

2. Na Lei de orzamentos de cada ano poderanse modifica-los elementos determinantes da contía das exaccións reguladoras sempre que non se altere o seu propósito ou natureza. Nesta mesma lei ofrecerase información global respecto das compensacións ou subvencións que puidesen comporta-la venda de bens e a prestación de servicios cando o oferente sexa un dos suxeitos ós que se refire o artigo 3 desta lei.

Artigo 56. Reclamacións e recursos

As exaccións reguladoras teñen natureza tributaria e, en consecuencia, os actos administrativos derivados da súa aplicación serán obxecto de recurso na vía económico-administrativa como previa á interposición, de se-lo caso, dos recursos contencioso-administrativos.

Disposición adicional primeira.— Xunta Superior de Facenda

O Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma creado na disposición adicional primeira da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, pasará a denominarse Xunta Superior de Facenda.

Disposición adicional segunda.— Revisión e redución das tarifas das taxas

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 15.6 desta lei e agás que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia dispoña outra cousa, no período quinquenal 2004-2008, as taxas de contía fixa elevaranse ata a cantidade resultante da aplicación dos coeficientes que se relacionan a seguir para cada ano ás contías esixibles o 31 de decembro do ano inmediatamente anterior:

2004	1,02
2005	1,02
2006	1,01
2007	1,01
2008	1,01

Estes coeficientes seranlles aplicables ás contías que, con carácter mínimo ou máximo, se establecen en todo tipo de tarifas calquera que sexa a forma de establecemento da súa cota tributaria.

Considéranse taxas de contía fixa aquelas que non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou cando esta non se valora en unidades monetarias.

Exceptúanse deste incremento as tarifas das taxas que se recadan mediante efectos timbrados.

2¹⁷. A tarifa portuaria X-5 contida no apartado 99 do anexo 3 e aplicable ás embarcacións deportivas e de lecer terá unha redución do 30% nos portos situados na comarca da Costa da Morte.

Esta redución aplicarase de oficio e será acumulable ás demais reducións e bonificacións xerais establecidas nas regras xerais de aplicación desta taxa.

Disposición transitoria primeira.— Títulos vixentes á entrada en vigor desta lei

As autorizacións e concesións por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia ou para o exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, vixentes á entrada en vigor desta lei, deberanse adaptar ó disposto nesta lei co respecto ás correspondentes taxas.

Portos de Galicia, considerando o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da concesión, a amortización das obras efectuadas e mailos resultados económicos da explotación, poderá efectuar unha aplicación lineal do incremento durante un prazo de tres anos.

Disposición transitoria segunda¹⁸.— Obras de regulación de recursos hídricos

Para as inversións en obras de regulación feitas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, a obriga de satisfacer a tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais da taxa por servizos profesionais contida no Anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, nace o 1 de xaneiro de 2012.

¹⁷ Modificado polo artigo 58.3 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de OXCA da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 (DOG nº 253, do 30 de decembro de 2009).

¹⁸ engadida pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

Disposición derogatoria única.— Derrogación de determinadas normas legais

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ó establecido por esta lei, e, en particular, a Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, agás as súas disposicións adicionais primeira e segunda, así como o Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo 3.º do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira.— Modificación da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia

Modifícase o apartado 2 do artigo 54 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. As concesións outorgaranse para unha finalidade concreta, con determinación do seu obxecto e límites, sendo esixible como contraprestación a contía da taxa que resulte vixente no momento do seu devengo.»

Disposición derradeira segunda.— Modificación da Lei 6/2002, do 27 de decembro

Engádeselle unha nova letra d) ó artigo 28.Dous da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, coa seguinte redacción:

«d) Para financia-las variacións de activos financeiros que sexan considerados como tales desde o punto de vista do SEC 95.»

Disposición derradeira terceira.— Desenvolvemento regulamentario

A Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, desenvolverá regulamentariamente as normas desta lei dentro dos seis meses seguintes á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira cuarta.— Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación.

ANEXOS ¹

¹ Tarifas actualizadas pola Lei 8/2003, do 23 de decembro, de OXCA para 2004 (DOG nº 251, do 29 de decembro de 2003), Lei 13/2004, do 29 de decembro, de OXCA para 2005 (DOG nº 253, do 29 de decembro de 2004 e Lei 7/2005, do 29 de decembro, de OXCA para 2006 (DOG nº250 do 30 de decembro de 2005), Lei 14/2006, do 28 de decembro, de OXCA para 2007 (DOG nº249, do 29 de decembro de 2006) , Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (DOG. nº 94, do 14 de maio de 2007), Lei de 16//2007, do 26 de decembro, de OXCA para 2008 (DOG nº 251, do 31 de decembro de 2007)., Lei 16/2008, do 23 de decembro, de OXCA para 2009 (DOG nº 253 do 31 de decembro de 2008) e Lei 9/2009,do 23 de decembro, de OXCA para 2010 (DOG nº 253, do 30 de decembro de 2009) e pola Lei 1/2010, do 11 de febreiro (DOG nº 36, de 23 de febreiro de 2010), do 5 de abril de 2010 (DOG nº 73, do 20 de abril de 2010), da Lei14/2010, do 27 de decembro, de OXCA. de Galicia para o ano 2011 (DOG nº 250, do 30 de decembro de 2010) e da pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

ANEXO 1
TAXA POR SERVIZOS ADMINISTRATIVOS

01	Dilixenciado de libros	4,87
02	Inscrición en rexistros oficiais:	
	* Primeira inscrición	9,65
	* Modificacións da primeira inscrición	4,87
03	Inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma.	
01	Inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma.	16,98
02	Inscrición nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma.	
	* Grupo I do Convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo A	40,74
	* Grupo II do Convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo B	35,08
	* Grupo III do Convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo C	30,56
	* Grupo IV do Convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo D	24,90
	* Grupo V do convenio ou para acceder a un posto de traballo do grupo E	20,37
04	Expedición de certificados	2,96
05	Compulsa de documentos:	
	Primeiro folio	1,20
	Por cada un dos folios seguintes	0,30
06	Verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación	6,00
07	Autorizacións máquinas recreativas e de azar	
01	Autorización de explotación e autorización de instalación e localización (por cada máquina incluída nela):	

	- Máquinas tipo "A especial"	58,28
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	95,46
	- Máquinas tipo "C"	190,79
02	Modificacións no contido da autorización:	
	- Suspensión provisional, reinicio da explotación da máquina en suspensión provisional, transmisión da autorización de explotación da máquina, traslado de máquinas a outros ámbitos territoriais, troco ou calquera outra circunstancia que altere o contido da autorización, excepto a baixa definitiva.	45,06
	-Baixa definitiva	22,53
03	Cambios no Boletín de instalación e baixa deste ou cambios de titularidade do negocio desenvolvido no establecemento que dispón dunha autorización de instalación e localización e/ou cambios na autorización de instalación e localización e a súa extinción ou denuncia da validez da autorización de instalación e localización (por cada máquina incluída):	
	- Máquinas tipo "A"	18,08
	- Máquinas tipo "A especial"	23,32
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	45,06
	- Máquinas tipo "C"	90,04
04	Petición de duplicado de documentos	19,19
06	Comunicación de cambio de titularidade do negocio desenvolvido nun establecemento que dispón de autorización de instalación e localización	19,19
07	Comunicación de localización de máquina :	
	- Máquinas tipo "A"	11,05
	- Máquinas tipo "A especial"	13,99
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	22,08
	- Máquinas tipo "C"	44,17
08	Primeira inscrición, no seu caso previa homologación, de modelos de máquinas de xogo. No caso das máquinas tipo B, a contía multiplicarase por cada xogo que insira a máquina:	
	- Inscrición de máquinas tipo "A"	36,80
	- Homologación e inscrición de máquinas tipo "A especial"	150,00
	- Homologación e inscrición de máquinas tipo "B" ou "B especial"	300,00
	- Homologación e inscrición de máquinas tipo "C"	500,00
10	Inscrición provisional de proba de prototipos de modelos de máquinas recreativas ou de azar:	68,78

14	Comunicación de exhibición de prototipos de modelos en feiras e exposicións	
	- Máquinas tipo "A"	11,05
	- Máquinas tipo "A especial"	13,99
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	22,08
	- Máquinas tipo "C"	44,17
15	Outras inscricións no Rexistro de Modelos de máquinas: modificacións substanciais da inscrición, cancelación da inscrición ou autorización da cesión da inscrición. No caso das máquinas tipo B a contía se multiplicará polo número de xogos que se modifiquen	
	- Máquinas tipo "A"	27,08
	- Máquinas tipo "A especial"	93,25
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	184,01
	- Máquinas tipo "C"	220,79
16	Inscrición no Rexistro de modelos de modificacións non substanciais da inscrición segundo o tipo de máquina	
	- Máquinas tipo "A"	15,34
	- Máquinas tipo "A especial"	46,62
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	92,00
	- Máquinas tipo "C"	110,39
17	Homologación de tarxetas prepago para máquinas tipo "B" ou "B especial"	184,01
18	Homologación de fichas, tarxetas magnéticas prepago ou outros soportes físicos autorizados para máquinas tipo "C" ou "B especial"	220,79
19	Homologación de interconexión de máquinas	
	- Máquinas tipo "A"	200
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	300
	- Máquinas tipo "C"	500
20	Modificación de sistemas de interconexión de máquinas de xogo:	
	-Máquinas tipo "A"	73,59
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	92,80
	- Máquinas tipo "C"	127,89
21	Autorización de instalación de sistemas de interconexión de máquinas de xogo e as súas modificacións:	

	- Máquinas tipo "A"	73,59
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	92,80
	- Máquinas tipo "C"	127,89
22	Autorización de instalación do centro de control do sistema de interconexión de máquinas de xogo tipo "A" entre establecementos	1.500,30
23	Autorización de instalación do centro de control do sistema de interconexión de máquinas de xogo tipo "B" ou "B especial" entre salóns ou bingos	1.500,30
24	Autorización de instalación do centro de control do sistema de interconexión de máquinas de xogo tipo "C" ou "B especial" entre casinos	1.500,30
25	Proba e exhibición de prototipo de modelos, por cada unidade de prototipo	80,11
26	Inscripción no Rexistro de modelos de cambio de xogo en máquinas de vídeo tipo "B" ou "B especial"	300
27	Recoñecementos de modelos e certificacións de laboratorio	
	- Máquinas tipo "A"	73,59
	- Máquinas tipo "A especial"	93,25
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	184,01
	- Máquinas tipo "C"	220,79
28	Cesión de inscrición de modelos	
	- Máquinas tipo "A"	73,59
	- Máquinas tipo "A especial"	93,25
	- Máquinas tipo "B" ou "B especial"	184,01
	- Máquinas tipo "C"	220,79
29	Outras autorizacións e comunicacións	92,80
08	Rexistro de Empresas de Máquinas de xogo	
01	Autorizacións	238,45
02	Modificacións	95,46
03	Cancelación da inscrición	45,06
09	Autorizacións en salóns recreativos ou de xogo:	
01	Autorización de instalación	238,45
02	Permiso de apertura	381,44
03	Modificacións substanciais da autorización de instalación	238,45

04	Consulta previa de viabilidade	200,00
05	Autorización previa á suspensión de funcionamento por un período superior 6 meses	95,39
06	Modificacións non substanciais da autorización de instalación	95,39
07	Inscricións na sección cuarta do rexistro de empresas	238,45
08	Outras autorizacións e comunicacións	92,80
10	Bingos	
02	Autorización de instalación	238,45
03	Permiso de apertura de sala de bingo	
	- Terceira categoría (ata 200 xogadores)	953,49
	- Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores)	1191,91
	- Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores)	1430,22
	- Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores)	2383,71
04	Modificación de autorizacións de instalación e os permisos de apertura	238,45
05	Outras autorizacións e inscricións	114,55
06	Inscrición de empresas no rexistro de xogo do bingo	953,52
07	Documentos profesionais	19,20
08	Homologación de material de xogo do regulamento do bingo	
	- Homologación dos elementos materiais e da infraestrutura e elementos técnicos para explotación do xogo do bingo electrónico	1500,00
	- Modificación da homologación dos elementos materiais e da infraestrutura e elementos técnicos para explotación do xogo do bingo electrónico	160,00
	- Homologación de calquera outro material de xogo do bingo	200,00
09	Variacións de datos na inscrición de empresas no rexistro do xogo de bingo	476,82
10	Cambios de colocación da sala de bingo segundo a categoría da sala	
	- Terceira categoría (ata 200 xogadores)	953,49
	- Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores)	1191,91
	- Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores)	1430,22
	- Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores)	2383,71
11	Peche da sala por máis de 30 días consecutivos	200
12	Transmisión da autorización de instalación	238,45
13	Modificacións substanciais da sala segundo a categoría da sala	
	- Terceira categoría (ata 200 xogadores)	953,49
	- Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores)	1191,91
	- Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores)	1430,22

	- Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores)	2383,71
14	Modificacións non substanciais das salas	238,45
15	Cambios nos cadros de persoal ou servizo da sala	114,55
16	Cambios na maquinaria relacionada co desenvolvemento do xogo	114,55
17	Autorización de instalación para explotación da modalidade de bingo electrónico.	238,00
18	Modificación ou cancelación de autorizacións de instalación para explotación da modalidade de bingo electrónico.	160,00
19	Inscripción de sociedades anónimas para de interconexiónado entre salas de bingo electrónico.	238,00
20	Modificación ou cancelación de sociedades anónimas para interconexiónado entre salas de bingo electrónico	160,00
21	Autorización do programa de xogo de modalidade de xogo do bingo electrónico	200,00
11	Casinos:	
01	Autorización de instalación ou de traslado	2860,43
02	Autorización de apertura por nova instalación ou traslado	4767,33
03	Renovación de autorizacións de instalación e apertura	2383,71
04	Modificacións substanciais de autorizacións de instalación de apertura ou que afecten ó proxecto técnico	2383,71
05	Outras autorizacións e modificacións non substanciais	476,82
06	Documentos profesionais	19,20
07	Homologación de material de xogo de casino	200
08	Autorización para a realización de torneos/campionatos dos distintos xogos autorizados	3000
13	Rifas, tómbolas, combinacións aleatorias e lotarías	
01	Autorización de explotación	95,46
02	Modificación da autorización de explotación	47,77
14	Expedición de licencias de pesca continental e matrículas de embarcacións:	
01	Clase A: válida para españois, outros cidadáns da Unión Europea e estranxeiros residentes, maiores de 18 anos ou menores de 65 anos.	18,77
02	Clase A-1: Iguales características que a clase A, pero cun período de validez de quince días	2,93

03	Clase B: válida para estranxeiros non residentes e cidadáns de países non pertencentes á Unión Europea	37,47
04	Clase B-1: iguais características que a clase B pero cun período de validez de quince días	3,76
05	Clase C: válida para españois, outros cidadáns da Unión Europea e estranxeiros residentes, menores de 18 anos ou maiores de 65 anos.	9,39
06	Clase C-1: iguais características que a clase C, pero cun período de validez de quince días	2,93
07	Clase D: licenza profesional para a pesca de anguía, angula, lamprea e especies de esteiro	46,85
08	Clase E: licenza especial para embarcacións e artefactos boiantes que se empreguen no exercicio da pesca	14,08
09	Recarga para licencias que inclúan a pesca do reo e do salmón	5,87
10	Recarga para a pesca a flote	2,93
15	Expedición de licencias de caza	
01	Clase A. Con armas de fogo	
	A-1 españois, comunitarios e estranxeiros residentes maiores de 18 anos	28,72
	A-2 españois, comunitarios e estranxeiros residentes menores de 18 anos ou maiores de 65	14,44
	A-3 estranxeiros, non comunitarios e non residentes	95,46
02	Clase B. Con cans, cetrería e arco	
	B-1 españois, comunitarios e estranxeiros residentes maiores de 18 anos	19,19
	B-2 españois, comunitarios e estranxeiros residentes menores de 18 anos ou maiores de 65	9,65
	B-3 estranxeiros, non comunitarios e non residentes	66,80
03	Clase C. Para a posesión ou utilización de medios ou procedementos especiais	114,55
04	Inscripción para a realización do exame de cazador e maila expedición do certificado, de ser o caso	10,20
16	Matrículas de terreos de carácter cinexético suxeitos a réxime especial:	
03	Matrículas de terreos cinexeticamente ordenados (Tecor).	

A cota da taxa por servizos e actividades de manipulación de carga establécese por unidade de carga manipulada, medida en tonelada métrica de peso bruto ou fracción en función do grupo ao que pertenzan as mercadorías, de acordo co repertorio de clasificación de mercadorías que se recolle na regra vixésimo sexta da tarifa X-3 –mercadorías e pasaxeiros – contida na subalínea 01 anterior.

Grupo de mercadorías	Cota da taxa (en euros)/Tonelada
1	0,006095
2	0,010158
3	0,016253
4	0,026412
5	0,040633

2. Taxa portuaria pola prestación de servizos ao pasaxe.

A cota da taxa pola prestación de servizos ao pasaxe establécese por pasaxeiro/a e vehículo en réxime de pasaxe, en función da modalidade de pasaxe e do tipo de navegación segundo se recolle na regra quinta da tarifa X-3 –mercadorías e pasaxeiros – contida na sublínea 01 anterior, de acordo coa seguinte táboa:

Concepto	Tipo de navegación		
	Interior, local ou de ría	Entre portos da UE	Exterior
a) Pasaxeiros			
Bloque II	0,000828	0,025472	0,076416
Bloque I	0,001660	0,070959	0,141917
b) Vehículos			
Motocicletas e vehículos ou remolques de dúas rodas	0,002032	0,004064	0,008126
Automóbiles	0,010158	0,020317	0,040633
Camións, autocares e outros vehículos de transporte colectivo	0,050791	0,101584	0,203167

3. Taxa portuaria pola prestación de servizos técnico náuticos.

a) Servizo de practicaxe.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto do mesmo, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor o igual que 1.500 GT	2,06
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,47
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,88
Maior que 4.000 GT	3,30

b) Servizo de amarre e desamarre.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto do mesmo, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor o igual que 1.500 GT	2,06
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	2,47
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	2,88
Maior que 4.000 GT	3,30

c) Servizo de remolque.

A cota establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque obxecto do mesmo, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor o igual que 1.500 GT	17,61
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	21,13
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	24,66
Maior que 4.000 GT	28,18

4. Taxa polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques.

A cota polo exercicio da actividade comercial portuaria de consignación de buques establécese por servizo prestado, en función do arqueo do buque consignado, de acordo coa seguinte táboa:

Arqueo (GT)	Taxa (en euros)
Menor o igual que 1.500 GT	11,77
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	14,12
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	16,47
Maior que 4.000 GT	18,83

5. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais portuarias.

A cota anual da taxa polo exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias non contempladas nos artigos anteriores establecerase por unha porcentaxe en función do importe anual da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización, de acordo coa seguinte táboa:

Actividade desenvolvida	Tipo a aplicar
Lonxas, fábricas de xeo, cámaras de frío; departamentos de armadores ou exportadores; subministración de combustible a buques; recollida de refugallos; varadoiros, talleres de reparación de embarcacións, estaleiros; depuradoras de molusco, cetarias, viveiros, acuicultura; xestión de amarres náutico-recreativos	1 por 100
Naves de almacenaxe, loxística; oficinas; venda de embarcacións, efectos navais; industrias conserveiras, transformación e manipulación da pesca	1,50 por 100

A anterior listaxe de actividades posúe a estes efectos un carácter indicativo e non limitativo.

No caso do desenvolvemento da actividade de lonxa, o importe anual da cifra neta de negocios a considerar será o resultante de aplicar ao importe do volume total anual de vendas efectuadas na lonxa a porcentaxe autorizada na concesión correspondente en concepto de tarifa a cobrar polo adxudicatario do servizo pola prestación do mesmo.

Para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante outorgado con anterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio de actividades comerciais ou industriais portuarias previstas neste apartado, a cota máxima anual da taxa será de 30.000 € para as actividades ás que se lle aplique o tipo do 1 por 100 e de 60.000 € para aquelas actividades ás que se lle aplique o tipo do 1,5 por 100.

B) Actividades non portuarias

1. Instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalería.

A cota da taxa pola instalación no dominio público portuario de terrazas de hostalería establécese por mesa autorizada e día ou fracción en función da intensidade da actividade e da tempada do ano na que se desenvolva a mesma, de acordo coa seguinte táboa:

Intensidade da actividade	Temporada (euros)		
	Alta	Media	Baixa
Alta	0,95	0,72	0,48
Media	0,80	0,60	0,40
Baixa	0,61	0,47	0,31

Considerarase que a intensidade da actividade é alta cando se desenvolva nos portos de: Ribadeo, Burela, Celeiro, Ortigueira, Cedeira, Ares, Sada, Muros, Noia, Portosín, Porto do Son, Aguiño, Ribeira, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Carril, O Xufre, Vilanova, Cambados, O Grove, San Vicente, Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Pontevedra, Bueu, Cangas, Moaña, e Baiona.

Considerarase que a intensidade da actividade é media cando se desenvolva nos portos de: Foz, O Barqueiro, Cariño, Pontedeume, Malpica, Corme, Laxe, Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubión, Portocubelo, O Freixo, Testal, Cabo de Cruz, Meloxo, Meira, Aldán Panxón e A Guarda.

Considerarase que a intensidade da actividade é baixa cando se desenvolva nos restantes portos e instalacións non contemplados nos parágrafos anteriores.

Considerarase tempada alta os meses de xullo e agosto, tempada media os meses de xuño e setembro e tempada baixa os restantes meses do ano.

No caso de que a autorización se outorgue por prazo dun ano natural, considerarase a efectos da aplicación desta taxa que durante a tempada baixa o período de desenvolvemento da actividade será de 60 días.

2. Restantes servizos e actividades comerciais e industriais non portuarias.

A cota anual da taxa polo exercicio das restantes actividades comerciais ou industriais non portuarias establécese como o 2 por 100 do importe anual da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización. A cota anual máxima desta taxa para aquelas concesións, autorizacións ou calquera outro título habilitante outorgado con anterioridade ao 12 de decembro de 2003, data de entrada en vigor desta lei, para o exercicio dos restantes servizos e actividades comerciais e industriais non portuarias será de 120.000 €.

3.3. A taxa será liquidada por Portos de Galicia na forma e prazos determinados regulamentariamente. Os suxeitos pasivos deberán presentar as declaracións que correspondan na forma, lugar e prazos que se determinen regulamentariamente. Os suxeitos pasivos desta taxa estarán obrigados a conservar, durante o prazo de prescrición, os xustificantes e documentos acreditativos das operacións, rendas e calquera outros elementos necesarios para determinar a débeda tributaria. Así mesmo, os suxeitos pasivos quedarán obrigados a levar os libros e rexistros que regulamentariamente se establezan.

En especial, cando para a determinación da contía da taxa sexa preciso o coñecemento da cifra neta de negocios, os suxeitos pasivos terán as mesmas

obrigas documentais e formais contables que as establecidas nas normas do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades.

4. A contía da taxa deberá figurar necesariamente nas condicións da autorización de actividade ou, de se-lo caso, da concesión ou autorización de ocupación privativa do dominio público.

5. No suposto de que a taxa sexa esixible por adiantado, a súa contía calcularase, para o primeiro exercicio, sobre as estimacións efectuadas en relación co volume de tráfico ou de negocio e, nos exercicios sucesivos, sobre os datos reais do ano anterior.

6. Cando se utilicen procedementos de licitación pública a cota da taxa virá determinada pola suma de dous compoñentes:

a) A cota vixente no momento do devengo consonte o disposto no apartado 3 anterior.

b) A mellora determinada na licitación á alza polo adxudicatario da concesión, expresada na mesma unidade que a cota á que se refire a letra a) anterior.

ANEXO 4
TAXA DE VENDA DE BENS

01	Venda de libros oficiais de levanza obrigatoria que non teñan tarifa específica	4,87
02	Venda de talonarios de inspeccións industriais	4,87
03	Venda de libro de mantemento de instalacións frigoríficas, aparellos de presión GLP, guindastres, calefacción, climatización, rexistro de procesos industriais.	9,61
04	Venda de libros de control sanitario de piscinas de uso colectivo	10,93
05	Venda do libro <i>Diario de mergullo</i>	3,57
06	Venda do libro rexistro de contaminantes, instalacións de combustión e rexistro de produtores de residuos tóxicos e perigosos	9,61
07	Venda ou subscrición do <i>Diario Oficial de Galicia</i>.	
01	Exemplar en papel	0,94
02	Subscrición anual en papel en galego ou castelán	150,74
	Este prezo inclúe os CD-ROM correspondentes ó período suscrito, sempre que o subscritor así os solicite ó formaliza-la subscrición.	
06	CD-ROM dos anos anteriores ó que corre (por cada ano)	90,53
08	Venda de papel numerado para uso das corporacións locais (por cada folla)	0,06657 0

ANEXO 5

TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA, OCUPACIÓN OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

01. Dominio público en xeral²

Con carácter xeral, e agás que exista tarifa específica, a cota da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicar á base impositiva o tipo de gravame correspondente.

Nos supostos de utilización privativa ou ocupación do dominio público, constitúe a base impositiva, o valor de mercado do ben ou bens de dominio público obxecto daquela. Para estes efectos, tomarase como valor de mercado o valor actualizado do ben ou bens segundo o Inventario xeral dos bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a superficie ocupada e a súa situación no inmovible, de ser o caso. Esta base actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao consumo para o conxunto nacional total (IPC) que correspondera e será efectiva a partir de cada 1 de xaneiro. No título habilitante da utilización privativa ou ocupación especificarase cal é o valor de mercado no primeiro ano da súa vixencia e cal será o mes de cálculo da variación do IPC que se empregue para a súa actualización anual.

Nos supostos de aproveitamento especial do dominio público, constitúe a base impositiva a utilidade derivada daquel.

O tipo de gravame aplicable nos supostos de utilización privativa ou ocupación do dominio público fixarase por decreto, a proposta da consellería á que estean adscritos os bens, logo de informe favorable da consellería competente en materia de facenda. O tipo de gravame non poderá ser inferior a un 2% nin superior a un 6%. Na memoria económica que se xunte deberanse xustificar adecuadamente os criterios empregados para a determinación dos tipos de gravame, podendo ter en conta, entre outros, a relevancia e conexión coas fins propias do órgano á que estea adscrito o dominio público, o predominio desas fins ou de fins económicos na actividade desenvolvida ou o grado de utilidade pública derivada da utilización privativa ou da ocupación do dominio público.

² Decreto 118/2010, do 17 de xuño, polo que se fixa o tipo de gravame aplicable nas concesións por ocupación de bens demaniais adscritos á Consellería de Facenda e afectos a dependencias administrativas, con destino á prestación dun servizo público ou dependencias administrativas de terceiros (34.01.01)

Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o tipo de gravame da taxa virá determinado pola suma de dous compoñentes:

- a) A porcentaxe vixente no momento do devengo.
- b) A mellora determinada polo adxudicatario na proposición sobre a que se realiza a concesión, expresada en puntos porcentuais.

O tipo de gravame aplicable nos supostos de aproveitamento especial será do 100%.

02. Dominio público portuario

A contía que se debe satisfacer será o resultado de aplica-lo tipo do gravame establecido no apartado 2 sobre a base imponible definida no apartado 1, que será actualizada anualmente consonte o establecido no artigo 42 desta lei, tendo en conta as regras establecidas a seguir:

1.- A base imponible da taxa será o valor do ben, que se determinará da forma seguinte:

a) Ocupación de terreos. Será o valor dos terreos, que se determinará sobre a base de criterios de mercado. Para este efecto, a zona de servizo dividirase en áreas funcionais, coa asignación ós terreos incluídos en cada unha delas dun valor por referencia a outros terreos do termo municipal ou dos termos municipais próximos con similares usos a cada área, en particular ós cualificados como de uso comercial, industrial ou loxístico e para a mesma ou similar actividade, tomando en consideración o aproveitamento que lles corresponda.

Ademais, no caso de áreas funcionais destinadas a terminais e outras instalacións de manipulación de mercadorías, tomarase en consideración o valor de superficies portuarias que puidesen ser alternativas para os tráxicos do referido porto.

Ademais dese valor de referencia, na valoración final dos terreos de cada área deberanse ter en conta o grao de urbanización xeral da zona, a conexión cos diferentes modos e infraestruturas de transporte, a súa accesibilidade marítima e terrestre e maila súa localización e proximidade ás infraestruturas portuarias, en particular, ás instalacións de atracada e áreas abrigadas.

b) Ocupación das augas do porto. Será o valor dos espazos de auga incluídos en cada unha das áreas funcionais nas que se divida a zona de servizo do porto, que se determinará por referencia ó valor dos terreos das áreas da zona de servizo con similar finalidade ou uso ou, de se-lo caso, ó dos terreos máis próximos. Na valoración deberanse ter en conta as condicións de abrigo, profundidade e localización das augas, sen que poida exceder do valor dos terreos de referencia.

Nembargante, cando o espazo de auga se outorgue en concesión para o seu recheo, o valor desta será o asignado ós terreos de similar utilidade que se atopen máis próximos.

c) Ocupación de obras e instalacións. Estará constituída polos seguintes conceptos:

O valor dos terreos e das augas ocupados, incluídas neste apartado a urbanización interna e pavimentación da parcela en concesión.

O valor das infraestruturas, superestruturas e instalacións en concesión no momento do seu outorgamento, calculado sobre a base de criterios de mercado, e o valor da súa depreciación anual. Estes valores, que serán aprobados por Portos de Galicia, permanecerán constantes durante o período concesional, e non lles será aplicable a actualización anual prevista no artigo 42.

Os criterios para o cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación aprobaraos o consello de administración do ente público Portos de Galicia, por proposta do seu Presidente, e serán publicados no Diario Oficial de Galicia

d) Cando a ocupación do dominio público portuario inclúa un uso consuntivo del, o valor deste uso será o dos materiais consumidos a prezo de mercado.

2.- O tipo de gravame anual aplicado á base imponible será o seguinte:

a) No suposto de ocupación de terreos e de augas do porto:

-- Nas áreas destinadas a usos portuarios relativos ao desenvolvemento de actividades portuarias pesqueiras: o 2,5%.

- Nas áreas destinadas a usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, ós relativos ó desenvolvemento de servizos portuarios e a outras actividades portuarias comerciais e náutico-deportivas: o 5%.

- Nas áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 6 %.

- Nas áreas destinadas a usos non portuarios: o 7 %.

Respecto do espazo de auga para recheo, o 2,5 % do valor da base mentres o concesionario efectúa as obras de recheo no prazo fixado na concesión. Ó finalizar este prazo, o tipo será do 5 %.

b) No caso de ocupación do voo ou do subsolo de terreos ou espazos somerxidos:

- O 2,5 % do valor da base imponible que corresponda ós respectivos terreos ou augas, agás que o seu uso impida a utilización da superficie. Neste caso o tipo de gravame será o que corresponda de acordo co previsto na letra a) anterior.

c) No caso de ocupación de obras e instalacións:

- Nas áreas destinadas a usos portuarios relativos ao desenvolvemento de actividades portuarias pesqueiras: o 2,5% dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 25% do valor da depreciación anual asignada.

- Nas áreas destinadas a usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ó desenvolvemento de servizos portuarios e a outras actividades portuarias comerciais e náutico-deportivas: o 5% dos valores dos terreos do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100% do valor da depreciación anual asignada.

- Nas áreas destinadas a actividades auxiliares ou complementarias das actividades portuarias, incluídas as loxísticas, de almacenaxe e as que correspondan a empresas industriais ou comerciais: o 6 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada.

- Nas áreas destinadas a usos non portuarios: o 7 % dos valores dos terreos, do espazo de auga e das obras e instalacións, e o 100 % do valor da depreciación anual asignada.

d) No suposto de uso consuntivo: o 100 % do valor dos materiais consumidos..

3.- Para a determinación do valor dos terreos e das augas do porto, o consello de administración de Portos de Galicia aprobará, por proposta do seu Presidente, a correspondente valoración da zona de servizo do porto, que será publicada no Diario Oficial de Galicia, de acordo co seguinte procedemento.

a) Elaboración polo ente público da valoración de terreos e augas do porto.

b) Información pública durante un prazo non inferior a vinte días, que será anunciada no diario oficial da Comunidade Autónoma.

c) Remisión do expediente á consellería competente en materia de portos, que solicitará informe da consellería competente en materia de facenda, o cal deberá ser emitido nun prazo non superior a un mes.

d) A orde de aprobación da correspondente valoración será publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Os valores contidos na orde non serán susceptibles de recurso autónomo, sen prexuízo dos que procedan contra a notificación individual conxunta do devandito valor e da nova contía da taxa ós concesionarios e titulares de autorizacións.

e) Tales valoracións, que se actualizarán o 1 de xaneiro de cada ano na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC) no mes de outubro, poderanse revisar para a totalidade da zona de servizo cada cinco anos e, en todo caso, deberanse revisar cada dez anos. Así mesmo, deberanse revisar cando se aprobe ou modifique o plan de utilización dos espazos portuarios, na parte da zona de servizo que se atope afectada pola devandita modificación ou cando se produza calquera circunstancia que poida afecta-lo seu valor.

03.. Ocupación mediante medios persoais de inmobles afectos a dependencias administrativas.

A cota da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo de gravame correspondente, que se sinala a continuación.

Constitúe a base imponible o valor de mercado do ben ou bens de dominio público obxecto daquela. Para estes efectos, tomarase como valor de mercado o valor actualizado do ben ou bens segundo o Inventario Xeral dos bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a superficie ocupada e a súa situación no inmovible, de ser o caso. Esta base actualizarase anualmente na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral dos prezos ao

consumo para o conxunto nacional total (IPC) que correspondera e será efectiva a partir de cada 1 de xaneiro. No título habilitante da utilización privativa ou ocupación especificarase cal é o valor de mercado no primeiro ano da súa vixencia e cal será o mes de cálculo da variación do IPC que se empregue para a súa actualización anual.

O tipo de gravame será do 2% cando a actividade a desenvolver no inmovible sexa a prestación dun servizo público, e do 6% para o resto das actividades.

04 Ocupación de inmovibles nas Illas de Ons e Onza.

A cota da taxa que se debe satisfacer será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo de gravame que correspondera en cada caso, tendo en conta o uso e o tipo de solo.

Constitúe a base imponible o total de metros cuadrados do ben inmovible de dominio público que fora obxecto de concesión. No título habilitante da utilización privativa ou ocupación especificarase cal é a base imponible medida en metros cuadrados que fora concedida.

Os tipos de gravame anuais a aplicar sobre a base imponible son os que se especifican a continuación:

a) Uso vinculado á residencia ou vivenda:

- por m2 construído con uso residencial:	4 €/m2
- por m2 construído con uso non residencial:	1'5 €/m2
- por m2 non construído complementario ao uso residencial:	0'5 €/m2

b) Uso comercial, vinculado exclusivamente á hostalaría, restauración ou á alimentación:

- por m2 construído con uso comercial, vinculado exclusivamente á hostalaría, restauración ou á alimentación:	7'5 €/m2
- por m2 construído de edificacións auxiliares:	2'5 €/m2
- por m2 de patios, terrazas u outras superficies ocupadas anexas ao inmovible:	2'5 €/m2

c) Uso agrario tradicional: por m2: 0'06 €/m2"

05 Dominio público viario

01. Utilización privativa ou ocupación do dominio público viario.

Constitúe a base imponible o valor de mercado do ben ou bens de dominio público viario obxecto da utilización privativa ou ocupación do dominio público viario. A estes efectos, tomaranse como valores de mercado os seguintes:

- Solo en situación urbanizada: 45,80 €/m2.
- Solo en situación rural: 12,30 €/m2.

Tendo en conta a relevancia e conexión coas finalidades propias do órgano ó que está adscrito o dominio público viario, o predomínio desas finalidades ou de fins económicos na actividade desenvolvida e o grado de utilidade pública derivada da utilización privativa ou da ocupación do dominio público viario, en cada caso, o tipo de gravame aplicable fíxase nas seguintes porcentaxes:

- Instalacións en superficie para a prestación dun servizo público de interese xeral: 4%.
- Instalacións en superficie para a conexión a un servizo público de interese xeral: 3%.
- Obras de acceso á estrada: 3%.
- Instalacións provisionais por prazo fixado: 2%.

Cando se empreguen procedementos de licitación pública para o outorgamento de concesións, os pregos de bases poderán conter, entre os criterios para a súa resolución, o de que os licitadores oferten importes adicionais ós establecidos para esta taxa. Neste caso, o tipo de gravame da taxa virá determinado pola suma de dous compoñentes:

- A porcentaxe vixente no momento do devengo.
- A mellora determinada polo adxudicatario na proposición sobre a que se realiza a concesión, expresada en puntos porcentuais.

02. Aproveitamento especial do dominio público viario

Constitúe a base imponible a utilidade derivada do aproveitamento especial do dominio público viario. A estes efectos, establécese como base imponible a que se obtén da seguinte fórmula:

$$B_i = L \cdot \left(B_s + \frac{B_a}{n} \right) \cdot C_d \cdot C_u \cdot C_e$$

Onde:

- B_i = base imponible.
- L = lonxitude (m) do servizo que discorre por dominio público viario.

- Bs = base sectorial que adopta os seguintes valores en función do tipo de actividade:
 - Distribución de electricidade en baixa ou media tensión: 1,58 €/m.
 - Distribución de electricidade en alta tensión: 2,45 €/m.
 - Transporte de electricidade en alta tensión: 4,94 €/m.
 - Distribución de hidrocarburos: 6,97 €/m.
 - Transporte de hidrocarburos: 18,57 €/m.
 - Telefonía e telecomunicacións: 4,11 €/m.
 - Abastecemento de auga: 1,61 €/m.
 - Saneamento: 4,07 €/m.
- Ba = base adicional para o caso de servizos executados a través de canalizacións de titularidade da administración autonómica, que adopta un valor de 1,00 €/m nese caso, sendo nula en caso contrario.
- n = número de suxeitos pasivos diferentes que empregan a mesma canalización.
- Cd = coeficiente de densidade de poboación, calculado segundo a fórmula seguinte:

$$C_d = \sqrt{\frac{\phi_m}{\phi_G}} \leq 3$$
 - ϕ_m = densidade de poboación (hab/km²) do termo municipal no que se sitúe o servizo, segundo as cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro do ano anterior ó de devengo da taxa.
 - ϕ_G = densidade de poboación (hab/km²) da comunidade autónoma de Galicia, segundo as cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro do ano anterior ó de devengo da taxa.
- Cu = coeficiente pola situación urbanística do solo, que adopta os seguintes valores:
 - 1,00 en solo en situación urbanizada.
 - 0,75 en solo en situación rural.
- Ce = coeficiente pola clasificación da estrada:
 - 1,20 no caso de autoestradas, autovías, corredores e vías rápidas.
 - 1,00 no caso do resto de estradas da rede primaria básica non incluídas na categoría anterior.
 - 0,80 no caso de estradas da rede primaria complementaria.
 - 0,60 no caso de estradas da rede secundaria.

O tipo de gravame aplicable nos supostos de aproveitamento especial será do 100%.

**DECRETO 61/2005, DO 7 DE ABRIL, POLO QUE SE DITAN AS NORMAS PARA
A APLICACIÓN DAS TAXAS E PREZOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA.**

(DOG NUM. 71, DO 14 DE ABRIL DE 2005)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓN COMÚNS

TÍTULO II. ACTUACIÓN E PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO II. TAXAS

CAPÍTULO III. PREZOS

TÍTULO III. RECADACIÓN.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO II. RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO

CAPÍTULO III. RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO.

TÍTULO IV. INSPECCIÓN

TÍTULO V. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

TÍTULO VI. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

CAPÍTULO I. PROCEDIMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN

SECCIÓN 1ª.- REVISIÓN DE ACTOS NULOS DE PLENO DEREITO

SECCIÓN 2ª.- DECLARACIÓN DE LESIVIDADE DE ACTOS ANULABLES

SECCIÓN 3ª.- REVOGACIÓN

SECCIÓN 4ª.- RECTIFICACIÓN DE ERROS

SECCIÓN 5ª.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

CAPÍTULO II. RECURSO DE REPOSICIÓN

CAPÍTULO III. RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA

CAPÍTULO IV. SUSPENSIÓN

TÍTULO VII. CONTROL INTERNO

TÍTULO VIII. USO DAS TECNOLOXÍAS

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia configura na sección 1ª do Capítulo I, no Capítulo II e no Capítulo III o réxime xeral de aplicación das taxas, prezos públicos e prezos privados respectivamente, remitindo determinados aspectos a normas de carácter regulamentario.

Este decreto pretende desenvolver estes aspectos sinalados na norma legal á luz da recente modificación do sistema tributario levado a cabo pola lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

O decreto estrutúrase en oito títulos. O Título I recolle unha serie de disposicións que son comúns a tódolos instrumentos financeiros. O Título II dedícase á regulamentación da xestión de taxas e prezos, estruturándose en tres capítulos, de forma que o primeiro establece unha serie de disposicións comúns, o segundo regula as especialidades da xestión das taxas respecto da regulamentación xeral en materia tributaria, establecendo con carácter xeral a obriga de autoliquidación, e o terceiro regula a xestión do cobro dos prezos. O Título III regula as especialidades necesarias en materia de recadación de taxas e de prezos. Os Títulos IV e V determinan os órganos competentes para a inspección dos instrumentos e para o exercicio da potestade sancionadora respectivamente e remítense á normativa tributaria cadanseus procedementos. O Título VI dispón as normas correspondentes ós procedementos de revisión. O Título VII establece as competencias para a realización do control interno. O Decreto dedica o seu último Título, o VIII, á normativa aplicable para o uso das tecnoloxías en materia de aplicación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta disposición foi sometida ó trámite de audiencia ós cidadáns ó que se refire o artigo 24.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, mediante a petición do ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Na súa virtude, facendo uso do disposto na disposición final terceira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, oído o Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día sete de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO

TÍTULO I. DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 1.- Obxecto.

1. O presente decreto ten por obxecto a regulación da aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A aplicación das taxas e dos prezos da Comunidade Autónoma de Galicia comprende tódalas actividades administrativas dirixidas á información e asistencia

ós obrigados ó pagamento dos instrumentos financeiros e á xestión, inspección e recadación, así como as actuacións dos obrigados no exercicio dos seus dereitos ou en cumprimento das súas obrigas.

3. A aplicación das taxas e dos prezos da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverase mediante os procedementos administrativos de xestión, inspección, recadación e os demais previstos neste decreto e na normativa correspondente.

4. A consellería competente en materia de facenda promoverá a axilidade, a simplificación, a descentralización así como a coordinación administrativa nos procedementos de aplicación das taxas e dos prezos.

Artigo 2.-Definicións.

Para os efectos deste decreto e a súa normativa de desenvolvemento, entenderase por:

1. suxeito activo: os órganos da administración xeral, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera destes, enmarcables todos eles dentro da Administración pública da Xunta de Galicia, que concedan a utilización privativa, a ocupación ou o aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, subministren o ben, presten o servizo ou realicen a actividade gravada.

2. suposto de feito: calquera concesión de permisos de ocupación temporal, concesións administrativas ou calesquera outras autorizacións, cuxo obxecto sexa a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia, entrega de bens, realización de actividades ou prestación de servizos realizada polos suxeitos activos ós que se refire o punto anterior e gravada ou susceptible de ser gravada por un instrumento financeiro.

3. servizo xestor: o suxeito activo que teña a competencia para realizar a xestión do instrumento financeiro correspondente, consonte co disposto no título II deste decreto.

4. interesado: o suxeito pasivo dunha taxa ou o obrigado ó pagamento dun prezo.

Artigo 3.-Obrigas xestoras.

1. As relacións que xurdan na aplicación das taxas e prezos entre a consellería competente en materia de facenda e os suxeitos activos dos instrumentos financeiros dependentes de cada consellería realizaranse a través dun interlocutor nomeado para tal efecto pola consellería correspondente, sen prexuízo das actuacións que se poidan levar de forma individualizada con cada un deles.

2. Tódolos servizos xestores de taxas e prezos deberán levar rexistros separados de ingresos e gastos nos que incorran na realización dos supostos de feito. A estrutura destes rexistros establecerase por orde do conselleiro competente en materia de facenda.

3. O órgano xestor quedará obrigado a:

- Remitir no mes de febreiro de cada ano información anual agregada acerca do contido dos rexistros de ingresos e gastos incorridos na realización dos supostos de feito gravados polos instrumentos financeiros no ano inmediato

anterior consonte co formato establecido por orde do conselleiro competente en materia de facenda.

- Conservar os xustificantes de ingreso dos instrumentos financeiros nos expedientes correspondentes, así como os xustificantes das bonificacións, exencións ou non suxeicións aplicadas.
- Someterse ós plans ou controis que poida desenvolver a consellería competente en materia de facenda, prestando a debida colaboración. Para estes efectos poderá contar coa axuda e colaboración da Inspección de servizos da Xunta de Galicia.
- Formular as propostas de establecemento de novos instrumentos financeiros así como o incremento das tarifas dos xa establecidos, sempre que non se trate da actualización á que se refire o artigo 15.6 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, acompañados dunha memoria económica que poderá axustarse ó modelo que aprobe por orde o conselleiro competente en materia de facenda.

4. A Dirección Xeral competente en materia de ingresos de dereito público e a Intervención Xeral serán os encargados de comprobar no ámbito das súas competencias, o cumprimento polos órganos xestores das normas ditadas pola consellería competente en materia de facenda, en relación coa aplicación das taxas e dos prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

TÍTULO II. ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 4.- Xestión

A xestión das taxas e dos prezos públicos consiste no exercicio de todas aquelas funcións administrativas conducentes á súa liquidación, e máis todas aquelas establecidas pola normativa tributaria, cando esta sexa aplicable.

Artigo 5.- Competencia.¹

1. Con carácter xeral, a xestión e a liquidación de cada instrumento financeiro corresponderalles aos suxeitos activos que realicen o suposto de feito, consonte coas súas normas de organización.
2. A competencia territorial virá determinada en función do lugar no que radique a oficina xestora que realice o suposto de feito.
3. A competencia para o recoñecemento de beneficios fiscais rogados corresponderá ao órgano que determine a norma de organización correspondente e,

¹ Modificado polo Decreto 10/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproban determinadas modificacións en materia de taxas e prezos, do imposto de contaminación atmosférica e en materia económico-administrativa. (DOG nº 18, do 27 de xaneiro de 2009).

en defecto de disposición expresa, a competencia atribuirase ao órgano xerárquico superior dependente da persoa titular da consellería á que o servizo xestor estea adscrito, vinculado ou dependa, sen prexuízo da súa delegación consonte coa normativa vixente.

Artigo 6.-Inicio

As actuacións e procedementos de xestión iniciaranse:

- a) de oficio polo órgano competente para a xestión.
- b) a iniciativa do interesado, mediante solicitude, comunicación, autoliquidación ou calquera outra declaración.

Artigo 7.-Desenvolvemento

A proposta de resolución será notificada con carácter previo á resolución concedendo un prazo de 10 días para que o interesado presente cantas alegacións estime oportunas. Transcorrido o prazo sinalado anteriormente sen que o interesado presentase alegación algunha, entenderase notificada a resolución a tódolos efectos o día seguinte ó vencemento do devandito prazo.

Artigo 8.-Terminación.

Os procedementos de xestión deberán finalizar nun prazo non superior a 6 meses. Se transcorrido este prazo non se notificou a resolución correspondente entenderase caducado o procedemento iniciado, sen que iso obste á esixencia do dereito correspondente durante o prazo de prescrición.

Artigo 9.-Depósito previo

1. Por orde do conselleiro competente en materia de facenda estableceranse os supostos nos que se poderá esixir o depósito previo total ou parcial de cada un dos instrumentos financeiros que sexan de aplicación.
2. O depósito previo incluirá, se é o caso, os impostos correspondentes.
3. O depósito previo será tido en conta á hora de practicar a liquidación do instrumento financeiro correspondente, de forma que, se o resultado final da liquidación fose negativo a cantidade resultante devolverase de oficio.

Artigo 10.- Práctica da liquidación.

1. A liquidación é o acto resolutorio mediante o cal o órgano competente da administración realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da débeda debida á Facenda pública galega ou, se é o caso, o importe que resulta a devolver ó interesado.
2. As liquidacións practicaranse atendendo á verdadeira natureza do suposto de feito e ás normas reguladoras destes.

Artigo 11.- Normativa aplicable.

Ós procedementos de xestión de prezos públicos lles será de aplicación a normativa tributaria de forma supletoria.

“Capítulo II. Taxas²

Sección primeira.- Autoliquidación

Artigo 12.- Autoliquidación

1. Agás as excepcións previstas na sección segunda deste capítulo, as taxas serán obxecto de autoliquidación polo suxeito pasivo, que aplicará, de ser o caso, os beneficios fiscais que lle corresponda, achegando os xustificantes pertinentes. No caso de beneficios fiscais de carácter rogado deberá achegar así mesmo, a resolución pola que se lle recoñeza dito beneficio fiscal ou a solicitude á que se refire o artigo 13.1, quedando condicionada a aplicación do beneficio fiscal ao seu recoñecemento. A autoliquidación deberá ser presentada ante o órgano xestor correspondente mediante o modelo e na forma e prazos determinados mediante orde da consellería competente en materia de facenda.

2. Os órganos xestores deberán verificar e comprobar as autoliquidacións presentadas, así como a documentación achegada polo interesado para facer valer a aplicación de calquera beneficio fiscal, e practicar, se fose procedente, a correspondente liquidación.

3. Cando o suxeito pasivo considere que unha autoliquidación prexudica de calquera xeito os seus intereses lexítimos, poderá instar a súa rectificación consonte co procedemento establecido no regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

² Capítulo modificado polo Decreto 112/2012, do 20 de abril, polo que se aproban determinadas modificacións en materia tributaria e de prezos da Comunidade Autónoma de Galicia

Sección segunda.- Liquidación

Subsección primeira.- Normas de liquidación de aplicación xeral

Artigo 12 bis.- Liquidación

1. Serán obxecto de liquidación por parte do órgano xestor as tarifas contidas nos anexos da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que se relacionan a seguir:

a) As tarifas da taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións administrativo-facultativas, contidas na sublínea 13 da alínea 05 do anexo 2 da lei, esixibles pola prestación do servizo de sinalamento e inspección de toda clase de aproveitamentos en montes catalogados e non catalogados.

b) As tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, relacionadas na alínea 99 do anexo 3 da lei.

c) As tarifas da taxa esixible pola utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario, contidas na alínea 02 do anexo 5 da lei.

2. A exacción das tarifas contidas nos anexos da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que se relacionan a seguir, realizarase mediante retención directa no momento do pagamento de cada unha das certificacións, segundo as formalidades que se establezan mediante orde da consellería competente en materia de facenda:

a) A tarifa 03 da taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións profesionais, contida no Anexo 3 da lei, denominada “dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato”.

b) A tarifa 60 da taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións profesionais, contida no Anexo 3 da lei, denominada “dirección e inspección da explotación de infraestruturas hidráulicas”.

c) A tarifa 63 da taxa por servizos profesionais, modalidade de actuacións profesionais, contida no Anexo 3 da lei, denominada “dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas”.

3. Os órganos xestores poderán ditar liquidación provisional, iniciando de oficio o procedemento que corresponda, cando os elementos de proba que obren no seu

poder poñan de manifesto a realización dun suposto de feito ou a existencia de elementos deste que non foran declarados, ou a existencia de elementos determinantes da contía da débeda tributaria distintos aos declarados.

4. A liquidación das taxas deberá ser notificada ó suxeito pasivo nos termos previstos na Lei xeral tributaria, incluíndo ademais da expresión dos elementos ós que se refire a normativa tributaria, os seguintes:

a) Os impostos correspondentes debidamente desglosados ou a expresión IVE incluído, de ser o caso.

c) Carta de pagamento, de ser o caso.

5. Cando a notificación houbera de facerse mediante comparecencia, consonte co disposto na Lei xeral tributaria, citarase ó suxeito pasivo ou ó seu representante por medio de anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia os días 5 e 20 de cada mes, ou no primeiro Diario Oficial seguinte cando estes días cadren con sábado ou día inhábil. Así mesmo, poderán expoñerse estes anuncios nas oficinas do órgano xestor que ditou o acto, nas oficinas da administración tributaria que consonte co artigo 16 deste decreto sexa competente para a recadación da débeda ou na páxina web da citada consellería no seu taboleiro de anuncios.

Subsección segunda.- Normas de liquidación das tarifas portuarias pola realización de actividades comerciais, industriais e de servizos no dominio público portuario

Artigo 12 ter. Tarifas ACIS por unidade ou por servizo

1. As normas contidas neste artigo serán de aplicación para a liquidación das tarifas contidas na subalínea 03 da alínea 99 do Anexo 3 da lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cando as súas cotas estean establecidas pola unidade que corresponda ou por servizo prestado.

2. A liquidación realizarase por período vencido, consonte coas disposicións establecidas neste decreto e na normativa tributaria. A taxa liquidarase tendo en conta as regras contidas nos apartados seguintes.

3. O período de liquidación, que non poderá ser superior a un ano, determinarase, en cada caso, mediante cláusula contida no prego de condicións da autorización correspondente. En defecto de disposición ao respecto, o período de liquidación será mensual.

4. O suxeito pasivo deberá presentar declaración pola que manifeste a actividade desenvolvida no período de liquidación xunto coa documentación xustificativa correspondente dentro do prazo que se estableza en cada caso, mediante cláusula contida no prego de condicións da autorización correspondente. En defecto de disposición ao respecto, o suxeito pasivo deberá presentar a declaración e documentación correspondente nos dez primeiros días naturais seguintes á finalización do período de liquidación.

5. A documentación xustificativa que debe presentar o suxeito pasivo será a que se determine no prego de condicións da autorización dependendo do tipo de actividade de que se trate. En defecto de condición expresa ao respecto, presentárase canta documentación sexa requirida polo órgano xestor.

Artigo 12 quater. Tarifas ACIS pola cifra neta de negocios.

1. As normas contidas neste artigo serán de aplicación para a liquidación das tarifas contidas na sublínea 03 da alínea 99 do Anexo 3 da lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cando as súas cotas estean establecidas en función do importe anual da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida.

2. A taxa poderá ser esixible por adiantado ou a posteriori, segundo o que se estableza no condicionado da autorización. A liquidación realizarase consonte coas disposicións establecidas neste decreto e na normativa tributaria, e tendo en conta as regras contidas nos apartados seguintes.

3. Cando a taxa sexa esixible por adiantado, a liquidación efectuarase tomando como base os datos económicos da actividade do ano anterior ao ano obxecto de liquidación. O prazo máximo no que deberá notificarse a liquidación será de seis meses, a contar dende a data na que obre no órgano xestor a documentación económica da actividade do ano anterior ao ano obxecto da liquidación. No ano de outorgamento da autorización tomarase como base a estimación efectuada en relación co volume de tráfico ou negocio no estudo económico-financeiro presentado pola persoa solicitante da autorización. A liquidación correspondente a ese primeiro exercicio notificarase xunto co outorgamento da autorización.

4. Cando a taxa sexa esixible a posteriori, a liquidación correspondente a cada ano efectuarase finalizado o ano, no prazo de seis meses a contar dende a data na que obre no órgano xestor a documentación económica da actividade do ano obxecto da liquidación.

5. Sen prexuízo do disposto no apartado 4 anterior, a administración poderá esixir mediante a notificación dunha liquidación o ingreso dun pagamento a conta da liquidación de cada ano consonte coas seguintes regras:

a) Regra primeira.- No mes de xaneiro de cada ano a administración efectuará a liquidación do pagamento a conta da liquidación correspondente ao dito ano. No ano de outorgamento da autorización esta liquidación notificarase xunto co outorgamento da mesma.

b) Regra segunda.- O importe do pagamento a conta calcularase en base aos datos económicos reais da actividade desenvolvida no segundo ano precedente a aquel no que se realiza a liquidación. Durante os dous primeiros anos de vixencia da autorización, tomaranse como base os datos económicos contemplados no estudo económico-financeiro presentado pola persoa solicitante daquela.

c) Regra terceira.- O prazo de ingreso do pagamento a conta será o que corresponda consonte co artigo 20 deste decreto.

d) Regra cuarta.- O pagamento a conta poderase efectuar tamén en dous, tres ou catro pagamentos fraccionados, segundo se estableza nas condicións da autorización. No caso de que as condicións contemplen pagamentos fraccionados semestrais o ingreso do primeiro deles será o que correspondera consonte co artigo 20 deste decreto e o segundo deberá efectuarse nos 20 primeiros días naturais de xullo, salvo que as condicións establezan outros prazos de ingreso dentro do ano. No caso de que as condicións contemplen tres pagamentos fraccionados, o ingreso do primeiro deles será o que correspondera consonte co artigo 20 deste decreto, o segundo deberá efectuarse nos 20 primeiros días naturais de xullo e o terceiro nos 20 primeiros días naturais de outubro, salvo que as condicións establezan outros prazos de ingreso dentro do ano. No caso de que as condicións contemplen catro pagamentos trimestrais, o ingreso do primeiro deles será o que correspondera consonte co artigo 20 deste decreto, e os seguintes nos 20 primeiros días naturais de abril, xullo e outubro, respectivamente, salvo que as condicións establezan outros prazos de ingreso dentro do ano. Non será posible aprazar ou fraccionar os pagamentos fraccionados. A presentación da solicitude non impedirá o inicio do período executivo nin o devengo das recargas correspondentes e dos xuros de mora, e considerarase incumprimento das obrigas tributarias para todos os efectos. O incumprimento do pagamento de calquera pagamento fraccionado terá os efectos sinalados na normativa xeral tributaria.

6. No caso de que a administración proceda consonte co disposto no apartado 5 anterior, unha vez finalizado cada ano, o órgano xestor efectuará a liquidación do importe anual da taxa, de acordo co previsto no apartado 4 deste artigo,

descontando, de ser o caso, o importe do pagamento a conta liquidado correspondente ao ano de liquidación.

7. Se o importe da liquidación á que se refire o apartado 6 anterior fora positivo, o suxeito pasivo deberá ingresar a liquidación nos prazos establecidos no artigo 20 deste decreto. Se o importe da liquidación fora negativo, procederá a devolución do dito importe, sempre que o suxeito pasivo tivera ingresado o pagamento a conta liquidado. Transcorrido o prazo de seis meses a contar dende a data de notificación da liquidación ou a data na que se tivera que realizar o último pagamento fraccionado se fora posterior, sen que se tivera ordenado o pagamento da devolución por causa imputable á administración, esta aboará o xuro de mora regulado no artigo 26 da lei xeral tributaria, sen necesidade de que o obrigado así o solicite.

8. Para os efectos do disposto nos puntos 3 e posteriores deste artigo, o suxeito pasivo deberá presentar declaración pola que manifieste a realización do feito impoñible xunto coa documentación económica da actividade á que se refire o artigo seguinte, dentro do mes seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación da autoliquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre sociedades, segundo corresponda.

Artigo 12 quinquies. Documentación.

1. A documentación económica a presentar polo suxeito pasivo será a que se determine no prego de condicións da autorización dependendo do tipo de actividade de que se trate. En defecto de condición expresa ao respecto, presentarase canta documentación sexa requirida polo órgano xestor.

2. No caso de que a documentación esixida para a determinación do importe da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización sexa a correspondente á liquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas mediante o método de estimación obxectiva, considerarase que a cifra neta de negocios será o importe do rendemento neto previo anual da actividade obtido por aplicación ao caso concreto de que se trate do disposto ao efecto na normativa do ministerio competente en materia de facenda reguladora desta materia.

3. No caso de que por calquera causa non figurase no expediente de outorgamento da autorización da actividade o estudo económico-financieiro mencionado nos artigos anteriores, considerarase para o cálculo da liquidación da taxa, de ser o caso, como importe anual da cifra neta de negocios da actividade desenvolvida no porto ao amparo da autorización, o importe anual medio dos ingresos correspondentes ós exercicios existentes nos catro anos anteriores e, no

seu defecto, tomarase como cota a cota máxima anual establecida na lei segundo o tipo de actividade e o tipo de gravame.

Artigo 12 sexies. Transmisión da autorización.

En caso de transmisión da autorización, no ano no que se produza a transmisión as actuacións sinaladas nos apartados anteriores teránse con quen fora o suxeito pasivo na data do devengo, sen prexuízo das disposicións xerais tributarias na materia.

Sección terceira.- Procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais de carácter rogado.

Artigo 13. Recoñecemento de beneficios fiscais de carácter rogado.

1. Para o recoñecemento de beneficios fiscais de carácter rogado, o suxeito pasivo deberá presentar solicitude dirixida ao órgano competente para a súa concesión, segundo proceda, xunto á solicitude da realización do suposto de feito gravado pola taxa, ou ben, antes do seu devengo. Á solicitude xuntaranse os documentos e xustificantes que sexan esixibles pola normativa que estableza o beneficio fiscal e máis aqueles que o suxeito pasivo considere convenientes.

2. O órgano competente para a concesión do beneficio fiscal deberá notificarlle ao obrigado tributario a proposta de resolución cando vaia ser denegatoria, debidamente motivada, para que, nun prazo de 10 días contados a partires do seguinte ao da notificación da proposta denegatoria, alegue o que conveña ao seu dereito.

3. O procedemento terminará por resolución na que se recoñeza ou denegue a aplicación do beneficio fiscal. O prazo máximo para notificar ao obrigado tributario a resolución do procedemento será de 3 meses, a contar dende a data na que o documento tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido este prazo sen que se notificara a resolución expresa, a solicitude poderase entender denegada. Cando o órgano competente para conceder o beneficio fiscal non coincida co órgano xestor da taxa, aquel comunicarlle a este a resolución para que, no caso de ser denegatoria, proceda, de ser o caso, á esixencia da taxa e os xuros de mora correspondentes polo procedemento que corresponda.

4. O recoñecemento de beneficios fiscais surtirá efectos dende o momento do devengo da taxa para a que se pretenda a concesión do beneficio, sempre que se presentara a solicitude consonte co establecido no punto 1 deste artigo. No caso contrario, o recoñecemento terá efectos dende a data da notificación da resolución. Nos casos nos que se establecera a obriga de autoliquidación da taxa devengada

polos feitos impoñibles realizados por períodos determinados, para a aplicación do beneficio rogado en todo o período impositivo deberase ter presentada a solicitude con anterioridade ao inicio deste. No caso contrario e sempre que se recoñecera o beneficio fiscal, este será de aplicación no período impositivo que se abra trala presentación da solicitude.

CAPÍTULO III. PREZOS

Artigo 14.- Notificación de liquidacións de prezos

1. Cando a administración pública realice a liquidación dos prezos públicos, a factura correspondente será notificada contendo, en todo caso, os seguintes elementos:

- a) Identificación do debedor.
- b) Natureza do ingreso.
- c) Elementos básicos que configuran a débeda, con indicación das normas no que se sustente.
- d) Os impostos correspondentes debidamente desglosados ou expresión IVE incluído, se é o caso.
- e) Os medios de impugnación que procedan, indicando os prazos e órganos perante os cales se pode interpoñer.
- f) Lugar, prazo e medios de pagamento da débeda.
- g) Carta de pagamento correspondente.

2. A xestión do cobro do resto dos prezos documentarase en facturas que se adecuarán ó establecido ó respecto pola normativa do Estado, nas que figurarán, se é o caso, os impostos correspondentes debidamente detallados, ou a expresión IVE incluído. A entrega das facturas terá efectos de notificación.

TÍTULO III. RECADACIÓN.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 15.- A xestión recadadora.

1. A recadación das taxas e dos prezos consiste no exercicio de todas aquelas funcións administrativas conducentes ó seu cobro.

2. A recadación poderase realizar:

- a) para as taxas e prezos, en período voluntario, mediante o pagamento ou cumprimento voluntario do interesado nos prazos previstos no artigo 20 deste decreto.
- b) en período executivo, a recadación das taxas e dos prezos públicos, efectuarase coercitivamente, por vía de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado que non cumprixe a obrigaón ó seu cargo en período voluntario.

Artigo 16.- Competencia.

1. A xestión recadatoria da Facenda pública de Galicia, tanto da Administración xeral da Comunidade Autónoma como dos seus organismos autónomos e entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas á Administración pública da Xunta de Galicia, corresponde á consellería competente en materia de facenda e levarána:

- a) En período voluntario, os órganos da consellería competente en materia de facenda e dos organismos autónomos e das entidades que teñan atribuída a xestión dos correspondentes instrumentos financeiros.
- b) En período executivo, os órganos da consellería competente en materia de facenda, cando se trate de taxas e prezos públicos da Facenda pública de Galicia, dos organismos autónomos e das entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas á Administración pública da Xunta de Galicia.

2. No entanto, cando a natureza do ingreso, a súa especial incidencia ou circunstancias do caso concreto así o aconsellen, os órganos de recadación da consellería competente en materia de facenda poderán asumir a xestión recadatoria en período voluntario dos recursos dos organismos autónomos e entes públicos.

3. A competencia territorial atribuirase á delegación territorial da consellería competente en materia de facenda da capital de provincia na que radique a oficina xestora que realice o suposto de feito gravado.³

Artigo 17.- Lugar do pagamento.

1.- O pagamento das débedas haberá de realizarse nas contas restrinxidas de recadación abertas nas entidades financeiras autorizadas pola consellería competente en materia de facenda para actuar como entidades colaboradoras na recadación, e, excepcionalmente, nas caixas dos órganos que se creen, previa autorización da consellería competente en materia de facenda, e cos requisitos e condicións que se determinen.

2. Os pagamentos realizados a persoas ou órganos non competentes para recibilos, non liberarán ó debedor da súa obriga de pagamento perante a facenda da Comunidade Autónoma, sen prexuízo da responsabilidade na que, se é o caso, puidera incorrer o perceptor non autorizado.

Artigo 18.- Medios de pagamento.

1. O pagamento realizarase en efectivo ou, mediante o emprego de efectos timbrados nos supostos previstos legalmente e consonte co previsto neste artigo.

³ Entenderase modificado polo disposto no apartado 2.3 do artigo 20 do Decreto 307/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda: "Artigo 20. 2.3. A Subdirección Xeral de Recadación, que exercerá as seguintes funcións:(...) Desta subdirección xeral dependerán (...) o Servizo central de recadación, que exercerá as seguintes funcións (.....) A xestión recadatoria nos seus dous períodos respecto das débedas dos servizos centrais e órganos con sede no Concello de Santiago de Compostela."

2. Así mesmo, posibilitarase o pagamento a través dos diferentes medios que a tecnoloxía pon a disposición das entidades financeiras e calesquera outros que sexan aprobados mediante a correspondente orde da consellería competente en materia de facenda.

3. A utilización de efectos timbrados para o pagamento de taxas e prezos públicos requirirá expresa autorización da consellería competente en materia de facenda, que comprenderá a forma e características daqueles.

4. O pagamento dos prezos privados realizarase consonte se dispoña nas normas que os establezan; no seu defecto, realizarase consonte se dispoña por orde da consellería competente en materia de facenda que desenvolva o procedemento de recadación deles e, subsidiariamente, consonte coa normativa xurídico privada.

Artigo 19.- Xustificantes de pagamento.

1. Terán a consideración de xustificantes do pagamento en efectivo das taxas e dos prezos, segundo os casos:

- a) As cartas de pagamento subscritas ou validadas por órganos competentes ou por entidades autorizadas para recibir o pagamento.
- b) Os recibos que emitan as entidades financeiras naqueles casos no que o obrigado ó pagamento optase por algunha das formas de pagamento a distancia que faciliten as novas tecnoloxías.
- c) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado.
- d) Calquera outro documento ó que a consellería competente en materia de facenda outorgue expresamente o carácter de xustificante de pagamento.

2. O xustificante de pagamento entregárase á persoa que realice o pagamento, e expresará alomenos as seguintes circunstancias:

- a) Identificación e domicilio do debedor.
- b) Concepto e importe da débeda e período ó que se refire, se é o caso.
- c) Data do pagamento.
- d) Órgano, persoa ou entidade que o expide.

3.- Os recibos que expidan as entidades financeiras, no suposto previsto no punto 1.b) anterior, conterán as características que para o efecto se establezan pola consellería competente en materia de facenda.

4. Cando se empreguen efectos timbrados, os propios efectos, debidamente inutilizados, constituirán o xustificante de pagamento.

CAPÍTULO II. RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO

Artigo 20.- Prazo de pagamento en período voluntario.

1. O pagamento en período voluntario das taxas liquidadas polo propio suxeito pasivo realizarase no prazo establecido para formular a correspondente autoliquidación.

2. No caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pagamento en período voluntario realizarase nos prazos determinados na Lei xeral tributaria.

3. Os prazos para o pagamento dos prezos públicos fixaranse, en cada caso, nos decretos polos que se aprobe o establecemento destes. No caso de non determinación dos devanditos prazos, aplicarase o disposto nos apartados anteriores.

4. As débedas que deban satisfacerse mediante efectos timbrados pagaranse no momento da realización do feito impositivo, se non se dispón outro prazo na súa normativa reguladora.

5. Os prazos para o pagamento dos prezos privados fixaranse, en cada caso, nas ordes que os establezan; en defecto de fixación do prazo nestas, o pagamento deberá realizarse no prazo establecido na orde da consellería competente en materia de facenda que desenvolva o procedemento de recadación deles.

CAPÍTULO III. RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO.

Artigo 21.- Iniciación.

1. O período executivo iníciase:

- a) No caso de débedas liquidadas pola Administración, non ingresadas ó seu vencemento, o día seguinte ó vencemento do prazo de ingreso en período voluntario.
- b) No caso de débedas a ingresar mediante autoliquidación presentada sen realizar o ingreso correspondente en todo ou en parte, o devandito período se inicia para a débeda non ingresada o día seguinte ó vencemento do prazo ou prazos de ingreso en período voluntario.

2. O inicio do período executivo determina o devengo das recargas do período executivo previstos na Lei xeral tributaria. Así mesmo determina a esixencia dos xuros de demora a que se refiren a Lei xeral tributaria e o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias respectivamente, e, se é o caso das costas do procedemento de constrinximento.

3. Iniciado o período executivo, a Administración efectuará a recadación das débedas polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ó pagamento.

Artigo 22.- Procedemento de constrinximento.

1. Os elementos constitutivos e as diferentes fases do procedemento de constrinximento rexeranse polas normas previstas neste decreto e pola normativa de carácter xeral aplicable á materia.

2. O procedemento de constrinximento iniciarase mediante providencia notificada ó debedor na que se identificará a débeda pendente, liquidaranse as recargas do período executivo e requiriráselle para que efectúe o pagamento.

3. A providencia de constrinximento, expedida polo órgano de recadación que sexa competente consonte co disposto no artigo 16 deste decreto, será o título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos do debedor.

Artigo 23.- Prazos de ingreso.

Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pagamento da débeda deberá efectuarse nos prazos fixados na Lei xeral tributaria.

TÍTULO IV. INSPECCIÓN

Artigo 24.- Competencia.

1. Con carácter xeral, a inspección de cada instrumento financeiro corresponderalles ós órganos de inspección financeira e tributaria da consellería competente en materia de facenda.

2. A competencia territorial atribuirase á delegación territorial con competencia en materia de facenda da capital da provincia na que radique a oficina xestora que realice o suposto de feito gravado.

Artigo 25.- Procedemento.

As actuacións e o procedemento de inspección das taxas e dos prezos públicos axustaranse ó disposto na Lei xeral tributaria e á súa normativa de desenvolvemento.

TÍTULO V. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 26.- Competencia.

1. O procedemento sancionador en materia de taxas iniciárase sempre de oficio polos seguintes órganos:

- a) polos órganos de xestión tributaria da consellería competente en materia de facenda, cando o procedemento se inicie a instancia do órgano xestor da taxa.
- b) polos órganos de inspección financeira e tributaria da consellería competente en materia de facenda, cando o procedemento se inicie como consecuencia dun procedemento de inspección.

2. A competencia territorial atribuirase á delegación territorial con competencia en materia de facenda da capital da provincia na que radique a oficina xestora que realice o suposto de feito gravado.

Artigo 27.- Exercicio da potestade sancionadora.

O exercicio da potestade sancionadora en materia de taxas desenvolverase consonte co establecido na Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

TÍTULO VI. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

CAPÍTULO I. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN

SECCIÓN 1ª.- REVISIÓN DE ACTOS NULOS DE PLENO DEREITO

Artigo 28.- Competencia.

1. O procedemento para a revisión de actos nulos de pleno dereito en materia de taxas e prezos públicos poderá ser iniciado:
 - a) mediante solicitude do interesado.
 - b) polo órgano que ditou o acto ou o seu superior xerárquico.
2. A competencia para tramitar o procedemento corresponderá á Dirección Xeral competente en materia de ingresos de dereito público.
3. A competencia para resolver corresponderá ó conselleiro competente en materia de facenda.

Artigo 29.- Procedemento.

1. O procedemento de revisión de actos nulos en materia de taxas desenvolverase consonte co establecido na Lei xeral tributaria e consonte coa súa normativa de desenvolvemento, se é o caso.
2. O procedemento de revisión de actos nulos en materia de prezos públicos desenvolverase consonte co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e consonte coa súa normativa de desenvolvemento, se é o caso. Será de aplicación supletoria a normativa á que se refire o punto anterior.

SECCIÓN 2ª.- DECLARACIÓN DE LESIVIDADE DE ACTOS ANULABLES

Artigo 30.- Competencia.

1. O procedemento para a declaración de lesividade en materia de taxas e prezos públicos iniciarase de oficio mediante acordo do órgano que ditou o acto ou o seu superior xerárquico.
2. A competencia para tramitar o procedemento corresponderá á Dirección Xeral competente en materia de ingresos de dereito público.
3. A declaración de lesividade corresponderá ó conselleiro competente en materia de facenda.

Artigo 31.- Procedemento.

1. O procedemento para a declaración de lesividade en materia de taxas desenvolverase consonte co establecido na Lei xeral tributaria e consonte coa súa normativa de desenvolvemento, se é o caso.
2. O procedemento para a declaración de lesividade en materia de prezos públicos desenvolverase consonte co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e consonte coa súa normativa de desenvolvemento, se é o caso. Será de aplicación supletoria a normativa á que se refire o punto anterior.

SECCIÓN 3ª.- REVOGACIÓN

Artigo 32.- Competencia.

1. O procedemento de revogación de actos administrativos ditados en materia de taxas e prezos públicos iniciarase sempre de oficio.
2. A competencia para tramitar e resolver o procedemento corresponderá á Dirección Xeral competente en materia de ingresos de dereito público.

Artigo 33.- Procedemento.

1. O procedemento de revogación de actos administrativos ditados en materia de taxas desenvolverase consonte co establecido na normativa en materia tributaria.
2. O procedemento de revogación de actos administrativos ditados en materia de prezos públicos desenvolverase consonte co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e consonte coa súa normativa de desenvolvemento, se é o caso. Será de aplicación supletoria a normativa á que se refire o punto anterior.

SECCIÓN 4ª.- RECTIFICACIÓN DE ERROS

Artigo 34.- Competencia.

O órgano que ditase o acto administrativo en materia de taxas e prezos públicos rectificará, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritméticos, sempre que non transcorrese o período de prescrición correspondente.

Artigo 35.- Procedemento.

1. A rectificación de erros de actos administrativos ditados en materia de taxas desenvolverase consonte co establecido na Lei xeral tributaria e consonte coa súa normativa de desenvolvemento, se é o caso.
2. A rectificación de erros de actos administrativos ditados en materia de prezos públicos desenvolverase consonte co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e consonte coa súa normativa de desenvolvemento, se é o caso. Será de aplicación supletoria a normativa á que se refire o punto anterior.

SECCIÓN 5ª.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

Artigo 36.- Titulares do dereito á devolución

Os interesados, así como os seus habente-causas, terán dereito á devolución dos ingresos que realizasen indebidamente en concepto de taxas ou de prezos públicos nos supostos sinalados na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei xeral tributaria

Artigo 37.- Competencia

1. Será competente para tramitar e resolver o procedemento o suxeito activo titular da taxa ou do prezo público cuxa devolución se pretende.
2. Ditada a correspondente resolución e notificada ó interesado, deberá remitirse esta ou copia certificada dela ó órgano de recadación que sexa competente consonte co artigo 16 deste decreto, para que este propoña o pagamento mediante a expedición da correspondente orde ou mandamento de pagamento.

Artigo 38.- Procedemento de devolución.

O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución poderá iniciarse de oficio ou a instancia de persoa interesada e desenvolverase consonte co disposto na normativa tributaria, sen prexuízo do disposto no artigo anterior.

CAPÍTULO II. RECURSO DE REPOSICIÓN

Artigo 39.- Competencia.

Será competente para resolver os recursos de reposición interpostos polos interesados contra os actos en materia de taxas e prezos públicos o órgano que ditou o acto recorrido.

Artigo 40.- Normativa aplicable.

En todo o que se refira ó recurso de reposición será de aplicación o disposto na Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento, se é o caso.

CAPÍTULO III. RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA

Artigo 41.- Competencia.

Será competente para resolver as reclamacións económico-administrativas a Xunta Superior de Facenda, consonte co establecido no Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, polo que se regula a súa organización, competencias e composición, e o seu funcionamento.

CAPÍTULO IV. SUSPENSIÓN

Artigo 42.- Suspensión de actos en materia de taxas e prezos públicos.

1. A execución dos actos en materia de taxas e prezos públicos que, consonte á normativa vixente, foran impugnados, quedarán suspendidos automaticamente a instancia do interesado se se garante o importe do dito acto, dos xuros de demora que xenere a suspensión e as recargas que puideran proceder.
2. As solicitudes de suspensión xunto cos documentos xustificativos da garantía constituída e copia do recurso ou reclamación interpostos e do acto recorrido dirixiranse ó órgano de recadación que sexa competente consonte co artigo 16 deste decreto.
3. Se a solicitude acredita a existencia do recurso ou reclamación e xunta garantía bastante, entenderase acordada a suspensión dende a data da dita solicitude. Se a garantía aportada non reúne os requisitos necesarios, concederase ó interesado un prazo de 10 días para subsanar os defectos. Neste caso, o órgano de recadación resolverá expresamente sobre a suspensión, notificando a resolución ó interesado.
4. A resolución anterior ou, no seu defecto, a solicitude do interesado, comunicarse ben ó órgano xestor competente para resolver o recurso de reposición, ben ó Tribunal que estea a coñecer a reclamación contra o acto impugnado, co obxecto de que se incorpore ó expediente.
5. Cando como consecuencia da resolución do recurso de reposición, deba facerse efectiva a débeda na súa totalidade ou de forma parcial, o órgano de recadación levantará a suspensión se transcorrido o prazo para a interposición da reclamación económico-administrativa, o interesado non lle comunicase a interposición desta.

Do mesmo xeito, nos casos nos que como consecuencia da resolución da reclamación económico-administrativa, deba facerse efectiva a débeda na súa totalidade ou de forma parcial, o órgano de recadación levantará a suspensión se transcorrido o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, o interesado non lle comunicase a interposición tanto deste como da solicitude da suspensión na vía contencioso-administrativa.

En ámbolos dous casos o acordo de levantamento da suspensión notificarase ó interesado, concedéndolle un novo prazo de ingreso en período voluntario consonte co artigo 20 deste decreto.

TÍTULO VII. CONTROL INTERNO

Artigo 43.- Competencia.

1. Con carácter xeral, o control interno da actividade económico-financeira exercerao a Intervención Xeral a través da función interventora e do control financeiro, sen prexuízo do establecido no artigo 3 deste decreto.
2. Corresponderalle á Intervención Xeral a dirección e a xestión da contabilidade pública. A contabilización dos instrumentos ós que se refire este decreto quedará suxeita ó establecido no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 44.- Normativa.

As actuacións ás que se refire o artigo anterior axustaranse ó disposto no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

TÍTULO VIII. USO DAS TECNOLOXÍAS

Artigo 45.- Principios xerais.

1. A consellería competente en materia de facenda promoverá o emprego do uso das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para a aplicación das taxas e dos prezos da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas técnicas e medios deberán cumprir os criterios de seguridade, normalización e conservación ós que se refira a normativa correspondente.
2. Os programas e aplicacións electrónicos, informáticos e telemáticos que se vaian empregar para a aplicación das taxas e dos prezos deberán ser previamente autorizados por orde do conselleiro competente en materia de facenda.
3. A consellería competente en materia de facenda poderá facer efectiva a colaboración social na aplicación das taxas e dos prezos da Comunidade Autónoma de Galicia a través da celebración de acordos con:
 - a) as outras Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía, a Administración Xeral do Estado e con outras administracións públicas.
 - b) entidades ou institucións privadas, en especial coas que ostenten a condición de colaboradoras na xestión de taxas e prezos.
 - c) institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, incluídas as organizacións corporativas das profesións oficiais colexiadas.

Os acordos asinados coas persoas contidas na letra c) poderán estender os seus efectos ás persoas ou entidades que sexan colexiados, asociados ou membros daquelas. Para este efecto, as persoas ou entidades interesadas, deberán firmar

un documento individualizado de adhesión ó acordo, que recolla expresamente a aceptación do contido íntegro deste. Non será precisa esta firma, cando os estatutos ou as normas da profesión oficial colexiada regulen que a subscripción de acordos de colaboración polas súas organizacións corporativas vinculan a tódolos profesionais colexiados, sempre que o acordo suscrito recolla esta circunstancia.

4. A consellería competente en materia de facenda admitirá sistemas de firma electrónica recoñecida para garantir nas súas relacións cos interesados por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, a autenticidade e, se é o caso, a integridade dos documentos electrónicos. Así mesmo, estes sistemas poderán ser empregados para identificar ós interesados nas actuacións que teñan lugar polos devanditos medios. En particular, admitiranse os sistemas de sinatura dixital ou numérica, baseados en criptografía asimétrica de clave pública, ou calquera sinatura electrónica avanzada, cando cumpra garantir a autenticidade e integridade do documento electrónico. A admisión pola consellería competente en materia de facenda de calquera sistema de sinatura electrónica requirirá a súa compatibilidade cos medios técnicos dos que dispoña, así como a previa aprobación dos programas e aplicacións que vaian empregarse e a difusión pública das súas características.

Disposicións adicionais.

Autorízase á consellería competente en materia de facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación do presente decreto.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente decreto e en particular o Decreto 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan normas para a xestión, liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira.

Este decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ORDE DO 30 DE XUÑO DE 1992, POLA QUE SE APROBA O MODELO DE AUTOLIQUIDACIÓN DAS TAXAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE ESTABLECE A UTILIZACIÓN DE EFECTOS TIMBRADOS PARA O PAGO DAS TAXAS POR SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DE COMPULSA DE DOCUMENTOS E DE VERIFICACIÓN DE PODERES E DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DE LEXITIMACIÓN.¹

(DOG Nº 125, DO 1 DE XULLO DE 1992)

A disposición adicional primeira do Decreto 172/1992, do 26 de xuño, autoriza á Consellería de Economía e Facenda a ditar as disposicións necesarias para a aplicación de dito decreto.

Pola súa banda, o artigo 13.3 do mencionado decreto establece que a utilización dos efectos timbrados requirira expresa autorización da Consellería de Economía e Facenda.

Dado que os servizos administrativos de compulsa de documentos e verificación de suficiencia de poderes e documentos acreditativos de lexitimación se prestan inmediatamente a súa solicitude, resulta necesario autorizar a utilización de efectos timbrados da Comunidade Autónoma de Galicia para o pagamento das taxas esixidas por ditos servizos administrativos.

Por todo elo,

DISPOÑO

CAPÍTULO I

Autoliquidación das taxas

Artigo 1.- Con independencia do procedemento de liquidación aplicable a cada taxa, os ingresos que por estes tributos corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia efectuaranse polos suxeitos pasivos a través das entidades financeiras colaboradoras autorizadas, relacionadas no anexo VII, sen prexuízo do disposto nesta orde para o pagamento mediante efectos timbrados da Comunidade Autónoma de Galicia.²

¹ As referencias á Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ó Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril, polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo 3º do título II da mesma, entenderanse realizadas á Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

² Redacción dada polo artigo 1.1 da Orde do 24 de marzo de 1998, pola que se modifica a Orde do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pago de taxas por servizos administrativos de compulsa de documentos e de verificación de poderes e documentos acreditativos de lexitimación e a Orde do 29 de xuño de 1994, pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 68, do 9 de abril de 1998).

Artigo 2³.-

1. Os suxeitos pasivos das taxas obrigados a formular autoliquidación, deberán, con carácter xeral, ingresar o importe da débeda tributaria autoliquidada no prazo dos tres días hábiles a contar dende o seguinte ao seu devengo.

2. Os suxeitos pasivos da tarifa contida na subalínea 04 da alínea 07 do Anexo 2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia deberán ingresar o importe da débeda tributaria autoliquidada correspondente a cada certificado no prazo dos cinco días hábiles seguintes á data de expedición do certificado. O suxeito pasivo formulará unha autoliquidación, na que deberá constar o dato do número do certificado zoosanitario expedido polos servizos veterinarios, por cada un dos certificados que lle sexan expedidos, sen que se poida utilizar un único impreso para máis dun certificado.

3. Os suxeitos pasivos deberán ingresar nos vinte primeiros días naturais dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro o importe da débeda tributaria autoliquidada referida cada unha delas ós feitos impositivos realizados no trimestre inmediato anterior, no caso das taxas que se relacionan a continuación, ás que se refiren os artigos ou contidas nos anexos da lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) as tarifas 08 e 36 contidas no Anexo 2 da lei;
- b) as tarifas contidas nas subalíneas 03 e 04 da alínea 09 do Anexo 2 da lei;
- c) as tarifas 25, 26 e 27 contidas no Anexo 3 da lei.

4. Os suxeitos pasivos da tarifa 68 contida no Anexo 3 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia deberán ingresar nos meses de xaneiro e xullo o importe da débeda tributaria autoliquidada pola base impositiva correspondente a cadanseu semestre inmediato anterior.

5. Os suxeitos pasivos da taxa pola utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia obrigados a formular autoliquidación, deberán, con carácter xeral, ingresar o importe da débeda tributaria autoliquidada no prazo e polo período de liquidación, que non poderá ser superior a un ano, sinalados a continuación:

a) Os suxeitos pasivos da tarifa 01 contida no Anexo 5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo e período de liquidación que se determine no decreto polo que se estableza o tipo de gravame; en defecto de disposición expresa, no prazo e período de liquidación que se determine, en cada caso, mediante cláusula contida no prego de condicións do título habilitante da referida utilización privativa, ocupación ou

³ Artigo modificado pola Orde do 29 de decembro de 2011 (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

aproveitamento especial; en defecto de cláusula, a autoliquidación será semestral e ingresarase para cada semestre natural nos seus vinte primeiros días naturais, salvo no primeiro ano no que se aplicarán as seguintes regras: se a notificación do título se realizara con posterioridade ao 31 de maio a autoliquidación dese ano, que será única, se ingresará nos vinte primeiros días naturais do mes de xullo; se a notificación se realizara dentro dos cinco primeiros meses naturais do ano, a autoliquidación correspondente ao primeiro semestre ingresarase no prazo dun mes a contar dende a data da notificación e a correspondente ao segundo semestre, nos vinte primeiros días naturais do mes de xullo.

b) Os suxeitos pasivos da tarifa 05 contida no Anexo 5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia ingresarán o importe da débeda tributaria da autoliquidación, que será anual, nos vinte primeiros días naturais do mes de xaneiro, salvo no primeiro ano no que o ingreso producírase no prazo dun mes a contar dende a data da notificación do título habilitante.

c) Os suxeitos pasivos do resto de tarifas, ingresarán o importe da débeda tributaria da autoliquidación no prazo e período de liquidación que se determine, en cada caso, mediante cláusula contida no prego de condicións do título habilitante da referida utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial; en defecto de cláusula, seguiranse as seguintes regras:

c.1) cando a débeda tributaria poida determinarse ao principio de cada ano, a autoliquidación será semestral e ingresarase para cada semestre natural nos seus vinte primeiros días naturais, salvo no primeiro ano no que se aplicarán as seguintes regras: se a notificación do título se realizara con posterioridade ao 31 de maio a autoliquidación dese ano, que será única, ingresarse no prazo dun mes a contar dende a data da notificación; se a notificación se realizara con anterioridade a esa data, a autoliquidación correspondente ao primeiro semestre ingresarase no prazo dun mes a contar dende a data da notificación e a correspondente ao segundo semestre, nos vinte primeiros días naturais do mes de xullo.

c.2) cando a débeda tributaria deba determinarse segundo a actividade realizada, o período de liquidación será trimestral e o prazo de ingreso será os vinte primeiros días naturais dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro respecto á actividade desenvolvida no trimestre natural inmediato anterior.

Artigo 3.- Sen prexuízo do disposto no último parágrafo deste artigo para aquelas taxas que, conforme ó artigo 6º do Decreto 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan as normas para a xestión, liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, resulte aplicable o procedemento de autoliquidación, apróbase o modelo de impreso que figura no anexo I da presente orde.

Dito modelo constará dun exemplar para o interesado, outro para a entidade financeira e o resto para a Administración.

O impreso de autoliquidación será facilitado polos servizos administrativos, organismos autónomos ou entes xestores da correspondente taxa, os cales informarán ó solicitante sobre os números que debe consignar nos espazos reservados ós códigos da consellería, delegación e servizo e clave da taxa, conforme ás relacións que figuran como anexo V e VI da presente orde. As entidades financeiras autorizadas para a recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, que subscriban o convenio de colaboración na xestión da renovación de licencias de caza e pesca, poderán solicitar autorización para o emprego dun xustificante do pago da taxa, que substituirá o modelo de autoliquidación.⁴

O modelo de autoliquidación da taxa esixible pola inscrición nas convocatorias para a selección de persoal da Comunidade Autónoma, artigo 18, número 03 do Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril⁵, axustarase ó que establece a correspondente orde da convocatoria.

Artigo 4.⁶-

1.- Con carácter xeral, o suxeito pasivo, unha vez ingresada a débeda tributaria correspondente e con anterioridade á prestación do servizo solicitado, deberá presentarlle ao servizo xestor, o exemplar para a Administración, dentro dos dez días seguintes á terminación de cada un dos prazos de ingreso nos supostos aos que se refire o artigo 2.1.

2. Nos supostos aos que se refire o artigo 2.2, a entidade financeira colaboradora na recadación das taxas e prezos, no momento no que o suxeito pasivo efectúe o ingreso da autoliquidación recollerá, ademais do exemplar a ela destinado, o exemplar para a administración, debendo remitilo ao órgano xestor nos prazos previstos no regulamento xeral de recadación aos que se remite o artigo 7 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 29 de xuño de 1994, pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Os suxeitos pasivos das taxas contempladas no resto de apartados do artigo 2, deberán presentar, unha vez ingresada a débeda tributaria correspondente, ante o servizo xestor o exemplar para a Administración, nos prazos establecidos para o ingreso da autoliquidación.

⁴ Segundo a redacción que da a este parágrafo terceiro o artigo 1.3 da Orde do 24 de marzo de 1998 citada anteriormente 1.3 (DOG nº 68, do 9 de abril de 1998).

⁵ A referencia entenderase feita ó apartado 03 do anexo 1 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

⁶ Artigo modificado pola Orde do 29 de decembro de 2011 (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011)

4. Ademais, no caso da tarifa 08 contida no Anexo 2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, os suxeitos pasivos presentarán ante o servizo xestor da mesma e xunto á autoliquidación o modelo que figura como anexo II da presente orde.

CAPÍTULO II

Utilización de efectos timbrados.

Artigo 5.- Para os efectos previstos no artigo 13.3 do Decreto 172/1992, do 26 de xuño, e para o pago de taxas esixibles polos servizos administrativos de compulsa de documentos e verificación de suficiencia de poderes e documentos acreditativos de lexitimación, autorízase a utilización de efectos timbrados coa forma, valor e demais características que figuran no anexo III desta orde.

Artigo 6.- Pola Dirección Xeral de Tributos⁷ emitíranse os efectos timbrados que procedan para cada unha de ditas taxas.

CAPÍTULO III

Xestión do pagamento mediante efectos timbrados.

Artigo 7.- Os habilitados responsables dos fondos públicos nos servizos centrais das distintas consellerías solicitarán da Dirección Xeral de Tributos⁸ os selos de cada clase que necesiten para a prestación dos servizos gravados polas distintas taxas, sendo responsables da custodia e recadación.⁹

Artigo 8.- Os secretarios ou funcionarios que substitúan nos servizos territoriais das distintas consellerías, deberán solicitar dos servizos da Tesoureira da Delegación da Consellería de Economía e Facenda correspondente á capital da provincia os selos de cada clase necesarios para prestar os servizos gravados por ditas taxas sendo responsables da súa custodia e recadación.

Artigo 9.- Coa periodicidade que se crea oportuno e, se é o caso como mínimo unha vez ó mes, os responsables de recadación, utilizando o modelo que acompaña como anexo IV a esta orde, procederán ó ingreso do importe recadado en calquera das entidades financeiras que en dito modelo se especifican; o mencionado modelo constará de tres exemplares..

Artigo 10.- Polas distintas unidades prestadoras do servizo, e unha vez realizado este, procederase a inhabilitar os efectos timbrados.

⁷ De acordo co artigo 1.4 da Orde do 24 de marzo de 1998 (DOG nº 68, do 9 de abril de 1998)

⁸ De acordo co artigo 1.4 da Orde do 24 de marzo de 1998 (DOG nº 68, do 9 de abril de 1998).

⁹ Modificado por Orde do 31 de maio de 1995 (DOG nº 127, do 4 de xullo de 1995)

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No ámbito das súas competencias autorízase á Dirección Xeral de Tributos, á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro e a Intervención Xeral a ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación da presente orde.

Así, mesmo autorízase á Dirección Xeral de Tributos a actualizar os anexos V, VI y VII.¹⁰

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.


Santiago de Compostela a 30 de xuño de 1992

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Hacienda.

¹⁰ Parágrafo engadido pola Orde do 24 de marzo de 1998 (DOG nº 68, do 9 de abril de 1998).

ANEXO I¹¹ TAXAS AUTOLIQUIDACIÓN

EXEMPLAR PARA O INTERESADO

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA	TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Lei 6/2003, do 9 de decembro Decreto 61/2005, do 7 de abril AUTOLIQUIDACIÓN	Modelo A EUROS		
A-.....				
CÓDIGOS	Consellería de	Código:	<input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/>	
	Delegación de	Código:	<input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/>	
	Servizo de	Código:	<input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/>	
	Taxa: denominación:.....	Código:	<input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/>	
			<input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/> <input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/> <input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/> <input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/> <input style="width: 20px; height: 20px;" type="text"/>	
SUJEITO PASIVO	NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		
	VÍA PÚBLICA	NÚMERO	ESCAL.	PISO
	CONCELLO	PROVINCIA	PORTA	TELÉFONO
				CÓDIGO POSTAL
LIQUIDACIÓN	BASE DE CALCULO OU BASE IM- POÑIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR	
			TOTAL <input style="width: 50px; height: 20px;" type="text"/>	
..... a de de 20..... Sinatura do declarante ou representante legal				
Selo		Data		Número
IMPORTANTE: O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.				

¹¹ Modelo de autoliquidación substituídos a tódolos efectos polo modelo A. Taxas. Autoliquidación en euros, aprobado pola Disposición Adicional Quinta da orde da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2001 e que figura no seu anexo VIII (DOG nº 242, do 17 de decembro de 2001).

ANEXO II ¹²

• INSPECCIÓN E CONTROL SANITARIO OFICIAL DE CARNES FRESCAS E CARNES DE COELLO E CAZA • DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA				
PERÍODO		Trimestre	ANO	
				Nº Autoliquidación á que corresponde esta declaración
				Recoñecemento do beneficio fiscal rogado
				A-
				Nº
				Data

1. IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

Nome ou razón social	NIF
Domicilio	Código Postal
Concello	Provincia

2. CÁLCULO DA TAXA

2.1 SACRIFICIO DE ANIMAIS				
Especie		Unidades	Tipo de gravame (€/animal)	Cota tributaria
Carne de vacún	Vacúns pesados (máis de 218 kg/canal)			
	Vacúns novos (menos de 218 kg/canal)			
Solípedos-équidos				
Carne de porcino	Animais de 25 ou máis kg de peso por canal			
	Animais de menos de 25 kg de peso por canal			
Carne de ovino, caprino e outros ruminantes	Animais de 12 kg ou máis de peso por canal			

¹² Modelo substituído polo modelo da declaración complementaria da taxa pola inspección e control sanitario oficial de carnes frescas e carnes de coello e caza, aprobado pola Orde da Consellería de Facenda do 29 de decembro de 2011 (DOG nº 249, do 30 de decembro de 2011), e afectado polo disposto nas súa disposición transitoria primeira: "O modelo de declaración complementaria que se substitúe por esta orde, seguirá tendo vixencia para o cumprimento das obrigas tributarias referidas ás actuacións gravadas que se realicen ata o 31 de decembro de 2011, debendo ser empregado en consecuencia, xunto coas autoliquidacións que se refiran aos feitos impositivos acaecidos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012" e na súa disposición derradeira única: "...No entanto, o modelo que figura no Anexo desta orde deberá empregarse a partir do 1 de abril de 2012 e presentarse conxuntamente coas autoliquidacións que se refiran aos feitos impositivos realizados dende o 1 de xaneiro de 2012"

	Animais de menos de 12 kg de peso por canal			
Subtotal				a
Carne de aves e coellos	Ratites			
	Aves do xénero Gallus e pintadas			
	Patos e ocas			
	Pavos			
	Coello de granxa			
Subtotal				b
Total sacrificio de animais (a+b)				01
2.1.1. DEDUCIÓN S				
- Deducións por sistemas de autocontrol avaliados : 35% ou 45% da cota (segundo proceda)				02A
- Deducións por actividade planificada e estable:((02.B.1+02.B.2 (a que proceda das 4))				02B
- Sistema de planificación e programación: 15% da cota				02.B.1
- Horario laboral regular e diúrno: 15% de a				02.B.2
- Horario laboral regular e diúrno: 5% de b				02.B.2
- Horario regular da Administración: 20% de a				02.B.2
- Horario regular da Administración: 5% de b				02.B.2
- Deducións pola inspección ante-mortem na explotación: 10% da cota				02C
- Deducións pola aplicación de medidas de protección do benestar animal: 5% da cota				02D
Total deducións (02A+02B+02C+02D)				02
Total sacrificio de animais (01-02)				03
2.2 OPERACIÓN S DE DESPEZAMENTO				
	Especie	Tm.	Tipo de gravame (€/Tm)	Cota tributaria
	Vacún, solípedos-équidos, porcino, ovino, caprino e outros ruminantes			
	Aves e coellos de granxa			
	Caza silvestre e de cría:			
	- caza menor de pluma e pelo			
	- ratites (avestruz, emú, ñandú)			
	- verróns e ruminantes			
Total operacións despezamento				04
2.2.1. DEDUCIÓN S				
- Deducións por sistemas de autocontrol implantados e avaliados : 50% da cota				05
Total deducións				05

Total operacións despezamento (04-05)			06
2.3 OPERACIÓNS NAS INSTALACIÓNS DE TRANSFORMACIÓN DE CAZA			
Especie	Unidades	Tipo de gravame (€/animal)	Cota tributaria
<i>Caza menor de pluma</i>			
<i>Caza menor de pelo</i>			
<i>Ratites</i>			
Subtotal			c
Mamíferos terrestres:			
- <i>verróns</i>			
- <i>ruminantes</i>			
Subtotal			d
Total operacións caza (c+d)			07
2.3.1. DEDUCIÓN			
- Deducións por sistemas de autocontrol avaliados : 35% ou 45% da cota (segundo proceda)			08A
- Deducións por actividade planificada e estable: ((08B.1+08B.2 (a que proceda das 4))			08B
- <i>Sistema de planificación e programa: 15%</i>			08.B.1
- <i>Horario laboral regular e diúrno: 15% de d</i>			08.B.2
- <i>Horario laboral regular e diúrno: 5% de c</i>			08.B.2
- <i>Horario regular da Administración: 20% de d</i>			08.B.2
- <i>Horario regular da Administración: 5% de c</i>			08.B.2
- Deducións pola inspección ante-mortem na explotación:: 10% da cota			08C
- Deducións pola aplicación de medidas de protección do benestar animal: 5% da cota			08D
Total deducións (08A+08B+08C+08D)			08
Total operacións caza (07-08)			09
TOTAL COTA TRIBUTARIA (suma casiñas 03+06+09)			10

A INGRESAR	
-------------------	--


ANEXO III¹³



¹³ Efectos timbrados substituídos a todos os efectos con valor facial en euros, aprobados pola Disposición Adicional Séptima da orde da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2001, e que figuran no seu anexo X (DOG nº 242, do 17 de decembro de 2.001).

ANEXO IV¹⁴

DOCUMENTO DE INGRESO PARA EFECTOS TIMBRADOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
(Efectos timbrados)

Lei 6/2003, do 9 de decembro
Decreto 61/2005, do 7 de abril

DOCUMENTO DE INGRESO

Modelo

T

EUROS

T-.....

EXEMPLAR PARA A ADMINISTRACIÓN

CODIGOS	Consellería de	Código:	<input type="text"/>
	Delegación de	Código:	<input type="text"/>
	Servizo de	Código:	<input type="text"/>
VIGO			_____	
TOTAL SALDOS				

En _____, a _____ de _____ de _____

Sinaturas autorizadas entidade colaboradora

ORDE DO 23 DE AGOSTO DE 1995 POLA QUE SE REGULAN E FIXAN AS CONDICIÓN, MARCAS E DOCUMENTOS SANITARIOS PARA O TRASLADO E CIRCULACIÓN DE ANIMAIS; AS AUTORIZACIÓN A VETERINARIOS DE ENTIDADES ASOCIATIVAS DE GANDEIROS CON PROGRAMAS SANITARIOS COMÚNS PARA EXPEDIR AUTORIZACIÓN DE TRASLADO, ASÍ COMO O LIBRO-REXISTRO DE MOVEMENTOS E COMPRAVENDA DE GANDO.

O Decreto 355/1994, do 2 de decembro de 1994 (DOG nº 240 do 15 de decembro) regula o traslado de animais e aproba os modelos oficiais de autorización oficial de traslado, facultando para a súa expedición, ademais de os veterinarios oficiais de sanidade e produción animal, os veterinarios autorizados, sendo preciso establece-la forma e condicións que precisa a dita autorización.

A crecente organización e profesionalización do sector gandeiro e a progresiva dotación de técnicos responsables de programas comúns de loita, control e profilaxe das enfermidades animais, favorece que o persoal técnico poida asumir, co fin de manter e incrementa-lo status sanitario das explotacións e o fomento da calidade das súas producións, o control do movemento pecuario realizado desde e cara ás explotacións baixo a súa responsabilidade.

Ademais, para un efectivo control dos movementos de gando, co fin de acredita-la orixe dos animais e preserva-la calidade das producións, é preciso fixa-las marcas ou precintos que identifiquen os animais individual ou colectivamente, ligándoos á explotación de cría ou ceba.

Por último, por razóns de técnica normativa e para facilita-lo seu coñecemento e cumprimento por parte dos administrados, considerouse conveniente recoller nun só texto a normativa sobre a documentación para o transporte e circulación do gando e sobre as marcas e precintos que deben identifica-los animais.

Na súa virtude, de acordo co disposto no artigo 30.1º 3) do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta mailo seu presidente,

DISPOÑO:

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º

A documentación sanitaria necesaria para a circulación e transporte de animais nas súas distintas posibilidades será, sen prexuízo do establecido no artigo 10, a seguinte:

- a) Certificado internacional sanitario.
- b) Autorización sanitaria oficial de traslado de animais.
- c) Documento de acreditación sanitaria da explotación gandeira.
- e) Autorización de traslado ó matadoiro. (Conduce).
- f) Documento de traslado de animais.
- g) Informe do veterinario clínico para sacrificios de urxencia.

Artigo 2º

Enténdese por certificado internacional sanitario o expedido polos servizos veterinarios oficiais de sanidade e produción animal desta consellería, para amparalo movemento de animais que teñen como orixe unha explotación situada en Galicia e o destino é un dos Estados membros, conforme os modelos establecidos nas correspondentes directivas comunitarias.

Artigo 3º

A autorización sanitaria oficial de traslado é a expedida polos servizos veterinarios oficiais de sanidade e produción animal desta consellería, ou polos veterinarios autorizados coas condicións establecidas no capítulo II da presente orde. Esta autorización constitúe a documentación sanitaria que, con carácter básico xeral, deberá amparalo traslado e circulación de animais no ámbito do territorio español, cando os animais teñan como orixe unha explotación situada dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º

O documento oficial de cualificación sanitaria da explotación é o expedido polos servizos provinciais de sanidade e produción animal que acredita a situación sanitaria da corte, no que se atopan rexistrados os animais da dita explotación.

Este documento ampara unicamente o traslado de animais relacionados nel, e cando este se realice exclusivamente dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este documento poderá ser orixinal ou ben copia cotexada, da que quede constancia da súa autenticidade nas condicións e circunstancias contempladas no artigo 1 do Decreto 355/1994, do 2 de decembro de 1994, (DOG nº 240, do 15 de decembro).

Artigo 5º

A autorización de traslado ó matadoiro (Conduce) é o documento expedido polos veterinarios dos equipos de campo para os animais con destino ó matadoiro que foran diagnosticados positivos na campaña de saneamento gandeiro.

Artigo 6º

O documento de traslado de animais é o expedido polos gandeiros ou polos seus representantes legais para o gando que se desprace exclusivamente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, con destino a un cebadeiro, un matadoiro e/ou un mercado, de conformidade co establecido no capítulo III da presente orde.

Artigo 7º

O informe veterinario para sacrificios de urxencia é o emitido polo veterinario clínico nas condicións establecidas no artigo 11 do Decreto 355/1994.

Artigo 8º

Tódolos animais, partidas ou grupos, estarán debidamente identificados á saída da explotación, de acordo co establecido na presente orde e independentemente de cal sexa o seu destino. Irán en todo momento acompañados, segundo corresponda, por

un documento dos recollidos nos artigos anteriores que acredite a súa orixe e situación sanitaria.

Artigo 9º

A presenza de animais nunha explotación, feira, mercado, exposición ou pastos comunais, sen identificar e/ou sen a correspondente documentación sanitaria para a circulación e transporte de animais, implicará a sospeita de padecer enfermidade infecto-contaxiosa e, en consecuencia, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952, serán illados e inmovilizados.

O gasto que orixine o illamento e inmovilización será por conta dos donos ou responsables do gando.

Artigo 10º

Tódolos operadores comerciais e/ou transportistas de gando autorizados e rexistrados para exercer-lo comercio e/ou transporte pecuario nesta Comunidade Autónoma, segundo o establecido na lexislación vixente, están obrigados a posuír e dilixencia-lo libro-rexistro de movementos e compravenda de gando, segundo o modelo que figura no anexo C, así como a indicación dos datos en cada operación de compravenda ou traslado cos datos correspondentes á explotación de orixe, identificación do animal e explotación de destino. A non indicacións dos datos constitúe infracción do disposto na normativa vixente de epizootias.

Para tódolos efectos será necesario, para o traslado de animais dentro desta Comunidade Autónoma, que estes estean acompañados polo libro de compravenda e/ou transporte de gando e amparados, polo menos, por un dos documentos contemplados no artigo 1º. Este documento acompañará en todo momento o animal ou animais obxecto de traslado, quedando reflectido no libro de compravenda ou traslado.

Artigo 11º

As incidencias que se produzan como consecuencia de compravenda, nacemento ou morte de animais serán rexistradas no correspondente libro oficial de explotación ou de rexistro de movementos e compravenda de gando.

Capítulo II

Dos veterinarios autorizados

Artigo 12º

Os veterinarios responsables de empresas integradas no sector produtor de animais, explotacións con cualificación sanitaria oficial, asociacións de gandeiros e agrupacións de defensa sanitaria, que teñan programas sanitarios comúns, poderán expedir a autorización sanitaria oficial de traslado de animais prevista no artigo 3º, sempre que exista relación contractual entre o veterinario e os gandeiros, logo de autorización da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, nas condicións que se regulan na presente orde e na autorización correspondente.

Artigo 13º

Os representantes legais e veterinarios das entidades asociativas que realicen un programa sanitario común aprobado pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias solicitarán conxuntamente a autorización correspondente e a entrega dos talonarios de autorización sanitaria oficial de traslado de animais.

A utilización dos talonarios, confección de documentos, etc. farase nas condicións establecidas no Decreto 355/1994 e na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 12 de decembro de 1994, (DOG nº 248, do 27 de decembro), pola que se fixa o procedemento de ingreso en período voluntario da taxa por servizos profesionais 31.07.04.

Coa solicitude dun novo talonario entregárase o xa utilizado que conteña a copia de tódolos documentos expedidos, incluídos os anulados.

O período de validez dos talonarios será de noventa días naturais, debendo ser renovado ó cumprir este prazo aínda que non foran utilizados tódolos impresos.

A autorización é persoal e indelegable. Se o solicitante da autorización ou veterinario autorizado foran substituídos, quedará anulada a dita autorización, e deberá presentarse unha nova solicitude.

Artigo 14º

A solicitude e documentación requirida segundo o modelo anexo A, para que sexan autorizados os veterinarios de entidades asociativas de gandeiros con programas sanitarios comúns para a expedición de autorizacións de traslado de animais, será presentada na oficina da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes máis próxima ó seu domicilio, a cal, para a súa remisión á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, deberá contar cos informes favorables do xefe da área local veterinaria e do servizo provincial de sanidade e produción animal.

Artigo 15º

Os veterinarios autorizados expedirán a autorización sanitaria de traslado de animais, segundo modelo anexo B, unicamente a solicitude do gandeiro. O gandeiro, mediante escrito, poderá delega-la solicitude nun operador comercial, e exclusivamente para os animais da súa propiedade incluídos na entidade asociativa con programa sanitario común na que como técnicos presten os seus servizos.

Os veterinarios autorizados non poderán expedir autorizacións sanitarias oficiais de traslado daqueles animais que sexan propiedade de persoas físicas o xurídicas dedicadas ou relacionadas co comercio de animais sen vinculación fixa, permanente e total coa produción de animais, ou se estes non pertencen ás explotacións incluídas na entidade asociativa con programa sanitario común.

Artigo 16º

Os veterinarios autorizados para a expedición de autorizacións sanitarias oficiais de traslado de animais comprobarán previamente á expedición dunha autorización:

- a) Que a explotación estea cualificada sanitariamente.

- b) Que os animais das especies vacina, ovina, caprina ou porcina porten unha marca individual de identificación e no resto das especies se identifiquen os vehículos de transporte, contedores ou gaiolas mediante precinto ou etiqueta na que consten: as letras ES, o número de rexistro oficial da explotación de orixe e número de animais da partida ou partidas, segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 355/1994.

c) Que os animais estean rexistrados no libro de explotación e/ou compravenda correspondente e este se encontre actualizado.

d) Que a explotación cumpra axeitadamente o programa sanitario común aprobado.

e) Que os animais de reposición procedan de explotacións cualificadas sanitariamente, estean debidamente identificados e que se realizara a notificación de incorporación ante os veterinarios oficiais de sanidade e produción animal da comarca onde se encontre a explotación.

f) Que a súa alimentación se realizara sen empregar produtos ou substancias prohibidas.

Artigo 17º

O veterinarios autorizados comunicaranlle mensualmente ó veterinario oficial de sanidade e produción animal da súa comarca, os movementos de animais realizados polos gandeiros pertencentes á entidade asociativa con programa sanitario común.

Artigo 18º

A autorización poderá ser limitada, suspendida ou modificada cando a situación zoonosanitaria supoña riscos para a sanidade animal e/ou a saúde pública.

A autorización quedará anulada se modifican as situacións e circunstancias que deron lugar á súa concesión ou existen indicios dun uso inadecuado.

Capítulo III

Dos documentos de traslado de animais

Artigo 19º

O documento de traslado de animais previsto no apartado f do artigo 1º e definido no artigo 6º desta orde, segundo o modelo que figura no anexo D, será formalizado na súa totalidade polo titular ou representante legal da explotación e exclusivamente para os seus animais, quen asumirá toda a responsabilidade sobre eles.

O documento de traslado de animais constará de tres exemplares. O orixinal acompañará a expedición de animais. O período de validez será o tempo que dure o traslado. A primeira copia quedará en poder do titular da explotación, quen deberá conservala, polo menos, durante os tres anos seguintes á súa expedición. A segunda copia conservarase no talonario e entregárase ó solicitar outro novo.

Artigo 20º

Os talonarios con documentos de traslado de animais, que terán un período de validez de seis meses, serán proporcionados polos servizos veterinarios oficiais de sanidade e produción animal da comarca de situación da explotación cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a explotación do gandeiro se encontre na lista de explotacións gandeiras do servizo provincial de sanidade e produción animal.
- b) Que estea en posesión do libro de explotación debidamente actualizado.
- c) Que os animais da explotación se encontren debidamente identificados, segundo corresponda, coas marcas previstas na presente orde.
- d) Que o gandeiro pertenza a unha asociación de defensa sanitaria (A.D.S.), outras agrupacións de gandeiros con programas sanitarios comúns, ou que teña a explotación cualificada sanitariamente.

O titular ou representante legal comprométese a comunicar calquera anomalía sanitaria que se presente nos animais da súa explotación no período de validez do talonario.

Artigo 21º

O gandeiro ou representante legal que posúa documentos de traslado de animais será en todo momento responsable do bo uso daqueles, debendo comunicarlles inmediatamente ós servizos veterinarios oficiais de sanidade e produción animal da súa comarca a perda, alteración, subtracción ou calquera incidencia ocorrida en relación con eles.

Non poderá retirarse un novo talonario se non se entrega o anterior con tódolos datos correspondentes ós traslados realizados debidamente indicados, no que se encontren tódalas segundas copias a que se refire o parágrafo 2º do artigo 19.

Artigo 22º

Non se proporcionarán talonarios con documentos de traslado de animais ás persoas físicas ou xurídicas dedicadas ou relacionadas co comercio pecuario sen vinculación fixa, permanente e total coa produción de animais, os cales, para o movemento de cada partida, deberán utiliza-la documentación correspondente que lles sexa facilitada na explotación ou explotacións de orixe dos animais.

Artigo 23º

Para o traslado de cada animal ou partida de animais, o gandeiro autorizado ou o seu representante legal cubrirán un único documento de traslado de animais.

Artigo 24º

Non obstante o disposto no artigo anterior, o gandeiro autorizado ou o seu representante legal non poderán ampara-lo traslado dos seus animais nos seguintes casos:

- a) Cando se observe algunha anomalía sanitaria nos animais da súa explotación.
- b) Cando existan restriccións ó movemento pecuario na súa explotación ou na área xeográfica na que se encontra a explotación.
- c) Cando se trate do traslado de animais con orixe nun mercado, feira, exposición ou concurso gandeiro e destino a unha feira, exposición ou concurso gandeiro.

Cando as circunstancias epizootiolóxicas o aconsellen, poderá prohibirse a utilización de documento de traslado de animais; neste caso, os gandeiros estarán obrigados á devolución dos documentos non utilizados, en tanto se manteñan tales circunstancias.

Artigo 25º

Queda prohibida a cesión de documentos de traslado de animais a explotacións distintas ás autorizadas, así como ampara-lo movemento de animais non incluídos ou rexistrados na explotación autorizada.

Capítulo IV

Das marcas de identificación

Artigo 26º

As marcas auriculares de identificación serán colocadas antes de que os animais abandonen a explotación de nacemento, segundo as condicións seguintes:

1.-Especie bovina.

Os animais desta especie serán identificados na explotación de nacemento, segundo o establecido no Real decreto 225/1994 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 14 de febreiro (BOE nº 55) coas marcas oficialmente aprobadas.

Nas explotacións sometidas a programas sanitarios oficiais, a identificación dos animais levarase a cabo no momento de realizarse a primeira intervención sanitaria oficial.

2.-Especie ovina e caprina.

a) Reproductores.

A identificación dos animais desta especie destinados á reprodución realizarase nas mesmas condicións que no gando bovino coa marca auricular oficial aprobada por Orde do 19 de febreiro de 1991 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (BOE nº 46) para esta especie.

b) Animais para ceba ou matadoiro de menos de seis meses.

Os animais nados en rabaños de produción que teñan como destino un mercado, unha explotación de ceba ou un matadoiro, identificaranse antes da súa saída da explotación cunha marca auricular segundo modelo anexo E, na que constará, polo menos, o nº de rexistro da explotación e as letras ES.

3.-Especie porcina.

Os animais pertencentes a esta especie serán identificados inescusablemente antes de abandona-la explotación de nacemento, nas condicións establecidas no Real

decreto 225/1994 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 14 de febreiro (BOE nº 55).

Se a ceba e sacrificio se producen en Galicia, a identificación de animais de ceba que non se identificaran anteriormente poderá realizarse mediante punzonado no momento de realiza-lo traslado directamente ó matadoiro.

4.-Aves, coellos, animais de peletería e outros.

A identificación realizarase no momento do traslado mediante etiquetas autoadhesivas ou precintos, segundo anexo F, que identifiquen a explotación de orixe. Esta identificación poderá ser realizada por grupos ou expedicións de animais, segundo o contemplado no artigo 7 do Decreto 355.

Artigo 27º

Queda prohibida a cesión de marcas, precintos ou outros materiais de identificación asignadas a unha explotación concreta.

A perda, subtracción ou deterioración seralles comunicada ós servizos veterinarios oficiais de sanidade e produción animal para a súa anulación ou destrución.

O incumprimento do establecido neste artigo dará lugar á esixencia das responsabilidades correspondentes.

Disposicións adicionais.

Primeira.

Os controis en relación co movemento de animais poderán ser realizados pola autoridade competente, cando se considere oportuno, tanto en orixe, tránsito ou en destino.

Tódalas persoas, tanto físicas coma xurídicas, relacionadas coa orixe, tránsito ou destino dos animais trasladados, están obrigadas a presta-la colaboración que lles sexa requirida.

Segunda.

As infraccións serán sancionadas de conformidade co establecido na Lei de epizootias do 20 de decembro de 1952 e o Regulamento de epizootias do 4 de febreiro de 1955, no seu capítulo XXII, actualizado polo Real decreto 1665/1976, do 7 de marzo e de acordo cos principios do procedemento sancionador establecido pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións derradeiras.

Primeira.-

Facultase o director xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias para dita-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e mellor cumprimento da presente orde.

Segunda.-

A presente orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 1995.

Tomás Pérez Vidal

Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO A



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

PROCEDEMENTO: AUTORIZACIÓN DE VETERINARIO PARA EXPEDICIÓN DE AUTORIZACIÓN DE TRASLADO DE ANIMAIS	ESTADO DE PROCEDIMENTO: AG534F	DOCUMENTO: SOLICITUDE ALTA/BAIXA
--	--	--

DATOS DA ENTIDADE

EMPRESA - ENTIDADE		C/I	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO	FAX

DATOS DO SOLICITANTE EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE

APLIDO		NOME		DIR
ENDEREZO		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO	FAX	

DATOS DO VETERINARIO RESPONSABLE

APLIDO		NOME		DIR
ENDEREZO DA ENTIDADE		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELEFONO	FAX	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/>	ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE
<input type="checkbox"/>	RELACION NOMINAL DE SOCIOS EN EXPLOTACIÓN INTEGRADAS
<input type="checkbox"/>	CONTRATO DO VETERINARIO RESPONSABLE
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN XURADA DE EXCLUSIVIDADE DO VETERINARIO RESPONSABLE, SE E O CASO

O abaixo asinante,

SOLICITA:

Que lle sexa concedida a autorización para expedir autorizacións de traslado de animais pertencentes a explotacións integradas nas ADS.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Directiva 92/102/CEE</i> <i>Real decreto 225, do 14 de febreiro de 1994</i> <i>Decreto 355, do 2 de decembro de 1994</i>
ASINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOAL QUE O REPRESENTA de de 199

(Para cubrir pola Administración)		NUMERO DE EXPEDIENTE
RECEBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E VALIDADO		DATA DE EFECTIVO / /
		DATA DE SAÍDA / /

Sr. Conselleiro de Gandería e Montes

ANEXO B

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Agricultura,
Gandería e Montes

GUIA DE ORIJE E SANIDADE PECUARIA

ESPECIE GANDEIRA A TRANSPORTAR (1)
Bovino Ovinos Caprinos Porcinos Outros

N.º: _____ Serie: _____

D./Da Con DNI
na súa calidade de titular/responsable ou tratante (2) da explotación gandeira, co N.º de rexistro e cualificación sanitaria (3)
a situada na localidade de concello de la provincia de

DECLARA BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE O SEGUINTE
1º.-Que ningún dos animais integrantes do mesmo presenta, ó inicio deste traslado nin nas últimas 48 horas, sinal ningún de enfermidade.
2º.-Que trasladará os animais abaixo sinalados con DESTINO
A explotación gandeira de D.
Ó mercado de gandos de
Concello de provincia de
En O lugar/reservable (2) de de 1997.
Asdo.:

ANIMAIS					
CANTIDADE (en letra)	CANTIDADE (en número)	IDADE	RAZA	SEXO	IDENTIFICACION (4)

D./Da CONDUCTORA do vehículo matriculado
comprométeme a transportar nesta data os animais amparados neste documento desde a explotación de orixe ó destino que figura nel, logo do lavado e desinfección do vehículo.
En de de 1997.
Asinado:
DNI nº

AUTORIZACIÓN SANITARIA DE TRASLADO

D./Da veterinario/a autorizado/a nº de
DECLARA: Que a explotación con número se atopa baixo control veterinario, non existindo no concello ningunha enfermidade infecciosa que incida a expedición dos animais mencionados.
En de de 1997.
O VETERINARIO AUTORIZADO
Asido:
DNI:

(1) Foller unha ou máis proceda.
(2) Foller un que non proceda.
(3) Són cualificación sanitaria de a que corresponde.
(4) Marca oficial de identificación, emol ou labare.
Os espazos non cubertos multilíneamente con liñas contínuas.

EXEMPLAR QUE ACOMPAÑA A EXPEDICIÓN

ANEXO C

Modelo de libro-rexistro de movemento e compravenda de gando

- Folla nº 1: INSTRUCCIÓNS

- Folla nº 2: DILIXENCIA para facer constar que o presente libro-rexistro de movemento de animais consta de 100 follas e pertence a D..... nº de rexistro do rexistro de tratantes/transportistas de gando, quedando adscrito ó vehículo con matrícula..... autorizado para o transporte de gando.

En de de 1997

O
Asdo.:

- Follas seguintes: Levarán os seguintes datos:

- Número de animais
- Especie
- Data
- Número de identificación
 - Nome e apelidos
 - CEA ou DNI
- Explotación de orixe
 - Concello
 - Provincia
 - Nome e apelidos
 - CEA ou DNI
- Explotación de destino
 - Concello
 - Provincia
- Espacio reservado para a autoridade

ANEXO D

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Agricultura,
Gandería e Montes

Serie N.º

Documentación oficial para traslado de gando
A sobre explotacións de explotacións de
Explotacións Agrícolas de Galicia en explotacións
ganaderas ovinas.

DOCUMENTO DE TRASLADO DE ANIMALES

ESPECIE GANDEIRA A TRANSPORTAR (1)
Ovino Caprino Poroano Outros

D./Dña. Con DNI
na súa calidade de titular responsable ou tratante (2) da explotación gandeira co N.º de rexistro
e cualificación sanitaria (3)
e situada na localidade de concello
de provincia de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE O SEGUINTE:
1º.-Que ningún dos animais integrantes da mesma presenta, ó inicio deste traslado nin nas últimas 48 horas,
nen ningún de enfermidade
2º.-Que trasladará os animais abaixo sinalados con DESTINO:
A explotación gandeira de D.
O mercado de gando de
O matadoiro de provincia de

ANIMALES				
CANTIDADE (en letras)	CANTIDADE (en número)	IDADE	RAZA	SEXO

IDENTIFICACIÓN

En de de 199...
O titular / responsable (2)
Asíso:

D./Dña. con DNI
CONDUCTOR/A do vehículo matriculado comprométeme a transportar nesta data os animais
amparados neste documento desde a explotación de orixe ó destino que figura no mesmo, logo do lavado e
desinfección do vehículo.
En de de 199...
Firma

Documento válido para o día da expedición.
Este documento carece de validez se
contén correccións, riscaduras ou
emendas.



EXEMPLAR QUE ACOMPAÑA A EXPEDICIÓN

ANEXO E

Marca auricular para identificación de gando ovino e caprino para ceba ou sacrificio de animais de menos de 6 meses.

Descrición:

Marca auricular de plástico flexible non elástico, cor marela, coa forma e tamaño do debuxo. Consta de dúas pezas, macho e femia. Ambas irán gravadas con láser ou tinta indeleble cos caracteres indicados no artigo 26.2 e segundo debuxo.



O número-rexistro está constituído por:
XX corresponde á provincia
XXX corresponde ó concello
XXXX corresponde ó n.º de explotación

ANEXO F

Etiquetas ou precintos para aves, coellos, animais de peletería e outros.

Nome ou razón social	
Nº de rexistro	
Nº de animais e especie	
Destino	
	Etiqueta nº

Nome ou razón social	
Nº de rexistro	
Nº de animais e especie	
Destino	
Precinto nº	

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 21 de xuño de 1995 pola que se aproba a transformación e clasificación definitiva, no nivel de educación primaria, do centro privado Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela, do que se relacionan os demais datos no anexo.

Examinado o expediente incoado pola titularidade do centro privado Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela, en solicitude de transformación e clasificación definitiva, para o nivel de educación primaria no dito centro.

Resultando que o devandito centro privado obtivo, por orde ministerial do 19 de abril de 1975, a clasificación condicionada para 24 unidades de educación xeral básica.

Vistos a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo(BOE do 4), o Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitaria (BOE do 26), o Decreto 133/1995, do 10 de maio, (DOG do 22) e demais disposicións complementarias.

Considerando que o centro que se expresa, á vista dos informes emitidos pola Unidade Técnica de Construcións, Oficina de Supervisión de Proxectos e Ins-

pección de Educación da Delegación Provincial de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña e de acordo coas disposicións vixentes na materia, acreditedo cumprí-los requisitos establecidos para o efecto. Esta consellería,

DISPÓN:

Autoriza-la transformación e clasificación definitiva, para o nivel de educación primaria, no centro privado que se relaciona no anexo da presente orde.

Excepcionalmente, e en tanto en canto non se extingan as ensinanzas de educación xeral básica, o centro poderá seguir impartindo as ditas ensinanzas.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 1995.

Juan Piñeiro Permuy
Conse lleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia da Coruña.
Concello: Santiago de Compostela.
Localidade: Santiago de Compostela.
Enderezo: San Pedro de Mezonzo, 27.
Denominación: Manuel Peleteiro.
Titular: *Herodens de Manuel Peleteiro, S.C.*
Nivel: educación primaria.
Transformación e clasificación definitiva para 25 unidades de educación primaria

TAXAS

DECRETO 118/2010, DO 17 DE XUÑO, POLO QUE SE FIXA O TIPO DE GRAVAME APLICABLE NAS CONCESIÓNS POR OCUPACIÓN DE BENS DEMANIAIS ADSCRITOS Á CONSELLERÍA DE FACENDA E AFECTOS A DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS, CON DESTINO Á PRESTACIÓN DUN SERVIZO PÚBLICO OU DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS DE TERCEIROS.

A Consellería de Facenda ten adscritos inmobles de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia sobre os que ten atribuídas facultades de xestión, administración, conservación e disposición.

As consellerías que teñen adscritos inmobles de natureza demanial poden outorgar licenzas, autorizacións e permisos de ocupación temporal, correspondendo ao Consello da Xunta o outorgamento das concesións demaniais, por proposta destes departamentos.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia creou a taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma.

O anexo nº 5 da anterior norma xurídica establece que con carácter xeral, e salvo que exista tarifa específica, a contía da taxa que se debe satisfacer será a que se fixe por decreto, por proposta da consellería a que estea adscrito o elemento obxecto de concesión e logo do informe favorable da consellería competente en materia de facenda, e determinarase pola aplicación dunha porcentaxe mínima do 2% e máxima do 6% sobre o valor de mercado. Para estes efectos, tomarase como valor de mercado o valor actualizado do ben segundo o Inventario xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a superficie ocupada e a súa situación no inmovible, de ser o caso.

Dado que os posibles destinatarios destas concesións serían fundamentalmente entidades públicas, que prestan un servizo público aos cidadáns, preténdese establecer o tipo de gravame mínimo fixado na Lei 6/2003, do 9 de decembro.

Na súa virtude, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Facenda, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezasete de xuño de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo 1º O tipo de gravame que será de aplicación nas concesións de dominio público de inmobles adscritos á Consellería de Facenda queda fixado nun 2%, cando o destino do ben sexa ser empregado como dependencias administrativas ou para a prestación de servizos públicos de terceiros.

Artigo 2º A taxa anual deberá ingresarse mediante autoliquidación do suxeito pasivo nos prazos que se establezan no título outorgante.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dezasete de xuño de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

PREZOS PÚBLICOS

**CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS.
Tarifas de prezos de ensaios de laboratorios de control de calidade**

**CONSELLERIA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
DOMINGO Galicia 25 setembro 1989, núm. 184, [páx. 4411]**

1º. Autorízase ao Conselleiro de Ordenación del Territorio e Obras Públicas a ditar as normas que foran precisas para a execución do disposto no presente Decreto.

2º. O presente Decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

**RELACIÓN DE TARIFAS DOS LABORATORIOS DE CONTROL DE CALIDADE
DA CONSELLERIA DE ORDENACION DO TERRITORIO E OBRAS PUBLICAS**

NORMAS XERAIS

1. O prezo establecido para cada tarefa supón a execución destas polo laboratorio de acordo coa norma específica ou co método de boa práctica que se fixe.

2. A petición expresa do interesado, poderase considerar a posibilidade de efectuar ensaios segundo outra Norma que se conveña, quedando reflectida tal circunstancia no certificado de ensaio.

3. Os ensaios en cuxo prezo figuren os signos S.P. (segundo presuposto) efectuaranse de acordo cun presuposto previamente elaborado polo laboratorio e aceptado polo petionario. Nos que figure S.C. (segundo convenio) efectuaranse nos termos do correspondente convenio.

4. Cando o traballo a realizar non figure na relación de tarifas aplicarase o prezo fixado por aquel outro que sexa similar, e en caso de non existir, se elaborase presuposto previo que deberá ser aceptado polo petionario.

5. Aquelas mostras de material que requiran para ser ensaiadas mecanizado, montaxe ou outros traballos específicos, non serán aceptadas polo laboratorio nin rexistradas como recibidas ata que, realizados a cargo do petionario os traballos pertinentes, se encontren en condicións de ensaio.

6. En caso de ensaios de control de calidade, os materiais a ensaiar serán mostrados por persoal do laboratorio. Naqueles traballos en que non se Solicite expresamente que a toma de mostras sexa realizada por persoal do laboratorio, os materiais a ensaiar deberán ser entregados neste, libres de gastos e debidamente identificados.

7. Os encargos formularanse por escrito o xefe do laboratorio.

8. Cada encargo de traballo constitúe un expediente distinto, salvo no caso de traballos de colaboración de asistencia continuada nos que poderán agruparse varios conxuntos de traballos dentro do seu prazo de vixencia.

9. Os resultados de cada expediente se dar darán nun só documento orixinal con páxinas numeradas, cuxa publicación por parte do petionario a terceiras persoas non poderá facerse parcialmente.

Os resultados parciais que poidan adiantarse ao petionario durante a realización do traballo, non poderán publicarse, servindo soamente de información provisional.

10. Estarán obrigados ao pagamento resultante da aplicación das tarifas as persoas naturais ou xurídicas, ás cales se presten os servizos.

RELACION DE ENSAIOS DE LABORATORIO

0. GASTOS ADMINISTRATIVOS

		Pesetas
0.1.	Apertura e despacho de expediente	1.000
0.2.	Elevación de documentos a certificado:	
	Cada certificado	
	(A solicitude deberá ser formulada por escrito)	1.000
0.3.	Emisión de copias extras ou duplicados de documentos en expedientes en tramitación.	
	Prezo por páxina	15
0.4.	Realización de duplicado de documentos en expedientes xa pechados.	
	Prezo por cada dez páxinas	500
	Por cada copia dunha páxina máis	20
0.5.	Informe de Cumprimento de Control	5.000
0.6.	Visado de programa de Control:	
	Ata vinte vivendas	1.000
	Máis de vinte vivendas	3.000
INSPECCION DE LABORATORIOS HOMOLOGADOS		
0.7.	Visita de inspección laboratorio homologado:	
	Nunha clase	30.000
	En dúas clases	40.000
	En tres clases	50.000
0.8.	Por seguimento, inspección e xestión do control de calidade das vivendas de promoción pública. Do presuposto de control	3 %

1. ACEIROS PARA ESTRUTURAS

		Pesetas
ENSAIOS DE LABORATORIO		
	Redondos de armar	
1.1.	Tracción, incluíndo: Sección media equivalente, carga de rotura, límite elástico, e alongamento de rotura. U.N.E. 36088 ou U.N.E. 36097. Unha probeta	4.250
1.2.	Dobrado simple. U.N.E. 36088 ou U.N.E. 36097: Unha probeta	1.250
1.3.	Dobrado-desdobrado.	

	U.N.E. 36088 ou U.N.E. 36097. Unha probeta	1.500
1.4.	Sección media equivalente. U.N.E. 36088 ou U.N.E. 36097. Unha probeta	1.000
1.5.	Características xeométricas (altura de corrugas, separación de corrugas, paso de hélice, e ángulo de inclinación de corrugas transversais). U.N.E. 36088. Unha probeta	4.000
1.6.	Características pondérrales (masa por metro lineal). U.N.E. 36088 e U.N.E. 36097. Unha probeta	500
	Mallas electrosoldar.	
1.7.	Despegue de barras. U.N.E. 36462. Unha probeta.	4.000
1.8.	Características xeométricas, incluíndo: Separacións entre elementos, lonxitude e anchura de panel, e lonxitude de salientes. U. N. E. 36092. Unha malla	4.000
	Perfís laminados.	
1.9.	Tracción. U.N.E. 36401. Unha probeta mecanizada polo Peticionario	3.750
1.10.	Dobrado simple. U.N.E. 7292. Unha probeta mecanizada polo Peticionario	2.000
1.11.	Dimensións e formas, incluíndo: alabeo, Unha probeta	1.100
TOMA DE MOSTRAS		
1.12.	Toma de mostras de barras de acero, mallas electrosoldar electrosoldar ou perfís laminados	(S.P.)

2. AUGAS

		Pesetas
ENSAIOS DE LABORATORIO		
2.1	Análise químico segundo EH-82, incluíndo: acidez, U.N.E. 7234; substancias solubles (cuantitativo). U.N.E. 7130; sulfatos (cuantitativo). U.N.E. 7131; cloruros (cuantitativo). U.N.E. 7178; hidratos de carbono (cualitativo). U.N.E. 7132; e aceites e graxas (cualitativo). U.N.E. 7235 Unha mostra	8.500
2.2.	Acidez (ph). U.N.E. 7234. Unha mostra	1.000
2.3.	Substancias solubles (cuantitativo). U.N.E. 7130. Unha mostra	1.500
2.4	Sulfatos, en SO4= (cuantitativo). U.N.E. 7131. Unha mostra.	2.000
2.5.	Ión cloro, en Cl,(cuantitativo). U.N.E. 7178. Unha mostra	2.000
2.6	Hidratos de carbono (cualitativo).U.N.E. 7132. Unha mostra	1.000
2.7.	Aceites e graxas (cualitativo). U.N.E. 7235. Unha mostra	1.000
2.8.	Aceites e graxas (cualitativo). U.N.E. 7235. Unha mostra	4.000
2.9.	Calcio. Método complexométrico. Unha mostra	2.000
2.10.	Magnesio. Método complexométrico. Unha mostra	2.000
2.11.	Dureza total. Método complexométrico. Unha mostra	2.000
TOMA DE MOSTRAS		
2.12.	Toma de mostra de auga. U.N.E. 7236	(S.P.)

3. ILLANTES TERMICOS

		Pesetas
ENSAIOS DE LABORATORIO		
	Arxila expandida	
3.1.	Terróns de arxila. U.N.E. 7133. Unha mostra	2.500
3.2.	Finos que criban 0,08 U.N.E. 7050. U.N.E. 7135. Unha mostra	2.300
3.3.	Compostos de xofre expresados en SO ₄ = e referidos ao rido seco. U.N.E. 7245. Unha mostra	6.000
3.4.	Absorción de auga. A.S.T.M. C-127. Unha mostra	4.000
3.5.	Densidade aparente. A.S.T.M. C-29. Unha mostra	2.500
3.6.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras	(S.C.)
	Aglomerado expandido puro de cortiza	
3.7.	Regularidade de formas e dimensións. Placas e coquillas. U.N.E. 56905. Serie de 3 probetas	2.500
3.8.	Densidade aparente e dimensións. Placas e coquillas. U.N.E. 56906. Serie de 3 probetas	2.500
3.9.	Resistencia a flexión. Placas. U.N.E. 56907. Serie de 3 probetas preparadas polo peticionario	5.500
3.10.	Comportamento á auga fervendo. Placas e coquillas. U.N.E. 56908. Serie de 6 probetas	2.500
3.11.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Placas	(S.C.)
3.12.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Coquillas	(S.C.)
	Poliestireno expandido	
3.13.	Dimensións. Pranchas, bandas e coquillas. U.N.E. 53310. Serie de 3 probetas	2.500
3.14.	Densidade aparente e dimensións. Pranchas, bandas e coquillas. U.N.E. 53215. Serie de 3 probetas	2.500
3.15.	Resistencia a comprensión. U.N.E. 53205. Serie de 5 probetas preparadas polo peticionario	6.000
3.16.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Pranchas e bandas	(S.C.)
3.17.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Coquillas	(S.C.)
	Fibra de vidro e la de rocha	
3.18.	Dimensións. Feltros. Método das disposicións reguladoras. Serie de 3 probetas.6.000	
3.19.	Dimensións. Paneis e coquillas. Método das disposicións reguladoras. Serie de 3 probetas	2.500
3.20.	Densidade aparente e dimensións. Feltros Método das disposicións reguladoras. Serie de 3 probetas	8.000
3.21.	Densidade aparente e dimensións. Paneis e coquillas. Método das disposicións reguladoras Serie de 3 probetas	2.500
3.22.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Feltros	(S.C.)
3.23.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Paneis e coquillas	(S.C.)
	Compoñentes para escumas de poliuretano	
3.24.	Homoxeneidade da escuma. Observación visual. Unha mostra	2.000
3.25.	Densidade a espumación libre. U.N.E. 53215. Unha mostra	3.000
3.26.	Tempos de crema (T.C.) e de xelificación. Método das disposicións reguladoras. Unha mostra	3.000
3.27.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras	(S.C.)
	Escumas de poliuretano conformadas «in situ»	
3.28.	Densidade aparente. U.N.E. 53215. Tres probetas	2.500
3.29.	Tempos de crema (T.C.) e de xelificación. Método das disposicións reguladoras. Unha mostra	3.000
3.30.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras	(S.C.)
	Escumas de poluretano conformadas en fábrica	
3.31.	Dimensións. Pranchas, paneis e coquillas. Serie de 3 probetas	2.500
3.32.	Densidade aparente e dimensións. Pranchas, paneis. U.N.E. 53215. Serie de 3 probetas	2.500
3.33.	Resistencia a comprensión. Pranchas e paneis. U.N.E. 53205. Serie de 5 probetas preparadas polo peticionario	6.000
3.34.	Tempos de crema (T.C.) e xelificación. Método das disposicións reguladoras. Unha mostra	3.000
3.35.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Pranchas e paneis	(S.C.)

3.36.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Coquillas	(S.C)
	Vidro celular	
3.37.	Densidade aparente. U.N.E. 53215. Serie de 3 probetas	2.500
3.38.	Resistencia a flexión. U.N.E. 53204. Serie de 3 probetas preparadas polo peticionario.	6.000
3.39.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras	(S.C.)
	Formigón celular curado en autoclave	
3.40.	Regularidade en formas e dimensións. Bloques e placas. Método das disposicións reguladoras. Serie de 3 probetas	2.500
3.41.	Densidade aparente e dimensións. Bloques e placas. Método das disposicións reguladoras. Serie de 3 probetas preparadas polo peticionario	8.000
3.42.	Variación dimensional. Bloques e placas. Método das disposicións reguladoras. Serie de 3 probetas preparadas polo peticionario	5.500
3.43.	Resistencia a comprensión. Bloques e Placas A.S.T.M.-C.495. Serie de 3 probetas preparadas polo peticionario	5.000
3.44.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Bloques e Placas	(S.C.)
3.45.	Regularidade de formas e dimensións. Pranchas e coquillas. Método das disposicións reguladoras. Serie de 3 probetas	2.500
3.46.	Densidade aparente e dimensións. Pranchas e coquillas. U.N.E. 53215. Serie de 3 probetas	2.500
3.47.	Resistencia a comprensión. Pranchas U.N.E. 53205. Serie de 3 probetas preparadas polo penitenciario	5.000
3.48.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Pranchas	(S.C)
3.49.	Selo I.N.C.E. Seguimento segundo disposicións reguladoras. Coquillas.	(S.P)
	Acrilamento illante térmico	
3.50.	Selo I.N.C.E Seguimento segundo disposicións reguladoras	(S.C)
TOMA DE MOSTRAS		
3.51.	Toma de mostra de material illante térmico	(S.P.)
ENSAIOS IN SITU		
3.52.	Prospección por termovisión	(S.P.)

4. ILLANTES ACÚSTICOS

ENSAIOS DE LABORATORIO		
4.1.	Illamento acústico a ruído aéreo de muros ou paneis. Rango de frecuencia de 100 a 4.000 Hz. Bandas de 1/3 de oitava	(S.P.)
	a) En muro construído polo peticionario	(S.P.)
	b) En muro construído polo I.N.C.E.	(S.P.)
ENSAIOS "IN SITU"		
4.2.	Illamento acústico a ruído aéreo "in situ"	(S.P.)
4.3.	Tempos de reverberación, medidos "in situ"	(S.P.)
4.3.	Tempos de reverberación, medidos "in situ"	(S.P.)

5. ÁRIDOS PÁX./HORMIG. E MORTEIROS

ENSAIOS DE LABORATORIO		
5.1.	Terróns de arxila. U.N.E. 7133. Unha mostra	2.500
5.2.	Finos que criban 0,08 U.N.E. 7050. U.N.E. 7135. Unha mostra	2.300
5.3.	Materia orgánica. U.N.E. 7082. Unha mostra	1.800
5.4.	Partículas brandas. U.N.E. 7134. Unha mostra	5.000
5.5.	Coefficiente de forma. U.N.E. 7238. Unha mostra	5.000
5.6.	Análise granulométrico. U.N.E. 7139. Unha mostra	2.500
5.7.	Peso espec. 149/72. Unha mostra	7.500
5.10.	Humidade contida. Unha mostra	1.000

5.11.	Partículas de baixo peso específico. U.N.E. 7244. Unha mostra	3.000
5.12.	Estabilidade fronte a disolucións de sulfato sódico ou magnésico. U.N.E. 7136. Unha mostra	8.500
5.13.	Reactividade fronte aos álcalis do cemento. U.N.E. 7137. Unha mostra	10.000
5.14.	Compostos de xofre, en SO ₄ = U.N.E. 83120. Unha mostra	6.000
5.15.	Cloruros. Método volumétrico de Mohr. Unha mostra	
5.16.	Sulfuros (cualitativo). U.N.E. 7245. Unha mostra	3.000
5.17.	Sulfuros (cuantitativo). U.N.E. 7245. Unha mostra	1.500
5.18.	Equivalente de area. U.N.E. 83131. Unha mostra	8.000
5.19.	Tamaño máximo característico. Árido goso en formigón fresco. U.N.E. 7295. Unha mostra	2.000
TOMA DE MOSTRAS		
5.20.	Toma de mostra de árido. U.N.E. 41110	(S.P.)
5.21.	Toma de mostra de áridos do formigón fresco. U.N.E. 7295.	(S.P.)

6. BALDOSAS

ENSAIOS DE LABORATORIO		
6.1.	Baldosas de cemento Características dimensionais (lonxitude, anchura, espesor, curvatura e rectitude de arestas). Serie de 10 baldosas. U.N.E. 71008	6.000
6.2.	Densidade aparente. U.N.E. 7007. Serie de 3 baldosas	2.500
6.3.	Absorción de auga. U.N.E. 7008. Serie de 3 baldosas	2.500
6.4.	Resistencia ao desgaste. U.N.E. 7015. Serie de dúas probetas:	
	a)Preparadas polo peticionario	6.000
	b)Preparadas polo I.N.C.E	8.000
6.5.	Resistencia á flexión. U.N.E. 7034. Serie de seis baldosas	5.000
6.6.	Resistencia ao choque. U.N.E. 7034. Serie de tres baldosas	3.000
6.7.	Heladicidad. U.N.E. 7033. Serie de tres probetas. Cada ciclo de xeo e desxeo	650
6.8.	Resistencia a axentes químicos. Serie de tres baldosas. Cada produto	2.000
6.9.	Resistencia fronte álcalis e ácidos. Serie de tres baldosas	3.500
6.10.	Espesor da capa de pegada. Serie de tres baldosas	1.200
6.11.	Impermeabilidade	2.000
Baldosas cerámicas (azulexos)		
6.12.	Características dimensionais (lonxitude, anchura, espesor, rectitude dos lados, ortogonalidade, curvatura e curvatura). U.N.E. 67098. Serie de dez baldosas	6.000
6.13.	Aspecto superficial. U.N.E. 67098. Serie de trinta baldosas	2.000
6.14.	Absorción de auga. U.N.E. 67099. Serie de dez baldosas	5.000
6.15.	Resistencia á flexión. U.N.E. 67100. Serie de seis baldosas	5.000
6.16.	Dilatación térmica. U.N.E. 67103. Serie de dúas baldosas	6.000
6.17.	Choque térmico. U.N.E. 67104. Serie de cinco baldosas	6.000
6.18.	Resistencia ao cuarteamento. U.N.E. 67105. Serie de cinco baldosas	6.000
6.19.	Resistencia ao arrendamento do morteiro de agarre. Serie de tres probetas	8.500
6.20.	Resistencia química de baldosas non esmaltadas. U.N.E. 67106. Serie de cinco baldosas. Por cada solución de ensaio	2.500
6.21.	Resistencia química de baldosas esmaltadas. U.N.E. 67122. Serie de cinco baldosas. Por cada solución de ensaio	2.500
TOMA DE MOSTRAS		
	Toma de mostra de baldosas	(S.P.)

7. BLOQUES E BOVEDILLAS

ENSAIOS DE LABORATORIO		
7.1.	Descrición gráfica mediante esbozo acoutado. Unha peza	3.000
7.2.	Regularidade de formas e dimensións. R.T.C.-I.N.C.E. Serie de catro pezas	5.000
7.3.	Resistencia a compresión. Bloques. R.T.C.-I.N.C.E. Un bloque con refrentado de caras	3.000
7.4.	Densidade aparente. Bloques ou bovedillas. R.T.C.-I.N.C.E. Unha peza	3.000
7.5.	Absorción de auga. Bloques ou bovedillas. R.T.C.-I.N.C.E. Serie de catro probetas	3.000
7.6.	Sulfatos solubles. Bloques. R.T.C.-I.N.C.E. Serie de tres probetas	3.000
7.7.	Heladicidade. Serie de tres probetas. Cada ciclo de xeo-desxeo	6.000
7.8.	Resistencia a flexión. Bovedillas. Tres pezas Norma U.N.E. 67037	650
7.9.	Resistencia á compresión. Bovedillas. Tres pezas. -U.N.E. 67038	4.000
7.10.	Regularidade de formas e dimensións. Bovedillas	6.000
TOMA DE MOSTRAS		
7.11.	Toma de mostras de bloques e bovedillas. R.T.C.-I.N.C.E	(S.P.)

8. CEMENTOS

ENSAIOS DE LABORATORIO		
(Ensaio segundo R.C.-88)		
8.1.	Físico-mecánico, determinando: Finura de moído: principio e fin de fraguado; expansión en autoclave ou estabilidade de volume por agullas de Le Chatelier; resistencia á compresión e á flexión incluíndo fabricación, conservación de 3 series de 3 probetas e rotura a 3 idades. Unha mostra	21.500
8.2.	Finura de moído. Unha mostra	1.000
8.3.	Tempos de fraguado. Unha mostra	3.000
8.4.	Auga para competencia normal. Unha mostra	2.000
8.5.	Expansión de autoclave. Unha mostra	7.000
8.6.	Estabilidade de volume por agullas de Le Chatelier. Unha mostra	5.000
8.7.	Resistencia á compresión e á flexión incluíndo fabricación, conservación e rotura a unha serie de 3 probetas. Unha mostra	3.500
8.8.	Peso específico real. Unha mostra	2.000
8.9.	Análise química, determinando: Humidade; bióxido de silicio (SiO ₂), óxido de aluminio (Al ₂ O ₃); óxido de ferro (Fe ₂ O ₃); óxido de calcio (CaO); óxido de magnesio (MgO); trióxido de azucre(SO ₂); residuo insoluble (R.I.), e perda por calcinación	(P.F)
	Unha mostra	22.000
8.10.	Humidade. Unha mostra	1.000
8.11.	Bióxido de silicio (SiO ₂). Unha mostra. Método I	5.000
8.12.	Bióxido de silicio (SiO ₂). Unha mostra. Método II	6.000
8.13.	Oxido de aluminio (Al ₂ O ₃). Unha mostra	3.000
8.14.	Oxido de ferro (Fe ₂ O ₃). Unha mostra	3.000
8.15.	Oxido de calcio (CaO). Unha mostra	5.000
8.16.	Oxido de magnesio (MgO). Unha mostra	5.000
8.17.	Trióxido de xofre (SO ₃). Unha mostra	3.000
8.18.	Residuo insoluble (R.I.). Unha mostra. Método I	3.000
8.19.	Residuo insoluble (R.I.). En cementos puzolánicos e P.A. Unha mostra	4.500
8.20.	Método II. Perda por calcinación. (P.F.). Unha mostra	2.000
8.21.	Alcalis. (Sodio Naz e Potasio K ₂ O). Unha mostra	5.000
8.22.	Cal libre. Unha mostra	4.500
8.23.	Índice puzolánico a sete días. Unha mostra	7.000
8.24.	Índice puzolánico a vinte e oito días. Unha mostra	9.500

8.25.	Porcentaxe de adición silíceas por disolución salicéico-metanol. Unha mostra	6.000
Validación de disciplinas por crédito: 1 euro.

d) Ensinanzas superiores de arte dramática.

Preinscrición proba de acceso: 60 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

En primeira e segunda matrícula, por crédito: 5 euros.

En terceira ou sucesivas matrículas, por crédito: 8 euros.

Validacións de disciplinas por crédito: 1 euro.

2. O alumnado que curse simultaneamente dúas especialidades aboará os prezos públicos correspondentes a un curso completo máis os das materias soltas que sexan necesarias para complementar a outra especialidade, e non deberá aboar os prezos públicos das materias comúns nesta segunda especialidade.

3. O importe aboado polo alumnado que se matricule en disciplinas soltas correspondentes a un mesmo curso non poderá exceder o fixado para o curso completo».

Tres

«Artigo 3º

Nas escolas oficiais de idiomas a contía dos prezos públicos para os conceptos e ensinanzas será a que se indica a continuación:

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

Matriculación por idioma: 70 euros.

Proba de nivel: 15 euros.

Cursos monográficos (por cada hora): 3 euros».

Catro

«Artigo 4º

1. Nas ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño, en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, os prezos públicos correspondentes ás ensinanzas regradas de música serán os seguintes:

a) Ensinanzas superiores de conservación e restauración de bens culturais.

Preinscrición proba de acceso: 50 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

Matrícula curso completo: 250 euros.

Matrícula de disciplinas soltas: 50 euros.

Validación de disciplinas: 10 euros.

b) Ensinanzas superiores de deseño.

Preinscrición proba de acceso: 50 euros.

Apertura de expediente: 19 euros.

Servizos xerais: 11 euros.

En primeira e segunda matrícula, por crédito: 3 euros.

En terceira ou sucesivas matrículas, por crédito: 4 euros.

Validacións de disciplinas por crédito: 1 euro.

Cursos monográficos por crédito: 30 euros.

2. O importe aboado polo alumnado que se matricule en disciplinas soltas correspondentes a un mesmo curso non poderá exceder o fixado para o curso completo».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela trinta e un de agosto de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Univer-
sitaria

**DECRETO 133/2011, DO 23 DE XUÑO, POLO QUE SE FIXAN OS
PREZOS CORRESPONDENTES AOS ESTUDOS CONDUCENTES Á
OBTENCIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS NO ENSINO UNIVERSITARIO
PARA O CURSO 2011/2012.**

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, BOE do 24 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece no seu artigo 81.3 b) que lle corresponde á comunidade autónoma fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, dentro dos límites que no ámbito estatal estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria. Para os restantes estudos serán fixados polo Consello Social da respectiva universidade, de acordo co disposto no artigo 81.3 c) da citada Lei orgánica, e no artigo 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.

A Lei 8/1989, do 13 de abril (BOE do 15 de abril), de taxas e prezos públicos, outórgalle ás referidas taxas a consideración de prezos públicos. Pola súa parte a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 43 que se entende por prezos públicos.

Neste contexto normativo, este decreto fixa os importes que pagará o alumnado polos estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez nacional no ensino universitario, dentro dos límites que fixe a Conferencia Xeral de Política Universitaria, que este ano, na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2011, fixou os límites dos prezos académicos e demais dereitos para estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de primeiro e segundo ciclo e grao para o curso 2011-2012, en primeira matrícula: o límite mínimo de aumento dos prezos académicos e demais dereitos polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais na porcentaxe de incremento do IPC, definido no período que vai do 31 de marzo de 2010 ao 31 de marzo de 2011, e o límite máximo no IPC incrementado en 4 puntos, isto é, os prezos deberán subir entre o 3,6% e o 7,6%. O rango dos prezos públicos dos másters incrementarase nun 3,6% respecto ao aplicado no curso 2010-2011. Excepcionalmente as comunidades autónomas poderán modificar o límite superior dos prezos públicos dos novos estudos universitarios de posgrao regulados polo Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, ata un máximo equivalente ao 30% do custo. Respecto das ensinanzas de doutoramento, establécese para a tutela académica indicada no artigo 11.1 do R.D. 99/2011, do 28 de xaneiro, que regula as ensinanzas de doutoramento un abano de prezos entre 200 e 400 euros anuais.

Tendo en conta as previsións macroeconómicas xerais para Galicia, e a distinción entre ensinanzas renovadas, non renovadas e de grao, así como a diferenza entre o prezo da 1.^a matrícula fronte ao prezo da 2.^a e 3.^a e sucesivas

matrículas, e ao abeiro do establecido no artigo 47 da Lei de Galicia 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre fixar os prezos correspondentes ao ano académico 2011-2012 polos estudos universitarios conducentes a títulos oficiais, aplicando o incremento mínimo fixado pola Conferencia Nacional de Política Universitaria, é dicir, o 3,6% na tarifa primeira do anexo deste decreto, agás no punto 1.4.2, Titoría anual de doutoramento que se aplicará o mínimo establecido pola Conferencia Nacional de Política Universitaria, é dicir, 200 €, e mantendo os prezos do curso 2009-2010, é dicir un incremento do 0%, para as tarifas segunda e terceira do citado anexo.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, co informe do Consello Galego de Universidades e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e tres de xuño de dous mil once,

DISPOÑO:

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

1. Os prezos que se pagarán no curso 2011/2012 polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no Sistema Universitario de Galicia son os establecidos segundo as normas deste decreto e na contía que se sinala no seu anexo.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo seu respectivo Consello Social, de conformidade co establecido no artigo 81.3.c) da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e pola Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, no seu artigo 4 e).

Artigo 2. Modalidades de matrícula.

1. Ensinanzas non renovadas. Os prezos públicos establecidos no punto 1.1 da tarifa primeira do anexo deste decreto poderán aboarse por curso completo ou por materias. As materias poderán ser anuais ou cuadrimestrais, de acordo co establecido pola universidade, en función do número de horas lectivas que figure nos plans de estudos. O importe do prezo aplicable para as materias cuadrimestrais será a metade do establecido para as anuais.

2. Ensinanzas renovadas. No caso de ensinanzas renovadas os prezos públicos establecidos no punto 1.2 da tarifa primeira do anexo deste decreto deberán aboarse por materias. O importe das materias calcularase de conformidade co número de créditos asignados a cada unha delas e o prezo establecido para o crédito.

3. Ensinanzas de grao adaptadas ao Espazo Europeo de Ensinanza Superior. Os prezos públicos que se aboarán pola matrícula son os establecidos no punto 1.3 da tarifa primeira do anexo. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula.

4. Cando un alumno/a se matricule nunha mesma materia ou disciplina por segunda vez, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 15% respecto da primeira matrícula.

5. Cando un alumno/a se matricule nunha mesma materia ou disciplina por terceira vez, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 35% respecto da primeira matrícula.

6. Cando un alumno/a se matricule nunha mesma materia ou disciplina por cuarta ou posteriores veces, o importe correspondente á devandita disciplina verase incrementado nun 50% respecto da primeira matrícula.

Artigo 3. Matrícula de materias soltas.

1. Cando o alumnado se matricule de materias soltas, o importe do prezo establecido para cada unha delas, no caso das ensinanzas non renovadas, será diferente segundo que o curso ao que corresponda estea constituído por menos de sete materias anuais ou por sete ou máis materias anuais. Para estes efectos unha disciplina anual será equivalente a dúas cuatrimestrais.

2. Non obstante o establecido nos artigos anteriores, o alumnado que comece os seus estudos de ensinanzas renovadas, non renovadas ou de grao, deberá matricularse do primeiro curso completo, coa excepción dos casos en que sexan validadas materias do dito primeiro curso, en cuxo caso os prezos son os establecidos no artigo 8.

Artigo 4. Matrícula en créditos de libre elección.

Os créditos correspondentes a libre elección serán aboados de acordo coa tarifa establecida para a titulación que se pretende obter, con independencia do departamento ou centro onde se cursen os ditos créditos.

Artigo 5. Ensinanzas oficiais de máster e de doutoramento.

Os prezos que se aboarán pola matrícula en máster e doutoramento son os establecidos no punto 1.4 da tarifa primeira do anexo. Excepcionalmente, naqueles másters que requiran custos moi elevados para o seu desenvolvemento, a comunidade autónoma poderá autorizar un incremento de ata un máximo do 30% do custo do máster, logo de informe que xustifique a excepcionalidade.

A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos nos que se realice a matrícula. As universidades poderán establecer un número mínimo de créditos para a formalización da matrícula, así como estruturala por módulos ou por materias.

Artigo 6. Pagamento dos prezos públicos.

O prazo para o pagamento dos prezos públicos será o fixado na resolución reitoral da correspondente universidade.

O feito de non facer efectivo o pagamento dos prezos públicos universitarios ou de calquera dos seus fraccionamentos nos prazos establecidos na resolución reitoral, poderá comportar a exixencia dos importes correspondentes polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, consonte coa normativa vixente.

Artigo 7. Centros adscritos.

O alumnado dos centros adscritos, aboaralle á universidade, en concepto de actividade docente, o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo, sen prexuízo do establecido no correspondente convenio que o dito centro teña coa respectiva universidade. Os demais prezos aboaranse na contía íntegra prevista.

Artigo 8. Adaptación a novos plans de estudo, validación de estudos, recoñecemento e transferencia de créditos e acreditación de competencias nos programas oficiais de grao e de posgrao.

1. A adaptación de estudos, regulada polo Acordo do 25 de outubro de 2004, do Consello de Coordinación Universitaria, polo que se establecen os criterios xerais a que se axustarán as universidades en materia de validación e adaptación de estudos, é o acto administrativo polo que se lle recoñece validez académica aos estudos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte a un plan de estudos. Esta adaptación será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, aboaráselle á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

2. A validación de estudos, regulada polo Acordo do 25 de outubro de 2004, do Consello de Coordinación Universitaria, polo que se establecen os criterios xerais a que se axustarán as universidades en materia de validación e adaptación de estudos, é o acto administrativo polo que se lles recoñece validez académica aos estudos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, debendo aboar sempre á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

3. O recoñecemento de créditos, regulado polo Real decreto 1393/2007, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo Real decreto 861/2010, é a aceptación por unha universidade dos créditos que, sendo obtidos nunhas ensinanzas oficiais, na mesma ou outra universidade, son computados noutras distintas para efectos da obtención dun título oficial. Este recoñecemento será gratuíto para os créditos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial e cursados consonte un plan de estudos e que provén de centros públicos. Esta mesma consideración estenderase aos estudos cursados en titulacións que por transformación son substituídos polas novas de grao.

No caso de créditos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, deberán aboar á universidade o 25% dos prezos establecidos na tarifa primeira do anexo.

4. A transferencia de créditos, regulada polo Real decreto 1393/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, implica que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, incluíranse a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na mesma ou outra universidade, que non conduciron á obtención dun título oficial. Esta transferencia será gratuíta se provén de centros públicos. No caso de centros non públicos ou centros estranxeiros, aboaráselle á universidade 30 € en concepto de gastos de xestión.

5. Nos programas oficiais de posgrao, os prezos que se aboarán pola acreditación de competencias serán o 25% dos prezos establecidos no anexo.

Artigo 9. *Bolsas.*

De conformidade co establecido no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro (BOE do 17 de xaneiro de 2008), polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o alumnado que reciba unha bolsa de estudos con cargo aos orzamentos xerais do Estado non estará obrigado a pagar o prezo polos servizos académicos.

Artigo 10. *Matrículas de honra.*

As bonificacións correspondentes á aplicación dunha ou varias matrículas de honra, levaranse a cabo logo de facer o cálculo do importe total da matrícula, e no caso das ensinanzas renovadas ou de grao, aplicaranse ao número de créditos correspondentes á disciplina ou materias nas que obtivo a matrícula de honra.

O alumnado con matrícula de honra global en 2.º curso de bacharelato, con premio extraordinario no bacharelato ou no ciclo superior de formación profesional, terá dereito, durante o primeiro ano e por unha soa vez, á exención total do pagamento dos prezos públicos por matrícula.

Artigo 11. *Familias numerosas.*

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as que teñan recoñecida a condición de membro de familia numerosa de categoría especial. Terán unha exención do 50% os alumnos/as que teñan recoñecida a condición de membro de familia numerosa de categoría xeral.

A condición de familia numerosa acreditarase mediante documento expedido pola Administración autonómica competente, que deberá estar vixente no prazo de matrícula fixado por cada universidade.

Artigo 12. *Discapacidade.*

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, e deberá estar vixente no prazo de matrícula fixado por cada universidade

Artigo 13. *Vítimas de actos terroristas.*

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as vítimas de actos terroristas ou que sexan fillos/as ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas.

A condición de vítima de acto terrorista acreditarase de conformidade co disposto no artigo 4 bis, punto 3, da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado por cada universidade para que teña eficacia, segundo dispón o artigo 5.2 da dita lei.

Artigo 14. *Violencia de xénero.*

Quedan exentos do pagamento polos servizos académicos regulados neste decreto, os alumnos/as que sufran violencia de xénero. Tamén quedarán exentos no caso de que sexan os seus proxenitores os que a sufran.

A situación de violencia de xénero será acreditada por calquera das seguintes formas:

a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida preventiva.

b) Sentenza de calquera orde xuridiscional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.

c) Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.

e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

f) Calquera outro que se estableza regulamentariamente.

Artigo 15. *Materias sen docencia.*

No caso das materias de plans de estudos con dereito a exame pero nas que non se imparte xa docencia, pagarase por crédito ou disciplina, segundo corresponda, o 25% dos prezos da tarifa ordinaria.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de xuño de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Tarifa primeira. Actividade docente

1.1. Ensinanzas non renovadas.

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
Epígrafe A)				
Curso completo	836,39 €			
Disciplina anual dun curso de menos de 7 materias	217,46 €	250,08 €	293,57 €	326,17 €
Disciplina anual dun curso de 7 ou máis materias	143,94 €	165,54 €	194,32 €	215,92 €
Epígrafe B)				
Curso completo	590,74 €			
Disciplina anual dun curso de menos de 7 materias	150,64 €	173,24 €	203,38 €	225,96 €
Disciplina anual dun curso de 7 ou máis materias	100,41 €	115,48 €	135,56 €	150,62 €
Epígrafe A)		Epígrafe B)		
Arquitecto técnico/a (Universidade da Coruña)		Licenciado en dereito (Universidade da Coruña)		

1.2. Ensinanzas renovadas (prezo dun crédito).

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	13,93 €	16,03 €	18,81 €	20,91 €
Epígrafe B)	9,85 €	11,31 €	13,29 €	14,77 €
Epígrafe A)			Epígrafe B)	
Titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, CC. da Saúde e Enxeñería e Arquitectura			Titulacións encadradas dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas	

1.3. Ensinanzas de grao adaptadas ao E.E.E.S. (prezo dun crédito).

	Primeira matrícula	Segunda matrícula	Terceira matrícula	Cuarta e sucesivas matrículas
Epígrafe A)	13,93 €	16,03 €	18,81 €	20,91 €
Epígrafe B)	9,85 €	11,31 €	13,29 €	14,77 €
Epígrafe A)			Epígrafe B)	
Titulacións encadradas dentro da rama de Ciencias, CC. da Saúde, Enxeñería e Arquitectura, e grao en Belas Artes			Titulacións encadradas dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas	

1.4. Outros estudos.

1. Estudos conducentes ao título de doutor/a regulados polo Real decreto 778/1998, do 30 de abril	
Estudos conducentes a un título de doutor/a nun programa de doutoramento relacionado cos títulos especificados na epígrafe A) do punto 1.2	52,35 €/crédito
Estudos conducentes a un título de doutor/a nun programa de doutoramento relacionado cos títulos especificados na epígrafe B) do punto 1.2	36,94 €/crédito
Titoría anual de doutoramento	104,09 €
2. Estudos conducentes ao título de máster e doutor/a regulados polo Decreto 66/2007, do 29 de marzo, polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro e polo Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro	
Estudos conducentes a un título de máster ou doutor/a especificados na epígrafe A)	29,81 €/crédito
Estudos conducentes a un título de máster ou doutor/a especificados na epígrafe B)	20,25 €/crédito
Titoría anual de doutoramento	200,00 €
3. Estudos de especialidades	
Estudos de especialidades médicas que non precisen formación hospitalaria do parágrafo 3.º do anexo do Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, en unidades docentes acreditadas	33,84 €/crédito
Estudos de especialidades en enfermaría en unidades docentes acreditadas, consideradas no Real decreto 992/1987, do 3 de xullo	8,63 €/crédito
Estudos das especialidades de farmacia, análises clínicas, en escolas profesionais recoñecidas segundo o Real decreto 2708/1982, do 15 de outubro	33,84 €/crédito
Epígrafe A) Estudos conducentes a un título de doutor/a nun programa de doutoramento, e estudos conducentes a un título de máster encadrados dentro da rama de Ciencias, CC. da Saúde, Enxeñería e Arquitectura, e os seguintes máster: – Máster universitario en libro ilustrado e animación audiovisual – Master universitario en arte contemporánea, creación e investigación – Master universitario en interpretación de conferencias – Master universitario en innovación industrial e optimización de procesos.	Epígrafe B) Estudos conducentes a un título de doutor/a nun programa de doutoramento, e estudos conducentes a un título de máster encadrados dentro da rama de Arte e Humanidades e CC. Sociais e Xurídicas

Tarifa segunda. Avaliación e probas

1. Probas de acceso á universidade	63,67 €
2. Curso de iniciación e orientación para maiores de 25 anos	95,00 €
3. Realización de requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros de educación superior:	
a) Proba de aptitude/proba de conxunto	116,53 €
b) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	13,25 €/crédito
c) Período de prácticas correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	9,37 €/crédito
d) Proxecto ou traballo	116,53 €
e) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe A)	13,25 €/crédito
f) Cursos tutelados correspondentes a un dos títulos especificados na epígrafe B)	9,37 €/crédito
4. Proxectos fin de carreira	117,09 €
5. Exame para o grao de licenciado/a	117,09 €
6. Exame para o grao de doutor/a	117,09 €

7. Cursos e exame de reválida/tese de licenciatura nas escolas sociais	117,09 €
8. Obtención por validación do título de diplomado/a en escolas universitarias:	
a) Por avaliación académica e profesional conducente á devandita validación	117,09 €
b) Por traballos exixidos para a dita validación	194,99 €
9. Homologación de títulos estranxeiros (master ou doutor/a) aos títulos universitarios españois de carácter oficial	114,34 €

Tarifa terceira. Títulos e secretaría

1. Expedición de títulos académicos	
a) Doutor/a	183,10 €
b) Licenciado/a, arquitecto/a ou enxeñeiro/a, grao, master oficial	123,10 €
c) Diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a	60,10 €
d) Diploma de estudos avanzados	59,16 €
e) Duplicados de títulos universitarios oficiais	28,09 €
2. Secretaría	
a) Apertura de expediente académico ao comezar os estudos	22,31 €
b) Certificacións académicas e traslados de expediente académico	22,31 €
c) Expedición e mantemento de tarxetas de identidade	4,79 €
d) Solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros	27,09 €

DECRETO 119/1994, DE 28 DE ABRIL, POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS PÚBLICOS DOS SERVIZOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES REFERENTES A ACTIVIDADES DE CAZA E PESCA. (DOG Nº 92 DE 13 DE MAIO DE 1994). CORRECCIÓN DE ERROS: DOG Nº 101 DE 27 DE MAIO DE 1994¹

Artículo único.

Se aproban as tarifas exixibles por los prezos públicos das prestacións xestionadas por la Consellería de Agricultura, Gandería y Montes, fixadas no anexo do presente decreto.

As tarifas² fixadas no anexo do presente decreto se entenderán, no seu caso, con IVE incluído.

DISPOSICION FINAL

O presente decreto entrará en vigor ó día seguinte o da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

ANEXO

I. Expedición de permisos de caza.

I.1. En la reserva nacional de caza:

I.1.A. Para caza menor:

Permiso de caza diario: 1.000 ptas. (6,01 €).

I.1.B. Para caza maior:

-Corzo:

·Cota de entrada: 10.500 ptas. (63,106271 €).

·Peza ferida, non cobrada: 15.000 ptas. (90,151816 €).

·Trofeo ata 200 g ou non medible: 15.000 ptas. (90,151816 €).

·Cota complementaria segundo peso do trofeo, de acordo ca homologación oficial establecida pola Xunta de Homologación de Trofeos de Caza:

·De 201 g a 300 g: 150 ptas./g. (0,901518 €/g).

·De 301 g a 350 g: 200 ptas./g. (1,202024 €/g)

·De 351 g a 400 g: 250 ptas./g. (1,502530 €/g)

·De 401 g a 450 g: 300 ptas./g. (1,803036 €/g)

¹ Modificado polo decreto 222/1998, de 10 de xullo, no referente á expedición de permisos de pesca en cotos dependentes da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

² Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

- De 451 g a 500 g: 340 ptas./g. (2,043441 €/g)
- De 501 g a 550 g: 400 ptas./g. (2,404048 €/g)
- De 551 g a 600 g: 500 ptas./g. (3,005061 €/g)
- De 601 g en adelante: 1.000 ptas./g. (6,010121 €/g)

I.1.C. Variacións:

·Para os extranxeiros non residentes, nin pertencentes á Comunidade Europea, as tarifas aplicables incrementaríanse nun 100%.

·Os permisos de propietarios de terreos incluídos na Reserva Nacional de Caza están exentos do pago da cota complementaria.

I.2. Nas zonas de caza controlada dependentes da Dirección Xeral de Montes e MAN:

1.2.A. Para caza menor:

- Cota de entrada cazadores locais: 1.000 ptas./xornada. (6,010121 €/xornada).
- Cota de entrada resto cazadores: 2.000 ptas./xornada. (12,020242 €)
- Cota complementaria perdiz: 800 ptas./ud. (4,808097 €/ud)
- Cota complementaria coello: 800 ptas./ud. (4,808097 €/ud)
- Cota complementaria lebre: 1.000 ptas./ud. (6,010121 €/ud)
- Cota complementaria outras especies: 600 ptas./ud. (3,606073 €/ud)

1.2.B. Para caza maior:

- Cota de entrada cazadores locais: 2.500 ptas./jornada. (15,025303 €/jornada)
- Cota de entrada resto cazadores: 5.000 ptas./jornada. (30,050605 €)
- Cota complementaria corzo: 25.000 ptas./ud. (150,253026 €/ud)
- Cota complementaria cervo: 50.000 ptas./ud. (300,506052 €/ud)
- Cota complementaria xabarín: 15.000 ptas./ud. (90,151816 €/ud)
- Cota complementaria outras especies: 15.000 ptas./ud. (90,151816 €/ud)

II. Expedición de permisos de pesca nos cotos dependentes da Dirección Xeral de Montes e MAN³.

III. Precintaxe artes legais de pesca.

- Precintaje unidade de arte legal: 1.000 pesetas. (6,01 €).

³ Modificado polo decreto 222/1998, de 10 de xullo, no referente á expedición de permisos de pesca nos cotos dependentes da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

CORRECCIÓN DE ERROS.-DECRETO 119/1994, DE 28 DE ABRIL, POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS PÚBLICOS DOS SERVIZOS XESTIONADOS POA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES REFERENTES A ACTIVIDADES DE CAZA E PESCA. (DOG Nº 101 DE 27 DE MAYO DE 1994)

(referíase ao apartado II)

DECRETO 222/1998, DE 10 DE XULLO, QUE MODIFICA O DECRETO 119/1994, DE 28 DE ABRIL, NO REFERENTE Á EXPEDICIÓN DE PERMISOS DE PESCA NOS COTOS DEPENDENTES DA DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL (DOG Nº 144 DE 28 DE XULLO DE 1998)

O Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado por el Decreto 130/1997, de 14 de maio, establece unha nova clasificación dos permisos de pesca (artículo 8) e dispón que os permisos para concursos deportivos oficiais e para entidades colaboradoras poderán ser outorgados con carácter gratuíto (artículos 32.1º y 33.1º), polo que é preciso proceder a unha modificación dos prezos públicos exixibles pola realización das anteriormente citadas actividades de pesca fixados polo Decreto 119/1994, de 28 de abril, (DOG nº 92, de 13 de maio e corrección de erros no DOG nº 101, del 27 de maio).

Na súa virtude, a proposta do conselleiro de Medio Ambiente, previo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de xullo de mil novecientos noventa e oito,

DISPOÑO:

Artigo único.

Se modifica o apartado referente á «expedición de permisos de pesca nos cotos dependentes da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural», do anexo do Decreto 119/1994, de 28 de abril, que queda redactado como segue¹:

«a) Permiso de primeira categoría, válido para a pesca do salmón e demais especies: 1.500 ptas (9,02 €).

b) Permiso de segunda categoría, válido para a pesca de reo e demais especies excepto salmón: 1.000 ptas (6,01 €).

c) Permiso de terceira categoría, válido para a pesca da troita e demais especies excepto salmón e reo: 500 ptas (3,01 €.)

d) Permiso de cuarta categoría, válido para a pesca de ciprínidos e demais especies excepto salmónidos: 250 ptas. (1,50 €).

¹ Cantidades expresadas co equivalente en euros como consecuencia de súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

e) Permiso de quinta categoría, aqueles que a Administración poña a disposición dos concesionarios de aproveitamentos piscícolas para a súa venda ou distribución: gratuíto.

f) Permiso de pesca sen morte; válido para a práctica da pesca nos cotos de pesca sen morte: 250 ptas. (1,50 €).

g) Permiso de pesca intensiva: 750 ptas. (4,50 €).

Os permisos de segunda, terceira e cuarta categoría poderán ser de carácter gratuíto no caso de que fosen para concursos deportivos oficiais; e poderán se-lo tamén para entidades colaboradoras non concesionarias dun aproveitamento piscícola ou coas que exista convenio ou consorcio».

Disposición transitoria

O prezo do permiso de pesca intensiva se empezará a aplicar na tempada de pesca de 1999.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase ó conselleiro de Medio Ambiente para ditar las disposicións precisas para la aplicación de este decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

DECRETO 295/1994, DE 30 DE SETEMBRO, QUE REGULA O PREZO DAS ENTRADAS NOS MUSEOS E ARQUIVOS DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. (DOG Nº 199, DE 14 DE OUTUBRO DE 1994).

O Decreto 320/1992, DO 12 de novembro, fixou os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquiteiros e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica, de acordo co mandato establecido pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia¹.

O Real Decreto 496/1994, do 17 de marzo, modificou o artigo 22 do Regulamento dos museos de titularidade estatal no sentido de establecer un réxime de acceso ós ditos museos non discriminatorio para os cidadáns dos restantes estados membros da Unión Europea.

Sendo pois, necesario adapta-la regulamentación dos prezos públicos percibidos por entradas nos museos xestionados pola Comunidade Autónoma e nos de titularidade autonómica a estas condicións, por proposta do conselleiro de Cultura e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de setembro de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1.

O artigo 7 do Decreto 320/1992, de 12 de novembro, quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 7. Entradas.

1. Nos museos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade Autónoma se percibirá o prezo das entradas, durante as horas habitualmente establecidas, coas seguintes excepcións:

- a) Os menores de idade civil.
- b) Os maiores de sesenta e cinco anos o xubilados.
- c) Os membros das fundacións ou asociacións de amigos do museo correspondinte cando estas teñan concertada a exención coa a Administración titular do museo.
- d) O voluntariado cultural e educativo.

2. Prezos reducidos.

Terán dereito a redución do 50% no prezo da entrada ós museos ós que se

¹ A referencia se entende realizada á vixente Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240 do 11 de decembro de 2003)

refire o presente Decreto:

a) Os titulares de carné xove, carné de estudante ou seus correspondentes internacionais.

b) Os grupos, vinculados a institucións de carácter cultural ou educativo, constituídos por quince ou máis membros, previa solicitude de visita ante o responsable do museo, con unha antelación mínima de quince días.

3. Autorizacións especiais.

A Consellería de Cultura ou os directores dos museos poderán autorizar a entrada gratuíta ou con prezo reducido ás persoas ou grupos que o soliciten por motivos profesionais, de estudo ou de investigación.

4. Visita pública gratuíta.

Poderanse visitar gratuitamente os museos a que se refire este decreto nos seguintes días:

a) Os sábados dende as catorce trinta horas ata a hora de peche e os domingos dende a hora de apertura ata la hora de peche.

b) O día 18 de maio, Día Internacional dos Museos.

c) O día 25 de xullo, Día Nacional de Galicia.

d) O día 12 de outubro, Festa Nacional de España.

e) O día da Constitución Española».

Artigo 2.

O artigo 10 do citado decreto queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 10. Tarifas en museos.

Os prezos públicos se esixirán nos museos de titularidade autonómica e nos xestionados pola Comunidade de acordo coas seguintes tarifas:²

0.1. Entrada: 400 pesetas (2,40 €).

0.2. Copias.

0.2.1. Fotografía:

-Positiva 18 x 24: 250 pesetas (1,50 €).

-Negativa 24 x 30: 300 pesetas (1,80 €). ».

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este Decreto entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

² Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

DECRETO 219/2011, DE 17 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS PÚBLICOS E AS NORMAS DOS SERVIZOS DE REPRODUCCIÓN PRESTADOS NOS ARQUIVOS XESTIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu capítulo II o réxime xeral de xestión, recadación e recursos en materia de prezos públicos.

O artigo 47 da dita lei dispón que os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería da que dependa o órgano ou entidade oferente.

Por outra parte, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de arquivos de interese para Galicia, en virtude do disposto no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Mediante Convenio asinado o 5 de decembro de 1989 co Ministerio de Cultura (*Boletín Oficial del Estado* núm. 303 do 19 de decembro) a Comunidade Autónoma asumiu a xestión dos arquivos de titularidade estatal situados no seu territorio.

A rápida evolución das tecnoloxías en materia de reprodución, difusión e comunicación de documentos, as melloras no equipamento dos arquivos, así como a vontade de servizo público, determinan a necesidade de modificar o Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica, no relativo aos prezos públicos de arquivos, e de establecer as normas correspondentes á prestación dos servizos de reprodución.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura e Turismo, tralo informe da consellería competente en materia de facenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezasete de novembro de dous mil once,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este decreto ten por obxecto a fixación dos prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos de titularidade autonómica e nos de titularidade estatal xestionados pola Xunta de Galicia.

Artigo 2. Contías dos prezos públicos

Os prezos públicos dos servizos prestados en ou polos arquivos adscritos á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental quedan fixados nas contías sinaladas no anexo deste decreto.

Artigo 3. Reprodución

1. Constitúen o obxecto destes prezos públicos os servizos de reprodución de documentos por requirimento dos interesados con fins de uso persoal, de investigación ou comerciais.
2. Enténdese por reprodución o conxunto de procedementos para a obtención de copias de documentos realizados mediante calquera tecnoloxía e soporte.
3. Cando o destino das reproducións sexa a edición con fins de investigación deberá indicarse expresamente tal circunstancia e o título do proxecto. Neste caso, ademais das tarifas de reprodución, aboaranse as que se establecen no anexo para a edición con fins de investigación.
4. No caso de que o destino das reproducións sexa comercial, ademais das tarifas de reprodución, aboaranse as que se establecen no anexo para edición con fins comerciais.
5. No caso das entidades que formen parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e as entidades de dereito público dependentes ou que estean vinculadas a calquera deles, non estarán obrigadas ao pago do prezo.
6. No caso de institucións públicas ou sen ánimo de lucro aplicarase unha redución do 50%.
7. A partir de 10 unidades ou 10 minutos de imaxe móbil ou son aplicarase unha redución do 50%.

Artigo 4. Normas dos servizos de reprodución

1. As reproducións estarán suxeitas á lexislación sobre a propiedade intelectual e industrial e demais normativa vixente.
2. A obtención de reproducións fotográficas e dixitais dos fondos documentais non concede ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial.
3. A reprodución de fondos custodiados en réxime de depósito ou comodato aterase ao estipulado no correspondente contrato.
4. A utilización das reproducións deberá respectar a finalidade específica para a que foron concedidas. Calquera outro uso deberá ser autorizado expresamente.
5. O arquivo correspondente facilitará as reproducións dos documentos solicitados nos distintos formatos, unha vez autorizadas e tralo pagamento do prezo público. No seu caso, os gastos de envío serán de conta do solicitante, debendo aplicarse as correspondentes tarifas por remisión das reproducións.

6. Cando no arquivo xa existan copias dos documentos que se soliciten, utilizaranse estas para obter as novas reproducións; só se recorrerá aos orixinais, previa autorización da dirección do arquivo, cando a materia ou circunstancias da investigación o xustifiquen e o estado de conservación dos documentos o permita.

7. A prestación do servizo quedará condicionada ao estado de conservación e ás disponibilidades en medios técnicos e persoais. Por razóns de conservación dos fondos e/ou funcionamento do servizo de reprodución dos arquivos, a dirección do centro poderá determinar o sistema de reprodución a utilizar.

En atención a estes criterios, a dirección poderá autorizar que os usuarios realicen a reprodución de documentos polos seus propios medios, sempre e cando non se perturbe o normal funcionamento do centro.

8. A reprodución total ou parcial a realizar por persoal alleo ao arquivo farase nos termos previstos neste decreto, logo do informe favorable da dirección do arquivo, e estará suxeita as condicións de funcionamento do centro.

Artigo 5. Edición ou difusión das reproducións

1. A edición ou difusión por calquera medio de reproducións de documentos deberá indicar, obrigatoriamente e de forma correcta, a procedencia dos ditos documentos.

2. Deberase notificar á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental o número de exemplares de tirada da edición ou a situación nas redes informáticas, externas ou internas, non podendo exceder ese número ou cambiar a dirección nas redes baixo ningún concepto.

3. Da edición entregaranse o número de exemplares que a consellería estableza en cada caso.

Disposición adicional

A xestión, liquidación e recadación dos prezos públicos establecidos neste decreto axustarase ao disposto na normativa vixente.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto e, en particular, todo o relativo aos arquivos do Decreto 320/1992, do 12 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia nos arquivos e museos xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia e nos de titularidade autonómica.

Disposición derradeira primeira

Facúltase o titular da consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete de novembro de dous mil once.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

ANEXO
PREZOS PÚBLICOS DOS SERVIZOS DE REPRODUCCIÓN

A. PREZOS POR REPRODUCCIÓN

DIXITALIZACIÓN		
Tipo	Formato/Unidade	Prezo

FOTOCOPIAS			
Tipo	Formato /Unidade	Prezo B/N	Prezo Cor
Fotocopias / Impresión	Folla DIN A4	1,05 €	1,10 €
	Folla DIN A3	1,10 €	1,15 €
	Folla DIN A2	2,15€	-
	Folla DIN A1	2,20 €	-
	Folla DIN A0	2,25 €	-
Fotocopias dende o microfilme/microficha	Folla DIN A4	1,05 €	-
	Folla DIN A3	1,10 €	-
	Folla DIN A2	2,15 €	-
Copias dixitais	Cada rexistro ou páxina gravada		0,70 €
	Gravación de imaxes Polos primeiros 2.000 Kb.		0,70 €
	Seguintes fraccións de 100 Kb.		0,40 €
	Listado impreso, información textual.		
	Cada páxina		0,40 €
	<i>Compact Disk</i>		1,00 €
	DVD		2,00 €

MICROFORMAS		
Tipo	Formato	Prezo B/N
Microformas	Microfilme de 35 mm. Fotograma	1,05 €
	Microfilme de 16 mm. Fotograma	0,55 €
	Microficha	4,20 €

FOTOGRAFÍAS		
Tipo	Formato/ Unidade	Prezo B/N
Fotografías en positivo	13 x 18	2,00 €
	18 x 24	2,40 €
	24 x 30	2,90 €
	30 x 40	3,50 €
	40 x 50	4,20 €

**DECRETO 209/2011, DO 27 DE OUTUBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN AS
TARIFAS DOS SERVIZOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS
DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E NAS FUNDACIÓNS
PÚBLICAS SANITARIAS.**

O Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional da Saúde e o procedemento para a súa actualización, establece no seu anexo IX que, conforme ao previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade, na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, no artigo 2.7 deste real decreto e demais disposicións que resulten de aplicación, os servizos públicos de saúde reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación, nos seguintes supostos:

1. Asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado, Mutualidad General Judicial ou ao Instituto Social de las Fuerzas Armadas, que non fosen adscritos, a través do procedemento establecido, a recibir asistencia sanitaria do Sistema Nacional de la Salud.
2. Asegurados ou beneficiarios de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do Sistema de Seguridade Social, naquelas prestacións cuxa atención corresponda á empresa colaboradora conforme ao convenio ou concerto suscrito.
3. Accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo, do Instituto Nacional de la Seguridad Social ou do Instituto Social de la Marina.
4. Seguros obrigatorios.
5. Convenios ou concertos con outros organismos ou entidades.
6. Cidadáns estranxeiros, nos supostos previstos.
7. Outros obrigados ao pagamento:
 - a) Accidentes acaecidos con ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos en caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou de responsabilidade civil que cubra as contingencias derivadas destas actividades.
 - b) Seguro escolar.

c) Calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser a cargo das entidades ou terceiros correspondentes.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu capítulo II, do título II, o réxime xeral de xestión, recadación e recursos en materia de prezos públicos.

O artigo 47 da mencionada lei sinala que os prezos públicos serán fixados por decreto, a proposta da consellería da que dependa o órgano ou entidade ofertante. Por outra banda, hai que ter en conta que polo Decreto 16/1991 foron asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos do Instituto Nacional de la Salud.

Así mesmo, o artigo 76 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que lle corresponde á Consellería de Sanidade aprobar os módulos económicos para a prestación dos servizos propios, conveniados ou contratados do Servizo Galego de Saúde, así como a súa modificación.

En virtude do Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, de 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, os ingresos procedentes da prestación de servizos sanitarios por parte das fundacións teñen a consideración de ingresos de dereito público, polo que é necesario incluír os prezos dos servizos prestados polas fundacións sanitarias neste decreto.

Por tanto, é necesario actualizar as tarifas ao custe real dos servizos prestados, deixando sen efecto o Decreto 160/2010, do 23 de setembro, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

Na súa virtude, de conformidade co establecido na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, a proposta da Consellería de Sanidade, cos informe previos correspondentes e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de outubro de dous mil once,

DISPOÑO:

Artigo 1º. *Obxecto.*

1. Apróbanse as tarifas que figuran nos anexos I, II, III, IV, V e VI deste decreto, aplicables aos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos nos que, sendo

beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario.

Para a liquidación das tarifas contidas no anexo IV considéranse terceiros obrigados ao pagamento as compañías privadas de saúde naqueles supostos de transporte sanitario urxente de carácter vital cando o paciente, sexa ou non beneficiario da Seguridade Social, subscribíse voluntariamente unha póliza con esa compañía, excepto que nas condicións do contrato estivese expresamente excluído ese transporte.

Nos supostos de terceiros obrigados ao pagamento, por tratarse de gastos non financiados con ingresos da Seguridade Social (artigo 83 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade), cando o paciente non facilite os datos do terceiro obrigado para súa correcta facturación, o gasto asistencial será pola súa conta.

Prezo por persoa lesionada atendida.....206,00 €

C. Rehabilitación.

Prezo por día de rehabilitación.....20,00 €

A facturación farase por día de rehabilitación, independentemente do número de sesións que se practiquen no día que se factura.

D. Unidades de lesionados medulares e queimados.

Hospitalización en planta, prezo por estadía e día.....512,00 €

Hospitalización en UVI, prezo por estadía e día.....922,00 €

Estes prezos só serán de aplicación por aqueles hospitais que dispoñan respectivamente de unidades de lesionados medulares e de unidades de queimados.

E. Límite persoa que conduza vehículo único.

O importe da facturación das prestacións sanitarias no caso do condutor dun sinistro no que intervén un só vehículo non poderá ser superior a 6.480,00 €

F. Transporte sanitario.

O traslado da persoa lesionada facturarase de conformidade cos prezos:

<u>1. Servizos Programados:</u>	Fixo	Km
1.1 Individual.	34 €	0,53 €
1.2 Colectivo (rehabilitación, probas, consultas, etc.).	25 €	0,41 €
1.3 Traslado de críticos en UVI móbil.	274 €	0,94 €
<u>2. Servizos non Programados:</u>		
2.1. Individual convencional (altas hospitalarias).	39 €	0,53 €

Nos casos nos que se utilice transporte distinto ao propio da entidade xestora ou concertado por esta, será a entidade aseguradora a que se fará cargo do pagamento directo dos gastos de dito transporte, previa conformidade da aseguradora.

2. Tarifas de asistencia sanitaria a lesionados/as en accidentes de tráfico nos supostos recollidos no convenio suscrito entre a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, UNESPA e o Consorcio de Compensación de Seguros, para a atención de lesionados/as en accidentes de tráfico mediante servizos de emerxencias sanitarias.

A. Asistencia e traslado de urxencias no lugar do accidente.

Medios terrestres: módulo único para servizos urbanos e interurbanos

245,00 € euros por persoa lesionada trasladada ou atendida, calquera que sexa o tipo de unidade utilizada.

Medios aéreos: circunscritos ao ámbito da Comunidade Autónoma

2.672,00 € euros por saída e transporte (inclúe asistencia e transporte da primeira persoa lesionada).

B. Traslado asistido interhospitalario de persoas lesionadas en estado crítico.

Medios terrestres

Traslado medicalizado realizado entre centros hospitalarios situados dentro do mesmo termo municipal urbano:

229,00 € por persoa lesionada trasladada.

Traslado medicalizado realizado entre centros hospitalarios situados fóra do mesmo termo municipal urbano:

229,00 € por persoa lesionada trasladada + 2,17 euros/Km. percorrido.

Medios aéreos: circunscritos ao ámbito da Comunidade Autónoma

2.672,00 € por saída e transporte (inclúe asistencia da persoa lesionada).

ANEXO III

Prezos aplicables pola Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.

OFTALMOLOXÍA (conceptos por proceso ou unidade de lente).

Cirurgía refractiva: Láser excimer	920 €
Cirurgía refractiva: Láser excimer Zyoptics	1.122 €
Cirurgía do astigmatismo	920 €
Transplante de córnea	2.535 €
Vitrectomía tipo I	2.787 €
Vitrectomía tipo II	3.083 €
Implante de lente en vitrectomías	324 €
Desprendemento de retina.....	2.164 €
Contactoloxía médica Queratocono	153 €
Contactoloxía médica mixta	131 €
Contactoloxía refractiva esférica.....	77 €
Contactoloxía refractiva tórica.....	115 €
Contactoloxía terapéutica	92 €
Contactoloxía Clear Kone	220 €
Contactoloxía SynergEyes.....	220 €
Rehabilitacións visuais.....	420 €
Tratamento cirúrxico de cataratas.....	1.317 €
Ecografía-biomicroscopia ultrasónica	153 €
Microscopía confocal	102 €
Análise topográfica corneal (Videoqueratoscopio-Orbiscan II)	92 €
Láser Yag.....	153 €
Anxiografía.....	162 €
Consultoría de casos complicados.....	128 €
Retinose pigmentaria	496 €
Terapia de fotodinámica (láser terapia).....	2.270 €

ANEXO IV

Prezos aplicables pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

1. Servizos primarios.

Ambulancia	150,53 € por lesionado.
Ambulancia asistencial	277,34 € por lesionado.
Ambulancia medicalizada	873,26 € por lesionado.
Helicóptero medicalizado.....	7.758,27 € por lesionado.

2. Servizos secundarios.

Ambulancia asistencial .. 333,01 € por persoa lesionada.
(No caso de servizos interurbanos, engadiranse 1,65 € por km. percorrido).

Ambulancia medicalizada 928,93 € por persoa lesionada.
(No caso de servizos interurbanos, engadiranse 3,61 € por km. percorrido).

Helicóptero medicalizado...7.813,95 € por persoa lesionada.

3. Dispositivos de risco previsible.

Coordinación	421,68 €
DUE	230,94 € por hora.
Médico/a	318,58 € por hora.
Ambulancia medicalizada	873,26 € por hora.
Ambulancia asistencial	277,34 € por hora.

ANEXO V

Prezos aplicables pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

A. TARIFAS

1) Medicina Molecular:

MM.P1 – Translocacións e inversións: 230,00 €

MM.P2 – Reordenamentos: 172,00 €

MM.P3 – Secuenciación.

I. MM.P3A – ata 4 secuencias: 138,00 €

II. MM.P3B – De 5 a 20 secuencias: 460,00 €

III. MM.P3C – De 21 a 50 secuencias: 920,00 €

IV. MM.P3D – máis de 50 secuencias: 1.380,00 €

MM.P4 – Análise de mutacións puntuais: 69,00 €

MM.P5 – Análise de microsátélites: 285,00 €

MM.P6 – Análise de ligamento: 400,00 €

MM.P7 – Cuantificación de ADN/ARN: 230,00 €

MM.P8 – Dose xénica: 248,00 €

MM.P9 – Expansións de tripletes de nucleótidos (mutacións dinámicas):

I. MM.P9A – Ataxias espinocerebelosas por expansión:
552,00 €

II. MM.P9B – Resto de expansións de tripletes de nucleótidos:
276,00 €

MM.P10 – Arrays.

I. Xenoma completo: 750,00 €

MM.P11 – Almacenamento e conservación de mostras de ADN:

27,00 €

MM.P12 – Análise dun familiar adicional a un estudo previo
realizado: 115,00 €

MM.P13 – Western Blot: 276,00 €

MM.P14 – QF-PCR aneuploidías diagnóstico prenatal: 100,00 €

MM.P15 – Suplemento de análise por mostra de diagnose prenatal:
100,00 €

2) Citoxenética

C.P0 – Cariotipo constitucional en sangue periférica: 115,00 €

Citoxenética - Oncohematolóxica

C.P1 – Estudo citoxenético: 115,00 €

C.P2 – Estudo de HIS: 115,00 €

C.P3 – Estudo citoxenético e de HIS: 218,00 €

C.P4 – Estudos varios de HIS:

- Triplo: 225,00 €
- Cuádruple: 264,00 €

- Séxtuple: 300,00 €

C.P6 – Test de Mitomicina para anemia de Fanconi: 230,00 €

Citoxénética – Diagnose Prenatal

C.P7 – Cariotipo prenatal.

I. C.P6A – Sangue fetal: 126,00 €

II. C.P6B – Líquido Amniótico: 172,00 €

III. C.P6C – Vellosidade Corial: 230,00 €

C.P8 – Estudo de HIS prenatal (CATCH22): 115,00 €

3) Batería de xenotipado.

F.P1 – Batería de SNP de farmacoxenética.

I. F.P1A – Ata 5 SNP: 69,00 €

II. F.P1B – De 6 a 20 SNP: 172,00 €

III. F.P1C – De 21 a 100 SNP: 230,00 €

IV. F.P1D – Máis de 100 SNP: segundo orzamento.

F.P2 – Batería de xenotipado para cribado de fibrose cística 250,00 €

4) Consello Xenético

CG.P1 – 1ª Consulta: 230,00 €

CG.P2 – 2ª Consulta ou sucesivas: 115,00 €

B. RELACIÓN NON EXHAUSTIVA DE PATOLOXÍAS E XENES ANALIZADOS EN CADA PROCESO

1) Medicina Molecular:

MM.P1 – Translocacións e inversións.

Patoloxía	LOCUS
Inversión inv(16).	CBFB/MYH11
Translocación t(1;19).	E2A/PBX1
Translocación t(11;14).	IgH/BCL1
Translocación t(11;19).	MLL/ELL
Translocación t(12;21).	TEL/AML
Translocación t(14;18).	IgH/BCL2
Translocación t(15;17).	PML/RARa
Translocación t(2;5).	NPM/ALK
Translocación t(4;11).	MLL/AF4
Translocación t(5;12).	TEL/PDGFRB
Translocación t(8;21).	AML1/ETO
Translocación t(9;22).	BCR/ABL
Xene de fusión.	FIP1L1/PDGFR

MM.P2 – Reordenamentos.

Patoloxía	LOCUS
Reordenamento células B.	IgH
Reordenamento células T.	TCR

MM.P3 – **Secuenciación.**

I. MM.P3A – **Ata 4 secuencias.**

Patoloxía	LOCUS
Leber / MELAS / MERFF / NARP.	
Acondroplasia.	FGFR3
Alzheimer familiar, enfermidade de (AD1).	Demencia APP
Antitrombina Cambridge.	SREPINC1
Berardinelli tipo 1, síndrome de	AGPAT2
Beta-talasemia.	HBB
Crouzon con AN.	FGPR-3
Ectopia lentis illada.	FBN1
Feminización testicular.	SRY
Febre periódica asociada a TNF-alfa, síndrome de.	TNFRSF1A
Febre periódica con Hiper IgD.	MVK
Hipercolesterolemia autosómica dominante tipo B.	APOB
Hipocondroplasia.	FGFR3
Hipolactasia de adulto.	2q21-22
Leucemia mieloide aguda.	FLT3
Leucemia mieloide aguda.	KIT
Leucemia mieloide aguda.	NPM1
Leucemia mieloide crónica (mutacións ABL).	ABL
Lipodistrofia parcial familiar tipo Dunningam.	LMNA
Mastocitose.	KIT
Oncoxén BRAF.	BRAF
Oncoxén K-RAS.	KRAS
Parkinson, enfermidade (PARK8)(Dardarina).	LRRK2
Pseudoacondroplasia.	COMP
Polineuropatía amiloide familiar.	TTR
S.mieloproliferativo.	MPL/JAK2

II. MM.P3B – De 5 a 20 secuencias.

Patoloxía	LOCUS
Ataxia con apraxia oculomotora (AOA1).	APTX
Berardinelli, síndrome de tipo 2	BSCL2
BPES, síndrome.	FOXL2
Cadea media acyl-CoA deshidroxenada, déficit de.	ACADM
Carney, síndrome de.	PRKAR1A
Charcot-Marie Tooth axonal panel 2	MPZ/GJB1
Charcot-Marie Tooth axonal panel 3	GJB1, NEFL
Charcot-Marie-Tooth desmielinizante panel 1	MPZ,GJB1
Charcot-Marie-Tooth desmielinizante panel 2	PMP22/NEFL
Condrodisplasia tipo Schmid.	Col10a1
Creutzfeldt-Jacob, enfermidade de.	PRNP
Deficiencia mesturada de hormonas hipofisarias.	PROP1/POU1F1
Déficit de 17 alfa-hidroxilasa /17,20 desmolasa.	CYP17
Déficit de 21-hidroxilasa*.	CYP21A2
Déficit de 3 beta-hidroxiesteroide deshidroxenasa.	HSDB3
Déficit de Alfa-1 antitripsina.	SERPINA 1
Déficit de fructosa 1,6 bifosfatasa.	FBP1
Déficit de IGF1	IGF1
Déficit de GLUT1	SLC2A1
Diabetes insípida, neurohipofisaria	AVP
Displasia acromesomélica tipo Maroteaux.	NPR2
Displasia epifisaria múltiple dominante.	COMP
Displasia epifisaria múltiple recesiva.	SLC26A2
Displasia septoóptica	HESX1
Distonía con resposta á dopa (DYT5).	GCH1
Distonía mioclónica (DYT11).	SGCE
Enanismo hipofisario.	GH1
Esclerose lateral amiotrófica (ALS1).	SOD1
Febre mediterránea familiar.	MEFV
Febre periódica asociada a TNF-alfa, síndrome de	TNFRSF1A
Fibrose cística.	CFTR
Hemacromatose tipo 4.	SLC40A1
Hipofosfatemia (raquitismo hipofosfatémico).	PHEX
Hemofilia A*.	FVIII
Hipogonadismo hipogonadotropo.	GNRHR
Hiperinsulinismo conxénito HHF3 e HHF6.	GCK/GLUD1
Hipoplasia adrenal conxénita.	DAX1

Patoloxía	LOCUS
IPEX, síndrome.	FOXP3
Leri-Weill, síndrome de.	SHOX
Li-Fraumeni, síndrome de (LFS).	P53
Linfoproliferativo autoinmune, síndrome (Canale-Smith).	FAS
Lipodistrofia parcial familiar tipo Dunningam	LMNA
Melanoma-maligno	CDK4
Melanoma-maligno, Melanoma-astrocitoma, Melanoma- cancro de páncreas.	CDKN2A
Miopatía por déficit de mioadenilato deaminasa.	AMPD1
MODY2.	GCK
MODY3.	HNFF1A
Neoplasia endocrina múltiple Tipo 1(MEN1)*.	MENINA
Neoplasia endocrina múltiple Tipo 2(MEN2).	RET
Neuroacantocitosis fenotipo McLeod.	XK
Neurodexeneración asociada a pantotenato kinasa.	PANK2
Neuropatía tomacular.	PMP22
Neutropenia cíclica / Neutropenia conxénita.	ELA2
Parálise periódica familiar (- <i>análise parcial</i> -).	CACNA1S,SCN4A
Parkinson familiar dominante (PARK1).	SNCA
Peutz-Jeghers, síndrome de.	STK11/LKB11*
Predisposición rabdoibe, síndrome de	INI1
Pseudohermafroditismo masculino.	SRD5A2
Raquitismo Hipofosfatémico A.D	FGF23
Pseudocondroplasia	COMP
Resistencia a hormona tiroidea.	THRB
Rett, síndrome de.	MECP2
Sordeira non sindrómica autosómica recesiva.	GJB2
Townes-Brocks, síndrome de.	SALL1
Von Hippel-Lindau, síndrome de (VHL)*.	VHL
Xantomatose cerebrotendinosa.	CYP271A

III. MM.P3C – De 21 a 50 secuencias.

Patoloxía	LOCUS
Alzheimer familiar, enfermidade de (AD3 e AD4).	PSEN1, PSEN2
BIRT-HOGG-DUBE, síndrome.	BHD
CADASIL.	NOTCH3
Cancro de colon hereditario non polipósico (Lynch, síndrome de)*.	MLH1
Cancro de colon hereditario non polipósico (Lynch, síndrome de)*.	MSH2
Cancro de colon hereditario non polipósico (Lynch, síndrome de)*.	MSH6
Cancro de colon hereditario non polipósico (Lynch, síndrome de)*.	PMS2
Cancro gástrico hereditario de tipo difuso.	CDH1
Carcinoma renal papilar hereditario.	MET
Charcot-Marie Tooth axonal panel 1.	MFN2
Charcot-Marie Tooth axonal panel 4.	HSPB1/HSPB8/RAB7
Charcot-Marie Tooth demielinizante panel 3.	EGR2/LITAF/GDAP1
Cowden, Bannayan-Riley-Ruvalcaba, Proteus, Proteus-like, síndrome de.	PTEN
Déficit de 11 beta-hidroxilasa.	CYP11B1
Déficit de aldosterona.	CYP11B2
Demencia frontotemporal (DFTP).	MAPT/GRN
Distonía mioclónica (DYT11)	SGCE
Distonía Parkinson de inicio rápido (DYT12).	ATP1A3
Gorlin, síndrome de.	PTCH1
Hipogluceemia leucin-sensible.	GLUD1
Holoprosencefalia.	HPE1
Ictiose Lamelar Tipo I.	TGM1
Insensibilidade aos andróxenos, síndrome de.	AR
Kallmann, síndrome de.	KAL1
Laron, síndrome de.	RGH
Leri-Weill, síndrome de	SHOX
McCunne-Albright, síndrome de.	GNAS1
Mowat-Wilson, síndrome.	ZEB2
Noonan, síndrome de (NS1).	PTPN11,SOD1, RAF1, KRAS
Osteocondrose múltiple.	EXT1, EXT2
Paraganglioma familiar.	SDHB/SDHD
Paraparesia espástica hereditaria.	SPG4/SPG3

Patoloxía	LOCUS
Parkinson xuvenil recesivo (PARK2) *.	PARK2
Poliglandular autoinmune síndrome tipo 1.	AIRE
Poliposes múltiple.	MYH
Pseudohipoparatiroidismo.	GNAS1
Raquitismo hipofosfatémico	PHEX
Telangiectasia hereditaria familiar	ENG/ACVRL1
Triple A, síndrome.	AAAS
Trombocitopenia amegacariocítica conxénita.	MPL
Wilson, enfermidade de.	ATP7B

IV. MM.P3D – Máis de 50 secuencias.

Patoloxía	LOCUS
Cancro de mama / ovario familiar *.	BRCA1
Cancro de mama / ovario familiar *.	BRCA2
Hiperinsulinismo conxénito HHF1 e HHF2.	ABCC8-KCNJ11
Polipose adenomatosa familiar (FAP) *.	APC
Retinoblastoma *.	RB1

*** inclúe análise de grandes reordenamentos xénicos.**

MM.P4 – Análise de mutacións puntuais.

Patoloxía	LOCUS
Acromegalia (deleción exón 3 RGH)	RGH
ApoE.	APOE
Distonía de torsión (DYT1).	TOR1A
Factor II de coagulación.	FII
Factor V Leiden.	FV
Gilbert, enfermidade de.	UGT1A1
Hemocromatose tipo 1.	HFE
Hiperaldosteronismo suprimible con glicocorticoides tipo 1.	CYP11B1/CYP11B2
McCunne-Albright, síndrome de.	GNAS1
Metilentetrahidrofolatoreductasa en trombofilia.	MTHFR

MM.P5 – Análise de microsatélites.

Patoloxía	LOCUS
Cromosoma Y.	
Disomía uniparental.	
Inestabilidade de microsatélites.	
Quimerismo.	
Williams, síndrome de.	7q11.23

MM.P6 – Análise de ligamento.

Patoloxía	LOCUS
Policistose renal autosómica recesiva (ligamento).	ARPKP

MM.P7 – Cuantificación de ADN/ARN.

Patoloxía	LOCUS
Policitemia vera /síndrome mieloproliferativo.	JAK2

MM.P8 – Dose xénica.

Patoloxía	LOCUS
Alfa-talasemia.	HBA1 / HBA2
Charcot-Marie-Tooth Tipo 1A.	17p11.2
Neuropatía tomacular.	17p11.2
Parkinson dominante con corpos de Lewy (PARK4).	SNCA
Análise MLPA	-

MM.P9 – Expansións de tripletes de nucleótidos (mutacións dinámicas).

I. MM.P9A- Ataxias espinocerebelosas por expansión

Patoloxía	LOCUS
Ataxias espinocerebelosas por expansión (SCA1/2/3/6/7/12/17).	ATXN1/2/7, MJD1,CACNA1A,TBP

II. MM.P9B – Resto de expansións de tripletes de nucleótidos

Patoloxía	LOCUS
Ataxia de Friedreich.	FXN
Huntington, enfermidade de.	HD
Distrofia muscular oculofarínxea (OPMD).	PABPN1
Kennedy, enfermidade de.	AR
Steinert, enfermidade de.	DM1

2) Citoxenética

Citoxenética-oncohematolóxica.

C.P1 – Estudio citoxenético.

- Leucemia aguda mielobásica.
- Síndromes mielodisplásicos.
- Síndromes mieloproliferativos.
- Síndromes linfoproliferativos crónicas B e T.
- Linfoma no Hodgkin.
- Mieloma múltiple.

C.P2 – Estudio de HIS.

Análise de translocacións e inversións	t(4;14)– t(8;21)– t(9;22)– t (11;14)- t(14,16)-t(14,18)– t(15,17)- ALK-BCL2- BCL 6-INV.16- MALT- Rb-TCR-p16 - CHOP - ETV6(12p13) - EVI1 (3q26) – FGFR1 – FUS - MYC – PDGFRa – PDGFRb, TCF3(19p13)-SIL-TAL(1p32) – 11q13 – 11q22 – 11q23–14q32–17p13.
Análise de rexións xenómicas con deleción	8p21;1q21;5q31; 6q21; 7q22;7q35; 13q13q34; 20q12;del9q22; Centromérica 12; Centromérica 8; Centromérica 3
Alteracións cromosómicas numéricas mediante sondas centroméricas para calquera cromosoma.	
Alteracións citoxenéticas estruturais mediante pintado cromosómico.	
Smith Magenis	RAI1

3) Farmacoxenética

F.P1D – Máis de 100 SNP.

Análise farmacoxenética en tratamento de cancro.
Análise farmacoxenética en tratamento de enfermidades psiquiátricas.

ANEXO VI

Prezos aplicables pola Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

A.- POR SERVICIOS HEMOTERÁPICOS.

DESCRICIÓN	Tarifa €
Concentrado de hemacias leucodeplecionadas	119,14
Pool plaquetas Buffy Coat desleucocitadas (5 unidades).	254,94
Plaquetas de aférese desleucocitadas.	307,22
Plasma fresco conxelado tratado con azul de metileno.	60,72
Fenotipo de grupos distintos ABO e D (suplemento que se engadirá a cada compoñente por cada antíxeno fenotipado).	11,10
Irradiación gamma de compoñentes sanguíneos (aplícase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de irradiación).	30,74
Inactivación de patóxenos nas plaquetas (aplícase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de inactivación).	143,86
Alicuotado de compoñentes sanguíneos (aplícase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de alicuotado).	33,85
Concentrado de hemacias lavados (aplícase como un suplemento que se engadirá á tarifa de cada compoñente sometido a proceso de lavado).	137,51

B.- POR PROBAS ANALÍTICAS.

DESCRICIÓN	Tarifa €
Antíxeno de superficie de hepatite B (HBsAx)	5,91
Anti-HBc Total (IgG + IgM) Core	11,82
Anti HBc (IgM)	12,55
Confirmatorio VHB (neutralización)	22,14
Anticorpos hepatite C (Anti-VHC)	11,82
Confirmatorio VHC (imunoblotting)	66,41
Anticorpos anti VIH 1+2	7,38

DESCRIPCIÓN	Tarifa €
Antíxeno VIH (p24 ELISA)	29,51
Seroloxía luética	2,17
Confirmatorio VIH (imunoblotting)	51,64
Anticorpos HTLV I e II	10,32
Anticorpos CMV (IgG + IgM)	11,06
Seroloxía Chagas	7,68
Marcadores hepatite B (HbsAx, HbcAx, Anti Hbc, Anti HBs)	36,89
Seroloxía doadores (HbsAx, Anti VIH, Anti VHC, lues)	23,61
Tipaxe ABO e Rh	5,54
Escrutinio de anticorpos irregulares	8,11
Escrutinio e identificación de anticorpos irregulares	15,47
Fenotipo eritrocitario	32,99
Estudo de aloinmunización	54,64
Proba cruzada transfusional por unidade	8,10
Estudo anemias hemolíticas	73,78
Citometría de fluxo, por marcador	18,56
Cultivos celulares con cuantificación e identificación de colonias	103,10
Ciclo ADN	58,11
Selección positiva de precursores hematopoiéticos	5.434,51
Selección negativa de precursores hematopoiéticos	2.737,28
Monoclonal adicional en selección negativa de precursores hematopoiéticos	677,02
Xenotipo eritrocitario que inclúe as seguintes determinacións: ABO, RhD, RhCE, Kell, Kidd, Duffy, MNS, Diego, Dombrock e Colton, Antíxenos plaquetares HPA	330,03
Proba de compatibilidade para plaquetas	27,85
Tipaxe serolóxica HLA-A + HLA-B	180,00
Tipaxe HLA-A baixa resolución	50,00
Tipaxe HLA-B baixa resolución	50,00
Tipaxe HLA-Cw baixa resolución	50,00

DESCRIPCIÓN	Tarifa €
Tipaxe HLA + HLA – B baixa resolución	90,00
Tipaxe HLA-A + HLA-B + HLA-Cw baixa resolución	145,00
Tipaxe HLA DRB1 baixa resolución	170,00
Tipaxe HLA DQB1 baixa resolución	50,00
Tipaxe HLA-A alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-B alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-Cw alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-A + HLA-B alta resolución	270,00
Tipaxe HLA-A +HLA-B + HLA-Cw alta resolución	400,00
Tipaxe HLA-DRB1 alta resolución	270,00
Tipaxe HLA-DQB1 alta resolución	150,00
Tipaxe HLA- DRB3/4/5 alta resolución	150,00
Tipaxe HLA- DPB1 alta resolución	150,00
Tipaxe HLA- DQA1 alta resolución	154,65
Tipaxe HLA- DRB1 + HLA-DQB1 alta resolución	290,00
Tipaxe HLA-DRB1 + HLA-DRB3/4/5 alta resolución	290,00
Tipaxe HLA-DRB1 + HLA-DQB1 + DRB3/4/5 alta resolución	400,00
Extracción de mostra de sangue de doador de medula ósea	200,00
Estudo de aloinmunización contra antígenos plaquetares (HPA + HLA))	402,09
NAT (PCR VIH + VHC + VHB)	154,65

C.- CRIOPRESERVACIÓN.

DESCRIPCIÓN	Tarifa €
Concentrado de hemacias criopreservadas	590,26
Criopreservación de proxenitores hematopoiéticos	813,67
Plaquetas criopreservadas	993,30
Subministro de células criopreservadas	206,20

D.- SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL.

DESCRICIÓN	Tarifa €
Reserva unidade de sangue de cordón umbilical	1.430,00
Unidade de sangue de cordón umbilical	23.000,00
Desconxelación e control de proxenitores hematopoiéticos de cordón umbilical	670,15

**DECRETO 123/1985, DE 2 DE MAIO, POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
(DOG Nº 126 DE 3 DE XULLO DE 1985).**

Conforme ó artigo 44 do Estatuto de Autonomía, a facenda da Comunidade Autónoma constitúese, entre outros rendementos polos ingresos de dereito privado, ben consistan estes en froitos, rendas e intereses de bens e dereitos patrimoniais, ben en rendementos e ingresos de servizos e actividades que non teñan natureza tributaria.

Pola súa parte, a Lei orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas no seu artigo cuarto se pronuncia en idéntico sentido.

O artigo 18 da Lei 1/1985, de 10 de xaneiro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, ademais de conter o concepto do que ha de entenderse por prezo público, establece que a Xunta fixará os que deban de ser exixibles pola Administración Autonómica.

Na súa virtude, en cumprimento do disposto no citado artigo 18 da Lei 1/1985, de 10 de xaneiro (citada), a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda e previa deliberación do Consello da Xunta en reunión do día dous de maio de mil novecentos oitenta e cinco, dispoño:

Artículo único.

As tarifas exixibles polos prezos públicos a que se refire o artigo 18 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1985, de 10 de xaneiro de Presupostos Xerais de la Comunidade Autónoma de Galicia para 1985 son as que se fixan nos anexos de este Decreto.

Disposición final.

O presente Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

(...)

**ANEXO 2
Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas**

(...)

Servizo: prestación de maquinaria a entidades locais.

Tipo de maquinaria	Tarifa en Ptas./hora ¹
Bulldózer	1.420 (8,50 €)
Pala cargadora de neumáticos	1.220 (7,32 €)
Pala cargadora de cadenas	1.340 (8,04 €)
Retroexcavadora	1.240 (7,38 €)
Motoniveladora	1.700 (10,22 €)
Rodillo compactador	985 (5,92 €)

A utilización desta maquinaria implicará, ademais, o pagamento das dietas que teña dereito a percibi-lo persoal adscrito ós servizos e encargado do seu mantemento e operación. Este importe será o fixado pola normativa vixente en cada momento.

ANEXO 3

Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración

Secretaría Xeral Técnica

Servizo: Lecer

Estadía e mantenza de residentes:

Temporada baixa-media..... 1000 ptas./día (6,01 €)

Temporada Alta..... 1.500 ptas/día (9,01 €)

Servizo de comedor:

Abonamento semanal.....6.000 ptas/día (36,06 €)

Abonamento diario.....950 ptas/día (5,70 €)

Xantar.....550 ptas/día (3,30 €)

Cea.....400 ptas/día (2,40 €)

Almorzo.....100 ptas/día (0.60 €)

Estadía: descontos

Nenos ata 12 anos: 50% da estadía.

Maiores de 60 anos, en temporada baixa e media: 10% de desconto.

¹ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

Comedor: recargos:

Abonamento diario, almorzo, comida e cea os sábados, domingos e festivos: 10% de incremento.

Dirección General de Seguridad Social e Servizos Sociais.

Servizos: Centros Sociais.

I. Residencias de anciáns. (Nosa Señora.dos Miragres e a Miragrosa).

1. Os que perciban a pensión asistencial regulada no R. D. 2620/1981, de 24 de xullo , pensións do F.A.S., aboarán o 50 por cento da cantidade que perciban, excepto as pagas extraordinarias da pensión que quedarán integramente a disposición de seus perceptores.

2. Os que reciban outras pensións, rendas de bens ou calquera outro tipo de ingresos, aboarán o 75 % das cantidades que perciban, excepto das pagas extraordinarias das pensións que quedarán integramente a disposición dos seus perceptores.

3. Cando os dous cónxuxes dun matrimonio sexan beneficiarios nestas residencias, a cota que deban aboar se fixará individualmente de acordo cos ingresos de cada un deles.

4. En ningún caso, a cota a satisfacer poderá ser superior ao custe da praza, sendo este o máximo a aboar en todos os supostos.

II. Centros de atención especializada a minusválidos psíquicos. (Santiago Apóstolo.)

1. Cando os minusválidos estean acollidos nos centros en réxime de internado aboarán a cantidade de 10.000 ptas. mensuais².(60,10 €)

2. Se os beneficiarios están atendidos en réxime de media pensión aboarán 4.830 ptas. (29.,05 €) mensuais.

3. Sobre estas cantidades se aplicarán as exencións totais e parciais de acordo co procedemento para a aplicación da tarifa de prezos.

4. Os minusválidos atendidos tanto en réxime de internado, como de media pensión aboarán a aportación económica establecida para os beneficiarios da Seguridade Social, así como calquera outra pensión, beca ou axuda que reciban para finalidades que inclúan expresamente a asistencia especializada.

5. Os beneficiarios internos e medio pensionistas que perciban as pensións

² Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia de súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

asistenciais reguladas no R. D. 2620/1981, de 24 de xullo (citado), aboarán as dúas terceiras partes do seu importe, sen que en ningún caso, superen las tarifas base establecidas nos anteriores apartados 1 e 2. As dúas mensualidades que con carácter extraordinario se conceden nos meses de xullo e decembro se percibirán integramente polos interesados.

6. Os beneficiarios internos e medio pensionistas que perciban o subsidio de garantía de ingresos mínimos previsto na disposición adicional terceira do R. D. 383/1984, de 1 de febreiro, que regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/82, de 7 de abril, de integración social do minusválido (LISMI); igual que no apartado anterior.

III. Clubs de anciáns.

1. Os que perciban a pensión asistencial regulada no R. D. 2620/81, de 24 de xullo aboarán a cantidade de 2.500 ptas. (15,03 €) ó mes.

2. Os que perciban outras pensións, rendas de bens ou calquera tipo de ingresos, aboarán a cantidade de 5.000 ptas. (30,05 €) ó mes

IV. Garderías infantís e xardíns maternais.

O prezo destes servizos será de 5.000 ptas. (30,05 €) al mes, sobre este prezo se aplicarán as exencións totais e parciais de acordo co procedemento para a aplicación da tarifa de prezos.

V. Residencias e fogar de xoves.

O prezo destes servizos será de 10.000 ptas. (60,10 €) ao mes, sobre este prezo se aplicarán as exencións totais e parciais de acordo co procedemento para a aplicación da tarifa de prezos.

Os beneficiarios internos aboarán a beca ou axuda que reciban para finalidades que inclúen a asistencia que reciben nos centros.

Procedimientos para la aplicación de la tarifa de precios.

Para a determinación da tarifa que corresponde a cada solicitante dunha praza se terá en consideración a renda per cápita mensual da seguinte forma:

A) Centros de atención especializada a minusválidos psíquicos.

a.1º Internado.

Menos de 15.000 ptas. (90,15 €), exento total.

De 15.000 a 20.000 ptas. (90,15 € a 120,19 €), 25 % tarifa, 2.500 ptas.(15,03 €).

De 20 000 a 25.000 ptas. (120,20 € a 150,25 €), 50 % tarifa, 5.000 ptas. (30,05 €).

De 25.000 (150,25 €) en adelante, total tarifa, 10.000 ptas. (60,10 €).

a.2. Media pensión.

Menos de 15.000 ptas. (90,15 €), exento total.

De 15.000 a 20.000 ptas.(90,15 € a 120,19 €), 25 % tarifa, 1.207 ptas.(7,25 €)

De 20.000 a 25.000 ptas. (120,20 € a 150,25 €), 50 % tarifa, 2.415 ptas.(14,51 €).

De 25.000 (150,25 €) en adelante, total tarifa, 4.830 ptas.(29,05 €).

B) Residencias e fogares de xoves.

Menos de 15.000 ptas., exento total.

De 15.000 a 20.000 ptas., 25 % tarifa, 2.500 ptas. .(15,023€).

De 20.000 a 25.000 ptas., 50 % tarifa, 5.000 ptas. .(30,05 €).

De 25.000 en adelante, total tarifa, 10.000 ptas. .(60,10 €).

C) Garderías infantís e xardíns maternais.

Menos de 10.000 ptas . .(60,10 €), exento total.

De 10.000 ptas. a 12.000 ptas. 10 % tarifa, 500 pesetas. .(3,00€).

De 12.000 ptas. a 15.000 ptas. 20 % tarifa, 1.000 pesetas. .(6,01€).

De 15.000 ptas. a 17.000 ptas., 30 % tarifa, 1.500 pesetas. .(9,02€).

De 17.000 ptas. a 20.000 ptas. 40 % tarifa, 2.000 pesetas. .(12,02€).

De 20.000 ptas. a 25.000 ptas. 50 % tarifa, 2.500 pesetas. .(15,023€).

De 25.000 en adelante, 100 % tarifa, 5.000 ptas. .(30,05 €).

A renda per capita a ter en conta obtén-se da suma dos ingresos totais da unidade familiar, divididos polo número de membros.

ANEXO 4

Consellería de Agricultura, Pesca y Alimentación

Centro Galego de Tecnología Agraria e Pesqueira.

Venda de produtos:

-Leite: precio mínimo sinalado pola normativa vixente.

-Gando vivo para carne: cotización de mercado nacional e lonxas oficiais.

(...)

Dirección Xeral Do Forestal e do medio ambiente Natural

a)Servicio forestal

a.1) Madeira: venda en subasta, con precio dependendo da súa calidade e dimensións

DECRETO 8/1993, DE 19 DE XANEIRO, QUE REGULA OS PREZOS PERCIBIDOS POLO LABORATORIO OFICIAL DE CONTRASTACIÓN DE METAIS PRECIOSOS, LABORATORIO REXIONAL DE MEDIO AMBIENTE INDUSTRIAL E A REALIZACIÓN DE COPIAS DE PLANOS DE DEMARCAÇÃO DE DEREITOS MINEIROS.

(DOG Nº 20 DE 1 DE FEBREIRO DE 1993)

Artigo 1.º Obxecto.

O presente decreto ten por obxecto a fixación dos prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia no *Laboratorio de Contrastación de Obxectos de Metais Preciosos*¹ e no Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial, *así como pola realización de copias de planos de demarcación de dereitos mineiros*².

Art. 2.º *Prezos públicos percibidos polo Laboratorio de Contrastación de Obxectos de Metais Preciosos.*³

(...)

Art. 3.º *Prezos públicos percibidos no Laboratorio Rexional do Medio Ambiente Industrial.*

1. Son a contraprestación percibida pola realización do análise dos distintos contaminantes contidos nos vertidos hídricos da industria galega, concretamente os parámetros recollidos na táboa do anexo ó título IV do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real Decreto 449/1986, de 11 abril.

2. Os prezos públicos esixiranse acorde coas tarifas que se conteñen na seguinte táboa⁴:

(...)

Art. 4.º *Prezo público pola realización de copias de planos de demarcación de dereitos mineiros.*⁵

(...)

¹ Debe entenderse non aplicable desde a entrada en vigor da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

² Debe entenderse non aplicable desde a entrada en vigor da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras de la Comunidade Autónoma de Galicia.

³ Debe entenderse non aplicable desde a entrada en vigor da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras de la Comunidade Autónoma de Galicia.

⁴ Tabula modificada polo artigo único do Decreto 297/1995, de 16 de novembro, polo que se modifica o Decreto 8/1993, de 19 de xaneiro, polo que se fixan os prezos públicos que percibirá a Xunta de Galicia no Laboratorio Oficial de Contrastación de Metais Preciosos, Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial e pola realización de copias de planos de demarcación de dereitos mineiros. (DOG nº 225 de 23 de novembro de 1995).

⁵ Debe entenderse non aplicable desde a entrada en vigor da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos y exaccións reguladoras de la Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional.

A xestión, liquidación e recadación dos prezos públicos establecidos neste decreto axustarase ó disposto no *Decreto 172/1992, de 26 xuño*.⁶

Disposición final.

Este Decreto entrará en vigor el día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

⁶ A referencia debe entenderse feita ó Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 71 de 14 de abril de 2005).

**DECRETO 297/1995, DO 16 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE MODIFICA O
DECRETO 8/1993, DO 19 DE XANEIRO, POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS
PÚBLICOS QUE PERCIBIRÁ A XUNTA DE GALICIA NO LABORATORIO
OFICIAL DE CONTRASTACIÓN DE METAIS PRECIOSOS, LABORATORIO
REXIONAL DE MEDIO AMBIENTE INDUSTRIAL E POLA REALIZACIÓN DE
COPIAS DE PLANOS DE DEMARCACIÓN DE DEREITOS MINEIROS.
(DOG Nº 225, DE 23 DE NOVEMBRO DE 1995).**

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece, no capítulo segundo do seu título II, o réxime xeral de xestión, recadación e recursos en materia de prezos públicos¹.

O artigo 12 da devandita lei sinala igualmente que os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería de que dependa o órgano ou entidade ofertante.

Así, apróbase o Decreto 8/1993, do 19 de xaneiro, polo que se fixan os prezos públicos que percibirá a Xunta de Galicia no Laboratorio Oficial de Contrastación de Metais Preciosos, no Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial e pola realización de copias de planos de demarcación de dereitos mineiros.

A elevación dos custos de realización das distintas análises que leva a cabo o Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial fai necesario, para permiti-lo equilibrio económico entre o servizo que se presta o prezo percibido, o incremento das contías dos distintos parámetros analizados. Así mesmo, faise necesario ampliar os parámetros analizados recollendo outras análises que hoxe pode realiza-lo Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial.

Sendo pois necesario modifica-las contías dos distintos parámetros do prezo público percibido pola Xunta de Galicia no Laboratorio Rexional de Medio Ambiente Industrial así como o establecemento de novos parámetros e as súas contías por proposta do conselleiro de Industria e Comercio, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do dezaseis de novembro de mil novecentos noventa e cinco,

¹ Esta referencia debe entenderse feita á Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

DISPOÑO:

Artigo único.

Modifícase a táboa contida no parágrafo 2º do artigo 3 do Decreto 8/1993, do 19 de xaneiro, quedando do seguinte xeito:

- I. PH 1.000 (6,010121)
- II. Sólidos en suspensión 1.500 (9,015182)
- III. Materiais sedimentables 1.050 (6,310627)
- IV. Sólidos graxos 1.000 (6,010121)
- V. D.B.O.5 (mg/l) 3.750 (22,537954)
- VI. DQO (mg/l) 2.100 (12,621254)
- VII. Temperatura °C 1.000 (6,010121)
- VII. Cor 1.000 (6,010121)
- IX. Aluminio (mg/l) 3.530 (21,215727)
- X. Arsénico (mg/l) 5.400 (32,454654)
- XI. Bario (mg/l) 3.530 (21,215727)
- XII. Boro (mg/l) 3.530 (21,215727)
- XIII. Cadmio (mg/l) 2.780 (16,708137)
- XIV. Cromo III (mg/l) 2.780 (16,708137)
- XV. Cromo IV (mg/l) 2.780 (16,708137)
- XVI. Ferro (mg/l) 2.780 (16,708137)
- XVII. Manganeso (mg/l) 2.780 (16,708137)
- XVIII. Níquel (mg/l) 2.780 (16,708137)
- XIX. Mercurio (mg/l) 5.400 (32,454654)
- XX. Chumbo (mg/l) 2.780 (16,708137)
- XXI. Selenio (mg/l) 5.400 (32,454654)

- XXII. Estaño (mg/l)3.530 (21,215727)
- XXIII. Cobre (mg/l)2.780 (16,708137)
- XXIV. Cinc (mg/l)2.780 (16,708137)
- XXV. Cianuros (mg/l)3.900 (23,439472)
- XXVI. Cloruros (mg/l)2.200 (13,222266)
- XXVII. Sulfuros (mg/l)2.600 (15,626315)
- XXVIII. Sulfitos (mg/l)2.600 (15,626315)
- XXIX. Sulfatos (mg/l)2.200 (13,222266)
- XXX. Fluoruros (mg/l)2.200 (13,222266)
- XXXI. Fósforo total (mg/l)3.000 (18,030363)
- XXXII. Amoníaco (mg/l)3.000 (18,030363)
- XXXIII. Nitróxeno nítrico (mg/l)3.000 (18,030363)
- XXXIV. Aceites e graxas (mg/l)3.400 (20,434412)
- XXXV. Fenois (mg/l)4.300 (25,843520)
- XXXVI. Aldehídos (mg/l)4.300 (25,843520)
- XXXVII. Deterxentes (mg/l)4.300 (25,843520)
- XXXVIII. Pesticidas (mg/l)6.500 (39,065787)
- XII. Conductividade1.000 (6,010121)
- XL. PCBs (policlorobifenilos)(mg/l)6.500 (39,065787)
- XLI. Nitróxeno Kjedhal (mg/l)3.050 (18,330869)
- XLII. Turbidez1.500 (9,015182)
- XLIII. Osíxeno disolto (mg/l)1.500 (9,015182)
- XLIV. Anións (bromuros, fluoruros, cloruros, sulfatos, nitratos, nitritos e fostatos) (mg/l) 4.050 (24,340990)
- XLV. Catións (sodio, litio, potasio, amonio,

manganeso, e calcio) (mg/l)4.050 (24,340990)

XLVI. Oxidabilidade ou permanganato potásico

(mg/l) 2.500 (15,025302)

XLVII. Dureza (°HF) 2.200 (13,222266)

XLVIII. Nitratos (mg/l) 3.000 (18,030363)

XLIX. Residuo seco (mg/l) 1.400 (8,414169)

L. Acidez e alcalinidade (mg/l) 2.100 (12,621254)

LI. Calcio (mg/l)2.780 (16,708137)

LII. Cromo (mg/l)2.780 (16,708137)

LIII. Cobalto (mg/l) 2.780 (16,708137)

LIV. Potasio (mg/l)2.780 (16,708137)

LV. Sodio (mg/l)2.780 (16,708137)

LVI. Manganeso (mg/l)2.780 (16,708137)

LVII. Sílice (mg/l)3.530 (21,215727)

LVIII. Vanadio (mg/l)3.530 (21,215727)

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**DECRETO 117/1993, DE 3 DE XUÑO, POLO QUE SE FIXA O CANON
CONCESIONAL DOS LOCAIS QUE PARA INCUBADORAS DE EMPRESAS
EXISTEN NO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN.
(DOG Nº 112 DE 15 DE XUÑO DE 1993)**

Dentro do marco de fomento e planificación de actividades económicas, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de acordo co disposto nos artigos 148.1.13 da Constitución Española e 30.1.1 do Estatuto de autonomía, un dos obxetivos primordiais da Xunta de Galicia é contribuir ó desenvolvemento tecnolóxico e á innovación, tanto na Administración pública como nas organizacións privadas, fomentar a creación de empresas e destinar os recursos públicos ás iniciativas que permitan crear riqueza e emprego. O artigo 92.1 do tratado da CEE permite axudas destinadas a favorecer o desenvolvemento económico de aqueles territorios con menor nivel de vida. Os artigos 11 e 12 da Lei 13/1991, de taxas, prezos e exaccións, regulan a forma e cuantía dos prezos públicos, autorizando o artigo 11.2 a fixación de prezos inferiores os costes económicos derivados do servizo ou das actividades prestadas, por razóns de interés público.

Neste contexto, no ano 1988 decidiuse implantar no polígono industrial de San Cibrao das Viñas (Ourense) un parque tecnolóxico no que coubesen aquelas industrias que contribuirían á modernización e diversificación do tecido industrial rexional, seguindo as novas tendencias internacionais en materia de investigación tecnolóxica, así como a política industrial marcada pola CEE de apoio ás empresas que incorporen procesos I + D e diseño con utilización-producción de alta tecnoloxía.

As instalacións do edificio do Centro de Empresas e Innovación (CEI), con carácter demanial pola súa afección ó servizo público nél instalado, son na actualidade, totalmente operativas polo que xa pode començar a ubicación das primeiras empresas interesadas en implantarse nos locais que para «incubadoras de empresas» existen no CEI.

Polo tanto, dado o carácter demanial do edificio CEI e para o coñecemento das empresas que pretendan ubicarse en ditas instalacións, faise preciso fixar-los cánones sobre os nidos do CEI.

Na súa virtude, e por iniciativa das consellerías de Economía e Facenda e de Industria e Comercio, e a proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública, previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de xuño de mil novecentos noventa e tres,

Dispoño:

Artigo 1.º O canon concesional dos locais para nidos de empresas no Centro de Empresas e Innovación será de 350 ptas./m²/mes (2,103542 €/m²/mes)¹. O prazo e demais condicións da concesión serán fixados pola Consellería de Industria e Comercio, respetando o prescrito na Lei 3/1985, de 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 13/1991, de 9 de decembro.

Disposición final.

O presente decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

¹ Cantidade equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

DECRETO 84/2012, DO 16 DE FEBREIRO, POLO QUE SE ESTABLECEN OS PREZOS PÚBLICOS POLAS PRESTACIÓNS DAS RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 44.4 establece que a facenda da Comunidade Autónoma de Galicia está constituída, entre outros rendementos, polos procedentes de prestación de servizos directos pola comunidade autónoma, sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servizos estatais. A Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, pronúnciase no seu artigo 4 no mesmo senso.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, regula tanto o concepto como a forma de fixación dos prezos, e dispón no seu artigo 47 que serán fixados por decreto, a proposta da consellería da que dependa o órgano ou entidade oferente, á que se xuntará unha memoria económica.

O Decreto 169/2003, do 13 de febreiro, regulaba os prezos públicos das residencias de tempo libre de Panxón (Pontevedra) e do Carballiño (Ourense), dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, que agora é preciso actualizar para acomodalos á alza de prezos que desde entón se produciu.

Na súa virtude por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaseis de febreiro de dous mil doce,

DISPOÑO

Artigo 1º.- Obxecto

1.- Os prezos públicos esixibles polas prestacións das residencias de tempo libre de Panxón (Pontevedra) e do Carballiño (Ourense), dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, serán os que se fixan no anexo deste decreto.

2.- Estes prezos actualizaranse o 1 de xaneiro de cada ano, na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total, no mes de outubro, calculado polo Instituto Nacional de Estatística. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 2º.- Pagamento do prezo da estadía.

As persoas beneficiarias realizarán, no prazo de dez días desde a recepción da confirmación da reserva por parte da residencia, un depósito do 10% da estadía por cuarto en concepto da dita reserva, e outro depósito, 30 días antes do inicio da quenda adxudicada, pola cantidade restante ata completar a totalidade do prezo da estadía.

Artigo 3º.- Anulación da estadía e reintegro de pagamentos.

No caso de que a persoa adxudicataria anulase a estadía, perderase a cantidade depositada en concepto de reserva, salvo causas de forza maior debidamente acreditadas. As cantidades depositadas con posterioridade seranlle devoltas, logo da reclamación da persoa interesada, unha vez instruído e resolto o expediente correspondente, de acordo coas porcentaxes que se detallan a continuación:

- Anulación ata 20 días antes da data do comezo do gozo da estadía 100%.
- Anulación entre 19 e 10 días antes da data de comezo do gozo da estadía 75%.
- Anulación entre 9 e 3 días antes da data de comezo do gozo da estadía 50%.
- Anulación con menos de 3 días ou unha vez comezado o gozo da estadía 25%.

A anulación de reservas efectuarase por carta certificada e para calcular a porcentaxe da devolución de cantidades tomarase como data de referencia a de rexistro de entrada na residencia, non facéndose en ningún caso responsable a residencia dos eventuais atrasos que poidan producirse no envío da devandita documentación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto e, en particular, o Decreto 169/2003, do 13 de febreiro.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación *no Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaseis de febreiro de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO

1. Estadía e mantenza das persoas residentes

- a) Tempada baixa (abril, maio, outubro, novembro e decembro).
 - 23 euros por persoa/día en cuartos de dúas ou máis camas.
 - 27 euros por persoa/día en cuarto individual.

- b) Tempada media (xuño e 2ª quincena de setembro)
 - 27 euros por persoa/día en cuartos de dúas ou máis camas.
 - 31 euros por persoa/día en cuarto individual.

- c) Tempada alta (xullo, agosto e 1ª quincena de setembro)
 - 36 euros por persoa/día.

1.1. Prezo do aloxamento na véspera da incorporación

- 21 euros/cuarto

1.2. Descontos

- Nenos/as menores de dous anos que non utilicen os servizos de comedor ou durman nos cuartos das persoas responsables: exentos/as.

- Os/as nenos/as comprendidos/as entre 2 e os 12 anos, 50% sobre o importe das estadias.

- Familias numerosas: 30% sobre o prezo final que resulte da súa estadia.

- As persoas con discapacidade: 10%

- As persoas maiores de 60 anos: 10%.

- Grupos integrados por persoas adultas e nenos/as maiores de 12 anos, que excedan de 25 prazas, para a mesma residencia e data en tempada baixa e media: 10%.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero: 50%, sempre que a acreditación da dita circunstancia tivera sido emitida nos doce meses anteriores á data da presentación da solicitude por calquera dos motivos recoñecidos no artigo 5 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Os descontos que se especifican anteriormente considéranse incompatibles entre si.

2. Servizo de comedor para visitantes

- Xantar: 11 euros
- Cea: 9 euros
- Almorzo: 3 euros

O prezo destes servizos soltos terá un incremento do 10% os domingos e festivos.

3. Recarga

25% por persoa e día en estadias inferiores a 7 días.

**DECRETO 276/2002, DE 6 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN AS
TARIFAS DOS CENTROS DE MENORES DE TITULARIDADE PROPIA.
(DOG Nº 185 DE 25 DE SETEMBRO DE 2002)**

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 44.4º, establece que a facenda da Comunidade Autónoma está constituída, entre outros rendementos, polos procedentes de prestacións de servizos directos pola Comunidade Autónoma, sexan de propia creación ou como consecuencia de traspasos de servizos estatais. Pola súa banda, a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, no seu artigo 4 pronúnciase no mesmo sentido.

O Decreto 250/2002, do 18 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, atribúelle á Dirección Xeral de Familia no seu artigo 5.1º, competencias sobre a xestión da política autonómica en materia de acción social nos sectores de familia, infancia e menores así como a protección e tutela dos menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na lexislación específica. Para a execución destas competencias esta consellería dispón dunha serie de centros residenciais de titularidade propia distribuídos nas catro provincias; cinco destes centros son cualificados como centros de reeducación con distintos réximes de internamento (aberto, semiaberto, pechado).

2. Os pagamentos dos correspondentes prezos públicos efectuaranse mediante os modelos de liquidación facilitados aos obrigados ao pagamento polos centros docentes públicos non universitarios que contén con comedor escolar xestionado directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os centros poderán asistir aos suxeitos obrigados mediante a confección dos referidos modelos, que estes asinarán en proba de conformidade, tras a verificación da súa idoneidade.

Os datos, importes ou cualificacións contidos nos modelos confeccionados polo centro docente non vincularán a Administración no exercicio das actuacións de comprobación ou investigación que se poñan desenvolver con posterioridade.

3. Os ingresos das sumas que correspondan faranse efectivos en calquera das entidades de depósito autorizadas pola consellería competente en materia de facenda para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, na forma e polos medios previstos na normativa xeral de recadación.

Igualmente, poderase utilizar a oficina virtual tributaria para realizar os pagamentos de xeito telemático, de acordo coas instrucións que se diten para o efecto.

4. Os suxeitos obrigados conservarán os xustificantes do pagamento para o interesado, presentando nos centros docentes os xustificantes de pagamento para a Administración debidamente validados polas entidades de depósito, para os efectos de complementar as posteriores comprobacións que deba efectuar o órgano xestor do prezo público.

5. Durante o curso escolar, os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

No caso de que se producise un ingreso superior ao debido nalgún dos períodos de liquidación mensuais, poderase proceder, no marco establecido pola Lei xeral tributaria, a normalizar a devandita situación mediante a súa dedución nos seguintes períodos mensuais do mesmo curso escolar.

Segundo.-Engádesse á disposición transitoria única, que agora pasa a ser disposición transitoria primeira, unha disposición transitoria segunda, coa redacción que segue:

«A suma total que para cada suxeito obrigado importan os pagamentos non satisfeitos dos prezos públicos pola utilización dos comedores escolares durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro do curso escolar 2009-2010, será fraccionada en seis cotas iguais, cada unha das cales se liquidará e ingresará de xeito complementario coas liquidacións ordinarias dos prezos públicos dos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio e xuño do curso escolar 2009-2010, de acordo co procedemento descrito nesta norma».

Santiago de Compostela, once de decembro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

**DECRETO 130/2012, DO 31 DE MAIO, POLO QUE SE ESTABLECEN
OS PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE RESCATE
PRESTADOS POR ESTA CONSELLERÍA**

O artigo 43 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece que son prezos públicos as contraprestacións pecuniarias percibidas polos suxeitos a que se refire o artigo 3 da citada lei pola prestación de servizos ou realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos/das administrados/as; para estes efectos enténdese que os servizos sociais, sanitarios e educativos se prestan en réxime de dereito público. O artigo 47 da citada lei dispón que os prezos públicos serán fixados por decreto, por proposta da consellería de que dependa o órgano ou entidade oferente.

O artigo 29.3 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, atribúe á consellería competente en materia de pesca, nos seus artigos 119 e 125, a competencia nas materias de apoio á flota pesqueira, de prestación dos servizos de busca, rescate e salvamento marítimo, así como da prevención e loita contra a contaminación do medio mariño.

O número 5 do artigo 264 do Real decreto lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que corresponde ás comunidades autónomas que a teñan asumida como competencia propia nos seus respectivos estatutos de autonomía a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo nas augas territoriais correspondentes ao seu litoral, na que se entende incluída en todo caso a potestade sancionadora. Tal é o caso de Galicia, que no artigo 29.3 do seu Estatuto de autonomía establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo.

As estatísticas reflicten que as actuacións de salvamento supoñen cuantiosos custos para a Administración (uns 6.000.000 euros/ano en caso de rescates por medios aéreos e uns 5.000.000 euros/ano no caso de operacións por medio de embarcacións), e ata agora non se repercutiron os gastos aos beneficiarios de tal prestación.

Polo exposto, por proposta da conselleira do Medio Rural e do Mar, cos informes previos da Consellería de Facenda, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de maio de dous mil doce,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. O presente decreto ten por obxecto a fixación dos prezos públicos que deben satisfacer pola prestación de servizos asistenciais por parte dos servizos de gardacostas de Galicia segundo as normas deste decreto e na contía que se sinala no seu anexo.

2. A petición ou aceptación dos servizos por parte dos/das usuarios/as presupón a súa conformidade coa contía dos prezos públicos aprobados por este decreto, que serán exixibles desde o inicio da prestación.

Artigo 2. *Supostos de feito*

1. Constitúe o suposto de feito destes prezos públicos a actuación dos equipos de coordinación e intervención propios e concertados da Consellería do Medio Rural e do Mar, por requirimento dos/das interesados/as ou ben de oficio por razóns de seguridade pública e sempre que a prestación do servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo, na prestación dos servizos de rastrexo, salvamento e rescate de persoas en dificultades, que se produzan, en calquera dos seguintes supostos:

a) Cando o rastrexo, rescate ou salvamento se realice con ocasión da práctica de actividades ou deportes que entrañen risco ou perigosidade, tales como actividades subacuáticas; navegación con embarcacións ou outros aparellos náuticos, piragüismo e remo, ou outras que entrañen un risco similar.

b) Cando o rescate ou salvamento se realice en zonas expostas ou perigosas, entendendo por tales as zonas de difícil acceso tales como zonas de rompentes, acantilados, barrancos ou similares.

c) Cando as persoas rescatadas ou salvadas non levasen o equipamento adecuado para a actividade.

d) Cando sexan consecuencia da realización de actividades que poidan levar consigo un incremento do risco, en situacións de avisos á poboación de fenómenos meteorolóxicos adversos e derivado desa meteoroloxía adversa.

e) Cando se solicite o servizo sen que existan motivos obxectivamente xustificadas.

2. Non se producirá o suposto de feito pola prestación de tales servizos no caso de situacións de catástrofe ou calamidade pública, ou en caso de servizos prestados polo interese xeral e non en beneficio de particulares ou de bens determinados.

Artigo 3. *Suxeitos obrigados*

Estarán obrigados/as ao pagamento dos prezos públicos regulados no presente decreto:

a) As entidades ou sociedades aseguradoras con que o/a obrigado/a ao pagamento teña contratada unha póliza de seguro que cubra as actividades que deron lugar á realización do rescate.

b) Os/as organizadores/as de eventos que deran lugar á prestación dos servizos de salvamento.

c) As persoas físicas ou xurídicas e as herdanzas xacentes, as comunidades de bens e as demais entidades carentes de personalidade xurídica que constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de tributación, que sexan beneficiarias da prestación do servizo.

Artigo 4. *Cálculo dos prezos públicos*

1. O órgano competente liquidará os prezos públicos regulados no presente decreto e deberá adecuarse ao que establece o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, especificando os efectivos e medios que interviñeron e o número de horas utilizado, así como o importe vixente dos prezos públicos correspondentes.

2. O tempo de servizo computarase desde o momento en que o vehículo, buque, embarcación de salvamento ou helicóptero do Servizo de Gardacostas de Galicia se pon á disposición do/da usuario/a ata o seu retorno ao punto de orixe.

As fraccións horarias calcularanse proporcionalmente ao tempo de servizo realmente realizado.

3. O órgano competente para liquidar os prezos públicos regulados no presente decreto, ademais de cumprir con todos os requisitos e elementos exixidos pola normativa vixente, deberá especificar os efectivos e medios que interviñeron e o número de horas utilizado, así como o importe vixente correspondente a cada concepto. O redondeo efectuarase por exceso ou por defecto ao segundo decimal mais próximo, aplicándose as regras do artigo 11 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introdución do euro.

Artigo 5. *Obriga de exhibir os prezos públicos*

Os vehículos, buques, embarcacións e helicópteros do Servizo de Gardacostas exhibirán, en lugar de fácil acceso e para a súa consulta polos/polas usuarios/as, un exemplar dos prezos públicos aprobados por este decreto vixentes cada ano.

Disposición adicional primeira.

A xestión, liquidación e recadación dos prezos públicos establecidos neste decreto axustarase ao disposto na normativa vixente.

Disposición adicional segunda.

Os prezos públicos regulados neste decreto actualizaranse o 1 de xaneiro de cada ano, na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006), no mes de outubro, calculado polo Instituto Nacional de Estatística. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que contraveñan ou se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira.

Facúltase o titular da Consellería do Medio Rural e do Mar para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de maio de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Medio Rural e do Mar

ANEXO
Prezos públicos das actividades de salvamento

1. Medios humanos e materiais do Servizo de Gardacostas de Galicia.

1.1. Medios humanos mobilizados 37 €/hora

1.2. Medios materiais:

– Vehículos 75 €/hora

– Helicóptero 2.200 €/hora

– Embarcacións:

> 18 metros de eslora 2.200 €/día ou fracción

< 18 metros de eslora 450 €/día ou fracción

2. Medios convidados.

– Vehículo de rescate: 39 €/hora

– Embarcacións de salvamento dotadas con rescatadores/as e/ou mergulladores/as
1.500 €/hora

PREZOS PRIVADOS

**ORDE DE 15 DE MARZO DE 1994, POLA QUE SE REGULAN OS PREZOS PRIVADOS QUE SE APLICARÁN POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA BIBLIOTECA DA EGAP.
(DOG Nº 109 DE 8 DE XUÑO DE 1994)**

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece a posibilidade de obtención de recursos por parte dos órganos da Administración, entes e organismos autónomos como consecuencia da cesión, alleamento ou prestación de servizos.

Así mesmo, o Regulamento de organización e funcionamento da Escola Galega de Administración Pública establece, no seu artigo 18, como un dos medios económicos cos que contará a escola para o cumprimento dos seus fins “os dereitos de matrícula e demais dereitos e taxas por prestación de servizos”

Na súa virtude, vista a proposta formulada pola Escola Galega de Administración Pública, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo 1.

A presente Orde ten por obxecto o establecemento de normas de xestión e os prezos a aplicar pola prestación de servizos da biblioteca da EGAP.

Artigo 2.

A reprodución de materiais que se soliciten a la biblioteca estará destinada a la investigación o estudos y nunca a fines lucrativos. A este respecto la EGAP no se responsabiliza del uso que puída facerse de las reproducións en contra de la Lei de Propiedade Intelectual y/o calquera outra disposición legal que las afecte.

Artigo 3.

O pago dos servizos efectuarase mediante ingreso nunha conta aberta a nome da Escola Galega de la Administración Pública.

Unha vez realizado o ingreso, o usuario remitirá á biblioteca copia do resguardo ou xustificante do mesmo, indicando a referencia á que corresponde.

Artigo 4.

As tarifas¹ que deberán abonar os usuarios son as seguintes:

¹ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

-Búsquedas bibliográficas auto investigadas en CD-ROM: 25 Ptas. (0,150253 €) por páxina.

-Búsquedas on line: 150 Ptas. minuto(0,901518 €/minuto)

-Tarifas reprodución:

* Fotocopia simple.

DIN A4: 10 Ptas. copia (0,060101 €/copia).

DIN A3: 25 Ptas. copia (0,150253 €/copia).

* Fotocopias remitidas por correo.

A Santiago de Compostela: 20 Ptas. páxina (0,120202 €/páxina.).

A outra localidade do territorio nacional: 25 Ptas. páxina (: 0,150253 €/páxina).

* Fotocopias enviadas por Fax.

Están suxeitas ás tarifas establecidas pola compañía telefónica.

A taxa da primeira páxina inclúe a cabeceira da mensaxe.

Local: 100-50 (0,601012 – 0,300506 €).

Provincial: 150-75 (0,901518 – 0,450759 €).

Nacional: 250-125 (1,502530 – 0,751265 €).

Artigo 5.

As tarifas incluídas na presente Orde entenderanse, no seu caso, con IVE incluído.

Artigo 6.

Os ingresos xerados pola prestación do servizo repercutirán no presuposto da escola.

Artigo 7.

Os prezos aprobados pola presente Orde non serán de aplicación ós profesores que impartan as actividades formativas na escola e ós beneficiarios das súas becas e axudas mentres dure o seu período de disfrute.

DISPOSICION FINAL

A presente Orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 3 de maio de 2010 pola que se regulan os prezos privados aplicables pola cesión temporal de instalacións e prestación de actividades formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública.

O artigo 50 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que «son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos a que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestando tamén tales servizos ou actividades o sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados». Así mesmo, o artigo 51 da citada lei establece que os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado en que operen e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

O Regulamento de organización e funcionamento da Escola Galega de Administración Pública, aprobado mediante o Decreto 306/1990, do 24 de maio, establece, no seu artigo 18, como un dos medios eco-

nómicos cos que contará a escola para o cumprimento dos seus fins «os dereitos de matrícula e demais dereitos e taxas por prestación de servizos».

Mediante a Orde do 13 de xullo de 1992 aprobáronse os prezos privados que hai que aplicar pola cesión temporal do uso das instalacións da Escola Galega de Administración Pública. Non obstante, estímase que é necesario revisar estes prezos, así como crear novos prezos privados relativos á prestación de actividades formativas.

Se ben a maior parte das actividades formativas programadas pola EGAP son gratuítas para os seus destinatarios, nalgunhas delas, debido á súa alta demanda, ao seu alto nivel de especialización ou ao seu elevado custo financeiro, é aconsellable o establecemento de dereitos e cotas de inscrición que contribúan a soportar aquelas actividades formativas que resultarían inviables noutro caso e ampliar desta forma a oferta formativa.

Na súa virtude, vista a proposta formulada pola Escola Galega de Administración Pública e logo do informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1.1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dos prezos que se aplicarán pola cesión temporal das instalacións da escola para actividades académicas ou culturais non contrapostas aos fins desta institución, así como os prezos que se aplicarán pola prestación de actividades formativas por parte da escola.

1.2. Os prezos que se aproban nesta orde pola cesión temporal de instalacións non serán de aplicación para as actividades organizadas pola Administración autonómica, excepto cando a participación na actividade de que se trate estea sometida a dereitos de inscrición. Neste caso aplicaranse os prezos que se establecen no artigo 2º desta orde.

1.3. As actividades formativas financiadas con fondos finalistas de formación continua e integradas no plan anual de formación continua elaborado pola EGAP serán gratuítas para o persoal da Administración autonómica galega. Tampouco estarán suxeitas a esta orde as actividades formativas dirixidas ao persoal da Administración local galega integradas no plan anual de formación deste persoal xestionado pola EGAP.

1.4. Todos os prezos se entenderán co IVE incluído.

Artigo 2º.-*Cesión temporal de instalacións.*

2.1. Apróbanse os prezos que se detallan a continuación para a cesión temporal de espazos da Escola Galega de Administración Pública:

Dependencia	Media xornada	Xornada completa
Aulas de ata 35 prazas	125,00 €	155,00 €
Aulas de máis de 35 prazas	125,00 €	190,00 €
Aulas con equipamento informático	190,00 €	280,00 €
Salón de actos	315,00 €	405,00 €

2.2. Considérase media xornada o horario comprendido entre as 8.30 e as 14.30 horas ou entre as 14.30 e as 20.30 horas; e a xornada completa o horario comprendido entre as 8.30 e as 20.30 horas.

2.3. Os prezos que se reflicten no punto 2.1. sufrirán un incremento do 50% en sábados, domingos ou festivos. En calquera caso, o aboamento destes prezos terá que facerse efectivo cunha antelación mínima de 48 horas á utilización do espazo cedido.

2.4. A cesión e o uso das instalacións estará sometido ao cumprimento das normas de xestión interna das instalacións.

2.5. Os prezos pola cesión de instalacións que figuran neste artigo inclúen os custos relativos a persoal de apoio e persoal técnico para a prestación de servizos de carácter informático ou audiovisual, cando así se requiran e calquera que sexa o día da semana en que se produza a cesión.

Artigo 3º.-*Actividades formativas.*

3.1. A contía da matrícula relativa a actividades formativas organizadas pola Escola Galega de Administración Pública establécese en función das horas de duración destas, do seguinte xeito:

Tipo de actividade	Prezo
Formación xeral	7,00 €/h
Teleformación	4,00 €/h
Formación directiva e cursos superiores	15,00 €/h
Divulgación, reflexión e debate	15,00 €/h

3.2. Os prezos a que fai referencia o punto anterior son exixibles anticipadamente á celebración do curso de que se trate, dentro do prazo e nas condicións que se establezan nas correspondentes convocatorias.

3.3. Poderanse establecer nas convocatorias con carácter xeral bonificacións, de ata como máximo o 50%, nas contías dos dereitos de inscrición a participantes das administracións públicas galegas que realicen no desempeño do seu posto de traballo tarefas que teñan relación directa coas materias da actividade convocada.

3.4. A contía poderá ser incrementada ata un 40% naquelas actividades que polas súas peculiares características respecto ao tema, idioma de impartición ou metodoloxía, requiran profesorado e técnicas especiais.

3.5. Naqueles cursos e/ou actividades formativas que sexan realizadas conxuntamente con outras institucións, as diversas matrículas acordaranse en función da proporción de gastos asumidos por cada unha das institucións e en relación cos diversos prezos anteriormente indicados. Así mesmo, poderase establecer un número mínimo de asistentes, cuxas matrículas, en caso de non completarse tal número mínimo, serán aboadas polo referido organismo.

Artigo 4º.-*Actualización dos prezos.*

Os prezos regulados nesta orde actualizaranse cada dous anos, desde a súa entrada en vigor, mediante resolución do director da EGAP, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, en función da variación acumulada do índice de prezos ao consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de decembro anterior.

Disposición derogatoria

Derrógase a Orde do 13 de xullo de 1992 pola que se regulan os prezos privados que hai que aplicar pola cesión temporal do uso das instalacións da Escola Galega de Administración Pública.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**DECRETO 123/1985, DE 2 DE MAYO, POLO QUE SE FIXAN OS PRECIOS
PÚBLICOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
(DOG Nº 126 DE 3 DE XULLO DE 1985)**

Conforme ó artigo 44 do Estatuto de Autonomía, a facenda da Comunidade Autónoma constitúese, entre outros rendementos polos ingresos de dereito privado, ben consistan estes en froitos, rendas e intereses de bens e dereitos patrimoniais, ben en rendementos e ingresos de servizos e actividades que non teñan natureza tributaria.

Pola súa parte, a Lei orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas no seu artigo cuarto se pronuncia en idéntico sentido.

O artigo 18 da Lei 1/1985, de 10 de xaneiro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, ademais de conter o concepto do que ha de entenderse por prezo público, establece que a Xunta fixará os que deban de ser exixibles pola Administración Autonómica.

Na súa virtude, en cumprimento do disposto no citado artigo 18 da Lei 1/1985, de 10 de xaneiro (citada), a proposta do Conselleiro de Economía e Facenda e previa deliberación do Consello da Xunta en reunión do día dous de maio de mil novecentos oitenta e cinco, dispoño:

Artículo único.

As tarifas exixibles polos prezos públicos a que se refire o artigo 18 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1985, de 10 de xaneiro de Presupostos Xerais de la Comunidade Autónoma de Galicia para 1985 son as que se fixan nos anexos de este Decreto.

Disposición final.

O presente Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

(...)

**ANEXO 2
Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas**

(...)

Servicio: prestación de maquinaria a entidades locais.

Tipo de maquinaria	Tarifa en Ptas./hora ¹
Bulldózer	1.420 (8,50 €)
Pala cargadora de neumáticos	1.220 (7,32 €)
Pala cargadora de cadenas	1.340 (8,04 €)
Retroexcavadora	1.240 (7,38 €)
Motoniveladora	1.700 (10,22 €)
Rodillo compactador	985 (5,92 €)

A utilización desta maquinaria implicará, ademais, o pagamento das dietas que teña dereito a percibi-lo persoal adscrito ós servicios e encargado do seu mantemento e operación. Este importe será o fixado pola normativa vixente en cada momento.

ANEXO 3

Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración

Secretaría Xeral Técnica

Servizo: Lecer

Estadía e mantenza de residentes:

Temporada baixa-media..... 1000 ptas./día (6,01 €)

Temporada Alta..... 1.500 ptas/día (9,01 €)

Servizo de comedor:

Abonamento semanal.....6.000 ptas/día (36,06 €)

Abonamento diario.....950 ptas/día (5,70 €)

Xantar.....550 ptas/día (3,30 €)

Cea.....400 ptas/día (2,40 €)

¹ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

Almorzo.....100 ptas/día (0.60 €)

Estadía: descontos

Nenos ata 12 anos: 50% da estadía.

Maiores de 60 anos, en temporada baixa e media: 10% de desconto.

Comedor: recargos:

Abonamento diario, almorzo, comida e cea os sábados, domingos e festivos:
10% de incremento.

Dirección General de Seguridad Social e Servizos Sociais.

Servizos: Centros Sociais.

I. Residencias de anciáns. (Nosa Señora.dos Miragres e a Miragrosa).

1. Os que perciban a pensión asistencial regulada no R. D. 2620/1981, de 24 de xullo , pensións do F.A.S., aboarán o 50 por cento da cantidade que perciban, excepto as pagas extraordinarias da pensión que quedarán integramente a disposición de seus perceptores.

2. Os que reciban outras pensións, rendas de bens ou calquera outro tipo de ingresos, aboarán o 75 % das cantidades que perciban, excepto das pagas extraordinarias das pensións que quedarán integramente a disposición dos seus perceptores.

3. Cando os dous cónxuxes dun matrimonio sexan beneficiarios nestas residencias, a cota que deban aboar se fixará individualmente de acordo cos ingresos de cada un deles.

4. En ningún caso, a cota a satisfacer poderá ser superior ao custe da praza, sendo este o máximo a aboar en todos os supostos.

II. Centros de atención especializada a minusválidos psíquicos. (Santiago Apóstolo.)

1. Cando os minusválidos estean acollidos nos centros en réxime de internado aboarán a cantidade de 10.000 ptas. mensuais².(60,10 €)

2. Se os beneficiarios están atendidos en réxime de media pensión aboarán 4.830 ptas. (29.,05 €) mensuais.

² Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia de súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

3. Sobre estas cantidades se aplicarán as exencións totais e parciais de acordo co procedemento para a aplicación da tarifa de prezos.

4. Os minusválidos atendidos tanto en réxime de internado, como de media pensión aboarán a aportación económica establecida para os beneficiarios da Seguridade Social, así como calquera outra pensión, beca ou axuda que reciban para finalidades que inclúan expresamente a asistencia especializada.

5. Os beneficiarios internos e medio pensionistas que perciban as pensións asistenciais reguladas no R. D. 2620/1981, de 24 de xullo (citado), aboarán as dúas terceiras partes do seu importe, sen que en ningún caso, superen las tarifas base establecidas nos anteriores apartados 1 e 2. As dúas mensualidades que con carácter extraordinario se conceden nos meses de xullo e decembro se percibirán integramente polos interesados.

6. Os beneficiarios internos e medio pensionistas que perciban o subsidio de garantía de ingresos mínimos previsto na disposición adicional terceira do R. D. 383/1984, de 1 de febreiro, que regula o sistema especial de prestacións sociais e económicas previsto na Lei 13/82, de 7 de abril, de integración social do minusválido (LISMI); igual que no apartado anterior.

III. Clubs de anciáns.

1. Os que perciban a pensión asistencial regulada no R. D. 2620/81, de 24 de xullo aboarán a cantidade de 2.500 ptas. (15,03 €) ó mes.

2. Os que perciban outras pensións, rendas de bens ou calquera tipo de ingresos, aboarán a cantidade de 5.000 ptas. (30,05 €) ó mes

IV. Garderías infantís e xardíns maternais.

O prezo destes servizos será de 5.000 ptas. (30,05 €) al mes, sobre este prezo se aplicarán as exencións totais e parciais de acordo co procedemento para a aplicación da tarifa de prezos.

V. Residencias e fogar de xoves.

O prezo destes servizos será de 10.000 ptas. (60,10 €) ao mes, sobre este prezo se aplicarán as exencións totais e parciais de acordo co procedemento para a aplicación da tarifa de prezos.

Os beneficiarios internos aboarán a beca ou axuda que reciban para finalidades que inclúan a asistencia que reciben nos centros.

Procedimientos para la aplicación de la tarifa de precios.

Para a determinación da tarifa que corresponde a cada solicitante dunha praza se terá en consideración a renda per cápita mensual da seguinte forma:

A) Centros de atención especializada a minusválidos psíquicos.

a.1º Internado.

Menos de 15.000 ptas. (90,15€), exento total.

De 15.000 a 20.000 ptas. (90,15 € a 120,19 €), 25 % tarifa, 2.500 ptas.(15,03€).

De 20 000 a 25.000 ptas. (120,20 € a 150,25 €), 50 % tarifa, 5.000 ptas. (30,05€).

De 25.000 (150,25 €) en adelante, total tarifa, 10.000 ptas. (60,10 €).

a.2. Media pensión.

Menos de 15.000 ptas. (90,15 €), exento total.

De 15.000 a 20.000 ptas.(90,15 € a 120,19 €), 25 % tarifa, 1.207 ptas.(7,25€)

De 20.000 a 25.000 ptas. (120,20 € a 150,25 €), 50 % tarifa, 2.415 ptas.(14,51€).

De 25.000 (150,25 €) en adelante, total tarifa, 4.830 ptas.(29,05 €).

B) Residencias e fogares de xoves.

Menos de 15.000 ptas., exento total.

De 15.000 a 20.000 ptas., 25 % tarifa, 2.500 ptas. .(15,023€).

De 20.000 a 25.000 ptas., 50 % tarifa, 5.000 ptas. .(30,05 €).

De 25.000 en adiante, total tarifa, 10.000 ptas. .(60,10 €).

C) Garderías infantís e xardíns maternais.

Menos de 10.000 ptas . .(60,10 €), exento total.

De 10.000 ptas. a 12.000 ptas. 10 % tarifa, 500 pesetas. .(3,00€).

De 12.000 ptas. a 15.000 ptas. 20 % tarifa, 1.000 pesetas. .(6,01€).

De 15.000 ptas. a 17.000 ptas., 30 % tarifa, 1.500 pesetas. .(9,02€).

De 17.000 ptas. a 20.000 ptas. 40 % tarifa, 2.000 pesetas. .(12,02€).

De 20.000 ptas. a 25.000 ptas. 50 % tarifa, 2.500 pesetas. .(15,023€).

De 25.000 en adelante, 100 % tarifa, 5.000 ptas. .(30,05 €).

A renda per capita a ter en conta obtén-se da suma dos ingresos totais da unidade familiar, divididos polo número de membros.

ANEXO 4
Consellería de Agricultura, Pesca y Alimentación

Centro Galego de Tecnoloxía Agraria e Pesqueira.

Venda de produtos:

-Leite: prezo mínimo sinalado pola normativa vixente.

-Gando vivo para carne: cotización de mercado nacional e lonxas oficiais.

(...)

Dirección Xeral Do Forestal e do medio ambiente Natural

a)Servicio forestal

a.1) Madeira: venda en subasta, con prezo dependendo da súa calidade e dimensións

**ORDE DE 22 DE SETEMBRO DE 1998, POLA QUE SE ESTABLECEN OS
PREZOS PRIVADOS ESIXIBLES POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VENDA
DE CARTOGRAFÍA XESTIONADO POLA CONSELLERÍA.
(DOG Nº 198 DE 13 DE OUTUBRO DE 1998)**

O artigo 6 da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que os prezos privados serán fixados pola consellería correspondente, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e publicados no Diario Oficial de Galicia.

Os prezos de venda por cartografía teñen este carácter, de conformidade co establecido polo artigo 5 da citada lei.

Desde 1990 os programas de execución de cartografía por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda céntranse na súa elaboración por procedementos analíticos. Como resultado, dispónse na actualidade dun importante arquivo de información cartográfica que é obxecto dunha demanda crecente por parte de organismos, profesionais, empresas ou particulares. Co fin de lle dar cobertura a esa d

emanda é preciso establecer unha canle de distribución ó público, fixando os correspondentes prezos.

Por esta orde modifícase parcialmente no que atinxe a cartografía a Orde do 22 de xaneiro de 1996 (Diario Oficial de Galicia, nº 44, do 1 de marzo).

Por todo o anterior, considerando as variacións producidas desde a norma anterior e logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda

DISPOÑO:

Artigo único

1. Mantense o actual servizo de venda de copias de planos, e ofrécense dous novos servizos: copias impresas e ficheiros de cartografía analítica.

2. Os ficheiros facilitaranse no formato en que foron elaborados pola consellería (DGN), sobre soportes magnéticos ou dixitais.

3. Os prezos privados esixibles polos servizos prestados por esta consellería son os que figuran como anexo a esta orde.

4. Os referidos prezos incrementaranse, de se lo caso, co IVE correspondente.

Disposición derogatoria

Á entrada en vigor desta orde, queda derogado o anexo I da Orde do 22 de xaneiro de 1996, pola que se fixan prezos privados xestionados pola consellería e polo Laboratorio de Control e Asesoramento para a Calidade da Edificación (Lacace), dependente do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO¹

Venda de cartografía

1. Copia de planos do arquivo da dirección xeral.

1 Copia tamaño A-3, papel normal: 270 ptas (1,622733 €)

1 Copia tamaño A-3, papel vexetal: 750 ptas.(4,507591 €)

1 Copia tamaño A-1, papel normal: 400 ptas.(2,404048 €.)

1 Copia tamaño A-1, papel vexetal: 800 ptas (4,808097 €)

No caso de petición de máis de 100 (cen) copias requiriráselle ó solicitante que achegue o material de reprodución, sendo os prezos os seguintes:

1 Copia tamaño A-3 ou A-1, papel normal: 250 ptas.(1,502530 €).

1 Copia tamaño A-3 ou A-1, papel vexetal: 700 ptas.(4,207085 €).

2. Impresión en color de ficheiros de cartografía analítica.

1 Plano tamaño A-3, papel normal ou vexetal: 800 ptas.(4,808097 €)

1 Plano tamaño A-1, papel normal ou vexetal: 1.500 ptas.(9,015182 €)

No caso de petición de máis de 100 (cen) copias requiriráselle ó solicitante que achegue o material de reprodución, sendo os prezos os seguintes:

¹ As cantidades en pesetas figuran ca súa conversión en euros trala entrada en vigor de la Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro

1 Plano tamaño A-3, papel normal ou vexetal: 700 ptas (4,207085 €).

1 Plano tamaño A-1, papel normal ou vexetal: 1.400 ptas (8,414169 €).

3. Ficheiros de cartografía analítica formato DGN en CDROM.

Planos	2D o 3D	2D o 3D	2D + 3D	2D + 3D
Escalas	Ptas./hectárea	Folla completa	Ptas./hectárea	Folla completa
1:5000	32 0,192324	25600 153,859099	48 0,288486	38400 230,788648
1:1000	800 4,808097	25600 153,859099	1200 7,212145	38400 230,788648
1:500	3200 19,232387	25600 153,859099	4800 28,848581	38400 230,788648

No caso de adquiri-las follas dun bloque completo (termo municipal escala 1/5.000, núcleo de poboación escala 1/1.000 ou conxunto histórico 1/500) o prezo final terá un 20% de desconto.

**ORDE DE 25 DE XANEIRO DE 1995, POLA QUE SE ESTABLECEN OS PREZOS PRIVADOS POLA PRESTACIÓN DE DETERMINADOS SERVIZOS NO CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE.
(DOG Nº 29 DE 10 DE FEBREIRO DE 1995).¹**

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, no seu capítulo 1º do título II², o réxime xeral de fixación, xestión, recadación e réxime xurídico en materia de prezos privados.

O artigo 6º³ da mencionada lei sinala así mesmo que os prezos privados serán fixados pola consellería correspondente atendendo ás condicións e circunstancias do mercado no que operen.

O Centro Galego de Artes da Imaxe, incardinado na Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, foi creado polo Decreto 210/1989, do 5 de outubro, para promover as distintas actividades no campo das artes da imaxe. O centro vén funcionando dentro da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura prestando distintos servizos non só ós profesionais do mundo audiovisual senón tamén ó público en xeral, polo que se fai preciso regula-la percepción de prezos privados por servizos prestados.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto a fixación dos prezos privados percibidos pola Xunta de Galicia no Centro Galego de Artes da Imaxe.

¹ Modificada pola Orde do 27 de febreiro de 1995, pola que se establecen certas reducións nos prezos privados pola prestación de determinados servizos no Centro Galego de Artes da Imaxe.

² A referencia enténdese feita ó Capítulo III do Título II da actual Lei 6/2003, do 9 de decembro.

³ Refírese ó actual art. 51 da vixente Lei 6/2003, do 9 de decembro.

TÍTULO I

Artigo 2º.-Clases de prezos privados.

Establécense os seguintes prezos privados:

- a) -Entradas.
- b) -Copias.
- c) -Autorización para publicar fotocopias.
- d) -Cesión de dereitos de uso.
- e) -Repicado de cintas.
- f) -Visión en sala.
- g) -Venda de libros.

Artigo 3º.-Entradas.

Percibirase o prezo das entradas á sala de proxeccións do centro para os pases de material audiovisual que así estea programado e nas horas que se anuncien no programado centro.

Artigo 4º.-Copias.

Para os efectos do presente decreto constitúen copias de documentos as reproducións de documentos depositados no centro mediante a utilización de sistemas mecánicos ou automatizados, realizada con fins non venais.

Artigo 5.-Autorización para publicar fotocopias.

Expedirase autorización para publicar fotocopias de documentos custodiados no centro sempre que o petionario non teña ánimo de lucro e a súa intención sexa de investigación ou con ánimo cultural. En calquera caso, as fotocopias non serán nunca de textos completos e atenderase sempre ó disposto na lei de propiedade intelectual e demais disposicións que a desenvolven.

Artigo 6º.-Cesión de dereitos de uso.

1. A cesión de dereitos efectuarase conforme coas tarifas que se fixan no título II expresadas en pesetas/metro/35 mm, no caso do cine, e en minutos no caso do vídeo, e referidas ó material copiado ou repicado. No caso de imaxes cinematográficas noutros formatos, aplicarase a cantidade proporcional por número de fotogramas.

2. As tarifas non inclúen os custos técnicos que se orixinen, e entenderanse sempre como cesión de dereitos de uso para unha soa produción e sen exclusividade ningunha.

3. En ningún caso se poderán copiar ou repicar bloques temáticos completos. O centro poderá esixir ós usuarios deste servizo a entrega dunha copia completa do produto final en formato U-matic, libre de gastos, que será entregada no prazo máximo de tres meses a partir do copiado ou repicado dos materiais procedentes do seu arquivo.

4. O adquirente está obrigado a facer consta-la orixe dos fondos nos créditos da produción, segundo o disposto na Imaxe Corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 7º.-Repicado de cintas.

Para efectos do presente decreto, enténdese por repicado de cintas a obtención dunha copia en soporte videográfico a partir dun orixinal igualmente en soporte videográfico. A unidade para calcula-lo prezo do repicado de cintas será de 15 minutos.

Artigo 8º.-Visión.

A visión poderá ser realizada en sala -tanto en cine de 16 e 35 mm como en vídeo-, en moviola ou en monitor, e inclúe os medios técnicos e persoais necesarios para o correcto servizo ó usuario. A unidade de tempo sobre a cal se calculan as taxas será de unha hora.

Artigo 9º.-Venda de libros.

A venda de libros limitarase a aqueles que fosen editados pola Xunta de Galicia.

TÍTULO II.-Tarifas.

Artigo 10º.-

Os prezos privados esixiranse de acordo coas seguintes tarifas⁴:

⁴ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro. En cada caso, os prezos en euros serán o resultado da conversión dos prezos aprobados en pesetas mediante orde de cada consellería aplicando as regras do artigo 11 da Lei 46/1998, é dicir, expresados con dous decimais, efectuándose o redondeo por exceso ou por defecto o

1. Entradas.

1.1. O prezo de entrada por sesión será de 200 pesetas.(1,20 €).

1.2. O abono para dez sesións custará 1.500 pesetas. (9,02 €.)

2. Copias.

2.1. Fotocopias por cada folio:

2.1.1. A4: 12 pesetas.(0,07 €)

2.1.2. A3: 18 pesetas.(0,11 €)

2.2. Lista de ordenador: cada páxina: 12 pesetas.(0,07 €)

2.3. Copia en disquete:

2.3.1. Disquete de alta densidade:

2.3.1.1. Formato 3 1/2: 250 pesetas. (1,50 €.)

2.3.2. Disquete dobre densidade:

2.3.2.1. Formato 3 1/2: 175 pesetas. (1,05 €.)

2.3.3. Por cada unha das páxinas: 12 pesetas. (0,07 €).

3. Autorización para publicar fotocopias: 138 pesetas.(0,83 €).

4. Cesión de dereitos de uso.

4.1. Material cinematográfico e videográfico.

4.1.1. Producción cinematográfica.

4.1.1.1. Comercial: 2.500 pesetas.(15,02 €.)

4.1.1.2. De difusión non lucrativa: 1.250 pesetas. (7,51 €).

4.1.2. Producción, para televisión: 5.000 pesetas (30,05 €). Televisión de Galicia terá acceso gratuíto.

4.1.3. Producción para vídeo:

4.1.3.1. Comercial: 3.000 pesetas.(18,03€).

4.1.3.2. De difusión non lucrativa: 1.500 pesetas.(9,02 €)

4.1.4. Publicidade: 12.000 pesetas (72,12 €) ,mínimo 80.000 pesetas (480,81 €).

4.1.5. Efectos e son: 800 pesetas (4,80 €) , mínimo 7.500 pesetas (45,08 €).

4.2. Material fotográfico:

4.2.1. Copias fotográficas en B/N, tamaño l8x24 cm, sen dereitos de reprodución: 800 pesetas.(4,80 €).

segundo decimal máis próximo. No caso de que a terceira cifra decimal sexa cinco o superior a cinco, o redondeo se efectuará á unidade superior.

4.2.2. Duplicados de diapositivas en cor ou B/N, sen dereitos de reprodución: 500 pesetas (3,0 €)

4.2.3. Copias fotográficas e diapositivas con dereito de reprodución:

4.2.3.1. Producción cinematográfica.

4.2.3.1.1. Comercial: 7.000 pesetas (42,07 €).

4.2.3.1.2. De difusión non lucrativa: 3.500 pesetas (21,03 €).

4.2.3.2. Producción para televisión: 10.000 pesetas (60,1 €). Televisión de Galicia terá acceso gratuíto.

4.2.3.3. Producción para vídeo.

4.2.3.3.1. Comercial: 7.000 pesetas (42,07 €).

4.2.3.3.2. De difusión non lucrativa: 3.500 pesetas (21,03 €).

4.2.3.4. Publicidade: 50.000 pesetas (300,50 €).

4.2.3.5. Publicacións non periódicas: 7.000 pesetas (42,07 €).

4.2.3.6. Publicacións periódicas: 5.000 pesetas (30,05 €).

5. Repicado de cintas.

5.1. De Betacam SP a U-matic HB: 4.000 pesetas (24,04€)

5.2. De Betacam SP a U-matic LB: 3.000 pesetas (18,03 €).

5.3. De U-matic HB a U-matic LB: 2.500 pesetas (15,02 €)

5.4. De U-matic LB a U-matic LB: 2.250 pesetas (13,52 €)

6. Visión.

6.1. Visión en sala.

6.1.1. 35 mm: 3.000 pesetas (18,03 €)

6.1.2. 16 mm: 1.500 pesetas (9,01 €)

6.1.3. S-8 mm: 1.500 pesetas.(9,01 €)

6.1.4. Vídeo: 2.000 pesetas (12,02 €)

6.2. Visión en moviola.

6.2.1. 35 mm: 1.500 pesetas (9,01 €)

6.2.2. 16 mm: 1.500 pesetas (9,01 €)

6.3. Visión en monitor.

6.3.1. Servicio de consulta: gratuíto.

6.3.2. Formatos industriais: 1.000 pesetas (6,01 €)

6.4. Venda de libros.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**ORDE DE 27 DE FEBREIRO DE 1995, POLA QUE SE ESTABLECEN CERTAS
REDUCIÓN NOS PREZOS PRIVADOS POLA PRESTACIÓN DE
DETERMINADOS SERVIZOS NO CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE.
(DOG Nº 64 DE 31 DE MARZO DE 1995)**

O artigo 6º, capítulo 1º do título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia⁵, establece que os prezos privados serán fixados pola consellería correspondente atendendo ás condicións e circunstancias do mercado no que operen.

A Consellería de Cultura, a través do Centro Galego de Artes da Imaxe, vén desenvolvendo distintas actividades prestando unha serie de servizos a profesionais e ó público en xeral, destacando a realización de programación da exhibición das artes da imaxe na sala de proxección nos locais do devandito centro e onde é de destaca-la asistencia de público novo e estudante, polo que se fai preciso regula-la percepción de prezos privados.

Por todo isto.

DISPOÑO:

Artigo 1º

Terán dereito a unha redución do 50% no prezo da entrada os titulares do carné xove e equiparables, carné de estudante e os correspondentes internacionais.

Esta redución non será de aplicación ó importe dos abonos para dez sesións.

Artigo 2º

Para efectos do disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 29 de xuño de 1994 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, o código dos ingresos fixados na presente orde será o **362200**.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

⁵ A referencia enténdese feita ó artigo 51 do Capítulo III do Título II da actual Lei 6/2003, do 9 de decembro.

ORDEN DE 15 DE FEBREIRO DE 1995, POLA QUE SE ESTABLECE O PREZO PRIVADO A SATISFACER, EN CONCEPTO DE MATRÍCULA, POLOS ALUMNOS QUE REALICEN O CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS. (DOG Nº 43 DE 2 DE MARZO DE 1995).

O Consello Galego de Relacións Laborais, creado por la Lei 7/1988, de 12 de xullo, para responder á necesidade de establecer canles institucionais de encontro e participación entre as organizacións representativas de traballadores e empregadores, ten, entre outras competencias, a de promover iniciativas que recollan estudos, debates e difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral e a cultura do traballo.

Co fin de facilitar a actualización e perfeccionamento formativo dos cadros directivos das organizacións sociais e de acercar unha formación especializada ós profesionais das relacións laborais e ós titulados que se interesan polo mundo do traballo, o Consello Galego de Relacións Laborais considerou conveniente organizar, no presente ano, a sexta edición do Curso Superior de Relacións Laborais.

Polo que, de acordo co establecido na Lei 13/1991, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras e, en virtude das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artículo 1.- A presente orden ten por obxecto establecer as normas de xestión e determinar o prezo que, en concepto de matrícula, deberán satisfacer os alumnos que soliciten a inscrición para realizar o Curso Superior de Relacións Laborais que organiza o Consello Galego de Relacións Laborais en colaboración ca Universidade de Santiago de Compostela.

Artículo 2.- O prezo a satisfacer en concepto de matrícula que se aproba na presente orde para o exercicio de 1.995 será de duascenas quince mil pesetas¹ (215.000 ptas.) ou mil duascenas noventa e dous euros con dezaioito céntimos (1.292,18 euros) por alumno matriculado.

¹ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro. En cada caso, os prezos en euros serán o resultado da conversión dos prezos aprobados en pesetas mediante orde de cada consellería aplicándoas regras do artigo 11 da Lei 46/1998, é dicir, expresados con dous decimais, efectuándose o redondeo por exceso ou por defecto ó segundo decimal máis próximo.

A Consellería do Medio Rural está a desenvolver distintos programas dirixidos á salvagarda dos recursos zootécnicos da ganadería tradicional.

Como resultado deste programa de conservación xorden, a criterio facultativo dos servizos técnicos responsables, bens excedentes dirixidos á súa venda ao dispor de todos os gandeiros interesados. Esta orde fixa a contraprestación económica destes excedentes.

O aumento das actividades levadas a cabo polo Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, coa presenza de novas razas e especies nas súas dependencias desde a publicación da Orde do 12 de marzo de 2003, fai precisa a publicación dunha nova norma que fixe os prezos privados dos bens excedentes dos programas de conservación.

En consecuencia, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e, no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Os prezos privados exhibibles polos servizos prestados polo Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia, referentes ás doses seminais de gando bovino e de exemplares bovinos, aviarios, ovinos e porcinos de

razas autóctonas en perigo de extinción, son os que figuran no anexo desta orde.

2. Os referidos prezos entenderanse co correspondente IVE.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 12 de marzo de 2003 pola que se fixan os prezos privados de doses seminais e de exemplares bovinos e aviarios producidos no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor no día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

Prezos privados de doses seminais e exemplares producidos no Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia (Coles-Ourense).

1. Doses seminais:

-Razas bovinas *Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa*: 0,45 €/dose.

2. Exemplares bovinos:

Touros das razas *Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa* de,

-Menos de 12 meses de idade: 275 €/touro.

-Entre 12 e 18 meses de idade: 300 €/touro.

-Maiores de 18 meses de idade: 350 €/touro.

3. Exemplares da raza *Galiña de Mos*:

a) Inscritos no rexistro de nacementos,

-Polos de 1 día: 0,40 €/exemplar.

-Exemplares de ata 5 meses de idade: 1,30 €/exemplar.

b) Inscritos no rexistro de reprodutores,

-Galos e galiñas de máis de 5 meses de idade: 4 € exemplar.

4. Exemplares da raza *Ovella Galega*:

a) Exemplares inscritos no libro xenealóxico:

-Menores de 6 meses de idade : 35 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 40 €/exemplar.

b) Exemplares descualificados do libro xenealóxico:

-Menores de 6 meses de idade : 25 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 30 €/exemplar.

5. Exemplares da raza *Porco Celta*:

a) Exemplares inscritos no libro xenealóxico:

-Entre 2 e 3 meses de idade: 45 €/exemplar.

-Entre 3 e 6 meses de idade: 75 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 150 €/exemplar.

b) Exemplares descualificados do libro xenealóxico:

-Entre 2 e 3 meses de idade: 35 €/exemplar.

-Entre 3 e 6 meses de idade: 65 €/exemplar.

-Maiores de 6 meses de idade: 140 €/exemplar.

**ORDE DE 31 DE MARZO DE 1999, POLA QUE SE SE FIXAN OS PREZOS
DERIVADOS DOS SERVIZOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE, REFERENTE A PLANTAS FORESTAIS, SEMENTE E PIÑAS DE
SEQUEIRO E ESPECIES CINEXÉTICAS.
(DOG Nº 69 DE 13 DE ABRIL DE 1999).¹**

A Lei 13/1991, do 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no artigo 6² que os prezos privados serán fixados pola consellería correspondente e publicados no Diario Oficial de Galicia.

En cumprimento do dito precepto por orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do 17 de febreiro de 1997, fixéronse os prezos privados dos servizos xestionados por ela, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiro, semente e piñas do sequeiro e especies cinexéticas, que no caso dalgunhas plantas de viveiro,

sememente e especies cinexéticas é necesario modificar, ademais de incluír algunha especie cinexética nova.

Dada a nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia fixada no Decreto 347/1997, do 9 de decembro, no que se crea a Consellería de Medio Ambiente, da que dependen os servizos sinalados na dita Orde do 17 de febreiro de 1997, cos apartados III. Venda de plantas e semente en viveiro. Código 36.18.00, IV. Venda de semente e piñas de sequeiro. Código 36.19.00 e V. Venda de especies cinexéticas. Código 36.20.00, é necesario derrogar expresamente estes apartados e substituílos polos establecidos nesta orde.

Por todo isto, e despois do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda,

¹ Derrogados apartados I) y II) do anexo pola Orde do 1 de decembro de 2009 (DOG. Nº 243, do 15 de decembro de 2009)

² A referencia enténdese feita, en este caso, ó artigo 51 da actual Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240 del 11 de decembro de 2003).

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Os prezos esixibles polos servizos prestados pola Consellería de Medio Ambiente referentes a plantas forestais, semente e piñas no sequeiro e especies cinexéticas son os que se fixan no anexo da presente orde.

2. As tarifas fixadas no anexo da presente orde entenderanse, se é o caso, co IVE incluído³.

Disposición derogatoria

Quedan derogados os apartados III. Venda de plantas e semente de viveiros; IV. Venda de semente e piñas de sequeiro, e V. Venda de especies cinexéticas, da Orde do 17 de febreiro de 1997, pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e semente de viveiros, semente e piñas en sequeiro e especies cinexéticas.

Disposición derradeira

Esta orden entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO⁴

I SEN APLICACIÓN

II SEN APLICACIÓN

III. Venda de especies cinexéticas. Código 36.20.00.

III.1.-a) Perdiz de menos de 20 días: 250 ptas. (1,50 €)/unidade.

b) Perdiz de 20 a 40 días: 450 ptas. (2,70€)/unidade.

c) Perdiz de máis de 40 días: 700 ptas. (4,21€)/unidade.

III.2.-Coello de monte: 700 ptas.(4,20 €)/unidade.

³ Cantidades expresadas co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

⁴ En cada caso, os prezos en euros serán o resultado da conversión dos prezos aprobados en pesetas mediante orde de cada consellería aplicando as regras do artigo 11 da Lei 46/1998, é dicir, expresados con dous decimais, efectuándose o redondeo por exceso ou por defecto o segundo decimal máis próximo. No caso de que a terceira cifra decimal sexa cinco o superior a cinco, o redondeo se efectuará á unidade superior.

III.3.- a) Corzo macho de 2 anos: 75.000 ptas. (450,76 €)/unidade.

b) Corzo femia de 2 anos: 60.000 ptas. (360,61€)/unidade.

III.4.-a)Cervo macho maior de 2 anos: 75.000 ptas. (450,76 €)/unidade.

b) Cervo macho menor de 2 anos: 50.000 ptas. (300,51€)/unidade.

c) Cervo femia de 2 anos: 50.000 ptas. (300,51€)/unidade.

b) Muflón femia de 2 anos: 40.000 ptas. (240,40€)/unidade.

III.5.-a) Muflón macho de 2 anos: 65.000 ptas.(390,66 €)/unidade.

b) Muflón femia de 2 anos: 40.000 ptas.

III.6.-a) Gamo macho de 2 anos: 35.000 ptas. (210,35 66 €)/unidade.

b) Gamo femia de 2 anos: 25.000 ptas. (150,25€)/unidade.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 1 de decembro de 2009 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería do Medio Rural, referente a plantas forestais, semente e piñas de sequeiro.

A Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, en cumprimento do precepto establecido no artigo 6 da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, publicou mediante a Orde do 17 de febreiro de 1997 os prezos privados dos servizos xestionados por ela, referentes a doses seminais, determinacións analíticas, plantas e sementes de viveiro, semente e piñas de sequeiro e especies cinxéticas.

Posteriormente, coa modificación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida no Decreto 347/1997, creouse a Consellería de Medio Ambiente, que mediante a Orde do 31 de marzo de 1999 modificou os prezos referentes a plantas forestais, semente e piñas de sequeiro.

Hoxe en día, coa Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese, segundo o artigo 4.4º, que as modificacións das contías dos instrumentos as que se refire esta lei deberán ser propostas pola consellería correspondente.

Dada a estrutura orgánica actual da Xunta de Galicia fixada no Decreto 211/2005, do 3 de agosto, no que se integra a Consellería do Medio Rural, da cal dependen os servizos sinalados na Orde do 31 de marzo de 1999, cómpre derrogar expresamente estas epígrafes e substituílos polos establecidos nesta orde.

Por todo isto, e despois do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda,

DISPOÑO:

Artigo único

1. Os prezos exixibles polos servizos prestados pola Consellería do Medio Rural referentes a plantas

forestais, semente e piñas de sequeiro son os que se fixan no anexo desta orde.

2. As tarifas fixadas no anexo desta orde enténdense, se é o caso, co IVE incluído.

Disposición derogatoria

Quedan derogados as epígrafes I e II do anexo da Orde do 31 de marzo de 1999 pola que se fixan os prezos derivados dos servizos xestionados pola Consellería de Medio Ambiente, referente a plantas forestais, semente e piñas de sequeiro.

Disposición derradeira

Esta orden entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2009.

Samuel Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

I. Venda de plantas forestais en viveiro. Código 361800.

I.1. Híbridos artificiais de *Castanea spp.*

De 0,50 m ata 1m: 1,65 €/unidade.

Máis de 1 m: 2,20 €/unidade.

II. Venda de semente e piñas en secadoiro. Código 361900.

II.1. Coníferas.

Pinus pinaster:

1A. Noroeste litoral, categoría identificada: 55,80 €/kg.

1A. Noroeste litoral, categoría seleccionada: 61,43 €/kg.

Categoría cualificada: 135,2 €/kg.

Pinus radiata:

01. Galicia litoral, categoría identificada: 55,80 €/kg.

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 55,80 €/kg.

Pinus sylvestris:

10. Sª Guadarrama, categoría seleccionada: 141,3 €/kg.

Pseudotsuga menziesii, categoría cualificada: 235 €/kg.

II.2. Frondosas.

Acer pseudoplatanus:

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 25 €/kg.

Alnus glutinosa:

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 150 €/kg.

Betula pubescens:

01. Galicia litoral, categoría identificada: 120 €/kg.

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 120 €/kg.

Castanea sativa:

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 6 €/kg.

03. Litoral astur-cántabro, categoría identificada: 6 €/kg.

04. Vertente setentrional cantábrica, categoría identificada: 6 €/kg.

05. Vertente meridional cantábrica-Lomas de la Maragatería, categoría identificada: 6 €/kg.

Fagus sylvatica:

01. Serra do Courel-Os Ancares, categoría identificada: 60 €/kg.

Fraxinus angustifolia:

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 27 €/kg.

04. Vertente setentrional cantábrica, categoría identificada: 27 €/kg.

Fraxinus excelsior:

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 27 €/kg.

Prunus avium:

02. Montañas e mesetas interiores de Galicia, categoría identificada: 140 €/kg.

Categoría cualificada: 150,45 €/kg.

Quercus ilex:

A. Galicia-O Bierzo, categoría identificada: 7,25 €/kg.

Quercus petraea:

01. Galicia, categoría seleccionada: 8 €/kg.

Quercus robur:

01. Galicia:

Categoría identificada: 7,25 €/kg.

Categoría seleccionada: 8 €/kg.

Quercus rubra:

01. Galicia, categoría seleccionada: 8 €/kg.

Quercus suber:

A. Galicia-O Bierzo, categoría identificada: 7,25 €/kg.

Quercus pyrenaica:

02. Galicia meridional, categoría identificada: 7,25 €/kg.

Sorbus aucuparia:

03. Litoral astur-cántabro, categoría identificada: 345 €/kg.

Ulmus glabra:

03. Litoral astur-cántabro, categoría identificada: 103,5 €/kg.

II.3. Por levar adiante as operacións de procesamento de froitos de *Pinus spp.*: 12 €/kg.

II.4. Por levar adiante as operacións de procesado de froitos de fagáceas: 4 €/kg.

II.5. Por levar adiante as operacións de procesamento de froitos de frondosas de sementes de baixa densidade: 15 €/kg.

ORDE DE 2 DE XANEIRO DE 1997, POLA QUE SE SE FIXAN AS TARIFAS E PREZOS PRIVADOS DOS CURSOS E TALLERES DE ARTISTAS IMPARTIDOS NO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (CGAC) (DOG Nº 9 DE 15 DE XANEIRO DE 1997).

Dándolle cumprimento ó disposto na Lei 13/1991, do 9 de decembro, procede fixalos prezos privados dos cursos e obradoiros de artistas que son impartidos no Centro Galego de Arte Contemporánea de conformidade co seu plan de actividades.

A Lei 13/1991, que regula as taxas, prezos e exaccións, dispón no seu artigo 6 que a contía destes será acordada por orde da consellería correspondente, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.

É polo que

DISPOÑO:

Artigo único.

1.-As tarifas¹ esixibles como contraprestación das actividades de cursos e obradoiros de artistas, xestionadas polo Centro Galego de Arte Contemporánea, da Consellería de Cultura e Comunicación Social, se fixan no anexo desta orde, a xestión destes prezos privados farase de acordo co disposto no artigo 7 da Lei 13/1991, do 9 de decembro.

2.-Estes prezos² entenderanse, se é o caso, co IVE incluído.

3.-Para os efectos da xestión, liquidación e recadación do prezo, o seu código será o 36.26.00.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Patrimonio Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

¹ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro

² En cada caso, os prezos en euros serán o resultado da conversión dos prezos aprobados en pesetas mediante orden de cada consellería aplicando as regras do artigo 11 da Lei 46/1998, é dicir, expresados con dous decimais, efectuándose o redondeo por exceso ou por defecto o segundo decimal mais próximo. No caso de que a terceira cifra decimal sexa cinco ou superior a cinco, o redondeo se efectuará á unidade superior.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO

A.-Oferta de cursos, seminarios e ciclos de conferencias do C. G. A. C.

1.-Inscripción: 3.000 ptas. (18,03 €)

B.-Oferta obradoiros de artistas no C. G. A. C.

1.-Inscripción: 5.000 ptas. (30,05 €)

A presentación do carné de estudante eximirá do pagamento do 50% da inscrición dos cursos, seminarios e ciclos de conferencias.

ORDE DO 4 DE XULLO DE 2011 POLA QUE SE FIXAN OS PREZOS PRIVADOS QUE PERCIBIRÁ A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DO LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no capítulo III do título II o que se entende por prezos privados. No artigo 50 do referido texto establécese que «Son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos a que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestando tamén tales servizos ou actividades o sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados».

A lexislación en materia de consumo, a través principalmente da Lei 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios, e da Lei 12/1984, do 28 de decembro, do Estatuto galego do consumidor e usuario, recolle amplamente o dereito do consumidor e usuario á protección da súa saúde e dos seus intereses económicos e sociais.

No cumprimento deste obxectivo, o Laboratorio de Consumo de Galicia actúa como órgano de apoio para empresas ou organismos preocupados por garantir a calidade e seguridade dos produtos que ofrecen, así como de particulares que os adquiren, para o que aplicará prezos privados de acordo co establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A dita lei no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no Diario Oficial de Galicia.

En virtude de todo isto, por proposta da presidenta do Instituto Galego de Consumo, organismo autónomo a que está adscrito o Laboratorio de Consumo de Galicia, e logo do informe da Consellería de Facenda,

DISPOÑO:

Artigo 1.

Atendendo ás condicións e circunstancias do mercado, fíxanse os prezos privados que se van cobrar no Laboratorio de Consumo de Galicia como consecuencia da contraprestación percibida pola realización dos ensaios seguintes de interese directo na determinación dos cumprimentos de calidade e seguridade dos produtos, segundo as normas vixentes en cada materia (UNE, EN, ISO, etc.):

- a) Ensaaios de tipo químico.
- b) Ensaaios de produtos téxtiles.
- c) Ensaaios de seguridade dos xoguetes.
- d) Ensaaios de seguridade de artigos de puericultura.
- e) Ensaaios de seguridade en electrodomésticos en xeral.
- f) Ensaaios en pilas e acumuladores.
- g) Ensaaios de seguridade en aparellos eléctricos: bases e chavetas de uso doméstico.
- h) Ensaaios en produtos electrónicos.

Artigo 2.

Estes prezos entenderanse, de ser o caso, co IVE incluído.

Artigo 3. Exencións.

Os organismos da Administración pública da Xunta de Galicia, definidos no artigo 3 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, non estarán suxeitos a esta orde.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Orde do 12 de marzo de 2004 pola que se fixan os prezos privados que percibirá a Xunta de Galicia no Laboratorio de Consumo de Galicia, e tamén cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2011.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO

Ensaio e prezos (en euros)

(*) Consultar alcance e/ou dispoñibilidade.

(**) É obrigatoria a realización deste punto previamente a calquera ensaio do produto.

	I. Comúns a distintos grupos de produtos industriais.	
1	Elaboración de informe	35,10
2	Etiquetaxe (*)	15,60
3	Ensaio non incluídos nesta relación de prezos (*)	163,80
	II. Produtos. Análises químicas.	
4	Etiquetaxe (*)	23,40
5	Preparación de mostra (dixestión, filtración, extracción Soxhlet...) (*)	46,80
6	Análises consistentes en medicións directas con instrumental sinxelo ou reaccións cualitativas (*)	23,40
7	Identificación e/ou cuantificación mediante técnicas non instrumentais (*)	35,10
8	Identificación e/ou cuantificación mediante técnicas espectrofotométricas (*)	46,80
9	Identificación e/ou cuantificación mediante cromatografía de gases/espectrometría de masas. 1 a 10 analitos (*)	187,20
10	Identificación e/ou cuantificación mediante espectroscopía de emisión con fontes de plasma con acoplamento indutivo (ICP). 1 a 10 metais (*)	187,20
11	Ensaio non incluídos nesta relación de prezos (*)	187,20
	III. Produtos téxtiles.	
12	Etiquetaxe	11,70
	A. Identificación de fibras e composición	
13	Observación microscópica: sección lonxitudinal	11,70
14	Observación microscópica: sección transversal	11,70
15	Observación microscópica: fotomicrografía	11,70
16	Identificación por solubilidade	23,40
17	Identificación de fibras téxtiles: microscopía e solubilidade	23,40
18	Análise química cuantitativa de mesturas binarias de fibras téxtiles (Métodos 1, 2, 4 e 7. UNE 40-110)	148,53
19	Análise química cuantitativa de mesturas binarias ou ternarias de fibras téxtiles	140,40
	B. Estrutura e características físicas e químicas	
20	Masa por unidade de lonxitude e por unidade de superficie dos tecidos	23,40
21	Masa dos fíos de urdidura e de trama por unidade de superficie nun tecido	23,40
22	Densidade lineal (número ou título) dos fíos dun tecido	23,40
23	Densidade dos tecidos: n.º de fíos/cm	23,40
24	Variacións dimensionais dos tecidos en auga fría	35,10
25	Determinación da resistencia á abrasión dos tecidos (método Martindale)	140,40
26	Determinación da tendencia á formación de peluxe e de boliñas (pilling) (método Martindale modificado)	140,40
27	Comportamento ao lume de tecidos para indumentaria	46,80
	C. Solidez das tinturas	
28	Solidez das tinturas ao lavado doméstico e comercial (Ensaio A1 e B1. UNE-NISO 105-C06)	43,23
29	Solidez das tinturas ao lavado doméstico e comercial	35,10
30	Solidez das tinturas á limpeza en seco (UNE-NISO 105-D01)	43,23
31	Solidez das tinturas á auga clorada	35,10
32	Solidez das tinturas á auga (UNE-NISO 105-E01)	39,33
33	Solidez das tinturas á auga de mar (UNE-NISO 105-E02)	39,33
34	Solidez das tinturas á transpiración (UNE-NISO 105-E04)	39,33
35	Solidez das tinturas á frega con tetracloroetileno (UNE-NISO 105-D02)	31,53
36	Solidez das tinturas á frega	23,40
37	Solidez das tinturas ao branqueo: hipoclorito	23,40
38	Solidez das tinturas ao branqueo: peróxido	23,40
39	Solidez das tinturas á gota de auga	23,40

	D. Ensaio de tracción	
40	Fios enrolados. Determinación da forza de rotura e da prolongación na rotura de fíos individuais	35,10
41	Costuras de tecidos e de artigos téxtiles confeccionados. Determinación da forza máxima ata a rotura das costuras polo método da tira	35,10
42	Téxtiles. Determinación da forza máxima e da prolongación na rotura polo método da tira	35,10
	E. Seguridade das pezas	
43	Ensaio de tracción de botóns e pezas pequenas	46,80
44	Cordóns ou cordas axustables	11,70
	IV. Seguridade dos xoguetes.	
45	Etiquetaxe específica de xoguetes	54,93
	A. Propiedades físicas e mecánicas (EN 71-1)	
46	Determinación de partes pequenas	23,58
47	Ensaio de torsión	35,10
48	Ensaio de tracción	35,10
49	Ensaio de caída	23,58
50	Ensaio de envorcado	15,44
51	Ensaio de impacto	23,58
52	Ensaio de compresión	35,10
53	Ensaio de imbibición	43,23
54	Accesibilidade dun elemento ou peza	23,40
55	Acuidade dos bordos	31,53
56	Acuidade das puntas	31,53
57	Flexibilidade dos arames (*)	93,60
58	Materiais expandibles	46,80
59	Estanquidade de xoguetes que conteñen líquidos	93,60
60	Forma xeométrica de certos xoguetes	23,58
61	Durabilidade dos xoguetes accionados pola boca (*)	70,20
62	Mecanismos despregables ou desprazables	70,20
63	Resistividade eléctrica das cordas	35,10
64	Espesor das cordas (*)	35,10
65	Resistencia estática (*)	23,40
66	Estabilidade	23,40
67	Determinación da enerxía cinética	23,40
68	Láminas de plástico	35,10
69	Resistencia das barras de dirección do patinete de xoguete	93,60
70	Determinación dos niveis de presión sonora de emisión (*)	46,80
71	Determinación da velocidade de xoguetes eléctricos destinados a manterse	58,50
72	Medida da elevación da temperatura	58,50
73	Tapadeiras dos cofres de xoguete (*)	23,40
74	Ensaio de bólas pequenas e de ventosas	15,44
75	Ensaio de figuras para xogar	15,44
76	Ensaio de tracción para imáns (*)	70,20
	B. Inflamabilidade (EN 71-2)	
77	Ensaio de inflamabilidade	46,80
	C. Xogos de experimentos químicos (EN 71-4)	
78	Xoguete completo	234,00
79	Marcas, indicacións e folia de instrucións	31,53
80	Potencia absorbida	27,30
81	Quentamentos e funcionamento anormal	195,00
82	Rixidez dieléctrica á temperatura de réxime	54,60
83	Rixidez dieléctrica á temperatura ambiente	39,00
84	Resistencia mecánica	19,50
85	Construción	31,20
86	Protección dos cables e condutores	27,30
87	Liñas de fuga e distancia no aire	54,60

	V. Seguridade dos artigos de puericultura.	
88	Etiquetaxe específica de artigos de puericultura	46,80
	A. Chupetes. Requisitos xerais de seguridade (UNE-EN 1400-1)	
89	Construción	140,40
	B. Chupetes. Ensaio mecánicos (UNE-EN 1400-1)	
90	Ensaio de resistencia ao impacto	15,44
91	Ensaio de resistencia á perforación	35,10
92	Ensaio de resistencia ao rachado	46,80
93	Ensaio de retención do tirador, obturador e/ou cuberta	58,50
94	Ensaio de resistencia á mordida	93,60
95	Ensaio de resistencia á rotación	58,50
96	Ensaio de integridade	70,20
	C. Broches para chupetes (UNE-EN 12586:2008)	
97	Requisitos (*)	117,00
98	Preparación das mostras e condicións xerais de ensaio (**)	35,10
99	Medición da lonxitude	35,10
100	Medición do largo (*)	58,50
101	Resistencia ao impacto	15,44
102	Ensaio de resistencia á tracción	70,20
103	Ensaio de aprisionamento de dedos	15,44
104	Ensaio de guías	15,44
	D. Artigos para a alimentación líquida (UNE-EN 14350-1:2005)	
105	Requisitos (*)	117,00
106	Preparación das mostras (**)	35,10
107	Ensaio de resistencia á rotura	58,50
108	Ensaio de precisión volumétrica	58,50
109	Ensaio de choque térmico	58,50
110	Ensaio das galgas	15,44
111	Ensaio de seguridade/retención (*)	70,20
112	Ensaio de flexibilidade	58,50
113	Materiais: madeira, superficies, metal e inflamabilidade (*)	117,00
114	Construción	280,80
115	Embalaxe	35,10
	E. Parques para uso doméstico. Ensaio (UNE-EN 12227-2:2000)	
116	Montaxe e inspección previas aos ensaios (**)	140,40
117	Inspección	93,60
118	Medidas	234,00
119	Cortes e esmagamentos	93,60
120	Estribo	70,20
121	Elementos desmontables	58,50
122	Ensaio de mordida	93,60
123	Comprobación de partes saíntes, ocos e aberturas	23,40
124	Resistencia (*)	234,00
125	Ensaio de estabilidade	23,40
126	Rodas pequenas/rodas	15,44
	VI. Electrodomésticos en xeral (UNE-EN 60335-1).	
127	Marcas, indicacións e follas de instrucións	23,40
128	Protección contra os choques eléctricos	58,50
129	Potencia e intensidade absorbidas	27,30
130	Quentamentos	86,58
131	Illamento eléctrico e corrente de fuga a temperatura de réxime	58,50
132	Rixidez dieléctrica	39,00
133	Estabilidade e perigos mecánicos	35,10
134	Resistencia mecánica	19,50
135	Construción	173,16
136	Conexión á rede de cables flexibles exteriores	101,40
137	Dispositivos para a posta a terra	42,90

VII. Pilas e acumuladores (UNE-EN 60068) (*).		
138	Dimensións	23,40
139	Características da descarga a 20 °C	93,60
140	Características da descarga a 20 °C para elementos de carga rápida	93,60
141	Conservación da carga	234,00
142	Sobrecarga	93,60
143	Sobrecarga elementos carga rápida	93,60
144	Funcionamento do dispositivo de seguridade	70,20
145	Almacenamento	468,00
VIII. Aparellos eléctrico. Bases e chavetas para uso doméstico.		
146	Marcas e indicacións	23,40
147	Verificación das dimensións	88,92
148	Protección contra os choques eléctricos	60,84
149	Dispositivos de posta a terra	42,90
150	Resistencia ao illamento	66,30
151	Resistencia á calor	93,60
152	Quentamentos	78,00
IX. Equipamentos electrónicos.		
153	Funcionamento xeral	23,40
154	Carga e duración da batería	46,80
155	Inspección microscópica exterior	23,40
156	Inspección microscópica interior	70,20
157	Outras determinacións	117,00
159	Funcionamento xeral	46,80
160	Carga e duración da batería	46,80
161	Inspección microscópica exterior	23,40
162	Inspección microscópica interior	93,60

**ORDE DE 17 DE MARZO DE 2004, POLA QUE SE SE REGULAN OS
PREZOS PRIVADOS DOS PRODUTOS DE DIFUSIÓN DO INSTITUTO
GALEGO DE ESTATÍSTICA.
(DOG Nº 63 DE 31 DE MARZO DE 2004)**

A Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, regula a actividade estatística para os fins da Comunidade Autónoma e sinala entre as funcións do Instituto Galego de Estatística (IGE) a de publicar e difundir os resultados das súas estatísticas.

En cumprimento da indicada función, o IGE vén ofertándolles produtos e servizos aos usuarios que o solicitan, aplicando os prezos regulados na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e publicados no Diario Oficial de Galicia.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Dirección Xeral de Tributos desta consellería,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a fixación dos prezos dos seguintes produtos e servizos, que o IGE lles subministra aos usuarios que o soliciten:

1. Producción estándar. Consiste en libros, folletos ou CD-ROM onde se presentan organizadamente os resultados das actividades estatísticas que o IGE realiza e que figuran no catálogo de publicacións.
2. Extraccións de información de ficheiros ou bases de datos. Consisten en seleccións de información de ficheiros ou bases de datos, das distintas actividades estatísticas de produción propia, que residan nos sistemas informáticos do IGE.

3. Explotacións a medida. Consisten en peticións que requiren unha elaboración específica, a partir da información das distintas actividades estatísticas de produción propia, que residan nos sistemas informáticos do IGE. Esta elaboración implica un traballo de estudo ou programación, así como un tempo de execución en procesos informáticos.

4. Copias de documentos. Consisten en copias parciais ou totais de publicacións ou outros documentos elaborados en cumprimento do Plan Galego de Estatística. Estas copias serán realizadas normalmente por sistemas reprográficos ou por impresión de textos ou táboas arquivados en soporte informático.

Artigo 2º.-Determinación dos prezos.

Os prezos privados dos produtos de difusión do IGE determinaranse segundo o produto ou servizo de que se trate.

1. Prezos da produción estándar.

Neste punto regúlanse tan só as publicacións en papel:

a) Con carácter xeral os prezos de venda ao público das publicacións editadas polo IGE fíxanse en función do número de páxinas:

* De 50 a 150 páxinas 6 euros.

* De 150 en diante 9 euros.

b) As publicacións editadas polo IGE de menos de 50 páxinas serán gratuítas.

c) Os prezos das publicacións que o IGE realice en colaboración con outros organismos virán determinados por acordo entre as partes.

d) Por resolución do director do IGE determinarase a distribución gratuíta de publicacións, atendendo a criterios institucionais ou de interese público.

2. Prezos das extraccións de información de ficheiros ou bases de datos.

A información entregarase ao usuario en ficheiros facilmente tratables e no formato que o IGE estime máis conveniente.

a) No suposto de rexistros de directorios ou ficheiros preparados especificamente para a súa venda o prezo será:

* Primeiros 100 rexistros a 0,6 euros/rexistro.

* Do rexistro 101 ó 1.000 a 0,3 euros/rexistro.

* Do rexistro 1.001 en diante a 0,03 euros/rexistro.

O custo mínimo por petición será de 60 euros.

b) Para os supostos recollidos no artigo 30.2º da Lei de estatística de Galicia (favorecer a investigación científica) o prezo será:

* Primeiros 5.000 rexistros a 0,03 euros/rexistro.

* Do rexistro 5.001 ó 10.000 a 0,02 euros/rexistro.

* Do rexistro 10.001 en diante a 0,01 euros/rexistro.

c) Para a copia en soporte informático de táboas estatísticas xa difundidas e que non se atopen á venda, nos formatos que o IGE estime máis conveniente o prezo será:

* As primeiras 10 táboas a 0,3 euros/táboa.

* Da táboa 11 en diante a 0,05 euros/táboa.

O custo mínimo por petición será de 3 euros.

3. Prezos das explotacións a medida.

Para as explotacións a medida de datos estatísticos o prezo será o resultado da suma de dúas compoñentes:

a) Por datos subministrados: o importe en euros obterase redondeando a dous decimais a suma das cantidades que se relacionan a continuación.

* Primeiros 100 datos a 0,1 por dato.

* Do dato 101 ó 5.000 a 0,02 por dato.

* Do dato 5.001 ó 50.000 a 0,005 por dato.

* Do dato 50.001 en diante a 0,0005 por dato.

O custo mínimo por petición será de 10 euros. Para estes efectos, considérase que un dato é cada cela numérica de cada unha das táboas estatísticas que integran a petición.

b) Polas horas dedicadas polo persoal técnico estatístico ou informático que a petición puidese requirir, 40 euros/(hora/persoa) incrementado coa fracción correspondente no caso de que a petición requira máis dunha hora.

Para as explotacións de datos estatísticos xa difundidos dos que o usuario tan só solicite unha presentación diferente da xa difundida, o prezo será o que resulte da aplicación da letra b).

A realización destes traballos estará suxeita ás dispoñibilidades de recursos e ao interese estatístico da petición, reservándose o IGE o dereito a entregar a información no formato que estime máis conveniente.

4. Prezos das copias de documentos.

O prezo dos servizos derivados da reprodución parcial mediante fotocopia, copia de microficha ou copia por impresora, realizada polos usuarios, será:

a) Fotocopia simple:

* Formato DIN A4: 0,03 euros/copia.

* Formato DIN A3: 0,06 euros/copia.

b) Fotocopias remitidas por correo:

* 1ª páxina: 0,30 euros/copia.

* 2ª páxina e seguintes: 0,15 euros.

c) Fotocopias enviadas por fax:

* 1ª folia que inclúe a cabeceira da mensaxe: 0,90 euros.

* 2ª folia e seguintes: 0,45 euros.

Artigo 3º.-Descontos e bonificacións.

1. O IGE fará un desconto sobre o prezo dos seus produtos ou servizos derivados tanto das extraccións de información de ficheiros ou bancos de datos recollidas nos puntos 2a) e 2c) do artigo 2º desta orde coma nas explotacións a medida, por importe dun 25% aos peticionarios que o soliciten en representación da:

-Administración xeral.

-Administración local.

-Universidades.

-Departamentos universitarios.

-Centros de investigación recoñecidos.

Deberase facer constar o fin para o que se solicitan os datos.

2. Ás extraccións de información de ficheiros ou bases de datos recollida nos puntos 2a) e 2c) do artigo 2º desta orde e ás explotacións a medida, aplicaranse as seguintes bonificacións.

Táboa 1. Bonificacións:

Gratuidade total:

* Órganos das administracións aos que se refire o artigo 3 da Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- * Altos cargos con rango igual ou superior a secretario de Estado.
- * Congreso dos Deputados e Senado.
- * Defensor do Pobo.
- * Consello Xeral do Poder Xudicial.
- * INE e órganos estatísticos das CC.AA.

500 euros ao ano:

- * Persoas físicas ou xurídicas, representadas no Consello Galego de Estatística, a título particular.
- * Unidades administrativas que realicen actividades estatísticas contidas no Plan Galego de Estatística, non incluídas no suposto de gratuidade total.
- * Informantes periódicos do IGE.
- * Medios de comunicación.
- * Centrais sindicais.
- * Organizacións empresariais.
- * Tribunal de Contas.
- * Partidos políticos.

No suposto de informantes periódicos do IGE a Subdirección Xeral de Coordinación Técnica e Planificación Estatística do IGE terá que certificar a colaboración na obtención da información solicitada.

Para os casos de bonificacións que non impliquen a gratuidade total, ao importe das peticións aplicaráselle ás bonificacións que correspondan ata o tope fixado. A partir dese momento o resto das peticións do ano facturarase aplicando os descontos establecidos no punto 1.

Non se poderán trasladar saldos dun ano a outro.

Deberase facer constar o fin para o que se solicitan os datos.

Artigo 4º.-Condicións de subministración de información.

O IGE poderá limitar a cesión de datos e establecer restricións de uso ou condicións de compromiso para a información entregada. Co fin de garantir a protección do segredo estatístico o usuario asinará un documento de aceptación destas condicións con carácter previo á entrega.

Artigo 5º.-IVE.

Os prezos aos que se refire esta orde entenderanse, se é o caso, con IVE incluído.

Artigo 6º.-Forma de pagamento.

A xestión, regulación e recadación dos prezos privados establecidos nesta orde axustarase ao disposto na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ORDE DE 13 DE XANEIRO DE 2000, POLA QUE SE FIXAN OS PREZOS PRIVADOS ESIXIBLES POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VENDA DE FOLLAS DE RECLAMACIÓNS NO INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO. (DOG Nº 18 DE 27 DE XANEIRO DE 2000)

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no artigo 5 do seu capítulo I do título II o que se entende por prezos privados, cualificándoos como aquelas contraprestacións que obteñan os órganos da Administración, entes e organismos autónomos como consecuencia da cesión ou do alleamento de bens ou da prestación de servizos sempre que exista oferta privada concorrente. Entenderase satisfeito este último requisito cando non haxa impedimento legal para acceder como oferente ó mercado de que se trate.

A lexislación en materia de consumo, a través principalmente da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e da Lei 12/1984, do 28 de decembro, do Estatuto Galego do Consumidor e Usuario, recolle amplamente o dereito do consumidor e usuario á protección da súa saúde e dos seus intereses económicos e sociais.

No cumprimento deste obxectivo, unha das vías para facilita-la tramitación das reclamacións e, en definitiva, defende-los dereitos e reestablece-los intereses lesionados dos consumidores, son as follas de reclamacións, que se configuran coma un instrumento áxil para facilita-la remisión á Administración das denuncias por presuntas infraccións ós dereitos legalmente recoñecidos, así como daquelas reclamacións que os consumidores desexen someter á arbitrase de consumo.

Tendo en conta o anterior, por medio do Decreto 375/1998, do 23 de decembro, reguláronse as follas de reclamacións dos consumidores e usuarios, onde se establece un modelo de folla de reclamación, que nada impide a súa produción e comercialización no mercado, sempre que se respecte o devandito modelo inserido como anexo, no que se refire á forma e ó contido deste.

Nesta orde de cousas, o Instituto Galego de Consumo entende que para favorece-la implantación xenérica das devanditas follas en todo o mercado e co fin de dar cobertura á demanda, é preciso establecer unha canle de distribución ó público fixando os correspondentes prezos.

Segundo a disposición derradeira primeira do Decreto 375/1998, facúltase o conselleiro competente en materia de consumo para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do citado decreto.

Na súa virtude, por proposta do presidente do Instituto Galego de Consumo e logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda

DISPOÑO:

Artigo 1º

Establécese como prezo privado do xogo de folia de reclamación o que figura no anexo desta orde, que se obterá polo Instituto Galego de Consumo como consecuencia da contraprestación recibida pola súa venda.

Artigo 2º

Os xogos de follas de reclamacións serán facilitados nos servizos centrais e provinciais do Instituto Galego de Consumo.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO

-O prezo de cada xogo de follas de reclamacións será de 25 pesetas (0,150253 euros) unidade.-Este prezo entenderase co IVE incluído¹.

¹ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro

**ORDE DE 11 DE MAIO DE 2000, POLA QUE SE FIXAN OS PREZOS DE VENDA
DAS PEZAS DO UNIFORME DOS ALUMNOS DA ACADEMIA GALEGA DE
SEGURIDADE (AGS).
(DOG Nº 113 DE 12 DE XUÑO DE 2000)**

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no Diario Oficial de Galicia.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable pola Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda das pezas do uniforme dos alumnos da AGS, cando sexa necesaria a súa reposición por deterioración ou extravío.
2. Estes prezos, que se relacionan no anexo, entenderanse co IVE incluído¹.

ANEXO

Xersei 4.700 ptas. (28,247569 €)
Camisa 1.220 ptas.(7,332348 €)
Cinto 1.960 ptas.(11,779837 €)
Zapato piso goma 4.600 ptas.(27,646557 €)
Zapato piso sola 5.125 ptas.(30,801870 €)
Gorra 2.100 ptas.(12,621254 €)
Gravata 1.115 ptas.(6,701285 €)
Ombreiras escudo (par) 780 ptas. (4,687894 €)
Escudo plastificado 535 ptas.(3,215415 €)
Calcetíns 210 ptas.(1,262125 €)

¹ Cantidade expresada co equivalente en euros como consecuencia da súa conversión pola entrada en vigor da Lei 46/1998, de 17 de decembro, de Introducción do Euro.

Pantalón 4.100 ptas.(24,641496 €)
Chuvasqueiro 8.000 ptas. (48,080968 €)
Suadoiro 3.625 ptas. (21,786689 €)
Pantalón a xogo 3.500 ptas. (21,035424 €).
Camiseta 1.425 ptas. (8,564422 €)
Calcetíns de algodón 325 ptas. (1,953289 €)
Chuvasqueiro 3.200 ptas. (19,232387 €)
Pantalón deporte 1.500 ptas. (9,015182 €)
Zapatillas deporte 5.625 ptas. (33,806931 €)
Bolsa deporte 2.350 ptas. (14,123784 €)

**ORDE DE 22 DE FEBREIRO DE 2005, POR LA QUE SE FIXAN OS PREZOS DE VENDA Ó PÚBLICO DE DIVERSOS ARTIGOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO.
(DOG Nº 50 DE 14 DE MARZO DE 2005)**

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no Diario Oficial de Galicia.

Para cumprir este mandato e despois de emitir o informe favorable a Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos privados de venda ao público dos obxectos dos museos xestionados por esta consellería que se relacionan no anexo I.

2. Estes prezos entenderanse, de ser o caso, con IVE incluído.

ANEXO I

Relación de obxectos dos que se aproban aos prezos privados de venda ao público:

-Museo de Belas Artes (A Coruña).

Paraugas: 10,00 €.

Lapis: 1,20 €.

Bolígrafo: 2,00 €.

Libreta: 3,50 €.

Camiseta neno: 5,00 €.

Camiseta muller: 9,00 €.

Camiseta home: 6,00 €.

Cartel: 2,00 €.

-Museo das peregrinacións (Santiago de Compostela).

Poncho: 1,00 €.

Lapis fluorescente: 1,50 €.

Afialapis: 0,50 €.

Estoxo: 2,00 €.

Petate: 6,00 €.

**ORDE DE 12 DE FEBREIRO DE 2004, POLA QUE SE FIXAN OS PREZOS DE VENDA Ó PÚBLICO DE DIVERSOS ARTIGOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO.
(DOG Nº 47 DE 8 DE MARZO DE 2004)**

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6¹ sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no Diario Oficial de Galicia.

Para cumprir este mandato e despois de emiti-lo informe favorable a Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos privados de venda ó público dos obxectos dos museos xestionados por esta consellería que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse, de se-lo caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2004.

ANEXO

Relación de obxectos dos cales se aproban os prezos privados de venda ó público:

-Museo de Belas Artes (A Coruña):

Actividade didáctica Re-pintar Altamira. O inicio da pintura: 5 euros.

-Museo das Peregrinacións (Santiago de Compostela):

Paraugas: 10 euros.

loió: 1,50 euros.

Bolígrafos: 4 euros.

Regras: 1 euros.

Taco de notas: 4,51 euros.

Lapis: 0,60 euros.

Goma de borrar: 0,50 euros.

Marcador de libro: 0,30 euros.

Prato conmemorativo: 9,02 euros.

Pin: 6,01 euros.

¹ Esta referencia se entende feita ó artigo 51 da actual Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 240 de 11 de decembro de 2003).

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE**

Orde do 9 de outubro de 2006 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversos artigos da Consellería de Cultura e Deporte.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitir o informe favorable pola Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos privados de venda ao público dos obxectos dos museos xestionados por esta consellería que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO

Relación de obxectos dos que se aproban os prezos privados de venda ao público:

Museo das Peregrinacións (Santiago de Compostela).

Cordóns para teléfono móbil: 1,50 euros.

Tarxeteiro: 6,00 euros.

Caderno pequeno: 7,50 euros.

Caderno grande: 10,00 euros.

Marcapáxinas: 1,00 euros.

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO**

Orde do 2 de xuño de 2010 pola que se fixa o prezo de venda ao público dun dobre CD da Consellería de Cultura e Turismo, con músicas pertencentes ao Códice Calixtino e á tradición xacobeana medieval europea.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitir o informe favorable pola Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo privado de venda ao público do dobre CD con libriño *Canto de Ultraia. Músicas de Santiago de Compostela, Séc. XII. Codex Calixtinus, cantos de peregrinos*, interpretado polo Grupo de Música Antiga Resonet e promovido polo Museo das Peregrinacións e de Santiago, da Consellería de Cultura e Turismo.

2. O prezo de venda ao público será de 18 euros, IVE incluído.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 23 de marzo de 2010 pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e o Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, establecen que o Ingacal será o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade dos produtos acollidos ás distintas denominacións xeográficas ou a outras figuras de protección da calidade diferencial. O Ingacal pretende ser unha ferramenta de apoio á actividade dos consellos reguladores, sobre todo dos que carecen dunha estrutura axeitada para o desenvolvemento das súas funcións. Deste xeito o Ingacal podería asumir, nos casos en que fose necesario, os labores de control e certificación así como outros servizos de apoio á xestión dos consellos.

No artigo 15.1º da citada Lei 2/2005, do 18 de febreiro, establécense tres opcións para a realización do control e certificación dos produtos amparados por unha denominación xeográfica e que son: mediante entidades independentes de control que axusten o seu funcionamento aos requisitos establecidos na norma internacional de calidade para entidades de certificación de produto (UNE-EN 45011 ou norma que a substitúa), mediante un órgano integrado no propio consello regulador, ou a través do Ingacal, mediante o departamento correspondente integrado na súa estrutura.

En estreita relación co anterior, será o Ingacal, ademais, o organismo de xestión e control das marcas de calidade do sector agroalimentario a que se refire o artigo 30 da citada Lei de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, así como, da artesanía alimentaria de Galicia.

O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, establece, no artigo 63.2º, que no regulamento de cada denominación deberá optarse por algún dos sistemas de control anteriormente mencionados.

Así mesmo, o citado decreto, no artigo 66.2º establece que o Ingacal poderá realizar todo tipo de actividades relativas á certificación que lle sexan contratadas polos consellos reguladores, tales como inspeccións, toma de mostras de produtos ou análises físicoquímicas ou organolépticas.

Neste sentido, o Ingacal pretende ofertar os seus servizos aos distintos consellos reguladores que voluntariamente o demanden, co fin de optimizar os recursos e reducir os custos de funcionamento grazas ao efecto de escala, e contribuír á profesionalización, especialización e mellora da calidade dos servizos realizados.

En cumprimento da indicada función, o Ingacal pretende ofertar servizos aos usuarios que o soliciten, para o que aplicará prezos privados de acordo co establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A dita lei, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda

DISPOÑO

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten como obxecto a fixación dos prezos privados dos seguintes servizos, que o Ingacal prestará aos usuarios que o soliciten:

a) Servizo de xestión de consellos reguladores. Consiste nas actuacións de secretaría do consello regulador, xestión contable-administrativa, tramitación de subvencións e mantemento dos rexistros dos inscritos nos consellos reguladores que se establezan nos seus regulamentos.

b) Servizo de control e certificación da calidade alimentaria. Consiste nas actuacións de comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nos regulamentos, pregos de condicións e normas técnicas das diferentes figuras de calidade a que o Ingacal preste os seus servizos.

c) Servizo de control dos viños da terra. Este punto afecta as adegas que elaboran viño acollido ás indicacións xeográficas existentes en Galicia. Consiste nas actuacións de comprobación do cumprimento das normas que establecen as ordes que recoñecen e regulan as ditas indicacións xeográficas.

Artigo 2º.-*Determinación de prezos.*

Os prezos privados dos servizos do Ingacal determinaranse en función do servizo de que se trate. No caso de figuras de calidade en que exista un consello regulador, o pagamento dos servizos de xestión, control e certificación serán realizados polo propio consello regulador logo de acordo co Ingacal no que se establecerá o alcance das actuacións. No caso de que para unha figura de calidade non exista un consello regulador, o pagamento dos servizos de control e certificación realizarano directamente os propios operadores.

a) Prezos do servizo de xestión de consellos reguladores.

Con carácter xeral o prezo deste servizo será de 8.720,48 euros por consello regulador e ano. Este importe verase incrementado nun 0,5% do valor medio da produción certificada, de acordo coa estatística oficial da Consellería do Medio Rural, nos tres anos anteriores ao da prestación do servizo.

b) Prezos do servizo de control e certificación da calidade alimentaria.

Con carácter xeral establécese un prezo por cada unha das actuacións de inspección de 700,15 euros, tanto no caso dos produtores primarios como no dos usuarios finais da marca de calidade.

c) Prezo do servizo de control e certificación dos viños da terra.

Con carácter xeral establécese un prezo fixo de 59 euros por campaña que deberán aboar os usuarios finais das indicacións xeográficas. Ademais, estes deberán aboar 0,05 euros por cada unha das contraetiquetas solicitadas para a identificación dos viños que acolle cada unha das indicacións xeográficas.

Artigo 3º.-*Descontos e bonificacións.*

Nos prezos do servizo de control e certificación da calidade alimentaria a que se refire a letra b) do artigo 2º, aplicaranse os seguintes descontos e bonificacións:

a) Nos cinco primeiros anos de funcionamento dun consello regulador, o prezo reducirase nun 50% para os usuarios finais da marca de calidade e nun 75% para os produtores primarios.

b) No caso dos consellos reguladores en que o valor medio do produto certificado aos inscritos nos tres anos anteriores á prestación do servizo, de acordo coa estatística oficial da Consellería do Medio Rural sexa inferior a 2.000.000 de euros, e aos que non lles sexa aplicable a alínea a) anterior, o prezo reducirase nun 50% para os usuarios finais da marca de calidade e nun 75% para os produtores primarios.

c) No caso dos consellos reguladores en que o valor medio do produto certificado aos inscritos nos tres anos anteriores á prestación do servizo, de acordo coa estatística oficial da Consellería do Medio Rural sexa superior a 2.000.000 de euros, e aos que non lles sexa aplicable a alínea a) anterior, o prezo reducirase nun 75% para os produtores primarios.

Artigo 4º.-*IVE.*

Os prezos a que se refire esta orde entenderanse, se é o caso, con IVE incluído.

Artigo 5º.-*Actualización de prezos.*

Estes importes actualizaranse o un de xaneiro de cada ano na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006) no mes de novembro, calculado polo INE. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Artigo 6º.-*Exencións.*

Os organismos da Administración pública da Xunta de Galicia, definidos no artigo 3 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, non estarán suxeitos a esta orde.

Artigo 7º.-*Forma de liquidación e pagamento.*

O pagamento dos prezos privados aboarase:

a) Nos quince primeiros días do mes seguinte á finalización do cuarto trimestre natural de cada ano, no caso do prezo fixo por campaña das indicacións

xeográficas dos viños da terra e con carácter previo á súa entrega, no caso do prezo das contraetiquetas.

b) Nos quince primeiros días do mes seguinte á finalización do trimestre natural, nos demais casos.

Todos os casos se axustarán ao establecido na normativa pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facultade de desenvolvemento.

Facultase a Dirección do Ingacal para ditar cantos actos e resolucións sexan necesarios para a aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato, e despois de emitido o perceptivo informe favorable da Consellería de Facenda,

DISPOÑO:

Artigo único.

Un.-Fíxanse os seguintes prezos privados para diversos cursos de especialización e de cualificación profesional e asimilados impartidos pola Agasp conforme o establecido no anexo.

Dous.-Os prezos a que se refire esta orde enténdense, se é o caso, con IVE incluído.

Disposición adicional

Estes importes actualizaranse o un de xaneiro de cada ano na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006) no mes de novembro, calculado polo INE. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos no *Diario Oficial de Galicia*, mediante resolución da persoa titular da dirección xeral da Academia Galega de Seguridade Pública.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Orde do 31 de marzo de 2010 pola que se fixan prezos privados para diversos cursos de especialización e de cualificación profesional e asimilados impartidos pola Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp).

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma

ANEXO

a) Cursos de especialización.

Duración (horas lectivas)	20	25	30	35	40	45	50	55	60	65	70	75	80
Prezo privado/alumno (cota de inscripción):	43,80	52,20	61,80	71,40	78,40	88,00	96,60	105,90	116,50	126,00	134,20	142,60	150,80

b) Cursos de cualificación profesional e asimilados.

Duración (horas lectivas)	Ata 25 horas	Desde 26 horas a 50 horas	Mais de 50 horas
Prezo privado/alumno (cota de inscripción):	160	225	320 € + 64 € por cada tramo de 10 horas, a partir de 61 horas.

ORDE DO 31 DE MARZO DE 2011 POLA QUE SE REGULAN OS PREZOS PRIVADOS APLICABLES POLA CESIÓN TEMPORAL DE INSTALACIÓNS PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS POR PARTE DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA.

O artigo 50 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que «son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos a que se refire o artigo 3 desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestando tamén tales servizos ou actividades o sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados ». Así mesmo, o artigo 51 da citada lei establece que os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado en que operen e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, vista a proposta formulada pola Academia Galega de Seguridade Pública e logo do informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1.1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dos prezos que se aplicarán pola cesión temporal das instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública para actividades académicas ou culturais non contrapostas aos fins desta institución.

1.2. Os prezos que se aproban nesta orde pola cesión temporal de instalacións non serán de aplicación para as actividades organizadas pola Administración autonómica, excepto cando a participación na actividade de que se trate estea sometida a dereitos de inscrición. Neste caso aplicaranse os prezos que se establecen no artigo 2º desta orde.

1.3. Todos os prezos se entenderán co IVE incluído.

Artigo 2º.-*Cesión temporal de instalacións.*

2.1. Apróbanse os prezos que se detallan a continuación para a cesión temporal de espazos da Academia Galega de Seguridade Pública:

Dependencia	Prezo por día €
Aulas	154,13
Aulas con medios informáticos	244,13
Auditórium	353,18
Auditórium con medios informáticos	553,18
Residencia:	
• aloxamento por cuarto	33,67
• con almorzo incrementase, por persoa, o aloxamento	3,00
• con media pensión incrementase, por persoa, o aloxamento	10,50
• con pensión completa incrementase, por persoa, o aloxamento...	16,50
Pista práctica conducións todo terreo	2.005,00

2.2. O horario de uso será:

- a) Dos espazos será as 8.30 e as 20.30 horas de luns a venres.
- b) Da residencia: entrada ata as 14:00 horas; saída ata as 13:00 horas.

2.3. O aboamento destes prezos terá que facerse efectivo cunha antelación mínima de 48 horas á utilización do espazo cedido, agás a residencia, que se realizará á saída.

2.4. A cesión e o uso das instalacións e da residencia e comedor estará sometido ao cumprimento das normas de xestión interna das instalacións.

2.5. Os prezos de instalacións que figuran neste artigo inclúen:

- a) No caso das instalacións, os custos relativos a persoal de apoio e persoal técnico para a prestación de servizos de carácter informático ou audiovisual, cando así se requiran e calquera que sexa o día da semana en que se produza a cesión.
- b) No uso da residencia os da limpeza e adecentamento de cotío dos cuartos.

Artigo 3º.-Actualización dos prezos.

Os prezos regulados nesta orde actualizaranse o un de xaneiro de cada ano na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006) no mes de novembro, calculado polo INE. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ORDE DO 3 DE OUTUBRO DE 2011, POLA QUE SE REGULAN OS PREZOS PRIVADOS A APLICAR NAS INSTALACIÓNS NAÚTICO DEPORTIVAS DE SADA QUE INTEGRABAN PARCIALMENTE A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA ANULADA POR SETENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA DO 29 DE MAIO DO 2003.

A sentenza da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza o 29 de maio do 2003, confirmada pola do Tribunal Supremo do 5 de novembro do 2007, que declara a nulidade da resolución do Presidente de Portos de Galicia do 16 de xuño de 1997 que outorgaba a concesión administrativa con destino á construción e explotación de instalacións para a navegación recreativa no porto de Sada.

En execución desa sentenza, e en cumprimento do Auto do 25 de xaneiro do 2011, o 10 de febreiro do 2011 a mercantil Marina Sada, S.L., derradeira titular da concesión, cesou a tódolos efectos na actividade, uso, explotación e construción da concesión.

En consecuencia, dada a ausencia actual de iniciativa privada nestas instalacións, de maneira excepcional, e mentres a nova licitación convocada por resolución do 11 de febreiro de 2011 non remate co outorgamento de nova concesión administrativa, Portos de Galicia, no marco das súas facultades e obxecto social definidos no artigo 2 da Lei 5/1994, de creación do ente público, e de conformidade co preceptuado na lei 48/03, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral do Estado, modificada pola Lei 33/2010, do 5 de agosto, de aplicación supletoria, asumiu dende o 11 de febreiro do 2011 a prestación dos servizos nas instalacións para garantir a continuidade da actividade portuaria cumprindo co deber de manter operativas as instalacións para a navegación recreativa no porto de Sada.

Cómpre ter en conta que estas instalacións revertidas teñen unha dimensión física e de servizo moi relevante para o conxunto do porto de Sada e da comunidade concentrada na súa zona de influencia, pois non en van, integran preto de 700 prazas de atraque para embarcacións de recreo con esloras de 6 a 22 metros de eslora, que prestan servizo tanto a embarcacións de base como en tránsito.

Portos de Galicia en consecuencia está a suplir, que non a impedir, a ausencia momentánea de iniciativa privada nestas instalacións en concreto, polo que as contraprestacións que se definen e aproban na presente orde, de conformidade co artigo 50 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, se conceptúan como prezos privados.

A lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas Consellerías correspondentes, logo do informe

favorable da Consellería de Facenda, e posteriormente serán publicados no Diario Oficial de Galicia.

Para cumprir este mandato, e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Facenda e realizar a tramitación oportuna.

DISPOÑO

Artigo 1º.- Obxecto

Esta Orde ten como obxecto fixar os prezos privados, indicados no anexo I da presente orde, dos seguintes servizos que o ente público Portos de Galicia prestará ós usuarios das instalación náutico recreativas do porto de Sada que integraban parcialmente a concesión administrativa anulada por sentenza do TSXG de 29 de maio de 2003:

- a) Servizo de marinería: Consiste no dereito de uso dos servizos de apoio e auxilio nas labores de amarre e desamarre, e control e xestión das instalación.
- b) Servizo de Travel-lift: Consiste na prestación do servizo da manobra completa de izada ou varada de embarcacións mediante o uso do travel-lift, incluídas as manobras de aproximación e depósito en cunas ou remolques.
- c) Servizo de recollida de refugallos: Consiste na dispoñibilidade de uso da bomba de aspiración, para recollida das augas de sentinas e fecais das embarcacións, así como o seu depósito e retirada a planta de tratamento.
- d) Servizo de subministro de gasolina e gasóleo: Este servizo consiste no subministro de gasolina e gasóleo as embarcacións que o demanden.
- e) Subministro de xeo: Este servizo consiste na dispoñibilidade para os usuarios que o demanden do subministro de bolsas de cubiños de xeo.

Artigo 2º.-IVE.

Os prezos a que se refire esta orde entenderanse, sen IVE

Artigo 3º.-Exclusións na aplicación.

Non será de aplicación o abono destes prezos privados ó persoal da Administración dedicado ás labores de vixilancia, Investigación, protección e rexeneración costeira, represión do contrabando, salvamento, loita contra a contaminación marítima, e en xeral, a misións oficiais da súa competencia, que acredite expresamente a necesidade de utiliza-las instalacións.

Artigo 4º.- Forma de liquidación e pagamento.

A esixibilidade e pagamento dos prezos privados será a seguinte:

Con carácter xeral,

- 1.- As tarifas serán esixibles dende que se solicite a prestación do servizo.
- 2.- O prazo máximo para facer efectivo o seu pagamento será de 15 días naturais dende a data de notificación das liquidacións/facturas correspondentes. No suposto de que o último día de prazo de pago fora festivo, dito prazo vencerá no inmediato hábil posterior.
- 3.- Unha vez transcorrido o prazo de pago establecido no presente artigo sen que a débeda fora satisfeita, Portos de Galicia certificará dita circunstancia e o notificará o obrigado ao pago. A cantidade adeudada devengará o interese legal do diñeiro vixente incrementado en catro puntos, durante o período de mora, aplicado desde o día seguinte á finalización do prazo indicado na liquidación para realizar o ingreso, e devengarán ata que se abone a totalidade da débeda contraída. Portos de Galicia liquidará os intereses de demora no suposto de que non se satisfagan xunto co principal.

O Certificado así emitido terá a consideración de título executivo aos efectos da acción executiva, conforme ao disposto no artigo 517 da *Ley 1/2000, de 2 de enero, de Enjuiciamiento Civil*.

As débedas xeradas polo impago das liquidacións esixirase conforme ás normas de dereito privado que resulten de aplicación.

Para o servizo de marinería, excepto o prestado ás embarcacións en tránsito, do artigo 1 desta orden, a forma de pagamento será mediante domiciliación bancaria. A comunicación dos datos para a domiciliación, se axustará o modelo que figura como anexo II desta Orde. .

Para o resto dos servizos indicados no artigo 1 cas letras b.- Servizo de Travel-lift; c.- Servizo de recollida de refugallos; d.- Servizo de subministro de gasolina e gasóleo; e e.- Subministro de xeo, así como o servizo de marinería para embarcacións en tránsito a forma de pagamento será ao contado, ben en metálico ou tarxeta de crédito.

4.- Suspensión do servizo:

O impago do servizo prestado facultará a Portos de Galicia para suspender temporalmente a súa prestación ao debedor, previo requirimento a este.

No requirimento, Portos de Galicia deberá advertir expresamente que, de non facerse o pago da liquidación/factura no prazo fixado nos mesmo, procederá a suspender temporalmente a prestación do servizo de que se trate.

A suspensión temporal da prestación do servizo manterase en tanto non se efectúa o pago ou garanta suficientemente a débeda que xerou a propia suspensión.

5.- Reclamación previa a vía xudicial civil

1.- Contra estas liquidacións de tarifas por servizos prestados por Portos de Galicia procederá a reclamación previa ao exercicio de accións civís que deberá dirixirse ao Presidente de Portos de Galicia.

2.- O prazo para resolver a reclamación será de tres meses dende a súa interposición. Transcorrido dito prazo sen ter notificada resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

3.- A interposición da reclamación previa non suspenderá a obriga de efectuar o pago da liquidación/factura no prazo previsto no artigo anterior.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facultade de desenvolvemento.

Facultase á Presidencia de Portos de Galicia para ditar cantos actos e resolucións sexan necesarios para a aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor e aplicación

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación e os prezos serán de aplicación para tódolos servizos que se presten dende o 1 de abril de 2011.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2011

Rosa Quintana Carballo

Conselleira do Mar

ANEXO I.- Relación prezos

ANEXO II.- Modelo domiciliación bancaria

ANEXO I: RELACIÓN PREZOS**a) SERVIZO DE MARINERÍA:**

Os prezos aplicaranse en función das dimensións da praza ocupada, establecendo os intervalos e prezos para cada intervalo indicados no cadros seguintes:

TIPO DE ARAZA (eslora máxima x manga máxima)	PRECIO PRIVADO (€/ano) MARINERÍA
Inferiores a 6X2,5	191,18 €
Entre 6,01x2,51 e 7X3	294,34 €
Entre 7,01x3,01 e 8X3	304,91 €
Entre 8,01x3,01 e 9X3,5	406,41 €
Entre 9,01x3,5 e 10X3,5	451,39 €
Entre 10,01x3,51 e 12X4	634,26 €
Entre 12x4,01 e 12X4,5	746,25 €
Entre 12,01x4,01 e 14X4,5	867,76 €
Entre 14,01x4,5 e 14x5	900,84 €
Entre 14,01x5 e 15X5	951,08 €
Entre 15,01x5 e 16X5	1.000,06 €
Entre 16x 5,01 e 16X6	1.036,19 €
Entre 16,01x 6 e 18X6	1.083,68 €

Para as embarcacións en tránsito aplicarase en temporada baixa 0,40 €/m²/día e en temporada alta 0,70 €/m²/día, sendo os metros cadrados o resultado do produto da eslora pola manga máxima da embarcación arredondado por exceso e por día natural ou fracción.

b) SERVIZO DE TRAVEL-LIFT

Os prezos son por servizo realizado, e se aplican en función da eslora da embarcación, establecendo os intervalos e prezos para cada intervalo indicados nos cadros seguintes:

Estes prezos terán unha bonificación do 15% a partir do 5º servizo (anual), para os usuarios habituais do porto.

Prezo servizo travel-lift, manobra dobre (varada e botadura)		
ESLORA DA EMBARCACIÓN (m)	USUARIOS	NO USUARIOS
Inferior a 6 m	66,00 €	89,00 €
Entre 6,01 e 7 m	70,00 €	94,00 €
Entre 7,01 e 8 m	74,00 €	99,00 €
Entre 8,01 e 9 m	84,00 €	113,00 €
Entre 9,01 e 10 m	96,00 €	127,00 €
Entre 10,01 e 11 m	110,00 €	146,00 €
Entre 11,01 e 12 m	122,00 €	162,00 €
Entre 12,01 e 13 m	141,00 €	182,00 €
Entre 13,01 e 14 m	150,00 €	198,00 €
Entre 14,01 e 15 m	165,00 €	216,00 €
Entre 15,01 e 16 m	180,00 €	234,00 €
Entre 16,01 e 18 m	205,00 €	272,00 €
Entre 18,01 e 20 m	235,00 €	310,00 €

Prezo servizo travel-lift, manobra simple		
ESLORA DA EMBARCACIÓN (m)	USUARIOS	NO USUARIOS
Inferior a 6 m	44,00 €	60,00 €
Entre 6,01 e 7 m	48,00 €	63,00 €
Entre 7,01 e 8 m	52,00 €	67,00 €
Entre 8,01 e 9 m	59,00 €	76,00 €
Entre 9,01 e 10 m	65,00 €	86,00 €
Entre 10,01 e 11 m	73,00 €	98,00 €
Entre 11,01 e 12 m	82,00 €	109,00 €
Entre 12,01 e 13 m	93,00 €	119,00 €
Entre 13,01 e 14 m	102,00 €	131,00 €
Entre 14,01 e 15 m	110,00 €	144,00 €
Entre 15,01 e 16 m	118,00 €	158,00 €
Entre 16,01 e 18 m	137,00 €	185,00 €
Entre 18,01 e 20 m	158,00 €	205,00 €

c) RECOLLIDA DE REFUGALLOS MEDIANTE BOMBA DE ASPIRACIÓN

O prezo do servizo será de 2 € por aspiración con sistema de prepago con moedas.

d) SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE

Os prezos de subministro de combustible (gasolina e gasóleo), serán prezos de mercado e se fixará en cada momento, tomando como referencia as instalacións de subministro próximas, con un máximo de recargo sobre o prezo de compra do 30%.

e) SUBMINISTRO DE XEO

O prezo do servizo é de 2 €/bolsa .

ANEXO II

Modelo de domiciliación bancaria

DOMICILIACIÓN DE PAGAMENTO DE RECIBOS

ALTA BAIXA MODIFICACIÓN

DATOS DO TERCEIRO:		Referencia orde:	
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:			
DNI/CIF:		ENDEREGO:	
MUNICIPIO:		CP:	PROVINCIA:
TELÉFONO:		MÓBIL:	CORREO ELECTRÓNICO:

SOLICITA:

A domiciliación dos recibos sinalados a seguir na conta aberta na entidade financeira que, así mesmo, se detalla nesta solicitude:

DATOS BANCARIOS:

Entidade: _____ Sucursal: _____

Enderezo: _____

Código conta cliente (C.C.C.)

Entidade:	Oficina:	D.C.	N.º de conta
-----------	----------	------	--------------

TITULAR DA CONTA

APELIDOS E NOME:	
CIF:	ENDEREGO:

 Sinatura da persoa titular da conta

RECIBOS QUE SE DOMICILIAN

- Tarifa X-5 Embarcacións deportivas
- Prezos privados

Santiago de Compostela de de 20__

 Sinatura

 Selo da entidade financeira de depósito,

EXEMPLAR PARA O INTERESADO

EXEMPLAR PARA A ENTIDADE FINANXEIRA

DOMICILIACIÓN DE PAGAMENTO DE RECIBOS			
<input type="checkbox"/> ALTA		<input type="checkbox"/> BAXA	
<input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN			
DATOS DO TERCEIRO:			Referencia orde:
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:			
DNI/CIF:	ENDEREZO:		
MUNICIPIO:	CP:	PROVINCIA:	
TELÉFONO:	MÓBIL:	CORREO ELECTRÓNICO:	
SOLICITA:			
A domiciliación dos recibos sinalados a seguir na conta aberta na entidade financeira que, así mesmo, se detalla nesta solicitude.			
DATOS BANCARIOS:			
Entidade:		Sucursal:	
Enderezo:			
Código conta cliente (C.C.C.):			
Entidade:	Oficina:	D.C.	N.º de conta
TITULAR DA CONTA			
APELIDOS E NOME:			
CIF:	ENDEREZO:		
Sinatura da persoa titular da conta			
RECIBOS QUE SE DOMICILIAN			
<input type="checkbox"/> Tarifa X-5 Embarcacións deportivas <input type="checkbox"/> Prezos privados			
Santiago de Compostela de de 20__			
Sinatura		Selo da entidade financeira de depósito,	

**ORDE DO 24 DE FEBREIRO DE 2012, DA CONSELLERÍA DE
TRABALLO E BENESTAR, POLA QUE SE ESTABLECEN OS PREZOS
PRIVADOS POLA REALIZACIÓN DE DETERMINACIÓNS ANALÍTICAS
NO LABORATORIO DE HIXIENE ANALÍTICA DO INSTITUTO GALEGO
DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA)**

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), configura este como órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais e establece, no seu artigo 4, as funcións que lle corresponden, entre as que se atopan a análise, investigación e avaliación das causas e factores determinantes dos riscos laborais e a realización de controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas.

Entre as actividades desenvolvidas polo ISSGA está a realización de determinacións analíticas de mostras ambientais e biolóxicas, que leva a cabo o laboratorio de referencia de hixiene analítica, situado no centro territorial de Pontevedra e que atende as necesidades analíticas do instituto.

Co obxecto de optimizar os seus recursos materiais e persoais, o ISSGA pretende ofertar a prestación de servizos especializados aos usuarios que o soliciten, xa sexan servizos de prevención alleos, propios ou mancomunados ou empresas privadas que voluntariamente o requiran, poñendo os seus medios a disposición de todos os axentes implicados na protección e saúde dos traballadores.

En consecuencia, resulta imprescindible determinar as diferentes determinacións analíticas que poden ser realizadas e a correspondente contraprestación económica por cada un dos servizos prestados, para o que deberán aplicarse prezos privados, de acordo co establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A dita lei, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda e publicados no Diario Oficial de Galicia. Para cumprir este mandato, vista a proposta formulada polo ISSGA e logo do preceptivo informe favorable da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto.

Esta orde ten como obxecto a fixación dos prezos privados a satisfacer ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, pola realización das determinacións analíticas que se especifican no Anexo a esta orde no laboratorio de referencia de hixiene analítica.

Artigo 2. Suxeitos obrigados ao pago

1. Son suxeitos obrigados ao pago as persoas físicas e xurídicas que soliciten ao ISSGA a realización dalgunha das determinacións analíticas establecidas na presente orde.
2. Non obstante o anterior, poderán facerse convenios de colaboración con outras Administracións Públicas nos que, respectando o equilibrio económico das contraprestacións, se poidan establecer reducións, totais ou parciais, das contías correspondentes aos prezos regulados na presente norma.
3. Os organismos da Administración pública da Xunta de Galicia, definidos no artigo 3 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, non estarán suxeitos a esta orde.

Artigo 3. Contía dos prezos.

1. Os prezos privados pola realización de determinacións analíticas, por parte do laboratorio de referencia de hixiene analítica do ISSGA, son os que figuran no Anexo da presente orde.
2. Os prezos a que se refire esta orde enténdense, se é o caso, co IVE incluído.

Artigo 4. Actualización de prezos.

Os prezos regulados nesta orde actualizaranse o un de xaneiro de cada ano, na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006), no mes de novembro, calculado polo Instituto Nacional de Estatística. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da Dirección do ISSGA, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5. Forma de liquidación e pagamento

O pagamento dos prezos deberá terse realizado no momento de presentar ante o ISSGA a solicitude de realización dalgunha determinación analítica, sendo requisito previo e necesario para a prestación do servizo, axustándose ao establecido na normativa pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición Derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO

PRESTACIÓN DE SERVICIOS E PREZOS (en euros)

I. Espectrofotometría de absorción atómica (EEA)

1. Preparación do filtro	9,66
2. EAA-chama. Análise.....	15,38
3. EAA-forno de grafito. Análise	28,68
4. Análise por xerador de hidruros.....	28,68

II. Cromatografía de gases (CG)

1. CG/FID (primeiro composto).....	41,42
2. CG/FID (composto adicional)	7,83
3. CG/MS-cualitativo fracción volátil de materia prima (ata 5 compostos maioritarios)	56,30
4. CG/MS-cualitativo fracción tubo adsorbente (ata 5 compostos maioritarios).....	47,30

III. HPCL

1. Cuantitativo (primeiro composto).....	45,84
2. Cuantitativo composto adicional).....	7,83

IV. Gavimetrías. Análise	14,78
---------------------------------------	--------------

V. Microscopía óptica. Análise	43,80
---	--------------

**ORDE DO 4 DE XULLO DE 2012 POLA QUE SE ESTABLECEN OS
PREZOS PRIVADOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE
PROFESIONALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO ÁS
PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DO INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA.**

A Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), configura este como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios creado como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia, para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, que ten entre as súas funcións fomentar a prestación de servizos a empresas, especialmente ás pequenas e medianas (pemes).

É misión da Área de Competitividade lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas, e para iso o Igape está a poñer en marcha o Programa Re-Acciona de prestación de servizos para a mellora da competitividade. O obxectivo é facer accesibles ás pemes servizos de alto valor engadido orientados á adquisición de competencias por parte do capital humano da empresa, como fonte de creación de vantaxes competitivas sustentables.

Co obxecto de optimizar os seus recursos, o Igape pretende ofertar a seguinte prestación de servizos de profesionalización e desenvolvemento estratéxico:

- Servizos de optimización financeira/mellora do circulante.
- Servizos de profesionalización da produción.
- Servizos de asesoramento para o relanzamento comercial.
- Servizos de implementación de control de xestión/xestión por procesos.
- Servizos de mellora da imaxe e comunicación empresarial.
- Servizos de construción dun proxecto de futuro e plan de mellora empresarial.
- Servizos de asesoramento no desenvolvemento de plans de acción.
- Servizos de elaboración de plans e protocolos de empresa familiar.
- Servizos de identificación de redes de cooperación e socios.
- Servizos de asesoramento para a redefinición de negocio.

En consecuencia, resulta imprescindible determinar os servizos que poden ser realizados e a correspondente contraprestación económica por cada un dos servizos prestados, para o que deberán aplicarse prezos privados de acordo co establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita lei, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de*

Galicia. Para cumprir este mandato, vista a proposta formulada polo Igape e tras o preceptivo informe favorable da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten como obxecto a fixación dos prezos privados que hai que satisfacer ao Instituto Galego de Promoción Económica pola prestación de determinados servizos que se especifican no anexo a esta orde.

Artigo 2. Suxeitos obrigados ao pagamento

1. Son suxeitos obrigados ao pagamento as persoas físicas ou xurídicas que acepten a realización por parte do Igape dalgún dos servizos establecidos na presente orde.

2. Os organismos da Administración pública da Xunta de Galicia, definidos no artigo 3 da Lei 6/2003, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, non estarán suxeitos a esta orde.

Artigo 3. Contía dos prezos

1. Os prezos privados pola prestación de determinados servizos, por parte do Instituto Galego de Promoción Económica son os que figuran no anexo da presente orde.

2. Estes prezos veranse reducidos nun 25 % no caso de pequenas e medianas empresas pertencentes a un clúster galego legalmente constituído (non microempresas).

3. Estes prezos veranse reducidos nun 50 %, no caso de microempresas.

4. Os prezos a que se refire esta orde enténdense, se é o caso, sen IVE engadido.

Para a consideración como microempresas e pequenas e medianas empresas, teranse en conta as definicións establecidas no anexo I do Regulamento 800/2008 da Comunidade Europea.

Artigo 4. Actualización de prezos

Os prezos regulados nesta orde actualizaranse o un de xaneiro de cada ano, na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2011), no mes de outubro do ano anterior, calculado polo Instituto Nacional de Estatística. Os prezos así actualizados deberán facerse públicos mediante resolución da persoa titular da Dirección do Igape, que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 5. Forma de liquidación e pagamento

O pagamento dos prezos deberá terse realizado no momento de presentar ante o Igape a aceptación de prestación dalgún servizo -sendo requisito previo e necesario para a prestación do servizo- axustándose ao establecido na normativa recollida na Orde do 29 de xuño de 1994 pola que se regula o procedemento de recadación voluntaria das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2012

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO

Prestación de servizos e prezos (en euros)

- Servizo de optimización financeira/mellora do circulante: 1.344,00 €
- Servizo de profesionalización da produción: 1.900,80 €
- Servizo de asesoramento para o relanzamento comercial: 1.344,00 €
- Servizo de implementación de control de xestión/xestión por procesos: 2.436,00 €
- Servizo de mellora da imaxe e comunicación empresarial: 1.568,00 €
- Servizo de construción dun proxecto de futuro e plan de mellora empresarial: 1.476,00 €
- Servizo de asesoramento no desenvolvemento de plans de acción: 2.400,00 €
- Servizo de elaboración de plans e protocolos de empresa familiar: 1.800,00 €
- Servizo de identificación de redes de cooperación e socios: 756,00 €
- Servizo de asesoramento para a redefinición de negocio: 1.280,00 €

EDICIÓN ACTUALIZADA EN SETEMBRO DE 2012

